



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Serie Pleno
Número 136

Sesión plenaria
18 de novembro de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Debate de totalidade do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020 (doc. núm. 57865, 10/PL-000019)

Publicación da iniciativa: BOPG nº 550, do 19.10.2019

Publicación de emendas á totalidade: BOPG nº 559, do 12.11.2019

Punto 2. Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (doc. núm. 57866, 10/PL-000020)

Publicación da iniciativa: BOPG nº 550, do 19.10.2019

Publicación de emendas á totalidade: BOPG nº 559, do 12.11.2019



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

Debate de totalidade do proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 5.)

Debate e votación das emendas á totalidade que postulan a devolución global dos orzamentos ou de calquera sección ou axente xestor de gastos

Defensa das emendas: Sr. Villares Naveira (M) (Páx. 17.), Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 26.), Sr. Lago Peñas (GCE) (Páx. 34.) e Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 41.)

Intervención da Xunta: Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 49.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 63.)

Rolda de réplica: Sr. Villares Naveira (M) (Páx. 68.), Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 72.), Sr. Lago Peñas (GCE) (Páx. 75.) e Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 78.)

Intervención da Xunta: Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 80.)

Votación das emendas do grupo I

Votación das emendas á totalidade que postulan a devolución global dos orzamentos ou a devolución dos orzamentos de seccións e axentes xestores de gastos

O señor presidente somete a votación conxuntamente as emendas á totalidade do grupo I formuladas polo Grupo Parlamentario Mixto, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, polo Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda e polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, respectivamente. (Páx. 85.)

Votación conxunta de todas as emendas á totalidade do grupo I, que postulan a devolución global dos orzamentos ou a devolución dos orzamentos de seccións e axentes xestores de gastos: *rexeitadas por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 85.)

Suspéndese a sesión ás tres e vinte e un minutos da tarde e retómase ás catro e dezanove minutos.



Debate e votación das emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou que transfiren créditos entre seccións

Defensa das emendas: Sr. Casal Vidal (M) (Páx. 86.), Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 91.), Sra. Torregrosa Sañudo (GCE) (Páx. 96.) e Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 99.)

Intervención da Xunta de Galicia: Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 104.)
Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 112.)
Rolda de réplica dos grupos emendantes: Sr. Casal Vidal (M) (Páx. 116.), Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 118.), Sra. Torregrosa Sañudo (GCE) (Páx. 120.) e Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 122.)

Intervención da Xunta de Galicia: Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 123.)

Votación das emendas do grupo II

Votación das emendas que modifican a contía global dos orzamentos e das que transfiren créditos entre seccións

Votación acumulada de todas as emendas do grupo II, que modifican a contía global dos orzamentos e que transfiren créditos entre seccións: *rexeitadas por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 126.)

O señor presidente anuncia que, ao seren rexeitadas as emendas á totalidade e ao estar fixada a contía global dos estados de gastos e ingresos, este proxecto de lei se trasladará á Comisión 3ª e seguirá a súa tramitación correspondente, consonte o disposto no artigo 114.4 do Regulamento da Cámara. (Páx. 126.)

Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas. (Punto segundo da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 126.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade, de devolución: Sra. Vázquez Vero (M) (Páx. 131.), Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 135.), Sr. Sánchez García (GCE) (Páx. 139.) e Sra. Porrit Lueiro (S). (Páx. 144.)

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Prado del Río (P). (Páx. 148.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Vázquez Vero (M) (Páx. 153.), Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 154.), Sr. Sánchez García (GCE) (Páx. 156.) e Sra. Porrit Lueiro (S). (Páx. 158.)

Votación do texto lexislativo

Votación conxunta de todas as emendas á totalidade, de devolución, ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2020: *rexeitadas por 31 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 160.)

O señor presidente anuncia que este proxecto de lei continúa o seu trámite parlamentario.

Suspéndese a sesión ás oito e corenta e dous minutos do serán.



Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días. Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Comezamos co punto 1.

Debate de totalidade do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020

O señor PRESIDENTE: Presentaron emendas aos grupos I e II o Grupo Parlamentario Mixto, Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda e Grupo Parlamentario Socialista.

Para a presentación do proxecto do lei, ten a palabra o conselleiro de Facenda, don Valeriano Martínez García.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bos días.

Comparezo hoxe, ante o Pleno do Parlamento, para presentar o Proxecto de lei de orzamentos da Xunta de Galicia para o 2020. Estamos, sen dúbida, ante o debate económico máis importante do ano, porque esta norma é o principal instrumento que ten o Goberno para levar a cabo a súa política económica e social.

O primeiro que me gustaría salientar é que é moi positivo que poidamos ter este debate porque significa que Galicia, un ano máis, terá orzamentos. Un ano máis, e van corenta, estas contas teñen o simbolismo de que coas mesmas chegamos a catro décadas de autogoberno.

Galicia é un caso único en España, ao poder encadear corenta orzamentos seguidos. O primeiro foi aprobado o 21 de xullo de 1981 e publicado no *Diario Oficial de Galicia* de outubro dese mesmo ano, apenas catro meses despois da aprobación do Estatuto de autonomía.

Desde ese primeiro orzamento de 1.666 millóns de pesetas, apenas 10 millóns de euros, ata o actual, de 10.149 millóns de euros, pasaron corenta anos de contas autonómicas executadas en desenvolvemento do autogoberno.

A mellora continuada na prestación dos bens e servizos públicos competencia da Comunidade Autónoma, as actuacións redistributivas de renda e riqueza dos galegos e das políticas de fomento, así como o desenvolvemento das competencias tributarias e da facenda pública autonómica, fan que nada teña que ver o documento de 1981 co actual. Non só pola súa magnitude física —dúas follas— e monetaria, senón pola propia lóxica do plan económico do Goberno, que é o orzamento. Dende un puro orzamento administrativo, onde o importante



eran as asignacións para cada servizo, ao actual orzamento orientado a resultados, onde se orzamenta por proxectos, resultados pretendidos e a través dos indicadores de produtividade. Somos, pois, un exemplo de autogoberno, e todos nos debemos de felicitar por isto.

Pois ben, debatemos hoxe os orzamentos número corenta da Autonomía de Galicia, que son os últimos desta lexislatura. Resulta moi satisfactorio poder celebrar este debate, se temos en conta o que está a ocorrer na política a nivel nacional, onde o actual Goberno en funcións está gobernando cuns orzamentos prolongados dende o 2018 e deseñados polo Executivo anterior. Son as consecuencias da inestabilidade e do bloqueo político. Ao mesmo tempo que os españois acudimos o 10 de novembro a votar por cuarta vez en catro anos, debatemos no Parlamento galego os cuartos orzamentos en catro anos, porque, señorías, en Galicia demostramos que somos «sitio distinto».

Xa o indicamos no Informe económico e financeiro do orzamento, «Néboa en Pedrafita, o continente illado». Sabemos que lles chamou a atención. E esta reflexión reafirmouse aínda máis nas pasadas eleccións xerais do 10 de novembro.

En resumidas contas, o Goberno galego é o que máis se parece aos cidadáns galegos. Os galegos son moderados, os galegos queren estabilidade e os galegos foxen de aventuras. Por iso, non lles gustan nin os gobernos bipartitos, nin os tripartitos, nin os cuatripartitos. Grazas á estabilidade que lle outorgaron a este Goberno os galegos e as galegas, en Galicia, afortunadamente, estamos blindados ante a inestabilidade do Estado. E a nosa obriga non é outra que transformar a inestabilidade de España en seguridade, certeza, confianza e orgullo para os galegos e para as galegas. E non hai maior seguridade para un cidadán, para unha familia ou para unha empresa que saber que en Galicia, de novo, haberá un novo orzamento.

De feito, volvemos ser das primeiras comunidades en tramitar as novas contas. Un orzamento expansivo por quinto ano consecutivo, no que contamos con máis recursos; pero, á súa vez, prudente. Queremos que Galicia sexa un antídoto ante o bloqueo e as aventuras estatáis, porque son unhas contas nas que pensamos —como non pode se doutro xeito— en mellorar a vida dos galegos e das galegas do ano 2020, pero nas que tamén comezamos a planificar a vindeira década. E podemos compatibilizar ambos obxectivos, xa que, se algo caracteriza o Goberno galego, é o rigor e a planificación, que achega ao conxunto da cidadanía, certezas e estratexia.

Só baixo estas premisas foi posible elaborar este orzamento, pois por segundo ano consecutivo o Goberno central non nos comunicou as cifras das entregas a conta para poder calcular con exactitude os nosos ingresos do sistema de financiamento autonómico, pero, grazas á experiencia acumulada, puidemos facer unha estimación prudente e responsable.

Señorías, son uns orzamentos que están elaborados nun contexto de desaceleración económica. Logo de catro anos de forte crecemento, con taxas arredor ou por riba do 3 %, desde mediados do ano pasado este avance vese sensiblemente ralentizado, con especial relevancia nos últimos meses. Precisamente, o bloqueo político instaurado en España, a incapacidade do Goberno central para aprobar orzamentos, unido ás tensións comerciais globais, teñen moito que ver neste escenario.



A diagnose é coñecida, e agora urxe atopar as solucións para achegar de novo seguridade, certezas e confianza para atenuar esta perda de dinamismo económico e, sobre todo, para poder seguir xerando emprego.

Señorías, a pregunta, ao meu entender, que nos debemos facer é como podemos combater desde Galicia esta situación, e a resposta témola neste debate, no que presentamos un orzamento fiable e predicible, que é boa proba da nosa aposta política pola estabilidade e a confianza. Porque nestes intres cobra máis valor un goberno e un orzamento estable e predicible como o galego. Estable, porque continuamos coa senda de crecemento que recuperamos no 2014, a mediados dese ano. E predicible, porque se basea nas prioridades de investimento marcadas no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 e no rigor dunha estrutura financeira robusta; cun saldo primario e cun aforro cada vez maior, que permite financiar os investimentos sen acudir practicamente ao endebedamento e cunha ratio de débeda PIB cada vez menor.

Á hora de asinar os recursos, priman os obxectivos fixados no Plan estratéxico, como indicaba hai un momento, e, por outra banda, tamén están aliñados cos fixados pola Comisión Europea para o noso país, no marco do semestre europeo.

Así, priorizamos o crecemento inclusivo, as políticas activas de emprego, tentando mellorar o mercado de traballo, seguindo a potenciar o papel tractor da Xunta na innovación, impulsando o desenvolvemento sostible, fomentando a eficiencia e as enerxías renovables, así como un ciclo de auga eficiente e limpo. Todo isto, sen renunciar a un forte apoio á cultura e ao turismo, ás portas dun novo Xacobeo, como fonte de riqueza e de marca país.

Señorías, ter unhas finanzas solventes como temos en Galicia posibilita ter uns servizos públicos cada vez de máis calidade e poder compatibilizar este reforzo de servizos públicos con rebaixas fiscais, que aforran cartos ás empresas e ás familias e contribúen a dinamizar a actividade económica. Como logo terei ocasión de apuntar, queremos incidir de maneira especial en políticas de familia, con importantes actuacións que supoñen unha gran mobilización de recursos, que van desde a matrícula de balde para os segundos fillos e sucesivos, ata a incorporación dun novo ano para a tarxeta Benvida, ata acadar os tres primeiros anos, ou a extensión de casas niño no rural.

As prioridades que lles acabo de relatar amosan que en Galicia temos clara a receita. ¿Por que? Porque xa a estamos aplicando nos últimos anos. Apostamos por un crecemento san en estabilidade, cunha especial relevancia na planificación estratéxica, e o tempo creo que nos está dando a razón, porque se está demostrando que foi un acerto o que fixemos no 2015. Sen triunfalismos, existen datos obxectivos de que Galicia está no camiño correcto.

Neste momento Galicia é a comunidade que menos aumentou a súa débeda dende o 2008. Levamos dous anos en práctica consolidación fiscal e co primeiro superávit en dezaseis anos. Encabezamos o esforzo investidor en España, estamos destinando o dobre de recursos por habitante que a media das comunidades autónomas e liderando o pago aos nosos provedores, non obstante, é evidente que nos afecta o contorno máis próximo.



Neste sentido, as incertezas externas víronse ampliadas en España, nos últimos meses, polas medidas e decisións precipitadas e desafortunadas en materia industrial e enerxética, a incapacidade de aprobar uns orzamentos e mesmo unha senda de estabilidade fiscal non actualizada. Este comportamento errático agravouse cunha deslealdade do Goberno cara ás comunidades autónomas e corporacións locais no que atinxe á gobernanza financeira do país e, en especial, ás relacións económicas interadministrativas. Estoume a referir a decisións do Goberno de España que impactan no gasto das comunidades autónomas e corporacións locais, pois non actualizaron os seus ingresos durante dez meses, co conseguinte impacto nos períodos medios de pago a provedores e dificultades na tesourería. A isto hai que engadir que hai dezaseis meses que non se convoca o Consello de Política Fiscal e Financeira.

En contraposición á actitude do Goberno central, desde Galicia levamos anos consolidando un novo modelo de gobernanza económica baseado no autogoberno, a responsabilidade e a lealdade institucional con transparencia. Os instrumentos básicos para desenvolve-lo son a planificación, a elaboración e a implementación de orzamentos, así como a súa avaliación de resultados. O éxito do mesmo é a súa permanencia no tempo nun proceso de mellora continua, ademais dos resultados.

Este sistema de gobernanza autonómico permitiu aproveitar a mellora da conxuntura económica, manter o centro de decisión financeira sobre as contas autonómicas e ofertar aos cidadáns un balance comparativamente superior ás restantes comunidades autónomas tanto en materia de carga fiscal como de endebedamento. Este modelo consideramos que debe evolucionar cara á rendición de contas aos cidadáns dos resultados acadados e a reformulación continua das estratexias que priorizamos no noso plan estratéxico.

Antes de falar das cifras dos orzamentos 2020 quero sinalar unha novidade salientable, o informe desde a perspectiva de infancia e de adolescencia. Un documento que identifica e cuantifica as partidas vencelladas á garantía dos dereitos nos termos do Comité de Dereitos do Neno, que debe servir para informar, avaliar e tomar decisións no que atinxe ás actuacións de gasto relacionadas coa infancia.

Señorías, como xa lles avancei, estes son os cuartos orzamentos da lexislatura e estamos a cumprir os obxectivos da mesma, chegando ao 2020 coa gran maioría dos retos deseñados en 2015 cumpridos e compatibilizando as prioridades de hoxe coas da vindeira década, comezando polo deseño do Xacobeo 2021, coa ambición de que sexa o mellor Ano Santo da historia de Galicia. Albiscamos, pois, o 2020 cos deberes feitos.

Por unha banda, Galicia é a comunidade que máis progresou en renda per cápita na última década, case dez puntos, e tres puntos por riba da media. E, por outra, estamos cumprindo os dous principais retos do Plan estratéxico, que non eran outros que un crecemento medio, sostido, do 2,5 % do PIB e a creación de entre oitenta mil e cen mil empregos, dous retos ambiciosos e arriscados hai cinco anos; de feito, desde a oposición sempre se nos dixo que non se cumprirían. Pois ben, pasado este tempo, o máis positivo é que a oposición se equivocou e o Goberno acertou, non por mérito exclusivo do Goberno, senón dos galegos e das galegas no seu conxunto, coa axuda —iso si— da Xunta de Galicia desde o noso ámbito competencial. Porque case cinco anos despois Galicia creceu por riba do previsto, preto do 3 %



nos últimos anos, e xa levamos creados noventa mil novos empregos; e temos un ano para tentar chegar aos cen mil, que eran o límite superior. De feito, estamos en cifras de paro por debaixo do 2009, e a nosa previsión é que a finais de 2020 a taxa de desemprego baixe ata o 10 %, na liña do que previamos no Plan estratéxico.

Neste contexto, afastados de calquera tentación de electoralismo, presentamos un cadro macroeconómico que, se sempre o facemos de maneira prudente, este ano un pouco máis. De feito, a propia Airef cualifica como prudentes tanto a previsión de crecemento como a estimación de creación de emprego. Insisto, o Goberno galego non fixo, non fai e non fará electoralismo coas previsións económicas. E tamén reitero que levamos xa un tempo advertindo de que a inestabilidade que está vivindo España desde a moción de censura de mediados do 2018 provoca incertezas cara ao futuro inmediato.

De feito, a nosa actitude de prudencia contrasta co optimismo excesivo do Goberno central en funcións, ao que a Comisión Europea lle acaba de rebaixar as súas previsións tanto en crecemento do PIB —nada menos que en catro décimas— como tamén en redución do déficit público. E lamentablemente, mes a mes, lonxe de despexarse, aumentan as incertezas; e as eleccións do 10 de novembro, así como os últimos acontecementos e aventuras, non as despexan.

Por iso, presentamos un cadro macroeconómico moi prudente e moi equilibrado, prevemos un crecemento de arredor do 2 % —na liña do agardado para este ano—, co cal entramos nunha fase de crecemento estable. Un crecemento tamén de arredor do 2 % no que respecta ao gasto en consumo final e medrando a formación bruta de capital un 3 %. Ademais, para o vindeiro ano prevemos a recuperación das exportacións cun avance de practicamente o 3 %. Esta evolución permitirá reducir a taxa de paro en media anual ata o 10,6 % —a máis baixa da década—, que será do 10 % a finais do exercicio; coa previsión de crear, como mínimo, nove mil novos empregos. Insisto, é clave que esta conxuntura a afrontemos en consolidación fiscal e reducindo a ratio de débeda PIB.

Cada ano, neste debate temos que escoitar da oposición que aumentamos moito a débeda. Ninguén nega que, en época de crise, tivéssemos que botar man do endebedamento para manter a prestación de servizos públicos nunha conxuntura de caída sen precedente dos ingresos. Pero tamén hai que ter en conta dúas cuestións. A primeira, hai que poñer en contexto estes datos, e a realidade é que Galicia é a comunidade que menos incrementou o seu endebedamento dende o 2008. A segunda, se incrementásemos a débeda como nos pedía a oposición desde hai dez anos, teríamos unha débeda descontrolada como teñen outras comunidades autónomas.

Debemos, señorías, e podemos seguir con datos obxectivos. En 2008 Galicia estaba entre as máis endebedadas e agora entre as menos, con seis puntos de débeda respecto do PIB. Pero a nosa xestión responsable do endebedamento non só serve para mellorar nun ranking, senón que evitou que Galicia se endebedase por case 4.000 millóns de euros, en concreto, 3.970 millóns; e que a ratio de débeda de cada galego sexa inferior en 2.100 euros á media nas comunidades autónomas.

Queremos seguir por este camiño. De feito, a débeda PIB en Galicia no 2018 —a comunicada oficialmente polo Banco de España— é do 18,1 %, cinco décimas menos que no 2017, e esta



evolución descendente seguirá nos vindeiros exercicios, á vez que rematamos coa consolidación fiscal. Así, para este ano 2019 prevemos un 17,4 % e para o 2020 rebaixala ao 17,1 %.

Pasemos agora a falar do capítulo de ingresos. A situación interina do Goberno de España e a falta de convocatoria do Consello de Política Fiscal e Financeira neste 2019 —como xa dixen, levan dezaseis meses sen reunirse— fixeron que este proxecto de orzamento non conte coas contías do sistema de financiamento normalmente comunicadas polo Ministerio de Facenda. A pesar desta situación inédita, o Goberno galego non quixo renunciar a presentar as súas contas; e, ante a falla de información sobre os ingresos do sistema, incluíu os datos estimados polos servizos da Consellería de Facenda.

Antes de explicar os ingresos para o 2020 quero lembrar que, aínda que se notificou o pasado 17 de outubro que o Estado transferiría os ingresos a conta pendentes para este ano, a día de hoxe só contamos con 60 millóns de euros no tesouro da comunidade, ou, o que é o mesmo, o Goberno central transferiunos ata o de agora algo menos do 10 % dos 700 millóns de euros que nos debe. Ademais, hai que ter en conta que, aínda que de aquí a finais de ano nos transfiran os 334 millóns de euros de entregas a conta —o único que seica din que nos van pagar—, apenas acada a metade das contías debidas polo Goberno central a Galicia. Restan por aboar 200 millóns dunha mensualidade do IVE do ano 2017, e 170 millóns polo bo desempeño fiscal de Galicia nos anos 2017 e 2018. Nunca —repito, nunca— renunciaremos aos 370 millóns que se quere quedar o Goberno central e que son dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)*

Aclarado isto, e centrándonos xa nas estimacións de pagos a conta do sistema para o 2020, quixemos ser moi prudentes e incluímos unha evolución en liña co PIB nominal previsto para o vindeiro exercicio, se ben, obviamente, a súa composición e evolución varía segundo as compoñentes de gasto. De feito, esta Cámara xa se pronunciou en tres ocasións demandando o pago íntegro —como dicía antes— dos 700 millóns de euros, ademais, cun alto grao de consenso, lamentablemente frustrada a unanimidade polo Partido Socialista. Pero o que si lles adianto é que, sen dúbida, o pago desta débeda é o primeiro... non o máis importante, ao mellor, pero si o primeiro e o máis inmediato asunto da axenda galega que calquera Goberno debe cumprir.

Respecto do IRPF, evoluciona a bo ritmo, apoiado nunha campaña aceptable no 2019, malia que lastrada pola devolución das contías indebidamente retidas pola prestación de maternidade, que non se repite no 2020; e nun ensanchamento das bases grazas ao crecemento dos traballadores e empregados e ao incremento das retribucións. Pola súa banda, o IVE medra máis modestamente pola evolución máis moderada da recadación no 2019 e unha certa atonía prevista no consumo para o 2020, mentres que os impostos especiais mostran unha evolución lineal.

Tamén quero explicar que estimamos as participacións de Galicia na porcentaxe de xestión segundo os cálculos da última liquidación do sistema. Así, con base en anteriores evolucións, estimamos un IT 2020 que se aplica ao Fondo de garantía que se reparte con base na poboación axustada da última liquidación do sistema, como así tamén no que respecta ao fondo de suficiencia.



Con esta metodoloxía, os pagos a conta previstos para o 2020 do sistema de financiamento acadan os 7.659 millóns de euros, un 3,1 % máis ca no 2019.

Polo que respecta á liquidación de 2018 a percibir no 2020, calcúlase co mesmo procedemento pero con base nos datos certos que nos achega a Axencia Tributaria Estatal. Con esta previsión, os ingresos totais ascenden a 11.822 millóns de euros, dos cales corresponden a ingresos non financeiros 10.101 millóns e 1.721 a ingresos financeiros.

Pola súa banda, os tributos propios e cedidos medran no caso do ITP e reflicten o impacto das baixadas tributarias tanto no imposto de sucesións e doazóns como no de patrimonio. Así mesmo, a evolución dos tributos cedidos está caracterizada pola consideración do cén- timo sanitario dentro das entregas a conta dos impostos especiais.

Por último, no eido tributario, os impostos propios reflicten a baixa da actividade no caso do ICA, así como do imposto sobre o xogo, e os demais amosan unha tendencia lineal.

No que atinxe aos fondos finalistas do Estado, a falta de proxectos de orzamentos que recollan novas liñas de financiamento, mellórase a súa estimación, froito do aumento dos niveis mínimos de dependencia que lle corresponden a Galicia polo aumento de poboación atendida e a repartición dos fondos de emprego avanzados pola correspondente comisión sectorial.

Os fondos europeos recollen a última anualidade normal do período, para no 2021 entrar xa no denominado N+3. Ademais, espéranse ingresar importantes contías de fondos que xa executamos en períodos anteriores, pero pendentes de certificar tanto no programa operativo de Galicia como nos plurirrexionais, despois, obviamente, dos anos iniciais de lanzamento dos programas, nos que fixemos un importante esforzo de programación.

Por capítulos, os ingresos tributarios son os que reflicten un maior incremento, entre o 5 % e o 7 %. Por outra banda, os ingresos por operacións financeiras baixan un 3,8 % pola evolución do calendario de vencementos da débeda pública, e, adicionalmente, pola baixa do recurso ao endebedamento en case un millón de euros.

Señorías, o noso modelo baséase en fortalecer o crecemento económico con menos déficit, menos débeda e tamén con menos impostos. É evidente que o modelo dos grupos da oposición, polo formulado en anos anteriores e coas emendas que soen presentar, é moi diferente. Mesmo diría que é o modelo contrario, pois o Partido Socialista, o Grupo Común da Esquerda, o BNG e o Grupo Mixto apostan por máis impostos un ano máis.

Penso que os galegos valoran máis o noso modelo de rebaixas de impostos, pois lembrarán —alguén estabamos por aquí daquela— que no 2016, cando comezamos a recuperar ingresos, decidimos aprobar a maior rebaixa fiscal da historia de Galicia, e o tempo pasado desde entón demostra que é un modelo que funciona en Galicia e que ten unha gran aceptación social.

Son moitas e variadas as rebaixas impositivas feitas nos últimos catro anos —tan só me vou referir a algunhas delas— que reforzamos para o vindeiro ano.



En sucesións, xa dende o 2016 non se pagan impostos polos 400.000 euros en familiares directos, sen contar a vivenda habitual, unha medida que xa beneficia ao 99 % das liquidacións. Pero o máis importante é o número de beneficiarios, que xa supera os 355.000 en menos de tres anos. Hai que ter en conta que practicamente un de cada tres, 107.776, son beneficiarios de pactos sucesorios en vida. Agora decidimos dar un paso, elevar de 400.000 a 1 millón de euros a cantidade exenta de pagar polo imposto de sucesións. Con esta medida, o 99,94 % dos galegos non pagarán imposto de sucesións entre familiares directos a partir do primeiro de xaneiro de 2020, o que supón a súa práctica supresión.

Tamén mantemos a rebaixa entre irmáns que aprobamos o ano pasado, que elimina a tributación en seis de cada dez herdanzas para este colectivo e que xa beneficiou a máis de seiscentos cincuenta galegos.

Por outra banda, queremos seguir favorecendo as sucesións nas empresas familiares, para que este importante tecido empresarial non só se manteña en xeracións vindeiras, senón que quede en Galicia. Por iso, nestes orzamentos ampliamos o acceso á redución xa en vigor neste eido, tanto en sucesións como en doazóns.

Por outra banda, lembrarán vostedes que unha das nosas prioridades é que esta sexa a lexislatura do rural, e nese obxectivo ten moito que ver a política de impostos cero no rural xa consolidada, así como as rebaixas en zonas pouco poboadas. Pois ben, nestes orzamentos reforzamos esta estratexia, para fixar a poboación e para que sexa máis doado vivir no rural e vivir do rural.

Tamén son moitas as medidas que aprobamos nos últimos tres anos. Hai tres anos, eliminabamos os impostos para as transmisións de solo rústico, e son case sesenta e catro mil os galegos que non pagaron impostos por adquirir un ben rústico ou ampliar unha explotación agraria. Hai dous anos, eliminamos o imposto para mercar unha vivenda habitual nas zonas pouco poboadas aos menores de trinta e seis anos, ás familias numerosas e ás persoas con discapacidade; nestes momentos, 3.378 xa se beneficiaron desta medida. E hai un ano reforzamos esta aposta con incentivos para aqueles que xeren actividade económica e contribúan a dinamizar o medio rural.

En total, con estas medidas son máis de catrocentos vinte e oito mil os beneficiarios desde o ano 2016. Como está sendo unha estratexia con alto respaldo social, en 2020 queremos dar un paso máis e reforzar a baixada de impostos para aqueles que merquen unha vivenda nas zonas pouco poboadas, que representan o 94 % do territorio galego.

Antes de explicar as novas rebaixas de impostos, quero subliñar que nos orzamentos en vigor xa os baixamos para mercar unha vivenda para residencia habitual en calquera zona de Galicia. Concretamente, Galicia é a Comunidade Autónoma na que os menores de trinta e seis anos, as familias numerosas e as persoas con discapacidade pagan menos impostos ao comprar unha vivenda usada para residencia habitual.

Pois ben, para o 2020 reforzamos e complementamos por dúas vías esta baixada de impostos para as zonas pouco poboadas. Rebaixando outros dous puntos o imposto de transmisións



patrimoniais, do 7 % ao 5 %, con límite de renda en patrimonio. Con esta rebaixa, comprar unha vivenda no rural galego terá a menor tributación de España. E rebaixando catro puntos o imposto de transmisións patrimoniais, do 10 % ao 6 %, para o resto de compras de vivendas nas zonas pouco poboadas.

Finalmente, tamén incorporamos no IRPF unha importante nova dedución, unha nova dedución verde, que bonifica ata o 15 % de melloras en vivendas, de ata 9.000 euros, para subir unha letra na cualificación enerxética. En total, ata 1.350 euros, máis outros 150 para cubrir a emisión do certificado de eficiencia enerxética.

Ademais, a estas importantes rebaixas fiscais hai que engadir o cada vez máis importante volume de beneficios fiscais no orzamento. No 2020 xa chegan ata os 448 millóns de euros, o que supón 84 millóns de incremento durante esta lexislatura, un 23 % máis; e o 95 % destes beneficios fiscais son de carácter social.

Con esta política orzamentaria, en 2020 sumamos un ano máis gañando capacidade de gasto, o que nos permitirá contar co orzamento máis elevado nunha década. Levamos cinco anos con orzamentos expansivos. Para o vindeiro ano, as contas públicas galegas chegarán ata os 10.149 millóns de euros, un 3 % máis que este ano, pero se temos en conta os menores recursos que detraíamos do pago da débeda no capítulo III, así como da Sociedade Pública de Investimentos no seu capítulo VI, os recursos dispoñibles medran en case 360 millóns de euros, un 3,5 % máis.

Facemos unha aposta moi importante polo gasto corrente, que se incrementa en 266 millóns de euros; 278 se non contamos os custos financeiros. Pero o aforro por operacións correntes aumenta nun 5,5 %, ata supoñer 968 millóns de euros, o que nos coloca nos niveis máis altos dunha década, e o aforro por operacións correntes primarias chega ata os 1.111 millóns de euros.

Os gastos de capital ascenden a 1.691 millóns, aumentando un 2,43 %, pero se temos en conta o que acabo de comentar hai un momento no capítulo VI de 2019, que figuraban 37 millóns de euros para pagar os mandatos pendentes da Sociedade Pública de Investimentos e que no 2020 non figuran ao amortizarse a débeda total que tiña esta entidade co superávit que logramos no 2018, a capacidade real de gasto para os nosos investimentos aumenta en 76 millóns de euros; é dicir, o 4,5 %.

Galicia segue a súa propia senda de consolidación fiscal, máis constante, pero tamén máis suave que a proposta polo Goberno de España. Isto permite, nun ano marcado polas incertezas e as aventuras, non ter que realizar ningún esforzo adicional na consolidación fiscal, realizando un axuste menor que o resto de comunidades autónomas e o proposto polo Goberno de España, que suporía pasar dun obxectivo de estabilidade do 0,3 % ao 0,1 %.

Vaiamos ás prioridades de gasto.

O sinal de identidade deste goberno non é outro que o gasto social. Foino nos peores tempos da crise, tamén na recuperación, e continuamos nestes momentos de incerteza. De feito, o



orzamento 2020 é o que concentra máis gasto social na historia de Galicia: 7.400 millóns de euros. (*Aplausos.*) Ou o que é o mesmo, nunca se destinaron tantos recursos á sanidade pública en Galicia, á educación pública galega, e nunca se destinaron tantos recursos ás políticas sociais públicas galegas. E non só o dicimos de palabra, senón que o reflectimos nos números do orzamento.

Dos 300 millóns de euros de máis que dispoñemos para o vindeiro ano, 275, máis do noventa por cento, teñen destino no gasto social. Así, o peso gañado na estrutura de gasto durante a crise, na que se blindaron estes servizos, agora mantense debido á mellora dos servizos prestados nestas áreas, así como o custo dos mesmos, destinando tres de cada catro euros do total do gasto non financeiro á nosa sanidade, educación e política social. E, obviamente, como os nosos servizos públicos os prestan persoas, tamén me gustaría lembrar brevemente as melloras que inclúe este orzamento para os empregados públicos. E a primeira reflexión non é outra que estamos a cumprir o acordo de concertación social, un acordo histórico que asinamos en xaneiro tanto con UXT como con Comisións Obreiras.

Reservamos un 2 % de incremento retributivo xeral para 2020, máis un variable en función do PIB, cun fondo de ata un 2,2 %. Implantamos a carreira profesional, levamos a cabo a funcionarización voluntaria do persoal laboral fixo, pola cal optou o 95 % destes profesionais, e cumprimos o Plan de estabilidade, con máis de quince mil empregos de calidade. De feito, na Lei de medidas —que xa trataremos no día de hoxe— inclúese a creación das escalas de persoal funcionario necesarias para cumprir este acordo cos sindicatos.

Ademais, executaremos a anualidade correspondente aos acordos sectoriais para mellorar as retribucións do persoal da sanidade pública, do ensino público, da xustiza, do Consorcio de Igualdade e Benestar, dos bombeiros forestais e dos axentes medioambientais. Con todas estas medidas, superamos, por primeira vez na historia, os 4.000 millóns de euros nos gastos de persoal.

En segundo lugar, na nosa aposta pola dotación de servizos e estabilidade no emprego, creamos case cincocentas novas prazas, priorizando a atención primaria de saúde e a extensión da hospitalización a domicilio.

O emprego tamén é outra prioridade, e contamos practicamente con 275 millóns de euros para o 2020, aumentando os recursos un 4,5 %, 12 millóns de euros máis, de novo por riba da media do incremento do conxunto das contas.

En catro anos e medio, xeráronse 90.000 postos de traballo en Galicia, e, aínda que estamos en desaceleración económica, temos que facer todo o posible para que no 2020 se poidan crear, como mínimo, eses 9.000 postos de traballo. Por iso, aínda que hai cinco anos era moi arriscado falar de xerar emprego en Galicia entre 80.000 e 100.000 empregos, estamos no camiño de cumprir a banda alta destas estimacións.

I+D+i. Por outra banda, na estratexia de mudar o modelo de crecemento, apostando pola innovación e o coñecemento, tampouco quedamos nas palabras, cun aumento progresivo das dotacións a medida que se vaia desenvolvendo a estratexia Ris 3 de Galicia; é dicir, a



estratexia de especialización intelixente de Galicia. De feito, a Axencia de innovación incrementa o seu orzamento nun 5,1 %, o que supón unha subida acumulada, dende o 2015, do 79 %. Ademais, hai que contar que as dotacións de I+D sanitario, universitario e do sector primario complementan o anteriormente comentado sobre a Axencia de innovación propiamente dita.

Co fin de preparar o mellor Xacobeo da nosa historia, levamos dous anos con partidas específicas para preparar o Ano Santo 2021, e no 2020 contaremos cun paquete de medidas en distintas consellerías por 82 millóns de euros, para conseguir entre todos que o Xacobeo 2021 sexa o mellor da historia.

O orzamento do 2020 tamén conta cunha perspectiva territorial, para axudar ao reequilibrio e que os galegos e as galegas teñan as mesmas oportunidades e servizos, con independencia da provincia onde residan. Por iso, Lugo recibirá 4.252 euros por habitante, Ourense 4.096, A Coruña 3.281, e Pontevedra 3.200.

O carácter reequilibrador do investimento público no orzamento fai que sigamos a discriminar positivamente as provincias de Lugo e Ourense, compensando a situación máis desfavorable destas provincias en termos de renda e poboación. Así, o aumento medio do gasto por habitante respecto do orzamento do 2019 crece nas provincias orientais un 4,4 % e nas occidentais un 3,2 %.

Xa vou rematando.

Como poden apreciar, estes orzamentos 2020 están elaborados en clave de presente, non podería ser doutro xeito, pero tamén en clave de futuro, porque, obviamente, buscan seguir mellorando a calidade de vida dos galegos e das galegas, seguir favorecendo o emprego de calidade e darlles facilidades ás empresas con medidas para este 2020.

Pero as contas do vindeiro ano tamén comezan a planificar a vindeira década, con catro grandes prioridades: unha Galiza moza, unha Galicia familiar, unha Galicia innovadora, e unha Galicia verde. Prioridades e medidas que concretaremos no Plan estratéxico de Galicia 2021-2030, que presentaremos no primeiro semestre de 2020 nesta Cámara.

Para esta estratexia incorporamos tamén, no orzamento para 2020, medidas que albiscan a próxima década, como un programa dual de emprego para os menores de trinta anos no sistema de garantía xuvenil; un plan de orientación profesional, cun segundo orientador nos colexios públicos, así como máis coidadores para alumnos con necesidades especiais; a ampliación da tarxeta Xente nova, con dous anos máis de cobertura para os mozos de ata 21 anos, para viaxar de balde no transporte público interurbano; a gratuidade da gardería a partir do segundo fillo, con independencia da idade do primeiro, ou a ampliación da tarxeta Benvida para o terceiro fillo e para os nacementos nos concellos de menor poboación; con máis recursos para a independencia, 362 millóns de euros, un 5,8 % máis; cun investimento onde superamos en cen millóns as actuacións en innovación; con medidas para dinamizar o rural, mellora e prevención dos incendios forestais, e actuacións para combater o cambio climático. *(Aplausos.)*



En definitiva, señorías, debatemos un orzamento expansivo pero prudente, con máis recursos, superando por primeira vez nunha década os 10.000 millóns de euros e con menos impostos. Unhas contas que permiten un crecemento san, que seguen creando emprego e que apostan pola consolidación fiscal e a redución do endebedamento como garantía de futuro. Un orzamento que sitúa a Galicia no esforzo investidor en España, con máis e mellores servizos públicos.

E remato como empezaba. Temos unha vantaxe, podemos aprobar un ano máis o orzamento, pero existen incertezas que debemos combater. É urxente que contemos cos recursos que son de todos os galegos. Necesitamos que o Goberno central nos transfira todo o que nos debe para este ano. Temos que ser responsables e actuar con lealdade institucional, e nunca máis debe repetirse o que ocorreu este ano: agardar ata novembro a que se nos actualicen as entregas a conta ás comunidades autónomas. Recursos que xa tiñamos que recibir desde xaneiro, comézannos a chegar no penúltimo mes do ano. Tampouco é razoable que o Goberno central quede cun mes de recadación do IVE de 2017 que lle corresponde ás comunidades autónomas, ás deputacións e aos concellos.

Con vontade, aínda é posible chegar a un acordo antes de final de ano para solucionar esta situación. O Goberno central ten que ser consciente de que as comunidades autónomas necesitan estabilidade financeira e que problemas como os xurdidos este ano son os que alentan o debate e ata o cuestionamento, por algún sector, do Estado das autonomías, cando nos últimos corenta anos se ten demostrado que as comunidades autónomas non son o problema, senón que somos parte da solución, e o mellor exemplo é Galicia, a única comunidade que elaborou ininterrompidamente os seus orzamentos durante catro décadas, os orzamentos número corenta que lles acabo de presentar.

Por todo isto, se queren un modelo de éxito do Estado das autonomías, a resposta é Galicia. E se buscan un exemplo de que o Estado das autonomías funciona, a resposta é Galicia.

Moitas grazas. (Aplausos.)

Debate e votación das emendas á totalidade que postulan a devolución global dos orzamentos ou de calquera sección ou axente xestor de gastos

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Continuamos a sesión co debate e votación das emendas á totalidade presentadas polos grupos parlamentarios. Comezamos, en primeiro lugar, polas emendas do grupo I, isto é, co debate e votación da emendas á totalidade que postulan a devolución global dos orzamentos ou de calquera sección ou axente xestor de gastos, todo isto segundo o recollido no artigo 130.1 do Regulamento do Parlamento.

Presentaron emendas o Grupo Parlamentario Mixto, Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda e Grupo Parlamentario Socialista.

Comeza o debate o Grupo Parlamentario Mixto. Ten a palabra o señor Villares.



O señor VILLARES NAVEIRA: Bos días, señorías.

Señor conselleiro, permítame comezar a emenda aos orzamentos que vostede presenta nesta Cámara coa emenda á primeira frase da súa memoria orzamentaria. Decía o señor conselleiro: Néboa en Pedrafita, o continente illado. Nós dicimos, dende En Marea, Néboa no Monte Pío, o presidente illado. Illado da realidade social e económica de Galicia, illado dos problemas e, polo tanto, alleo ás posibles solucións a eses problemas.

Seremos nós, desde En Marea, os que comezaremos por explicarlles cal é a realidade que vive o noso país, unha realidade que vén marcada, dende o ano 2008, por unha crise poliédrica. Non viñemos dunha simple caída do produto interior bruto na última década, é unha crise que representa o colapso dun modelo de acumulación de capital, que trouxo consigo non soamente o recorte do Estado de benestar, senón que ademais acelerou un proceso de cambio no modelo de relacións produtivas a escala internacional.

Estamos inmersos en profundas transformacións: novas relacións laborais, novas tecnoloxías, novas formas de produción, e Galicia non pode ser allea ás mesmas. Galicia presenta un sector empresarial que se sitúa na cadea media de valor, a excepción dalgunhas empresas illa, e que, polo tanto, están máis expostas aos cambios que se dan.

Galicia tamén presenta un mercado laboral moi débil, quizais un dos máis débiles do conxunto do Estado. As taxas de ocupación e de actividade son moi baixas, pero é que, ademais, o mercado laboral galego está caracterizado pola expulsión daquel capital humano máis cualificado á emigración, e faise cada vez máis dependente daquelas actividades que xeran un menor valor engadido. Este mercado laboral tan pernicioso para a sociedade galega, que expulsa do territorio a aqueles galegos e galegas en idades clave para o establecemento familiar, vai da man dunha pirámide demográfica totalmente invertida, que ten importantes consecuencias sociais, económicas e políticas.

A función dun Goberno é xerar un ecosistema que teña capacidade de anticiparse aos problemas que poidan xurdir, algo que non fai o Goberno de Galicia. ¿Por que? Pois porque a Xunta considera que as barreiras a superar son moi grandes e prefire renunciar a desenvolver o tecido produtivo e social do país.

Esta concepción negativa e derrotista fai que o ecosistema xerado acabe promovendo a especialización produtiva en actividades de pouco valor engadido, que o capital humano ben formado emigre, que perdamos coñecemento e aprendizaxe, que non atraíamos investimentos e que acabemos tendo un Estado de benestar por baixo das necesidades reais da sociedade galega.

Os orzamentos da Xunta para 2020 omiten por completo estas transformacións que se están dando e ademais representan os orzamentos dun Goberno que cre na derrota de Galicia, que non cre no propio país e que Goberna reforzando a idea de que Galicia se topa na fin do mundo. Por todo isto, En Marea, que si cre na sociedade galega, que si cre no seu país, anticipamos o noso voto en contra.

En canto ao contexto que estamos vivindo, o crecemento económico de Galicia durante a última década foi realmente débil. Concretamente, a economía galega creceu menos que a media



española. Como media, a economía española creceu o 1 % anual mentres que Galicia o fixo nun 0,9 %. No 2019 o crecemento da economía galega será do 1,5 % mentres que o crecemento español poderá acadar ata o 1,9 %. E se os datos en materia de PIB resultan pouco positivos, a creación de emprego, ao longo de todo este período dos dez anos, sitúase aínda peor.

Galicia segue sendo a Comunidade Autónoma con peor evolución do emprego. Galicia é a segunda comunidade autónoma onde menos se incrementou o emprego, de feito, aínda temos 50.000 ocupados menos dos que había mentres que no conxunto do Estado aumentaron en case 800.000 persoas.

Se comparamos o número de ocupados con respecto ao terceiro trimestre de 2014, cando comeza a fase de recuperación económica, o número de ocupados creceu un 8,69 % mentres que no conxunto de España o aumento foi do 13,54 %.

Galicia, ademais, é a terceira comunidade autónoma onde menos descendeu o paro dende o terceiro trimestre do 2009. O paro caeu no noso territorio un 11 % mentres que no conxunto do Estado foi do 22 %.

A nosa taxa de temporalidade segue crecendo e sitúase por riba da media española case un punto. Datos todos estes que indican sen dúbida, señor conselleiro, que Galicia presenta unha importante anomalía con respecto ao resto do Estado en termos de emprego.

No ano 2019 a creación do emprego situábase en Galicia no 1,5 %, mentres que en España acadara o 2,2 %, unha evolución do emprego que é coherente, ademais, cunha decadencia industrial nunca vista nas últimas décadas do noso país, algo ao que non se fixo ningunha referencia na súa intervención. Na actualidade o índice de produción industrial en Galicia caeu no que vai de ano un 6,2 %, mentres que no Estado aumentou un 0,4 %. E Galicia, con estes datos, acumula doce meses consecutivos de caídas interanuais, xa que o último dato positivo data de novembro de 2018. Datos todos estes que indican que existe unha profunda diverxencia entre o patrón de crecemento da economía galega con respecto á española.

Outro dos elementos fundamentais para entender a nosa situación é a situación dos autónomos e das autónomas. O número de afiliados ao réxime xeral de autónomos no noso territorio mantén unha evolución moi negativa; concretamente, en setembro —vostede sábeo— rexistráronse un total de 209.873 afiliados, o que significa a cifra máis baixa desde o ano 2009.

Claro, con pouco traballo, con traballo de mala calidade, con desprotección social, a consecuencia é unha situación de absoluta precariedade. Todos estes condicionantes económicos xeran un panorama social que se traduce en datos que vostede seguro que coñece pero que quero lembrar aquí, polo menos algúns deles.

A taxa AROPE tradúcese en 612.000 persoas en risco de pobreza ou de exclusión social. Hai aproximadamente trinta e catro mil fogares sen ingresos en Galicia. En 2018 houbo un total de 14.338 solicitudes de Risga e axudas de inserción social, unha Risga que soamente cubriu un 1,6 % da poboación en risco de pobreza. O 1,6 % da nosa poboación atópase en situación de carencia material severa, señor conselleiro. Son aproximadamente seiscentos setenta mil



os galegos e galegas que obteñen ingresos brutos anuais por baixo dos 9.000 euros. En total, algo máis dun millón duascenas mil persoas que viven neste universo da precariedade, que non é só laboral, senón que é unha precariedade social que lles impide planificar a vida, que lles impide ter certezas e que lles impide, simplemente, chegar a fin de mes. Son uns datos moi comprometidos socialmente. E a resultante nós pensamos que é unha Galicia en situación de emerxencia, e así hai que tratala.

Todo este patrón pon de manifesto que, na nosa opinión, existen tres emerxencias fundamentais ás que hai que atender con estes orzamentos.

En primeiro lugar, unha emerxencia industrial e ambiental, ocasionada por un modelo industrial en decadencia, altamente dependente dos combustibles fósiles e que deixou de ser competitivo pola aparición dunha conciencia ambiental que exige a descarbonización da economía ante o imparable avance do cambio climático e a ameaza dun colapso civilizatorio nos países do noso contorno, coa perda de hábitats, de calidade de vida e mesmo de superficie terrestre en zonas costeiras altamente poboadas do noso país.

En segundo lugar, unha emerxencia social ocasionada polo incremento das desigualdades sociais, nun país que produce máis riqueza que nunca pero que a distribúe tamén menos que nunca. Un sistema tributario inxusto, acentuado por vostedes, onde os de arriba se fan cada vez máis ricos polas rebaixas fiscais destes orzamentos, mentres os de abaixo sofren as consecuencias das reducións orzamentarias debidas á menor recadación. Menos recursos —vostede recoñece— para atender dereitos fundamentais como a saúde, a educación, a dependencia, os servizos sociais, menos recursos tamén para a lingua e a cultura de Galicia e tamén menos recursos para a promoción da cohesión social. E si, menos recursos tamén para unha transición de modelo produtivo verde e xusto, unha transición enerxética e industrial na que o Goberno non se ocupou e que se vai tornar nunha monstruosa fábrica de parados e de emigrantes, non só nas comarcas devastadas polas industrias, senón tamén cun efecto arrastre para toda Galicia.

E vivimos tamén, señor conselleiro, nunha emerxencia feminista, que trae causa nas insuficientes actuacións do Goberno do Partido Popular para atender e revertir a situación de desigualdade histórica da muller con relación ao home, e que as condena a traballar máis para acadar os mesmos salarios, ou —o que é o mesmo— a cobrar menos polo mesmo traballo, a sacrificar a carreira profesional pola maternidade, a ter menos oportunidades laborais nos mellores postos de traballo e a ser tratadas como obxectos na publicidade e denigradas como persoas con menos dereitos por forzas políticas da extrema dereita que portan valores non democráticos nas que o PP se apoia para gobernar a cambio de concesións no seu discurso e nas súas políticas de igualdade.

E ante estas emerxencias, señor conselleiro, a Xunta non só non fixo nada, senón que, ademais, é responsable a través das súas políticas e dunha xestión económica que para nós é delirante e autodestrutiva, responsable de fomentar —digo— e afondar nestas emerxencias, frías todas elas, da peculiar práctica política económica que adquiriu o neoliberalismo no noso país. E si, a xestión esquiladora do territorio e desentendida dos intereses da cidadanía polo Partido Popular ten como consecuencia final a implosión demográfica de Galicia, que é un síntoma, non é a enfermidade en si.



E a partir de aquí, con este contexto, temos os orzamentos que presenta vostede hoxe aquí. Néboa en Monte Pío, illado absolutamente da realidade social e económica do noso país. Dicar o do que algunha vez se ten dito desde a oposición, de que o Partido Popular non ten un plan para Galicia, si que ten un plan, só que desde En Marea consideramos que ese plan xa non é acorde —se é que algunha vez o foi— coas necesidades do noso país.

O negacionismo que fai a Xunta de Galicia das emerxencias que vive o noso país está correlacionado co modelo e co proxecto que vostedes, como partido, teñen para Galicia. O Partido Popular ten un mantra económico que obedece fielmente. Este mantra di que hai que reducir o peso do gasto público e baixarlles os impostos aos ricos, que é o que fan nestes orzamentos, o que implica, necesariamente, menos servizos públicos, máis privatizacións, o aumento das desigualdades sociais e, como consecuencia necesaria, demostrada na última década ou máis ben nas últimas dúas décadas, a corrupción.

Ten como mantra o da eficiencia económica. Todo o gasto ten que ser eficiente, e, polo tanto, isto implica abandonar e deixar atrás as áreas despoboadas ou envellecidas do noso país, porque iso non é eficiente, ou desatender servizos públicos, que non se miden en cartos, como a atención aos maiores, a educación ou a cultura. Todo iso non é gasto eficiente; polo tanto, fóra.

Hai outro mantra, que é o da non intervención na economía nin no mercado, isto é, liberalismo puro e duro, que é o que son vostedes, o cal leva á despreocupación polas crises industriais e as crises económicas, e, logo, cando veñen os peches das industrias anunciados décadas atrás, como é o caso das Pontes, ao Goberno cólleo cos deberes sen facer. Explique, se non, que é o que fixeron durante a última década e en que se plasma nos orzamentos de 2020 a reacción fronte á decadencia industrial que ten toda Ferrolterra; sinal que partidas concretas. Ou ben tamén cando se reducen as exportacións e non se ten preparada unha estratexia para aumentar, por exemplo, a demanda interna.

Si, señorías, a Xunta ten un modelo economicamente moi claro, e sabe perfectamente o que queren para Galicia: reforzar a produción produtiva de Galicia no espolio das materias primas, é dicir, no esquilmo do territorio e dos recursos naturais, por parte de grandes multinacionais que xeran pouco emprego e que, pola contra, teñen un alto impacto no noso territorio, algo que non é soamente cuestión desta xeración, senón que herdarán tamén as xeracións vindeiras.

Para todas estas ideas, o Partido Popular ten —o que non lle pedimos, señora conselleira, é a mina de Touro, xa que comentan a exposición— unha inxusta política fiscal de ingresos e gastos. Inxusta política fiscal que definimos perfectamente como antisocial e que se plasma nuns orzamentos nos que polo lado dos ingresos realiza importantes concesións ás rendas máis altas e ás grandes corporacións empresariais, que esquilman o territorio, sen compensación ningunha, e, polo lado do gasto, minoración de ingresos e a redución duns orzamentos que golpean os servizos públicos e a creación do emprego, polo que resulta imposible para moita xente remontar o profundo dano xerado polos recortes impostos durante a última década.

Voulo preguntar as veces que faga falta: ¿estamos tan ben como para facerlles regalos fiscais aos ricos? ¿Tanto nos sobran os cartos como para poder renunciar a eses ingresos? Nós pen-



samos que non. Baixarlles os impostos aos ricos e reducir o ingreso por reducilles os impostos aos ricos incrementa a desigualdade social, precariza o conxunto da sociedade.

Precisamos achegarnos aos orzamentos desde a perspectiva dos ingresos para comprender mellor o carácter antisocial da política económica do Partido Popular nestes orzamentos. Cando se analizan os orzamentos, adoitamos prestarlle maior atención á partida dos gastos; non obstante, os ingresos proporcionánnos unha fotografía ideal do modelo, un profundo reflexo de como está funcionando unha economía tamén e de cal é a estratexia económica e social que está a seguir un goberno.

Así, a evolución dos ingresos nos orzamentos galegos demostra a dinámica actual da economía galega, unha economía que crece menos que a media española, que crea menos emprego que a media española, con salarios máis baixos que a media española e cunha pirámide demográfica totalmente invertida.

Con esta situación, señor conselleiro, ¿é normal baixarlles os impostos aos ricos?, ¿é normal?, ¿é normal? ¿Si ou non? ¿Ten vostede suficientes recursos como para atender estas necesidades? Non, ¿verdade? Supoño que dirá que non. Se a resposta é que non, ¿por que lles baixa os impostos?

Os ingresos non financeiros, señorías, no ano 2008 acadaron un total de 9.938 millóns de euros; no ano 2018 tales ingresos foron de 9.000 millóns de euros; isto é, 938 millóns de euros menos que en 2018. No ano 2020 os orzamentos indícanos que os ingresos non financeiros serán de 9.846 millóns de euros. Polo tanto, doce anos despois, Galicia aínda non é quen de igualar os ingresos existentes no ano 2008. E se comparamos os ingresos non financeiros co resto dos territorios do Estado no ano 2017, Galicia sería a cuarta comunidade autónoma cunha menor recuperación de ingresos do conxunto do Estado.

Pero hai que preguntarse por que a evolución dos ingresos é tan negativa. O certo é que, dunha banda, o profundo recorte do gasto público que levou a cabo a Xunta de Galicia deprimiu —e hai que dicilo así—, deprimiu a economía galega moito máis que o conxunto da economía española na fase da recesión, co cal, cando comeza a fase alcista do ciclo, o crecemento é moito menor e a creación de emprego é menor e cun emprego de menor calidade, con máis precariedade, con máis temporalidade, cos salarios máis baixos. Esas son as consecuencias das súas políticas económicas. Porque o Goberno está para intervenir na economía, para procurar afianzar as condicións que permitan a maior e mellor creación do emprego. Nada disto sucedeu nestes anos por parte do Goberno do Partido Popular.

Doutra banda, señorías, as políticas do Partido Popular amosan unha idea, e é atacar a nosa autonomía financeira e volvernos completamente dependentes do Estado. Cando se utilizan os instrumentos da Autonomía para renunciar completamente aos ingresos, o que estamos facendo é depender completamente do financiamento do Estado. Polo tanto, deixemos de ser autónomos, reducimos a nosa autonomía.

Abusar da redución de impostos propios implica renunciar a impostos que son lexítimos e que, ademais, son necesarios para o funcionamento da Autonomía. Cando vostede lles baixa



os impostos aos ricos, quedamos sen cartos para educación, para sanidade, para atención aos maiores, para atención á igualdade entre mulleres e homes, para poder crear emprego de calidade e para que a xente nova non teña que emigrar. E cando vostede renuncia a todo iso, facémonos máis dependentes do que nos poida deixar o Estado con ese concepto.

Falou vostede antes de financiamento autonómico e das débedas que ten o Estado, pero é que vostede mesmo, coa súa propia capacidade, coa capacidade que ten a Administración renunciando a eses ingresos, renuncia á súa propia capacidade.

E isto acontece porque se dá un modelo fiscal no que a Xunta evita as súas responsabilidades e ademais proporciona concesións económicas inxustas — temos que repetilo, para que vostede poida vir aquí desculpalos— ás rendas máis altas e ás empresas máis piratas, deixando sen recursos o financiamento da Autonomía e do benestar e a creación de emprego.

Feijóo foxe do seu deber de gobernante de recadar das rendas máis altas e dos beneficios empresariais para redistribuír ese exceso de lucro entre o conxunto da poboación, quebrando así o principio de progresividade impositiva no que se asenta a convivencia social. Ao non recadar, aumentan as desigualdades, porque os ricos transfiren menos diñeiro ás arcas públicas e a Xunta non pode redistribuír eses recursos en forma de financiamento de recursos públicos e de servizos básicos a quen máis o necesita.

A xustiza fiscal o único que busca é reequilibrar, collendo de quen lle sobra para repartir e para crear condicións de xustiza para o conxunto da poboación e igualdade de oportunidades para o conxunto da poboación, que é o que vostedes negan coas súas rebaixas. Vexamos isto na traxectoria dos impostos.

En primeiro lugar, con relación ao imposto de sucesións, desde o ano 2013 ao ano 2019, un menor peso nos orzamentos do que tiñan no ano 2013, concretamente unha caída por ingresos no imposto de sucesións de 66 millóns de euros. Unha pregunta que nós facemos clara con relación ao imposto de sucesións: ¿é posible que nun momento de desigualdade social crecente —e quero lembrar que no último quinquenio o número de multimilionarios no Estado e tamén en Galicia se multiplicou por cinco, desigualdades crecentes, polo tanto, mentres que a taxa de desigualdade, a taxa AROPE, sigue mantendo cifras moi alarmantes no noso país—, sendo o Estado español un dos países da Unión Europea con maior desigualdade de renda, aqueles impostos que gravan concretamente a riqueza que teñen e co obxectivo de impedir a creación de dinastías familiares sexan cada vez menos relevantes nos orzamentos?

E, doutra banda, a Xunta decidiu conceder un agasallo aos patrimonios máis elevados do noso territorio, o imposto de patrimonio, e terán que dar conta desa situación. Ben, xa deu conta dicindo que se reducían os ingresos este ano na previsión do 2020 como consecuencia de terlles baixado o imposto de patrimonio ás rendas máis altas, ás rendas máis altas, non aos patrimonios máis altos, con independencia da renda. Concretamente, reduciron vostedes un 20 %, ¡un 20 %!, a escala de gravame do dito imposto, e fixo reducir a recadación nun 11 %.

É dicir, as seis mil persoas máis ricas de Galicia ingresan un 11 % menos en concepto de imposto de patrimonio porque a vostede lle parece que pagaban demasiado. ¡Os seis mil máis



ricos pagan demasiado! Pois a nós parécenos que non, que é inxusto que paguen o que pagan, e parécenos inxusta esa redución que nos impide ter recursos suficientes para políticas sociais.

Pero, como a avaricia non ten fondo, este agasallo non foi suficiente para esa avaricia dos máis poderosos, que inflúen no Partido Popular, e así a Xunta decidiu de novo conceder outro agasallo fiscal este ano, do que vén vostede presumir aquí: unha vez máis, no imposto de sucesións, para aquelas fortunas de ata 1.000.000 de euros, que quedarán exentas de tributar. ¿Como é posible que cando alguén recibe unha herdanza do seu pai ou da súa nai de entre 400.000 euros e 1.000.000 de euros por cabeza, ¡por cabeza!, non teña que pagar nada?

Logo, aquela persoa que recibe en herdanza 900.000 euros ¿non é xusto que, como consecuencia desa manifestación de riqueza que supón a adquisición dese patrimonio, pague un imposto? ¿É xusto ou non é xusto? Nós pensamos que é xusto.

¿Que xente —os que están na tribuna e os que nos escoiten desde as súas casas e que se pregunten—, que clase de xente, que clase de familias, que clase de persoas poden transmitir por herdanza, por fillo, por cabeza, 1.000.000 de euros? Eu é que case diría que non coñezo a ninguén; non sei se vostede, co trato que teño con vostede, poderá encontrarse dentro desta dedución ou non. A xente normal, a xente normal non vai sufrir, ou non vai beneficiarse desta rebaixa impositiva; a xente normal, claro. Vostede ten os petos baleiros, como a meirande parte da cidadanía do país. Os beneficiarios desta rebaixa son os superricos, e parécenos inxusto que se fagan estas rebaixas aos superricos mentres a xente normal segue tendo carestías para acceder a determinados servizos públicos, que vostedes non poñen con máis amplitude porque non teñen recursos, e non os teñen porque llelos dirixen aos ricos. E iso non pode ser, a nós parécenos que iso non pode ser.

A falta de responsabilidade fiscal da Xunta tamén se pon de manifesto na política de beneficios fiscais que leva a cabo. Esquecíaseme antes a súa política dos chalés no rural. Baixo esa propaganda de que se baixan os impostos para que a xente poida comprar unha segunda vivenda nas zonas pouco poboadas de Galicia escóndese unha realidade, e é a adquisición rebaixada de pisitos de veraneo, en Barreiros, en Perbes, en Miño, no Grove, na illa de Arousa. Estas son as parroquias tan pouco poboadas nas que vostedes lles van facer un desconto. É dicir, reducimos uns ingresos en atención á dependencia para que os ricos poidan comprar unha segunda vivenda de veraneo a custa das rebaixas fiscais.

E, señor Fernández, xa digo pisito de veraneo, non vaia ser que vostede me diga que é que en solo rústico non se poden comprar os chalés. Claro que isto afecta tamén os chalés nesas parroquias e tamén os pisos. Claro. Entón, veñan coa lei, veñan coa lei, que vén aí a Lei de acompañamento, e explíqueme onde se fan esas limitacións. Non hai limitación de ningún tipo, e por esa razón se está facendo un regalo encuberto á compra de pisos de veraneo, e iso non pode ser, señorías. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, por iso vostedes están dun lado e nós estamos do outro, evidentemente.

Finalmente, señorías, Galicia ten un grave problema coa fraude fiscal e parece que a Xunta evade de novo as súas responsabilidades. Os resultados indican que en Galicia a economía somerxida acada o 22 % do noso PIB, o que equivale a un volume de 12.400 millóns de euros, e que sitúa a



Galicia como a terceira comunidade autónoma con máis economía somerxida, soamente superada por Canarias e Andalucía; 22 % de fraude, mentres a media europea está no 18 %. ¿Por que non poñen os recursos suficientes para loitar contra esa fraude? ¿Por que non fan aflorar eses recursos, que ademais significarían novos ingresos para a administración pública?

Señorías, ante esta situación de renuncia do Partido Popular a recadar para deixarlles cartos aos seus amigos vía impostos, aos amigos máis ricos, e tamén a recuperar pola fraude, a pregunta que hai que responder é esta: ¿están garantidos economicamente unha educación pública de calidade, a sanidade pública universal, a atención dirixida ás persoas dependentes ou o pleno emprego e a neutralidade ambiental da nosa industria? ¿Iso está garantido?

Calquera mandatario, señorías, con ollos na cara e que vexa, que escoite, pero sobre todo que sinta e que empatice coa súa poboación, dirá que non. Non están satisfeitas esas necesidades. Logo preguntámonos: ¿como é posible que a Xunta queira evadir intencionadamente a súa capacidade fiscal, ademais de facer agasallos fiscais aos máis ricos, cando aínda estamos a vivir unha insuficiencia clara de recursos para atender as necesidades máis importantes da poboación?

Estes orzamentos, señor conselleiro, non acompañan as emerxencias de Galicia. Falan de que se incrementan un 2,7 %. A pregunta é: ¿isto é suficiente para satisfacer as necesidades de Galicia? Se non é suficiente, vólvolle preguntar: ¿logo é normal baixarlles os impostos aos ricos? Ben, pois, se non é así, camiñamos para un mundo máis desigual e máis inxusto, e dende En Marea estamos en contra, así de claro. Por iso non nos gustan esas contas.

Véñennos coas contas do pasado. Miren, se miramos o ano pasado e os anos anteriores, non o orzado senón o executado, veremos que a suma do gasto executado en sanidade, educación e servizos sociais é menor aínda que no ano 2009; concretamente no 2009 acadaba os 6.930 millóns de euros en sanidade, mentres que no 2018 son 6.824. Podíamos falar incluso tamén por habitante axustado, pero, como teño pouco tempo, deixo para a réplica se vostede quere debater diso.

Se miramos cara aos lados, os países do noso contorno, a situación tampouco é moito mellor para o país se o comparamos co resto dos Estados. Falan vostedes do que incrementan as partidas de gasto social, pero a realidade é que vostede, e nós como sociedade, estamos moi lonxe dos ratios medios europeos. Como referencia sirva un dato, e é que Galicia, a nivel de gasto público no total das funcións de benestar, ten un déficit coa media europea de 4.500 millóns de euros, 4.500 millóns de euros menos de media que o que se gasta en Europa, sobre todo nas funcións de vellez, atención sanitaria e atención á familia, que son as máis deficitarias; un déficit que estes orzamentos non van reducir significativamente. Poderían facelo máis se mantivesen os ingresos a partir dos impostos aos ricos, pero non queren facelo.

Tamén se podería indicar que, mentres na Unión Europea o gasto medio en sanidade se sitúa no 7 % e en educación no 4,5 %, en Galicia o gasto desas funcións é do 6 % e do 3,6 %.

Quero insistir noutra trampa de propaganda do Partido Popular, que é o que se orza e logo o que se gasta, é dicir, o que se executa. Din: temos 100 para isto, pero despois ao final gastan



70, co cal a realidade é que hai 30 que se deixan polo camiño e que ese 30 de diferenza non incide na vida da xente.

Vou poñer dous exemplos fundamentais. O I+D+i, investigación e desenvolvemento, do que vostede falou. Ano 2016, Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica, deixaron sen gastar o 18 %; no ano 2017, nesa mesma partida, deixaron sen gastar o 22,5 %. En investigación universitaria, no 2016, o 23 % menos, e no ano seguinte 25 millóns de euros. En total, do 2009 ao 2018, deixaron vostedes sen executar en I+D 240 millóns de euros. ¿Esta é a aposta do PP pola innovación? ¿Deixar sen gastar 240 millóns de euros xa nunhas partidas que non eran moi abundantes?

Pero se hai unha partida —e nós levámolo denunciando desde hai moito tempo— onde a execución é algo alarmante é en materia de emprego. En materia de emprego vostedes, desde o 2011 ao 2018, executaron de media o 62 % das partidas para políticas activas de emprego. É dicir, para fomentar que a xente poida ter un traballo, un traballo digno e un traballo ben remunerado, vostedes, de 6.562 millóns de euros que tiveron, gastaron 1.620 millóns. O cal significa que a Xunta de Galicia, entre 2011 e 2018, deixou sen executar un total de 945 millóns de euros, o que representa o 1,5 % do PIB galego, daquelas partidas cuxa función específica é promover o emprego. A ver que explicación dan, aínda estamos esperando polas explicacións dende hai meses.

Os exemplos non soamente son I+D e emprego. Hai outros exemplos que son tamén moi importantes. En materia de vivenda vostedes orzaron e executaron só o 83 %. O ano pasado quedaron sen gastar 13 millóns de euros en materia de vivenda, cando hai quince mil persoas que teñen necesidades obxectivas de vivenda que non están cubertas, trece mil persoas demandantes de vivenda nos rexistros do Instituto Galego da Vivenda e Solo que teñen recoñecido ese dereito, pero que non hai vivendas da Xunta de Galicia para dar en alugueiro a esa xente que demandou esa vivenda. Máis as persoas que oficialmente están declaradas persoas sen fogar, que son, segundo por exemplo Cáritas, sobre mil trescentas. ¿Que solución? Deixar os cartos para vivenda sen gastar.

En medio ambiente...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ... —si— gastaron o 70 %, é dicir, 37 millóns de euros sen executar. Non hai emerxencia climática.

En materia de desenvolvemento empresarial, coa que está caendo coa reconversión industrial e coa crise das electrointensivas, deixaron 71 millóns de euros sen gastar.

No medio rural, como tampouco hai problemas, deixaron 61 millóns de euros.

E en infraestruturas e mobilidade deixaron 67 millóns de euros.

E nós preguntámonos: ¿de que vale anunciar un incremento orzamentario se logo non se executa? Os anuncios que vostedes fan aquí hoxe son fume, tamén polo grao de execución dos



orxamentos. Son simple propaganda, son unha verdade a medias. Do que din, o 70 % nada máis, e, aínda do que din, sabemos que poderían ser mellores con outro réxime impositivo.

Señorías, as tres emerxencias nas que vive a Galicia actual: feminista, climática e social, aparecen completamente ignoradas nos orxamentos do ano 2020. Sufrimos unha emerxencia ambiental, pero a Xunta non considera darlle a importancia que realmente ten, e soamente dedica o 4,3 % do seu orzamento ao cambio climático. Vivimos unha emerxencia feminista, e o gasto en políticas de igualdade soamente medra o 1,22 %, é dicir, a metade do que medra o conxunto do gasto social. Vivimos unha crise industrial, que preconiza unha emerxencia social dun paro insoportable e que funciona como tarxeta de embarque da nova emigración, da xente nova que non ten oportunidades e ten que emigrar, e para vostedes a súa única política económica de emprego é encomendarse a que o 25 de xullo cae en domingo, é dicir, encomendarse aos santos; é toda a política de desenvolvemento económico e de desenvolvemento de emprego.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: —Remato xa—.

Finalmente, a emerxencia climática e o cambio de mobilidade cara a un transporte público, sostible e eléctrico, en tren, tranvía ou en bus, para vostedes non é unha prioridade, e fan diminuír esa partida nun 70 % con relación aos orxamentos que tiñan hai dez anos.

Moitas grazas e seguimos na réplica. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Saudamos os alumnos e alumnas de 1º e 2º curso dos ciclos de Xestión Administrativa e Administración e Finanzas do centro Campo de San Alberto, en Noia, tamén os seus profesores, que hoxe nos acompañan. Benvidos ao Parlamento.

Agora correspóndelle ao Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Para iso ten a palabra a súa portavoz, dona Ana Belén Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día a todos e a todas.

Aproveito tamén para saudar o alumnado que hoxe nos acompaña.

A verdade, señor conselleiro, menos mal que nos dixo que xa se acabara a campaña electoral e que non estaba facendo un exercicio de electoralismo, porque, se non, escoitando algunha parte da súa intervención, calquera o diría, ¿non? *(Aplausos.)* ¿Como era aquilo? *Excusatio non petita, accusatio manifesta.*

Tivo aquí dous fins nesta súa intervención. Díxonos algo co que nós estamos de acordo. Efectivamente, Galicia é sitio distinto. Eu diría: lástima que teñamos un goberno caníbal co propio país, e tamén o advertiría de que teña un pouco de coidado e de sentido do realismo,



porque fixo unha afirmación na que vén dicir algo así como: a Galicia non lle gustan os bi-partitos; teña coidado, porque o que dixeron os galegos e galegas nas últimas eleccións que tivemos é que o que non lles gustan son as políticas do Partido Popular, porque non teñen unha maioría que respalde esas políticas. (*Aplausos.*) 10 fronte a 13.

E volve outra vez facer electoralismo, e diría case do barato e cutre, co famoso tema dos 700 millóns. Nós xa lle dixemos que perderon a ocasión de demostrar que defenden os intereses de Galiza cando non interpuxeron unha demanda ante o Estado, e xa vemos cal é o resultado da súa pasividade: que seguen pasando de vostedes. E tamén pasan de vostedes porque, en vez de defender que os galegos e galegas necesitamos un novo modelo de financiamento que nos permita ter a chave dos nosos cartos, vostedes no fondo defenden ese centralismo madrileño, que é o que está poñendo en risco os intereses de Galiza e que é o que está condicionando que non teñamos os recursos que necesita o país.

Ben, en todo caso, xa centrándome un pouco naquelas cuestións, eu hoxe quería empezar a miña intervención preguntándolle —non sei se vostede viu a serie *Chernóbil*—, non lle vou dicir que os seus orzamentos son como unha explosión nuclear, pero, en todo caso, si que non sei se viu esta serie, que no primeiro capítulo empeza cun dos protagonistas, Valeri Legásov, científico soviético, que está só nunha cociña fumando e escoitando a súa propia voz gravada. E esa voz gravada empeza nese capítulo cunha pregunta, que di o seguinte: «¿Canto custan as mentiras? Non é que vaíamos confundilas coas verdades. O perigo é oír tantas que xa non recoñezamos a verdade. ¿Que facemos nese momento? ¿Queda algo que non sexa abandonar a esperanza e contentarnos con contos?». »

Eu, cando escoitei por primeira vez esta reflexión coa que se inicia a serie *Chernóbil*, o certo é que pensei na Xunta de Galiza, porque define moi ben a cuestión de fondo coa que vostedes enfocan a súa actuación. Repítennos mentira tras mentira, conto tras conto, imaxino que coa esperanza de que non recoñezamos a verdade ou de que nos contentemos cos seus contos. Porque iso é o que vostede nos vén contar aquí, iso é o que temos que soportar cada xoves nuns consellos da Xunta que non resolven nada importante para o país e que se limitan a informes propagandísticos. Os mesmos contos que temos que soportar nunha Televisión de Galiza cada vez máis manipulada e ao servizo do Partido Popular (*Aplausos.*) —e queremos solidarizarnos cos seus traballadores e cos venres negros—. E iso é o que resume tamén a súa intervención de hoxe neste pleno.

Porque veu contarnos un conto —por certo, repetido—, o conto de que presentar orzamentos é algo excepcional, o que converte este goberno en algo heroico: presenta os orzamentos tendo maioría absoluta; o conto de que todo o que depende da Xunta vai ben; o conto de que os problemas económicos de Galiza se van solucionar co Xacobeo do ano 2021; ou ese conto de que estes son os orzamentos máis sociais, xa non di de Galiza, di do mundo mundial; ou sexa, están en todas partes mirando e estudando a política social da Xunta de Galiza.

Pero a realidade é moito máis triste, e realmente os orzamentos que nos presenta o Partido Popular para 2020 o que son é o retrato dun goberno fracasado, sen ideas, sen proxecto de futuro, e que nos deixa unha Galiza peor dez anos despois da súa xestión á fronte do Goberno.



Podemos dicir que as súas políticas son como as malas herbas que impiden que Galiza florezca. Non teñen ideas para enfrontar a crise industrial, non hai impulso estratéxico para innovación, nin para ciencia, nin para os sectores produtivos. Continúan coa deterioración dos sectores públicos, continúan poñendo contra as cordas a sanidade e facendo que haxa galegos e galegas aos que lles están poñendo a súa vida en risco. E tampouco teñen medidas eficaces á hora de enfrontar a crise demográfica, a crise ambiental, a crise da desigualdade. Ou a deterioración que se está producindo da nosa lingua e da nosa cultura.

E vou ir desgranando algún destes contos e de por que nós dicimos que todo isto non é máis que unha gran mentira do Partido Popular.

Dixo durante moito tempo —repetiuno o presidente da Xunta, volveuno repetir hoxe vostede aquí— que é algo excepcional presentar os orzamentos da Xunta, pero en realidade é algo bastante normal e bastante habitual. De feito, se vostede analiza que pasa este ano na maioría das comunidades autónomas, verá que todas os teñen presentados ou en fase de presentación, que só hai dúas que renunciaron a facer orzamentos para 2020, e casualmente son dous lugares onde goberna o Partido Popular: Madrid e Castilla-León.

O segundo conto é que Galiza está mellor que hai dez anos. E eu a verdade é que me pregunto —supoño que igual que moitos cidadáns—: ¿en que se basean vostedes para facer unha afirmación deste calibre? Porque as afirmacións hai que sustentalas na realidade, e nós temos datos estatísticos oficiais da propia Xunta que desmenten esa afirmación.

Un dos elementos que mide se vivimos mellor ou peor é se temos máis e mellor emprego. ¿E cal é a realidade do emprego en Galiza? Pois que hoxe temos menos emprego que hai dez anos, que temos un nivel de ocupación moi baixo, camuflado nunha parte por toda a emigración de xente á que expulsaron durante estes anos e porque temos unha taxa de actividade máis baixa que a media do Estado.

E ao lado tamén temos cada vez un emprego máis precario. Deteriorouse tanto o mundo laboral que hoxe en Galiza ter emprego non é sinónimo dunha vida digna. Vostedes crearon unha nova categoría social, que son os traballadores e as traballadoras pobres, responsabilidade en gran parte das políticas económicas da Xunta e desas reformas do Partido Popular e do Partido Socialista que nós dicimos que hai que derrogar. *(Aplausos.)*

E a deterioración que se está producindo non é só que o alertemos desde o BNG. Supoño que vostede leu o Informe Foessa e que lle dá algún tipo de credibilidade. ¿Sabe o que nos di ese informe —o último que presentaron—? Que o 12,3 % das persoas que traballan en Galiza se encontran en exclusión social e que o 3,6 % están en pobreza severa.

E isto lévanos a falar doutra cuestión que é importante, e é cal é o nivel de renda que teñen os galegos e as galegas neste momento. ¿Mellorou realmente a redistribución da riqueza nestes dez anos? Pois ben, o que vemos é como aquí o que se produciu é que, mentres vostedes chaman crecemento insán, nós o que dicimos é un crecemento desigual. As rendas dos traballadores e das traballadoras cada vez pesan menos na economía galega, e, de feito, hoxe



pesan máis as rendas do capital que as rendas dos traballadores e das traballadoras. E isto non era así no ano 2009, era xustamente á inversa.

Polo tanto, o que estamos vendo en Galiza é unha tendencia que non se produce nin no resto do Estado, que é un crecemento máis desigual, que está beneficiando as grandes rendas do capital e que está retirando recursos dos traballadores e das traballadoras porque teñen menos emprego e porque teñen salarios máis baixos. Está claro, señorías, que algo terá que ver a Xunta de Galiza nesta evolución.

E, polo tanto, estamos vendo como o que se dá é un modelo de integración fráxil, onde —como sinala o Informe Foessa— o 41,6 % da poboación galega se encontra nunha situación precaria. Estamos falando de un de cada cinco galegos e galegas, de 470.000 persoas que se encontran en exclusión social. Insisto: son datos do Informe Foessa e de Cáritas, que imaxino que vostede non crerá que teñen unha alianza xudeomasónica para criticar a Xunta de Galiza.

E sabe tamén que é moi interesante esa reflexión tamén á hora de analizar o debate que hoxe temos sobre cal é esa orientación das súas políticas. ¿A quen responsabiliza este informe de ter creado esta situación? Pois sinala a crise financeira, a perda de emprego e as políticas de austeridade experimentadas na última década, que son as responsables de que haxa un aumento da desigualdade social. E vostedes veñen aquí dicíndonos que, sendo os campións da austeridade, foron capaces de crear unha mellor Galiza. Non, non, están deixando unha Galiza máis desigual, e esa é unha responsabilidade do Partido Popular. *(Aplausos.)*

Tampouco, señorías, vostedes acertaron á hora de defender os servizos públicos. Falaremos máis adiante da sanidade, da educación ou da dependencia, pero quixera poñer o foco nun aspecto como é o que está significando a exclusión no ámbito da vivenda. E aquí quero volver aos datos que dá o propio Informe Foessa, que está dicindo que a vivenda neste momento en Galiza é o motor elemental da desigualdade e un factor clave nas dinámicas de exclusión social. E, fronte a iso, pois o que vemos é que, en vez de apostar por política de vivenda pública, a Xunta de Galiza segue recortando neste ámbito.

Polo tanto, a conclusión é moi clara se temos en conta os informes, os datos oficiais e a realidade que se está vivindo neste momento en Galiza. E é que, dez anos despois de goberno do Partido Popular, os galegos e as galegas non viven mellor, viven peor, como consecuencia das súas políticas neoliberais. E o que non poden é seguir escusándose nesta situación, en que houbo unha crise, ou tamén recorrendo constantemente ao pasado.

É certo que houbo unha recesión económica, pero tamén é certo que a Xunta de Galiza xestionou durante estes dez anos un volume de recursos públicos moi importante. Estamos falando de que tiveron a responsabilidade de xestionar máis de cen mil millóns de euros ao longo de dez anos. E o resultado que nos deixan é unha Galiza máis precaria, con menos emprego, con emigración, cunha crise industrial e demográfica, cos servizos públicos tocados e cunha débeda triplicada. Porque vostede fala marabillas sobre o ben que xestionaron a débeda pública, pero o certo é que o seu Goberno triplicou a débeda pública de todo o país.



Ben, o terceiro conto que nos contou hoxe é que estes orzamentos teñen medidas para enfrontar a crise económica grazas ao Xacobeo de 2021. E eu creo que este é mellor retrato de como vostedes o que non teñen é política industrial nin política económica, reducen todo a unha política de turismo; por certo, falándonos do ano 2021, como se non tiveramos xa moitos problemas na Galiza de hoxe.

E teñen que explicarnos —porque non o fixo no debate do teito de gasto e vexo que tampouco o fai agora— como, nun marco económico no que se está falando a nivel internacional de moitas incertezas que van afectar as exportacións e o comercio, a Xunta de Galiza fai unhas previsións onde Galiza é unha illa e nada isto nos afecta. Nós estamos tendo xa unha caída nas exportacións, estamos tendo unha caída no IPI, e sabemos que o contexto a nivel internacional ten nubes negras en relación con sectores económicos importantes. Non sabemos como vai acabar esa guerra comercial entre os Estados Unidos e A China, non se sabe cal vai ser o impacto definitivo do *brexit* ou tampouco como todas as agresións imperialistas que está realizando Estados Unidos a Venezuela ou a Irán poden acabar influíndo no prezo do petróleo. Pois ben, nun marco desas incertezas, onde se fala dunha desaceleración económica, en Galiza hai un milagre, porque nada disto nos afecta. Non sei se é capaz de explicárnolo.

E, sobre todo, eu creo que é moi grave que vostede na súa intervención non fixera unha referencia á crise industrial e económica que está afectando o noso país e a que medidas vai poñer en marcha o Goberno para poder solucionala. Temos un grave problema e é que, efectivamente, temos unha crise industrial na que o Partido Popular e o señor presidente —ausente, como sempre, dos debates no Parlamento— son directamente responsables.

Son responsables porque hoxe Galiza ten menos capacidade para poder intervir desde o punto de vista financeiro. Desmantelaron o sistema financeiro galego, que vai desde as caixas até o Banco Pastor. Son cómplices e responsables de que se lle deran máis de nove mil millóns de euros a esa Abanca que acabou destruíndo cinco mil empregos en Galiza, deixando sen subministración moitísimos concellos. E o que nos din pois é que vostedes non teñen nada que facer nin ningunha alternativa. O resultado é que cada ano máis de vinte e catro mil millóns de euros do aforro galego emigran deste país, e non prevén ningún instrumento público para actuar. Pois nós dicímolos claro: banca pública galega, para acabar co espolio do noso aforro. (*Aplausos.*)

Son tamén responsables de permitir o desmantelamento industrial de Galiza. Vimos como durante os últimos meses a crise industrial afectou empresas de sectores moi importantes. A Xunta non fixo absolutamente nada nin para salvar a Isowat nin para salvar a Poligal, máis de douscentos empregos destruídos nos últimos meses. Estamos vendo como se deslocaliza emprego en Galiza, unha tendencia que xa se deu en moitos sectores e que agora, por exemplo, está afectando o sector das comunicacións, a R; mil empregos en risco no país e a Xunta non se entera, non colle o teléfono.

Ou temos o último escándalo, como pode ser que unha empresa como Naturgy, que depende e que fai tanto negocio en Galiza, acaba de dicir que vai deixar na rúa catrocentos traballadores e traballadoras de Unitono en Ourense. ¿E que fai a Xunta? ¿Exixirlle a Naturgy que ten que manter ese emprego? Non, non, premia-la cun contrato millonario en vez de estar



defendendo o emprego neste país. *(Aplausos.)* Xa se ve que están máis pendentes dos seus sillóns e das portas xiratorias que de defender o futuro de Galiza. Ningunha medida fronte ás deslocalizacións.

Temos tamén unha crise importante no naval, e o Partido Popular ten responsabilidades. Ten responsabilidades en Ferrol, porque cando gobernaban no Estado moito prometer as fragatas, pero o que fixeron foi atrasalas polos intereses do señor Morenés. E ten responsabilidades tamén no que está pasando en todo o naval de Vigo. En Vigo deixan caer Vulcano, temos a Barreras a punto de entrar en concurso de acredores. ¿E que é o que está proponendo a Xunta de Galiza para Vigo? Competir polas luces. É un auténtico despropósito, un auténtico despropósito, señor conselleiro.

E o que é impresentable é que o señor Feijóo se poña de perfil, como que a crise de Barreras non vai coa Xunta de Galiza. Claro, non vai coa Xunta de Galiza cando el apadriñou en plena campaña electoral, retransmitido polos medios públicos, dicíndonos que a salvación de Barreras era Pemex. ¿Que queda de todas as promesas do señor Feijóo? Pois o que quedan son mentiras, quedan os seus amigos imputados por corrupción e quedan tamén trinta auxiliares en crise e mil postos de traballo en risco. *(Aplausos.)* ¿Que solucións hai para iso? Ningunha, señor conselleiro, ningunha nos seus orzamentos, cando deberían de recuperar o control público de Barreras, porque se vendeu por unha miseria a unha empresa pública mexicana, e sería moito mellor que tiveramos o control público desde Galiza para poder buscar unha solución.

O que non é de recibo é como fixo o señor Feijóo, que teña a desfachatez de declarar que estaba preocupado —fíxoo hai uns días no Consello da Xunta— pola deriva perigosa de Barreras e que non entendía como o estaleiro chegou a ese calexón sen saída. A verdade é que hai que ter moita cara ou pensar que neste país non temos memoria.

Como tampouco entendemos, señor conselleiro, como é posible que, tendo unha crise que afecta unha comarca como é Ferrol, coa situación de Endesa, non haxa ningunha alternativa que se plantee desde estes orzamentos para poñer en marcha unha transición enerxética xusta que dea solución aos problemas que hai nesa comarca.

Polo tanto, este é un breve resumo da súa política industrial: non teñen propostas para frear a deslocalización, non teñen propostas para frear os sectores estratéxicos da economía que temos en crise, non teñen estratexias fronte á perda de galeguidade do tecido empresarial galego, tampouco para apoiar pequenos e medianos empresarios, os autónomos, nin para apoiar o comercio. E o que non lle permitimos é que nos diga que a grande aposta de Galiza é pola innovación, porque realmente o que fixo o Goberno do Partido Popular nestes dez anos foi poñer Galiza á cola da innovación. Ese é o resultado da súa política neste ámbito.

Diminuíu o gasto de I+D+i; se o medimos no PIB, pasamos do 1 % ao 0,86 %. Provocaron que desapareceran a metade das empresas innovadoras e continuou no noso país a fuga de cerebros e unha situación na que vemos como moitos científicos e científicas o que están é traballando na precariedade, porque moito propoñer a carreira investigadora pero segue sen ser unha realidade. E neste país seguimos vivindo situacións vergoñentas, como que haxa



mulleres que teñen que escoller entre ser nais e científicas, e isto non é decente nin se pode permitir. *(Aplausos.)*

E despois temos a cara B desta realidade, que unha cousa é o que vostedes poñen nas cifras, nos orzamentos, pero outra cousa é o que se executa. Porque un orzamento non deixa de ser máis que unha previsión.

E cando imos, por exemplo, ao nivel de execución, que é o que se inviste realmente, vemos en terreos como pode ser o da innovación como a Xunta de Galiza ten un nivel de execución baixísimo. Por exemplo, o Plan galego de investigación, segundo os últimos datos que enviou a súa consellería a este Parlamento, ten o 70 % sen executar, 110 millóns de euros este ano, como se non houbera necesidades no sistema científico e de innovación do noso país.

Algo, por certo, que non lle pasa só no ámbito da innovación. Se collemos as partidas de emprego, collemos partidas que teñen que ver co desenvolvemento económico e empresarial, vemos que o nivel de execución é baixísimo, e iso retrata que a Xunta de Galiza, en vez de estar sendo motor da actividade industrial, está retraendo recursos neste ámbito.

Vaiamos agora ao cuarto conto, que levamos todos estes tres anos escoitando que esta era a lexislatura do rural e dos impostos cero no rural. E eu teño un dilema que xa non sei se é como o da Santa Trindade, así difícil de explicar, pero ao mellor o señor conselleiro pódenos iluminar.

Vostedes xa nos dixeron hai dous anos, hai tres anos, que en Galiza había impostos cero no rural. Temos impostos cero no rural, pero cada vez que hai novos orzamentos volven propoñer rebaixas no rural. Non sei, explíquenos como é posible, que habendo impostos cero, rebaxen os impostos no rural, porque é un dilema bastante difícil de entender. *(Aplausos.)* Estalles tomando o pelo aos galegos e ás galegas. E tómannos o pelo porque nesta lexislatura do rural o que pasou é que desapareceron 6.000 explotacións lácteas, que só nos últimos dous anos se perderon 14.700 empregos no agrario e que os labregos e labregas deste país que se dedican a un sector estratéxico como é o do leite o que seguen vendo é como lles pagan os prezos máis baixos do Estado e da Unión Europea. Isto é, señor conselleiro, o que queda do seu compromiso co rural.

E, por certo, tampouco vemos que ese compromiso se plasme nos orzamentos, porque, de feito, se comparamos o que dedican en 2019 co que se dedicaba no ano 2009, veremos como hai un 18 % menos de fondos para o rural e o que poñen no papel non son nin tan sequera capaces de executalo.

Temos unha crise demográfica, de despoboamento. Hai unha partida destinada a políticas de fixación de poboación no medio rural e o resultado do seu compromiso é que desde 2016 deixaron sen executar máis de 305 millóns de euros e que neste ano, no que estamos, no 2019, o 91 % dos fondos destinados á fixación de poboación no rural están sen executar. Non son capaces nin tan sequera de desenvolver os orzamentos que vostedes aproban.

E outro tanto poderíamos falar con outro sector que ten moito peso na economía de Galiza como é a pesca, que vemos que en 2019 ten un 37 % menos que hai unha década e cun nivel



de execución que tamén é moi baixo en todas e cada unha das partidas que teñen que ver co apoio ao sector pesqueiro.

E como se me vai acabando o tempo e aínda quedan bastantes cuestións que comentar, imos ir ao cuarto conto, que é ese de que estes son os orzamentos máis sociais do mundo mundial e de que a Xunta non recortou durante todos estes anos na súa política social, senón que a mantivo en pé.

Cando un analiza onde se centraron os recortes, o que vemos é que fundamentalmente os recortes se concentraron na sanidade, na educación ou nas políticas de vivenda. De feito, o recorte acumulado é moi importante. E iso o que está provocando é que hoxe teñamos máis listas de espera na sanidade, que teñamos problemas porque a lista de espera non está só nas especialidades e nas consultas, está tamén en atención primaria; que vexamos como na sanidade hai unha auténtica rebelión de todos os sectores contra os seus recortes, e que teñamos situacións tan dramáticas como ver que hai persoas que están morrendo neste país pola falta de recursos suficientes para atendelas. *(Aplausos.)* Ese é o retrato das súas políticas sociais.

E, como lles dicía, ademais tendo nestes orzamentos recortes inaceptables en ámbitos como poden ser tamén as necesidades de acceso á vivenda, que é un problema que cada vez se está facendo máis grave neste país e que afecta sobre todo a mocidade, que ve que é misión imposible poder emanciparse.

E a resposta que vostedes lle dan a esta mocidade que quere emanciparse son uns orzamentos onde hai un 62 % menos de fondos para vivenda que hai dez anos e onde, a pesar de que nos dixeron que ían facer unha aposta estratéxica pola rehabilitación, o que vemos é como os fondos para rehabilitación caen. É dicir, renuncian a intervir nun ámbito no que a intervención pública sería clave para solucionar o desequilibrio que está causando a especulación.

Polo tanto, non vemos política social, non vemos tampouco unha aposta para loitar contra a desigualdade de xénero nin a loita contra a violencia machista, non se actúa fronte á fenda salarial, non se actúa fronte á feminización da pobreza, non se actúa para que haxa recursos públicos á hora de poder conciliar nin tampouco medios suficientes para facerlle fronte a un dos problemas máis graves que ten a nosa sociedade como é a violencia machista. Sabemos a súa contribución cal é: pactar con esa extrema dereita que nega a existencia da propia violencia de xénero. *(Aplausos.)*

E outro tanto nun aspecto que é relevante para un país como Galiza. Somos unha nación, temos unha lingua e unha cultura propias, das que nos deberíamos de sentir todos e todas moi orgullosos e orgullosas e, sobre todo, cumprir o mandato estatutario que di que hai que apoiar a normalización da nosa lingua e a difusión da cultura galega. ¿E que fai a Xunta? Pois voulo resumir en dous datos. En normalización lingüística, dedicarlle un 60 % menos que fai dez anos e, en cultura, o investimento é hoxe case un 50 % inferior. Xa vemos que tamén teñen vostedes un galeguismo que é simplemente un verniz, pero que realmente non teñen ningún compromiso co que máis nos une a todos os galegos e ás galegas.



Polo tanto, e a modo de conclusión, entendemos desde o BNG que Galiza necesita un cambio de rumbo que non ofrecen estes orzamentos. É máis, a presentación que fixo vostede e o contido dos orzamentos é un motivo de preocupación e debe de ser un motivo de preocupación para o conxunto dos galegos e das galegas. Un motivo de preocupación porque vemos un goberno que está esgotado, porque temos moitos indicadores que nos din que hai situacións de risco se non se toman medidas correctoras e porque vemos unha Xunta en mans do Partido Popular que non ten unha axenda de futuro que estea en liña cos retos de Galiza e as tendencias actuais. Vemos que o Goberno non ten visión, non ten iniciativa e tampouco ten ilusión. A Xunta é para vostedes unha mera cuestión de supervivencia do Partido Popular.

Pero, ao mesmo tempo, nós seguimos dicindo que hai outra Galiza posible, que neste país temos un futuro prometedor se somos capaces de cambiar o rumbo, e cambiar o rumbo significa facer política doutra maneira. E, desde logo, dicirlles que, por moitas mentiras e contos que nos traían día tras día, nós non perdemos a esperanza. E hai esperanza, porque hai outra política posible, unha política que non aposte por agasallos fiscais ás rendas máis altas, como fan...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando.

A señora PONTÓN MONDELO: ...—remato— vostedes nestes orzamentos, con deducións por compra de segunda vivenda para especular, mentres non atenden as necesidades de primeira vivenda, ou con ese escándalo de que eximan de pagar nin un só céntimo a quen pode herdar un patrimonio de 1.000.000 de euros. Desde logo, é inxusto que unha persoa que recibe nunha herdanza 1.000.000 de euros non tribute nada, mentres un traballador ou unha traballadora que ten que vivir e pagar as súas facturas cada día con salarios entre 12.000-20.000 euros teña que tributar o 24 %. Isto non é xustiza fiscal, é inxustiza, e vostedes están gobernando para unha minoría.

Hai outra política fiscal que se pode facer, do mesmo xeito que hai outra política económica, outra política social, unha política de coidado do noso medio ambiente, de respecto polas mulleres e a nosa dignidade e de apoio á nosa lingua e cultura.

Vostedes hoxe perden a oportunidade de recoñecer que hai problemas graves que non están sendo capaces de atallar e, polo tanto, corrixir a orientación destes orzamentos, pero moito me temo que están encastelados nas súas propias mentiras e que queren pechar os ollos ante a realidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Grupo Común da Esquerda, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Bos días.

Hoxe volvemos escoitar un discurso que non se corresponde coa realidade do noso país, polo menos na realidade na que vive a cidadanía, na que vivimos deste lado da bancada da Cámara.



Non é certo que a economía galega saíse da recesión grazas á eficiente xestión do Goberno Feijóo. Non é certo que xa recuperamos o nivel de emprego e de benestar previo á recesión. Non é certo que Galicia converxa con España grazas ao maior crecemento económico. Non é certo que os orzamentos de 2020 sexan expansivos. Non é certo que a débeda pública se vaia reducir no ano que vén. Non é certo que teñamos recuperado o nivel de gasto previo á crise. E é mentira que as rebaixas fiscais beneficien a maioría da sociedade.

Nada disto é certo, todo o contrario, tal como demostra o balance da década do Goberno Feijóo. Este é o último orzamento da lexislatura, iso é seguro; eu espero que sexa o último orzamento do Partido Popular. Iso é probable e desexable, sobre todo.

En todo caso, estamos no momento de facer un balance dos dez anos de Goberno Feijóo dende o 2009, porque ese truco de comparar as cifras co ano 2014, que é cando cambia a fase do ciclo económico, é un truco vulgar. O PP leva gobernando dez anos e, polo tanto, é valorar esa década perdida para a economía, o emprego e o benestar o que nós queremos facer.

Vou facer un balance sintético, tan sintético como preciso. Feijóo vai pasar á historia por ser o presidente coas peores cifras de crecemento económico. A taxa media de variación anual do PIB na última década foi do 0,4 %, dez veces menor que a taxa media das dúas décadas anteriores. Feijóo vai pasar á historia por ser o único presidente que vai deixar o Goberno con menos empregos dos que había cando el chegou. Hoxe hai 54.000 empregos menos que hai dez anos. Tampouco é certo que haxa máis mulleres traballando que nunca —a ver se alguén lle pode pasar o vídeo ao presidente Feijóo—. As mulleres con emprego hoxe son 6.000 menos que no ano 2009. Confundir afiliación con ocupación é un erro que non debería cometer un presidente.

Galicia é a comunidade autónoma coa peor evolución do emprego na última década; non está entre as peores, é a peor das 17 comunidades autónomas que conforman o Estado español. Feijóo pasará á historia de Galicia porque na súa presidencia a participación dos asalariados e asalariadas na riqueza acadou o seu valor máis baixo dende que existen estatísticas. Cando el chegou en 2009, o 49 % da riqueza do PIB destinábase a retribucións salariais, en 2018 tan só o 40 %, 3.800 millóns de euros menos en salarios; razón fundamental do inaceptable aumento da desigualdade.

Feijóo —estamos nun debate orzamentario— pasará á historia por ser o único presidente que recortou o orzamento. Como se dixo aquí —levamos corenta anos de orzamentos—, durante trinta anos o orzamento medraba ano tras ano con todos os presidentes, só empezou a baixar no ano 2010, cando Feijóo fixo o seu primeiro orzamento, e vai saír con 2.000 millóns de euros menos de gasto público que cando el chegou.

Vou deixar un momentinho agora para... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Está?

Feijóo vai pasar á historia como o presidente que máis endebedou a Galicia, porque nos dez anos de mandato a débeda pública aumentou o dobre que nos vinte e sete anos anteriores con catro presidentes diferentes.



Entrando xa no orzamento, quero empezar dicindo que non compartimos a crítica de que estes orzamentos sexan electoralistas. ¿Que van ser electoralistas? Non hai nada que ilusione a sociedade nestes orzamentos. Non son electoralistas, ¡son malos! (*Aplausos.*) Son malos porque non serven para enfrontarse ao cambio de ciclo da economía; son malos porque seguen na senda das rebaixas fiscais para os máis ricos, afectando negativamente tanto a suficiencia como a equidade do sistema fiscal. Son uns orzamentos malos porque dan continuidade á estratexia neoliberal de reducir o peso do público na economía. Son malos porque non inclúen ningunha medida para solucionar o gravísimo problema industrial que estamos sufrindo. Son malos porque non dan resposta á desigualdade, á pobreza e á precariedade laboral.

Vouno dicir. Estamos diante dun goberno irresponsable porque acepta de forma resignada o cambio de ciclo da economía sen facer nada para evitalo. A taxa de crecemento do PIB en 2020 será a máis baixa dende o ano 2015. En 2016 a economía galega medrou o 3,4 %, pero o crecemento estimado para o 2020 no cadro macroeconómico é do 1,9 %. Estamos diante dunha grave ameaza de desaceleración da actividade que afecta o conxunto da Unión Europea e que mesmo pode empeorar nos próximos anos.

Neste escenario de preocupación, nos orzamentos de 2020 diagnósticase o problema, pero non se propón ningunha alternativa. Por iso dicimos que é un goberno irresponsable, porque renuncia á responsabilidade de gobernar. Existe un amplo consenso sobre que a política monetaria xa non ten máis recorrido, sobre que é a hora da política fiscal e sobre que os diferentes niveis de goberno teñen que actuar de forma coordinada para enfrontarse á debilidade do crecemento. Porén, o orzamento que hoxe nos presentan non vai nesa dirección, senón todo o contrario. O gasto non financeiro vai medrar unha décima menos que o PIB nominal, o que supón renunciar a desenvolver unha política fiscal expansiva que sirva para impulsar a economía, para combater a desaceleración e para impedir unha improbable pero posible volta á recesión. Este é un concepto básico. Un orzamento é expansivo cando medra máis que o PIB nominal. Cando o orzamento medra menos do PIB nominal non é expansivo.

O cadro macroeconómico do orzamento de 2020 inclúe o recoñecemento explícito da falacia do modelo de crecemento, do crecemento san, da estabilidade da economía galega. Galicia medra cando o fai o conxunto do Estado e ralentízase cando o fai a economía española —como Burgos, como Castela-León—; non hai un plus de xestión da Xunta de Galicia.

Tamén o orzamento de 2020 pon en evidencia outra falacia, a do crecemento baseado na demanda externa, da que tanto presumiu a Xunta. Porque o sector exterior, non as exportacións, ten unha contribución negativa ao crecemento no ano 2019, pero tamén nas estimacións para o ano 2020. Esta é a realidade que hai detrás do discurso triunfalista sobre a evolución da competitividade: o sector exterior non vai aportar nada ao crecemento, que volve depender de forma exclusiva da demanda interna; isto é, do gasto dos fogares, do investimento e do gasto público.

Para que se entenda mellor, o que vai impulsar o crecemento do PIB en Galicia non son as exportacións, senón os salarios, as pensións e o orzamento da Xunta. Por iso necesitamos un orzamento expansivo, xunto co aumento dos salarios e a revalorización xusta das pen-



sións, porque son os instrumentos fundamentais para combater a desaceleración. Necesitamos un orzamento expansivo, que medre por riba do PIB nominal, para ir tapando o enorme burato nas contas públicas provocado pola década de austeridade.

En demasiadas ocasións nesta Cámara pretendeuse agochar os recortes no gasto público utilizando unha vulgar trampa, comparar os datos de diferentes períodos sen ter en conta a evolución dos prezos. Iso é un truco burdo, inaceptable nun debate económico serio, e hoxe temos que volver escoitalo nesta Cámara. Non é certo —vou dicilo con total claridade— que o orzamento de gasto non financeiro de 2020 se aproxime xa ao do 2009, non o é. En termos nominais, aínda estamos 395 millóns de euros por debaixo, pero en termos reais, cando se ten en conta a inflación, estamos a unha diferenza enorme, aínda faltan 1.958 millóns de euros para recuperar o nivel previo á recesión.

Como é un debate recorrente, ten sentido deternos un momento nesta cuestión. A inflación acumulada dende o ano 2009 é do 14,5 %. Para comparar as cifras de 2009 coas cifras de 2020 hai que ter en conta esta variación dos prezos, porque calquera sabe que se no 2020 ten o mesmo salario que tiña no ano 2009 está tendo unha enorme perda no seu poder adquisitivo. E o mesmo lles sucede ás contas públicas, que en termos reais son 1.958 millóns de euros inferiores ás de 2009. Dous mil millóns de euros é a cifra que cuantifica o recorte nun ano, pero, como vostedes levan dez anos recortando, a cifra acumulada dos recortes cando a calculei antonte deixoume impresionado. Porque se sumamos o que recortaron no 2010, no 2011, no 2012..., ata o ano 2020, chegamos á cifra de 26.000 millóns de euros.

Vouno dicir outra vez porque non é fácil de asimilar: a suma dos recortes aplicados polos gobernos Feijóo nos dez anos que leva gobernando son 26.000 millóns de euros. Obviamente, é unha reflexión contrafactual, pero ¿como sería Galicia con eses 26.000 millóns de euros investidos na sanidade, no ensino, na política industrial, no rural, no medio ambiente, na cultura, na igualdade, na pesca, na política social? Esta década de austeridade e recortes supón un retroceso enorme do que tardaremos décadas en recuperarnos.

Sufriron especialmente as políticas sociais cos recortes, que supoñen preto de 900 millóns de euros con respecto ao ano 2009. Non é certo que gastemos o mesmo en sanidade que no ano 2009, ¡non é certo! En sanidade gastamos 218 millóns de euros menos; no ensino, 300 millóns de euros; en políticas de emprego, 209 millóns de euros, e en políticas de vivenda, 162 millóns de euros.

O orzamento de 2020 continúa a senda neoliberal de reducir o peso do público porque o orzamento —vólvo dicir— medra menos que o PIB nominal, e, polo tanto, volve caer o peso do público na economía. Mudou a fórmula, pero a austeridade segue. Na recesión o gasto caía en termos nominais, e agora medra, pero faino por debaixo do crecemento do PIB; pasamos do axuste duro ao axuste fino.

Máis riqueza, pero menos gasto público; máis riqueza, pero menos recursos destinados a financiar a sanidade, o ensino, a protección social ou o investimento. O resultado é unha perda de peso do público na economía medida a través da ratio gasto público/PIB. No ano 2009 a Xunta xestionaba o 18,6 % da riqueza producida en Galicia. No ano 2020 esa ratio non chega ao 15 %. É un retroceso de case 4 puntos, equivalente a 2.500 millóns de euros.



E esta é, outro ano máis, a pregunta fundamental: ¿por que se, dende o ano 2017, o nivel de riqueza, medido a través do PIB, xa está por riba do que había antes da recesión, dispoñemos de menos recursos para a xestión pública? ¿Por que? Temos o mesmo nivel de riqueza, ¿por que os recursos públicos están sensiblemente por debaixo dos que había no ano 2009? A resposta é sinxela, tan dura como sinxela: porque se desfiscalizaron as rendas do capital, os beneficios empresariais, os grandes patrimonios, porque houbo unha deserción fiscal dos ricos que reduciu os ingresos públicos e desequilibrou a repartición da carga.

O orzamento que presentan hoxe é o mellor exemplo desta práctica desfiscalizadora porque a elevación do mínimo exento no imposto de sucesións de 400.000 euros a 1.000.000 é unha medida que beneficia unha ínfima minoría, pero ten consecuencias negativas para a maioría social, porque afecta tanto a suficiencia como sobre todo a equidade fiscal. ¿É xusto social e fiscalmente que unha persoa filla dunha parella en réxime de gananciais que herde —atención— 2 millóns de euros pague o mesmo que outra que herde 15.000 euros? Nas intervencións anteriores falábase dunha persoa que herdase 1 millón de euros, si, si, pero nunha familia en réxime de gananciais unha persoa pode herdar 1 millón de euros do pai, 1 millón de euros da nai, que serían 2 millóns de euros, e non pagar nada. ¿Un constitucionalista pode defender que esta forma de tributar cumpre co establecido no artigo 31 da Carta Magna, que di: «Todos contribuirán ao sustentamento dos gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica mediante un sistema tributario xusto, inspirado nos principios da igualdade e a progresividade...»? Vivimos nun estado no que hai demasiados constitucionalistas a tempo parcial, constitucionalistas que só coñecen un artigo da Constitución.

Esta medida estrela no discurso das rebaixas fiscais véñse unir á decisión de rebaixar o tipo do imposto de patrimonio. Herdanzas de 2.000.000 de euros e patrimonios superiores a 700.000 euros, exentos de tributación, clase media para o Partido Popular.

Acábase de facer pública unha estatística que pon en evidencia as consecuencias das políticas aplicadas na recesión. Dende o ano 2010, o número de millonarios en España aumentou o 500 %, pasaron de 172.000... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, por favor. Acábase de facer pública esta estatística que di que o número de millonarios pasou de 172.000 a 980.000 persoas. Non parece que a crise fose igual para todos, é inaceptable. Recordade un momento o ano 2010. Aí se empezaron a aplicar as políticas de austeridade por imposición da Troica, empezáronse a recortar salarios e dereitos, porque viviamos —dicían— por riba das nosas posibilidades. Mentres que a inmensa maioría das sociedades sufriu unha deterioración profunda nas súas condicións de vida e de traballo, o número de millonarios multiplicouse por cinco. Eu digo que as persoas que tiveron a responsabilidade de gobernar o Estado español e Galicia neste tempo son cómplices dese atraco á sociedade. E por iso digo que a crise foi unha estafa, foi utilizada para provocar unha profunda rede de distribución da riqueza en contra do 99 % e a favor desa minoría do 0,1 %. Hai máis ricos, pero pagan menos impostos, porque a política fiscal que se ten aplicado estes anos e que segue presente no orzamento do 2020 ten un sesgo conservador profundo, porque reducir impostos sempre beneficia os máis ricos, e recortar gasto público sempre prexudica os máis débiles.

Na intervención do conselleiro —que aproveito que non está para falar del— dixo algo que repugna a unha mentalidade social, e é: imos seguir rebaixando os impostos directos que



gravan as fortunas e os grandes patrimonios e, polo tanto —non o dixoo, dígoos eu—, financiaremos o que haxa que financiar con impostos indirectos como o IVE, que son inxustos fiscalmente.

O conselleiro dixoo: desapareceu o imposto de sucesións en Galicia. Claro, claro, ese é o seu traballo: facer reformas fiscais en beneficio da minoría social, reducindo os recursos públicos á disposición dos gobernos e, ao mesmo tempo, desequilibrando a carga fiscal, porque cada vez máis os impostos os paga a clase traballadora, os asalariados, os pensionistas, porque os ricos, os que teñen elevados patrimonios, eluden a carga fiscal. Ás veces —como empeza a ocorrer aquí— xa non necesitan nin eludilas, porque directamente o Goberno lles quita a imposición.

Para nós quedou claro nesa intervención, porque pensamos que hai que elixir; hai que elixir fiscalidade e gasto público para a elite ou para a maioría social. O Partido Popular no Goberno central e na Xunta elixiu a política fiscal neoliberal, que reduce os ingresos públicos e desequilibra a carga fiscal, de tal forma que a maioría social paga dúas veces: soportando unha maior carga e recibindo peores servizos nunha protección social deteriorada.

Esta política fiscal é a razón pola que os tributos propios e cedidos xestionados pola Xunta son os que teñen a peor evolución no orzamento de 2020. No 2020 os ingresos propios permanecen estancados, mentres que os ingresos do sistema de financiamento aumentan o 4 % e as transferencias finalistas o 5 %. A razón é a de sempre, as rebaixas fiscais, especialmente nas figuras tributarias que gravan a riqueza, ou no imposto de sucesións, e este ano especialmente no imposto de patrimonio, que vai reducir a súa recadación no 11 %. Política fiscal para ricos que explica unha das anomalías destes orzamentos: que aumenten os ingresos que proveñen do Estado ou da Unión Europea, pero que baixen os xestionados pola Xunta.

No orzamento de 2020 —viuse aquí— a propaganda da rebaixa de impostos segue ocupando un lugar central, porén hai que facer o cadro completo da estratexia do Partido Popular destes anos. Caeron os ingresos de forma significativa, aumentou a débeda como nunca na historia, retrocedeu o gasto público, que sufriu durísimos recortes, pero sempre hai marxe para baixar os impostos.

Sinto ter que dicir esta frase un pouco ortodoxa: o que non se paga con impostos, págase con recortes ou con débeda. Nestes anos, na década negra de Feijóo, con ambas as dúas, porque o gasto se reduciu en 2.000 millóns de euros e a débeda aumentou en 7.500 millóns de euros. Esta é a herdanza que lle deixa Feijóo ao Goberno que entre no 2020: un orzamento recortado en 2.000 millóns de euros e unha débeda incrementada en 7.500 millóns de euros. Ese é o balance, o glorioso balance da política fiscal, da política orzamentaria e da política económica dos gobernos de Feijóo.

Vou dicilo outra vez: en 2020 a débeda pública non vai baixar, é ao contrario, vai subir noutros 173 millóns de euros máis ata chegar a 12.000 millóns de euros, a cifra máis alta da nosa historia.

O ano que vén a Xunta vai emitir 1.692 millóns de euros en nova débeda para pagar 1.519 millóns de euros que vencen ese ano. Esta é a realidade, pedir novos préstamos para pagar



os préstamos que vencen. As consecuencias dese aumento da débeda son que cada ano temos que destinar máis recursos no orzamento para o pago da mesma. No ano 2020 temos que destinar o 14 % do orzamento total ao servizo da débeda. En 2009 era o 3 %, a función 91; baixo o seu mandato, multiplicou por cinco veces o seu peso no orzamento.

Aquí fíxose algún cálculo contrafactual sobre que sucedería coa débeda se nos comportáramos... Contrafactual, fagámolo real.

No ano 2009, cada galego e galega debía 1.250 euros, hoxe cada un de nós debe 4.350 euros. Dende que vostedes gobernan, a débeda per cápita aumentou en 3.100 millóns de euros. Esta é a conta que hai que facer, porque iso é o que está baixo a súa responsabilidade. Pode que outras comunidades autónomas teñan un resultado peor, pero o seu xa é suficientemente malo.

O proxecto de orzamentos que hoxe debatemos é unha ocasión perdida para reorientar a estratexia orzamentaria, para deixar atrás a austeridade, para recuperarnos dos recortes, para acercarnos ao nivel de gasto público previo á recesión. Cambiou a fase do ciclo e cambia a forma de aplicar a austeridade. Pasamos dos recortes nominais do gasto a que o gasto medre por baixo do que o fai a riqueza. Polo tanto, os recursos que se destinan a mellorar a vida da cidadanía son cada vez máis baixos en termos reais.

Fronte á resignación, os recortes, o axuste permanente, nós dicimos que estamos no momento preciso de reorientar a estratexia orzamentaria. Porque 2020 é o sexto ano consecutivo do crecemento do PIB dende que en 2014 cambiou a fase do ciclo económico. E facémonos a pregunta: se non é hoxe, despois dun ciclo económico, dunha fase alcista de seis anos, se este non é o momento de recuperar dereitos, de recuperar orzamentos, de recuperar recursos, de recuperarnos dos recortes da sanidade e do ensino, ¿cando vai selo?, ¿agora, que empeza unha fase de crecemento máis débil, máis branda?

Obviamente, non é posible abordar este reto nun só exercicio, polo que propoñemos un proceso gradual ao longo de cinco anos para chegar a este obxectivo. Na emenda que o noso grupo presenta —e vou explicalo brevemente— non só criticamos a política orzamentaria da Xunta, senón que ofrecemos unha alternativa de ingresos diferente que ten como obxectivo empezar xa no 2020 ese camiño de recuperación dos recursos públicos, polo que pensamos que se debe incrementar a cifra de ingresos, o orzamento, o gasto non financeiro, en 560 millóns de euros; unha estratexia orzamentaria de máis gasto que fai necesario acadar máis ingresos, porque o noso país non ten un problema de exceso de gasto, ten un problema de falta de ingresos. Propoñemos unha estratexia de catro anos —volvo dicir— que empeza no 2020, con 560 millóns de euros, para o que propoñemos actuar en catro liñas de actuación.

Primeiro, nun incremento dos recursos procedentes do Estado, actuando sobre o sistema de financiamento autonómico e tamén sobre os instrumentos para o reequilibrio territorial. Este é un dos meus debates favoritos no orzamento: recordar cal foi a desviación na estimación dos ingresos sobre os que se constrúen os orzamentos da Xunta de Galicia. Nos últimos catro anos a media da desviación dos ingresos é de 338 millóns de euros. É unha infraestimación sistemática, inducida polo Goberno central, que minora nunha cantidade demasiado elevada, 338 millóns de euros, as previsións de ingresos sobre os que a Xunta



construía o seu proxecto de orzamentos. E dicímolo, conselleiro, non ten o corsé dunha estimación feita polo Goberno central, vostede ten a responsabilidade de facelo. E nós dicímoslle que unha estimación feita con máis rigor da que está no proxecto de orzamentos incrementaría en máis de 350 millóns de euros os ingresos que derivan do modelo de financiamento autonómico.

Propoñemos, en segundo lugar, un paquete de medidas fiscais co obxectivo de aumentar a recadación, actuando sobre as figuras tributarias que xa existen e creando outras novas. Así propoñemos o imposto sobre dano ambiental, o imposto sobre grandes superficies comerciais e sobre os grandes propietarios de vivendas baleiras. Todos buscan, dígoos, incrementar a recadación, pero tamén penalizar actividades con externalidades negativas e comportamentos económicos inadecuados.

O terceiro eixo de actuación que propoñemos é unha minoración selectiva e ponderada do actual nivel de beneficios, bonificacións e exencións fiscais. Parece evidente que se os beneficios fiscais no orzamento do 2020 acumulan 451 millóns de euros, é posible reducilos, actuando sobre os contribuíntes de maior renda e mellorando así tanto a suficiencia como a equidade fiscal.

O cuarto pilar é un plan reforzado de inspección e loita contra a fraude fiscal —vou rematando—. A aplicación desta estratexia permitiría aumentar en 560 millóns de euros os ingresos co obxectivo de aplicar unha política económica que impulse un crecemento baseado na economía produtiva, que traslade a maior riqueza a máis benestar da cidadanía, combatendo a desigualdade, a precariedade, a pobreza e a exclusión.

Remato coa expresión dun desexo: que este sexa o último orzamento dun goberno de dereita en Galicia, porque a ola de cambio no Estado tamén chegará...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor LAGO PEÑAS: ...ao noso país e no 2020 haberá un goberno de esquerdas que deixe como triste recordo a década negra dos gobernos Feijóo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. Moitas grazas, señor Lago.

Pasamos ao seguinte grupo.

Para a defensa das emendas, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bos días a todos e a todas.

Señor conselleiro, non imos poder apoiar tampouco este orzamento, o seu último orzamento, cando menos, desta lexislatura. Votaremos non, porque na nosa opinión estas contas non dan unha resposta axeitada nin para o impulso necesario do crecemento económico, singularmente a crise industrial que vostedes mesmos consideran que é unha cuestión central en Galicia, nin



para a diminución das desigualdades ou a creación de emprego e o reforzamento dos servizos públicos. Hai outras medidas máis ambiciosas que as contempladas neste proxecto que hoxe tratamos nesta Cámara, e para explicar a nosa posición vou facerlle doce observacións.

A primeira, incidental. Eu creo que debería de revisar ese relato de orzamentos. Se vinculamos o orzamento ao funcionamento do Parlamento de Galicia, o primeiro que se aproba neste Parlamento, que é o que deberíamos contar, é o do ano 1982. Apróbase, ademais, como sabe vostede, o 30 de decembro. Ten unha vixencia unicamente dun día, pero refírese ao ano 1982. O orzamento número 40, o cuadrexésimo orzamento da Xunta de Galicia aprobado neste Parlamento, será o correspondente ao ano 2021. Eu sinto que vostede non poida celebrar ese orzamento, seguramente. Vano decidir os cidadáns e o que sexa presidente da Xunta, pero, en todo caso, esas son as contas reais. E ao que vostede se refire do ano 1981 era froito dun presidente preautonómico que non fora tampouco elixido por este Parlamento. Non estou dicindo que isto deslexitime a súa capacidade para nada, pero para precisar o que pasa.

Segunda observación. Non se trata dun comportamento excepcional, xa foi dito aquí. Non debe vir a este debate disfrazado cunha capa de superheroe, porque non corresponde. A poética entrada no documento evoca excepcionalidade. Vostede mesmo falaba de «Galicia sitio distinto», e eu utilizaría outro *hit* da época: «*Malos tiempos para la lírica*». Estes non son bos tempos para a lírica en Galicia, señor conselleiro.

Pero o certo é que vostede, presentando este orzamento, o único que fai é cumprir coa súa obriga. Se vostede non presentara este orzamento, ¿que pensarían os cidadáns?, ¿que pensarían os seus propios colegas de gabinete para un goberno que ten maioría absoluta, que leva once anos gobernando en Galicia e que ten o precedente de que un goberno do seu propio signo político en Madrid está sen formular o teito de gasto? Pois vostedes viñeron aquí, formularon o seu e tiraron para adiante co orzamento. ¿Que pensarían se agora, nun ano previo ás eleccións, vostedes non fixeran isto? Este contrafactual lévanos á conclusión de que vostedes fan simplemente o ordinario, o que teñen que facer, como fan as outras comunidades autónomas, polo menos aquelas que teñen, como no seu caso, maioría absoluta. Están convertendo a normalidade, que é presentar un orzamento, na noticia, e iso debe de querer dicir que non teñen demasiadas cousas boas que contarlles aos cidadáns en relación con isto.

Terceiro elemento máis importante. A Xunta presume de singularidade, de sitio distinto. Pero, en realidade, o que hai mellor neste orzamento, e o que houbo mellor na política orzamentaria que vostedes viñeron facendo, procede das decisións que outros toman. Vostedes aproveitan todo: cando hai un goberno que, segundo o seu criterio, se equivoca, pelexan contra el, pero cando ese mesmo goberno fai algo que resulta beneficioso para os cidadáns asúmeno como propio e véndeno coma se fora a gran novidade.

Fíxense vostedes no documento orzamentario. Vostede leva presumindo moitos anos aquí de que Galicia é das comunidades que máis inviste, e é verdade. É certo, pero niso pasa igual con todas aquelas comunidades que forman parte do que antes eran as rexións obxectivo 1, que reciben fondos europeos —no caso de Galicia, ao redor de 500 millóns de euros cada ano que deben nutrir os investimentos ou as transferencias de capital a empresas—, que reciben un fondo de compensación interterritorial e que reciben fondos diversos, que son os



que alimentan ese investimento. Se retiramos esas cantidades singulares e imos ao esforzo que fai a Xunta de Galicia cos seus propios medios ou, en todo caso, en relación co nivel de débeda, resulta que o comportamento da Xunta cos seus propios medios é un comportamento puramente ordinario. A Xunta de Galicia non debe poñerse medallas por algo que non depende de vostedes, como son os recursos europeos e os recursos da Administración central —obrigados, porque é unha obriga constitucional— que chegan a Galicia.

Vostede presume da evolución da demanda interna, faino no cadro macroeconómico, pero resulta que un dos elementos determinantes desa evolución, como é a evolución das pensións, foi en contra dos criterios que veu exercendo o Partido Popular en Madrid nestes anos. E en Galicia non so é que a actualización das pensións sexa beneficiosa, senón que na actualización diferencial das pensións mínimas seguramente é a comunidade máis beneficiada. No caso do salario mínimo, os estudos existentes indican que é un soporte básico para a evolución dos salarios, e é a comunidade autónoma de novo máis beneficiada. Vostedes criticaron isto; critican isto, pero despois presumen dos seus resultados. Aí é onde está a gran engañifa da súa política, porque, nas pensións, no salario mínimo, en todo isto, ¿onde está a responsabilidade da Xunta de Galicia, señor conselleiro? En todo caso, en opoñerse.

Pero é que, fíxese, o que hai máis moderno no orzamento, o que hai máis singular, o que conecta mellor con algúns dos grandes debates sociais, como pode ser o combate contra a violencia de xénero ou as políticas de vivenda, que melloran algo nos dous últimos anos, é froito de acordos que se dan no ámbito da Administración xeral do Estado coas comunidades autónomas, que significa a aportación de maiores fondos a partir da entrada dun novo goberno progresista en España, e que vostedes aproveitan para reforzar esas políticas. O grave é que en moitas ocasións iso non significa que vostedes poñan máis recursos que os que estaban poñendo, e, entón, a mellora desas políticas é froito exclusivamente das achegas que fai a Administración central.

A Xunta de Galicia tampouco é responsable diso, como no caso do Xacobeo. O incremento de fondos para o Xacobeo no ano 2020 finánciase integramente cos fondos extraordinarios froito da concesión por parte do Goberno central de beneficios fiscais. ¿Canto diñeiro adicional pon dos seus propios fondos a Xunta de Galicia para o Xacobeo no orzamento do ano 2020? Cero. Esta é a realidade. Vostedes están presumindo de decisións que toman outros, e, desde logo, é facilísimo convidar con pólvora do rei, pero non debería de ser o que fixera a Xunta de Galicia.

Mire, un dos seus leitmotiv máis evidentes nestes anos é o aforro en termos de xuros. A política financeira dependeu primeiro da posta en marcha do FLA e despois do Fondo de Facilitade Financeira por parte do Goberno Rajoy-Montoro. A Xunta de Galicia, tardiamente e perdendo recursos, acolleuse a eses fondos, o cal permitiu unha rebaixa substancial dos xuros en relación coa débeda que existía. Ademais, a política financeira do señor Draghi fixo que se reforzara o sistema bancario en Europa, tamén os bancos españois, e iso facilita a rebaixa dos tipos de xuro en Europa e en España. Entón, niso, ¿onde está a contribución da Xunta de Galicia? A única contribución —e é real— é que a débeda aumentou por debaixo da media das comunidades autónomas, pero todo o demais non depende de vostedes, e sen embargo fan disto un gran cabalo de batalla.



En todo caso, como ben sabe, estas políticas de incentivos a través do FLA e do Fondo de Facilitade Financeira beneficiaron sobre todo as comunidades máis endebedadas, e podemos facer as contas disto. Sabemos que Cataluña, Valencia e Murcia son aquelas que máis se beneficiaron en termos por habitante. É dicir, que as políticas que puxo en marcha o señor Rajoy e Montoro para isto prexudicaron a Galicia, e sobre iso vostedes a verdade é que non dixeron nada. É un tema que haberá que desactivar dentro do novo modelo de financiamento autonómico para que funcione adecuadamente o mercado.

Pero algo máis importante aínda neste sentido: ¿que pasa cos ritmos de crecemento? O crecemento económico foi lixeiramente inferior ao de España ao longo de toda a crise, en termos acumulados —teño aquí os datos, pero non merecen moito a pena—, e hai que dicir que cun perfil que se parece tanto ao español que é indistinguible, aínda que estea lixeiramente por debaixo. Por tanto, o crecemento económico español actúa como soporte do que pasa en Galicia, pero actúa tamén como límite, como límite superior neste caso, porque estamos un pouco por debaixo. Se España arrefría, Galicia constípase; se a Europa lle vai mal e España ten problemas, Galicia tamén se resente. É evidente, non estamos dicindo nada que sexa demasiado adicional.

Como curiosidade hai que dicir que desde que existe o Estado das autonomías a converxencia no ritmo de crecemento das rexións españolas aumentou, en vez de diminuír, o cal é curioso porque aumenta, ademais, o autogoberno, pero sen embargo isto prodúcese así. Está ben, iso quere dicir que funcionan os mecanismos de solidariedade que sosteñen a unidade no conxunto de España. Quero dicir que necesitamos a España, necesitamos a Europa, necesitamos que vaian ben, e o que están facendo vostedes neste plano ten pouco que ver co que fai a Xunta de Galicia e ten máis que ver co crecemento económico español e europeo.

Cuarta observación. Se resulta que o crecemento está un pouco por debaixo do de España, ¿como explicamos que en renda por habitante haxa unha aproximación, unha converxencia —en todo caso, moderada—, nos últimos dez anos, de entre 2 e 3 puntos? Pois exclusivamente porque a poboación se comporta moito peor, con moito menos dinamismo —exclusivamente, exclusivamente—. Si, si, pódolle ensinar os gráficos, pero, bueno, non sei se merece moito a pena. (*O señor Fernández Leiceaga mostra uns gráficos.*) Este é o crecemento do PIB, este é o crecemento da poboación en España e este é o de Galicia. É xustamente ese menor crecemento da poboación en Galicia o que explica a aproximación da renda por habitante, toda ela, e incluso un pouco máis, o que quere dicir que se tiveramos un comportamento, en termos de natalidade, como o do conxunto de España, non se produciría a converxencia e se tiveramos un comportamento, en termos de inmigración, coma o do conxunto de España, non se produciría a converxencia. Resulta que vostedes presumen dos resultados dunha política que din que é un problema, que é a regresión demográfica de Galicia, pero despois presumen dos resultados. Son capaces de presumir de todo.

Non compartimos, en consecuencia, o seu diagnóstico en branco e negro, onde todas as sombras son para España e todas as luces para Galicia. Non cremos que haxa catastrofismo en España. As cousas non van tan ben como hai dous anos xustamente porque toda a zona euro e toda a zona OCDE está entrando nunha desaceleración, pero España segue crecendo a un ritmo superior, temos superávit exterior e seguimos creando emprego. Os fogares e as



familias teñen un nivel de endebedamento alto, pero razoable, en termos comparativos, e España tamén crece de xeito equilibrado, reducindo o déficit público, expandindo a protección social e medrando nos salarios a un ritmo maior que desde o inicio da recuperación.

En Galicia, vostede puxo o acento só nas luces, pero tamén hai sombras, unha moi importante xa foi citada, e non me podo resistir a dicila. O seu primeiro gran fracaso ten que ver coa insuficiente creación de emprego. Non nos conte aquí... Se imos moi para atrás, ao inicio da recuperación, podemos dicir: creamos tantos postos de traballo. Non, a referencia ten que ser España. Crecemos igual que España, un pouco menos, pero creamos moitos menos postos de traballo, e nos empregos femininos ocorre igual. Se facemos a medición como deberíamos facela, en termos de horas traballadas, os resultados son aínda máis desalentadores.

Por tanto, temos un problema, temos un grave problema que vimos arrastrando desde hai anos, porque se reducen as oportunidades para os xoves que se incorporan ao mercado laboral. Claro que as cifras de paro soportan a comparación, porque a incorporación da mocidade é limitada e, por tanto, a poboación activa se vai axustando tamén, pero, se tiveramos unhas xeracións máis nutridas, teríamos un gravísimo problema tamén de desemprego, porque non somos capaces de xerar o emprego que esa xeración necesita. Hai unha saída selectiva: marchan os mellores, os máis formados, os que teñen menos aversión ao risco, os que teñen máis contactos no exterior, os que teñen máis nivel de renda. E iso non é bo, porque iso quere dicir que estamos perdendo capacidade de emprendemento e capital humano.

Estamos comportándonos peor que España en materia de ocupación e en materia de ocupación feminina. Estamos tres ou catro anos por detrás, tamén no sector primario. Perdemos 40.000 empregos desde o inicio da crise. No sector industrial, aproximadamente igual, perdemos 40.000 empregos, que son xustamente no sector primario, e hai competencias exclusivas e hai fondos europeos que nos deberían permitir tanto no ámbito da pesca como da agricultura facelo bastante mellor. E non somos capaces.

Fronte a isto, o que destaca de maneira continuada é a deficiente xestión dos fondos de emprego, que vimos sinalando aquí ano tras ano e que non son capaces de resolver. Fíxese, no ano 2018 o Programa 322A, un nivel de execución do 51 %; o 323, Formación para o emprego, do 45 %, ano tras ano. Poderíamos dicir algo parecido dos datos a 30 de setembro para o 2019.

O emprego dicía vostede que era a súa principal prioridade —dicíao no debate do ano pasado—. Pois, entón, iso quere dicir, primeiro, que fracasou, e, segundo, que os orzamentos que presenta son —vouno dicir en castelán— un *trampantojo*, porque o que presentan aquí e aprobamos non ten nada que ver co que sucede despois na realidade, xa que o nivel de execución é demasiado baixo ano tras ano. Teñen un problema.

O segundo gran fracaso despois do emprego é que non son capaces de captar o suficiente investimento privado. Se queremos incrementar o emprego ao nivel de España e ao mesmo tempo ganar competitividade, temos que investir máis do que o estamos facendo, e non son capaces. Fíxense vostedes, a aposta polo investimento produtivo é un fracaso. Voulle dar tres indicadores rapidamente: o primeiro, a evolución da formación bruta de capital en termos de contabilidade nacional en relación co excedente bruto de explotación e rendas mixtas. Ata o ano 2009 evolu-



cionaban de xeito paralelo, a formación bruta de capital un pouco por debaixo, porque ten que haber consumo e tamén aforro aí metido. Pero a partir do ano 2009 o excedente bruto de explotación apenas sofre a crise e hoxe está moi por riba dese nivel do ano 2009, mentres que a formación bruta de capital —non pública, pública e privada— está bastante por debaixo. É lóxico que baixara un pouco porque había que desapalancarse, había que devolver o prestado, pero non ata este nivel. Se conseguimos recuperar os niveis de toda esta expansión da primeira década, estaríamos hoxe crescendo por riba do 3 %, e non o estamos facendo así.

Pero é que a relación créditos–depósitos —que nos mide algo disto tamén, aínda que sexa de maneira moi indiciaria— di que Galicia é a que peor se comporta en termos de créditos en relación coa poboación ou en relación co PIB, mentres que en depósitos estamos moi ben. Iso quere dicir que o sistema financeiro está mandando ao exterior unha parte do aforro que se xera en Galicia. Ao igual que di o outro indicador, exportamos capital humano —pouco, pero exportamos algún—, o máis cualificado, e exportamos tamén capital; e ese é o gran fracaso desta política económica que vostedes están levando a cabo desde hai tempo.

E no investimento exterior das multinacionais, un estudo recente promovido desde o Ministerio de Economía indica que Galicia ten aproximadamente o dous e pico por cento do total, moi por debaixo do peso da nosa poboación ou do peso do noso PIB. Aínda eliminando o efecto sede —estaría, por tanto, medindo os inmovilizados—, estaríamos no 3 %. Temos un grave problema no seu modelo de captación de investimento e, por tanto, do impulso de crecemento; e ese é o gran fracaso que ten a Xunta de Galicia nestes anos.

Neste orzamento tamén destacan as dificultades da súa política industrial. Vostedes levan meses situando na crise industrial un dos graves problemas de Galicia e buscando un culpable fóra, pero resulta que na política industrial vostedes teñen competencias moi relevantes, e, por tanto, cabería agardar que neste orzamento viramos un reflexo de todo iso cun gran esforzo en materia de política industrial. Sen embargo, cando analizamos as contas e miramos a ver onde hai un reflexo desa reflexión, pois atopamos moi pouco.

E, fíxese, publicou Europa hai moi pouco un informe sobre a competitividade rexional. Galicia está no posto 197 en 2019 sobre as rexións europeas. Iso non é o dramático, o dramático é que en tres anos baixamos 16 postos. E fíxese vostede onde temos as graves dificultades, onde están as deficiencias: no nivel superior do ensino, na eficiencia no mercado de traballo, na sofisticación no negocio, no uso da tecnoloxía e no compromiso coa innovación ou nas infraestruturas. Fíxese, a maioría delas —por non dicir todas— son competencia da Xunta de Galicia. ¿E que fai a Xunta de Galicia neste orzamento? ¿Atende esas indicacións? Moi lixeiramente. E, en todo caso, moi por debaixo do que sería necesario para dicir que está facendo un cambio de paradigma na política industrial que permite afrontar os graves problemas que a globalización, a descarbonización e o cambio tecnolóxico van provocar en todo o mundo, ao que temos que anticiparnos para conseguir gañar ao futuro. E aí non vexo que vostedes neste orzamento faciliten o emprendemento e que fagan un traballo específico de captación do investimento externo e de elevación da dimensión da empresa.

Fíxese, no País Vasco —unha comunidade autónoma que ten máis recursos ca nós, pero que, en todo caso, ten neste terreo unhas competencias similares— están poñendo en marcha



fondos diversos para entrar no capital dalgunhas empresas estratéxicas e conseguir que non marchen fóra. Bueno, é unha decisión importante, en materia de política industrial, dun partido que se considera normalmente de centrodereita e que vostedes poderían emular, pero non están niso. Están poñendo en marcha políticas máis ambiciosas e políticas con máis recursos. Nada disto hai no orzamento da Xunta de Galicia. Nin tampouco unha política de fomento do coñecemento aplicado. Teríamos que mellorar nas competencias STEM, en idiomas, teríamos que reducir o fracaso e o abandono escolares, máis alá do que o fai a propia evolución negativa do mercado laboral, que foi o que en todas partes —tamén en Galicia— facilitou que os índices de abandono escolar se reduciran. Temos que dotar os centros educativos de maior autonomía; promover a eficiencia educativa, sen dúbida, e sobre todo reducir o desaxuste entre as capacidades adquiridas e as demandadas polo mercado laboral e pola sociedade. E aquí non vemos tampouco que fagan vostedes unha reforma a fondo das súas políticas, como necesitaría o crecemento de Galicia.

O I+D+i non é un problema só de volume de fondos, aínda que tamén, porque os fondos para I+D+i baixaron e agora comezan a subir, pero estamos aínda, en termos sobre o PIB, na metade do País Vasco, moi por debaixo da media española e aínda por debaixo —en termos de proporción sobre o PIB— do que había a finais da década pasada. Por tanto, hai un problema de recursos, pero sobre todo hai un problema de orientación dos recursos. Teñen que ser vostedes capaces de modificar as estruturas institucionais e os incentivos. Claro que hai que fomentar a calidade, que hai que ir a actividades que teñan unha base de coñecemento común ampla e que hai que facer bastantes máis cousas das que están facendo, e cousas diferentes, porque, se facemos as mesmas cousas, non obteremos os mellores resultados.

En materia de infraestruturas, a dimisión da Xunta de Galicia é clamorosa. Precisamos unha política de infraestruturas mellor, non baixar os fondos, e sobre todo utilízalos. Fíxese, a conselleira Ethel Vázquez —que estaba aquí até hai pouco—, que é moi crítica cos outros gobernos, resulta que cando imos analizar o seu orzamento vemos que o que está facendo é sobre todo estacións intermodais. Pero resulta que nas estacións intermodais aproximadamente dous terzos do financiamento vén de fóra. Entón, executa moi ben aquilo que financian outros, pero cando imos ver que pasa co Plan Move e coas infraestruturas que dependen directamente da Xunta de Galicia pois vemos que é unha experta en reprogramar. E, ano tras ano, como os malos estudantes que os profesores vemos nas listas e que acaban fátándonos, asistimos ao mesmo. Na VAP A Ramallosa-A Estrada, o ano pasado estaba previsto executar 8 millóns, non se executan; estaba previsto presupostar este ano 8 millóns, e agora baixan a 2 —iso é o que pasa—. Estaba previsto acabala no ano 2021, agora no 2026... Re-programamos, pero son sempre as mesmas obras un ano tras outro, sen que vexamos que hai un compromiso real co que se está facendo.

Isto é o que está facendo a súa Consellería de Infraestruturas. Por iso non é estraño que vostede lle rebaixara as cantidades no presuposto; é o normal, se non o executa, ¿para que? Pero sería mellor para todos que o executase, ao mellor cambiando de conselleira, e que vostede non tivera que rebaixalas senón que reforzalas, e non pasa isto. (*Aplausos.*)

Pero tamén no Estado do benestar as súas políticas son moi insuficientes. En vivenda —competencia exclusiva da Xunta de Galicia— o fracaso é total en materia de programación, en ma-



teria de execución e en materia de resultados. Das 2.000 vivendas protexidas iniciadas en 2009 pasamos a 9 para o 2016-2017. Das 9.000 vivendas cualificadas en España en 2017-2018 só 16 estaban en Galicia. Fracaso que alimenta os alugueiros abusivos, a incapacidade para cubrir a demanda de acceso á vivenda protexida e unha falta absoluta de compromiso coa promoción de vivenda pública en réxime de alugueiro. E os cambios que hai son aqueles que promove o Goberno central e que financia con transferencias condicionadas no seu orzamento.

En sanidade, vimos que vén de presentarse un estudo estratéxico impulsado pola Consellería de Sanidade sobre as necesidades da atención primaria. E o que di é que hai que establecer un máximo de consultas por xornada, ofrecer contratos de maior calidade, limitar as situacións extraordinarias ao bloqueo das axendas, reforzar os cadros de persoal nos lugares con máis carga, autonomía dos centros de saúde, autonomizar a atención primaria e dotala dunha xerencia específica, planificar o relevo xeracional... Eu, cando lin isto, dixen: ¡pero se isto é o programa que vimos impulsando desde a oposición e que repetidamente non é que o Grupo Popular o negase senón que votou sistematicamente en contra de todas aquelas medidas que neste sentido propoñemos nós ou outros grupos da oposición! Pois non deixa de ser curioso. E o problema é que non vemos nada no orzamento que respalde esta reflexión estratéxica. Se houbera un cambio de verdade nas súas políticas sanitarias, benvido sería ese cambio, benvida esa ratificación, pero con orzamento. Se non o fan así, como noutros ámbitos, o que están facendo é un lavado de cara para as eleccións autonómicas do ano 2020 para a continuación —se ganasen, que non van gañar— seguir facendo o mesmo que até agora. Pois para iso, señor conselleiro, deberían facer algunha outra cousa e non tomarlle o pelo non aos cidadáns, senón tamén ás organizacións sindicais e profesionais, que chaman a un diálogo e despois levántanse un día e descubren que todo está amañado por outro lado.

Continúan insistindo nunha política tributaria regresiva e ineficaz, que é ambiciosa sobre os demais, pero moi pouco cos propios, e que ademais é moi regresiva. Xa se discutiu aquí —teño pouco tempo—, pero simplemente quero insistir en que moitos dos beneficios fiscais que consignan no orzamento consisten en pequenos regalos a contribuíntes xa escollidos, pero cun efecto agregado irrisorio. Non é só que sexan regresivos socialmente —como xa foi explicado; non vou insistir, coincido—, senón que ademais non teñen efecto. Mire, no IRPF, as adquisicións de accións, a creación de novas empresas, os investimentos no mercado alternativo bursátil, os donativos a centros de investigación, os investimentos en empresas agrarias, etc. —que son bonificacións, algunhas das previstas no IRPF— supoñen unha merma de recursos para a facenda pública de 673.000 euros. A política en materia de recadación definíaa alguén como sacarlle plumas ao polo co menor número de chíos posibles. Vostedes están facendo algo á inversa, pero que se parece a isto, que é pegar algúns enxertos coa maior cantidade de impacto publicitario posible. E iso forma parte desa política de pouca eficacia.

En relación coa regresividade social, por suposto, a riqueza está máis concentrada que a renda. A riqueza estase concentrando moito máis nos últimos anos e, a pesar de todo, vostedes, en vez de corrixir e atenuar o funcionamento do mercado, que leva á concentración da riqueza, o que pretenden coa súa rebaixa fiscal é aumentala un pouco máis. Discutiremos esta tarde un pouco máis sobre este aspecto, pero, en todo caso, a política tributaria tamén nos leva a dicir que non ao seu orzamento.



Remato xa.

Votaremos non. Votaremos a favor da devolución destes orzamentos porque non dan resposta axeitada aos principais retos: nin ao impulso do crecemento económico, nin á diminución de desigualdades, nin á creación de emprego, nin ao reforzo necesario do Estado de benestar. Existen outras medidas máis ambiciosas, máis importantes, con outras prioridades, que as contempladas neste Proxecto de orzamento, como explicaremos esta tarde.

Por esta razón, xa lle digo que non vai contar co noso apoio, señor conselleiro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Leiceaga.

Ten a palabra o conselleiro de Facenda, o señor Martínez García.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas de novo, señor presidente. (*O señor conselleiro de Facenda coloca e acomoda os papeis na tribuna de oradores.*)

O malo de ir facendo anos é que cada vez miramos peor as cousas. (*Murmurios.*) Non é malo cumprir anos, ¡eh! (*Murmurios.*)

Vostedes saben que outras veces temos falado sobre estas cuestións. Os tempos non son idénticos pero temos falado varias veces, e, independentemente das opinións de cadaquén, de verdade que agradezo unha vez máis as formulacións introducidas por cada unha das voceiras e dos voceiros dos catro grupos, e tamén as suxestións que facían. De verdade que, humildemente, sempre analizamos o que nos din. Obviamente en moitas cousas non estaremos de acordo, e tratarei de explicar por que, tratarei de responder dunha maneira máis ou menos ordenada. Un a un, a cadaquén de vostedes, isto quizás se faría un pouco máis longo. Obviamente o que teño é que tratar de defender por que estas contas e non outras.

E con estas contas —e non o miren, por favor, como un acto de prepotencia—, ás veces, como para pescar —nós somos de mar—, hai que ciscar, tirar para coller, ¿non? Verdadeiramente é increíble. Algún grupo referíase ao que significa «Néboa en Pedrafita, o continente illado». Empezo por aquí porque para min si que son moi importantes os conceptos.

En esencia o que tratábamos de trasladar era que Galicia mantén o seu rumbo. Explicitámoslos e poden coincidir con eles ou non, pero non enganamos a ninguén tanto no primeiro plan estratéxico, que verdadeiramente foi un cambio de garda moi importante respecto da situación de crise profunda que tiñamos, como tamén no que se comezou no 2015 para 2016, e ata o 2020. Creo que é bo. Sabemos que non somos aquí os campións do mundo mundial, como algún está tratando de trasladar. Pero o que está claro é que na Xunta, dentro das súas competencias —que son moitas—, tratamos de introducir o crecemento económico aprobando ano a ano o orzamento.



Eu si que conto corenta orzamentos, si que conto. E basicamente non é tanto, senón que o enmarcábamos —sempre foi que así o considerábamos— no que era o período autonómico, no período temporal autonómico. E máis que nada para facer fincapé en que foron corenta anos seguidos de orzamentos, máis que nada para facer fincapé no que era o tamaño dun orzamento puramente administrativo daquela, co equivalente a 10 millóns de euros e con pouco máis de douscentos efectivos. Se ao final quedamos co dedo e non miramos a lúa, mal imos. Basicamente era o que tratábamos de dicir.

Néboa en Pedrafita significa que, de toda esta situación, o que temos que ter, en primeiro lugar, é orgullo. E das miñas palabras non poden deducir de modo ningún, nin da actuación deste Goberno, soberbia. Non, non, unha cousa é a soberbia e outra o orgullo. E o orgullo débemolo ter moi desenvolto. Porque, ademais, o noso modelo creo que é un modelo moito máis resiliente, ¿verdade? —«palabro» que está desde uns tres ou catro anos, sobre todo desde que foi a crise económica—. Nós si cremos que é máis resiliente.

En esencia, do que estamos falando é do exercicio de autogoberno. Vale, dito isto, ¿que atopamos en fronte? O que atopamos en fronte é unha incerteza no entorno. ¿Alguén a nega neste Parlamento? ¿Alguén nega que o bloqueo institucional que aínda estamos a vivir a día de hoxe en España sexa certo? ¿Alguén nega que o Goberno central está retendo o fondo das comunidades autónomas? ¿Alguén nega que estamos traspasando calquera liña vermella no financiamento autonómico e que incluso lles estamos dando alas a determinados sectores para que cuestionen o propio Estado das autonomías? ¿Alguén nega a situación europea que temos polo *brexit*? ¿Alguén nega —e coas miñas palabras tanto en comisión como aquí— a situación económica mundial? De ningún modo, se algo temos é que nos damos moita conta de onde estamos.

E ¿onde estamos? É outro dos temas comúns moi utilizados pola oposición, polas distintas oposicións. Non hai unha oposición, e, chegado a un hipotético caso, creo que o terían bastante difícil salvo nunha cousa, que é botar a Feijóo. No demais, polo que aquí oín, verdadeiramente as cousas son ata antitéticas. Pero, ben, vaíamos por partes e a ver se son capaz de referirme a cadaquén dunha maneira ordenada, a todos vós.

Que estamos nunha etapa de crecemento estable desde o punto de vista económico creo que tampouco é tan difícil de entender; sobre todo porque «estable» significa que nós estamos nun entorno do 2 %. Que estamos no entorno do que é o potencial da economía galega tamén é certo. De que estamos nun entorno onde o noso horizonte máis próximo, España, ten uns comportamentos de resultados similares pero de compoñentes distintas tampouco hai que ser unha persoa moi avezada en cuestións económicas para darse conta. E tamén é certo que o crecemento real e nominal que está presentando a nosa economía é maior que o das «economías euro», e así se está demostrando na converxencia, ao que agora me referirei.

Polo tanto, sendo certo todo isto, ¿por que o Goberno central nos ocultou esta realidade, que acaba de ser corrixida pola Comisión Europea en nada menos que 4 décimas, como tamén os obxectivos fiscais de déficit? ¿Por que, se isto son tantas vantaxes, como aquí se acaba de introducir polo voceiro do Partido Socialista respecto da actuación do novo Goberno, se oculta esta realidade de 4 décimas e o teñen que ensinar dunha maneira moi clara e traumática polo que significa?



Acábase de comentar aquí tamén — aínda que incluso por escrito estaba dunha maneira máis clara— que os parámetros medios da economía galega, como resultado, non son moi distintos dos da española. Obviamente, varias veces xa temos falado aquí do concepto da «autonomía relativa». Tampouco é chegar a tanto, tampouco é chegar a tanto de néboa en Pedrafita.

¡Vamos alá! ¿Por que negamos que a demanda interna neste ano 2019 é o motor que tira da economía galega, e cun valor moi superior ao parámetro español —porque as explicacións que se deron aquí polo incremento do salario mínimo e do incremento das pensións, etc., tamén se producen noutras partes—? ¿Por que non está tirando de semellante tensión? Porque hai un factor diferencial dentro da demanda, que non é tanto o consumo —que tamén, porque co consumo estamos falando de confianza— como do outro. Hai un goberno que, guste ou non nos guste, comparativamente máis —a iso tamén tratarei de referirme dentro dun momento—, executa o que di, gasta, e trasládase a consumo público e trasládase á formación de capital cun valor diferencial moi grande. E non é tanto que o financiamento veña de fondos europeos. De fondos estatais, moi pouco, por certo. Porque, de ser certo o que aquí se acaba de introducir, aínda que sexa de maneira puramente discursiva —se é certo o que se acaba de dicir de non execución infraestructural—, ¿como o pretendían algúns grupos se o orzamento non nato do goberno do señor Sánchez minoraba un 40 % o investimento en Galicia? Hai que gardar unha certa coherencia. Cando falamos de determinadas cuestións de tamaño infraestructural e nos queixabamos das infraestructuras que non se executan en Galicia, deberíámolo mirar coa suficiente temperanza.

Se sumamos outra cuestión que se acaba de introducir aquí, e que tamén me chama poderosamente a atención, non hai que ser tampouco —como se dixo incluso en comisión— un gran economista para mirar estas cousas, o que hai que ter é unha intelixencia normal, afrontar os temas con humildade e mirar as descomposicións.

Cando miramos a demanda externa, dámonos conta de que os sete primeiros meses deste ano 2019 son os que están corrixindo e tirando o resultado para abaixo, resultado —non hai que ser demasiado adiviño— que se aproximará ao dous con noventa e algo —o que nos sae a nós, por iso estamos nun 2 %, en cifras que foron avaladas pola Airef; por algo se contrastan estes datos, para non incorrer en erros do pasado—. E, polo tanto, o que temos é unha demanda externa que se presentaba cara a terceiros países, porque a demanda externa principal que ten Galicia é o resto de España. Tampouco hai que ser moi intelixentes para iso.

Unha situación de atonía política e xeral económica no conxunto tamén nos condiciona moi moito. Pero nos terceiros países, nestes momentos, hai tres compoñentes, dos catro principais nos que se descompón, que están corrixidos a día de hoxe, grazas ao traballo da Xunta dunha maneira directa —non en todos os casos, pero tamén—. O único que se sostivo durante todo o 2019, a través das políticas desenvolvidas sobre todo na Consellería de Economía, foi ese corenta e algo por cento, corenta e poucos por cento, de pequenas e medianas empresas que a múltiples países se dirixen. Pero hai un factor moi importante a día de hoxe que está corrixido, que é o factor puramente estatístico nunha gran empresa téxtil. Hai outro factor puramente corrixido que o que anuncia é un bo futuro, como pode ser a situación de PSA-Citroën en Vigo. Congratulémonos diso. E hai outro factor que era puramente estacio-



nal, que era a situación que temos na Coruña —ou que tiñamos, porque tamén xa está practicamente corrixida—, que era o da refinería. E iso ten unha incidencia, ademais, do 52 %-53 % sobre o conxunto das exportacións e importacións. Polo tanto, falar de que temos unha demanda externa nestes momentos condicionada era verdade, pero xa está empezando a corrixirse, ou está corrixida, no momento actual. Pero é que iso é o que nos sitúa para o 2020 dunha maneira máis clara.

Polo tanto, o máis importante é que seguimos en crecemento estable, que seguimos —e non hai que ser ningún tipo de pitonisa— avalados por quen nos ten que avalar, e que considera as nosas estimacións prudentes no que se refire ao crecemento económico. E para o que a min me interesa, como persoa, incluso máis prudentes no que significa o crecemento do emprego. Polo tanto, nesta situación supoñer que imos ter 9.000 empregos máis é unha estimación prudente co que coñecemos a día de hoxe, así está avalada. O demais sería entrar en determinadas cuestións que non veñen ao caso.

De todo iso o que se deduce é que é falso —porque non soamente inflúen cuestións demográficas— o que se dixo aquí, que é o criterio de converxencia. O criterio de converxencia respecto da Unión Europea é un criterio claro que se está producindo. Recuperamos o que se perdeu na etapa de crise, teñamos o suficiente valor para dicilo. E creo que cada vez máis, porque isto sitúanos como comunidade autónoma, vindo de abaixo, en estadios intermedios nestes momentos, comparativamente con outras comunidades autónomas. Teñamos en conta que no que vai de século, en dezaioito anos, a converxencia respecto da media europea foi de 8 puntos. É moi importante, non se gañan 8 puntos, sobre un dos sectores con máis desenvolvemento económico mundial, de golpe e porrazo. Ten que ser con carácter evolutivo, e así está sucedendo.

¿E que dicir respecto da media española? De novo preséntanse determinados gráficos, ¿non? Resulta que temos o máximo histórico, que está no 90,1 % acadado o ano pasado, e temos que pedir perdón. E no que vai de século tamén, en distintas épocas no que vai de século, con distintos gobernos. ¿Por que non recoñecelo? Recortamos 12 puntos respecto da media. Eu creo que iso é o que mellor resume o triunfo que, como sociedade galega, temos nestes momentos. ¿Por que non temos ese orgullo suficiente?

E cando miramos para o lado, resulta que no ano 2000 estabamos de 17 sobre 19 —entre comunidades autónomas e cidades autónomas—. No ano 2008 estabamos de 12 e fomos quen xa de superar a Asturias. Paréceme que Asturias ten unha compoñente demográfica parecida á nosa, o que ten é distinto goberno. Non me meto co goberno, digo «demográfica» cando se fala aquí. E a Valencia, que ten unha demografía distinta e que tivo gobernos de distinta cor política. ¿Onde estamos? Onde estamos de verdade é que nestes momentos estamos de 10 de 19, e subindo. Ata onde eu sei, 10 de 19 é a metade. E subindo, porque ao ladiño, se nós temos o que temos, está Cantabria. Haberá que estudar tamén algunha vez o factor cántabro do subidón que pega no ano 2018 respecto de calquera outro de determinados dirixentes de determinadas institucións.

Ben, iso ¿que nos permite? É importante ter en conta tamén e marcar outro fito do que sempre se fala aquí. E xa que estamos nun certo nivel de despedidas, nun día de despedidas,



tamén é bo botar a vista a atrás. Non é malo cando nos referimos ao 2008 e 2009. Depende do caso, e tratarei de explicarme. Resulta que, respecto de se a media española no 2008 era de 87,4 de 100 en PIB per cápita, temos o índice no 2018 no 90,1, como dicía antes. Subimos 2,7 puntos respecto da relación para con outras autonomías, e somos a segunda que máis medra despois do País Vasco. Xa quixeramos nós ter os recursos do País Vasco —no tamaño; como organización, non—. E resulta que por iso tamén temos que pedir perdón. Comprenderán vostedes que non se compadece, porque verdadeiramente este é o gran triunfo que, como sociedade, presentamos desde o comezo da autonomía e, dunha maneira moi acelerada, desde comezo deste século. Por certo, nos vinte primeiros anos da autonomía apenas medraramos un 3,4 % en converxencia. Algo deberemos de estar facendo ben entre todos, e este goberno tamén, cando así se está a producir.

Outro dos temas que nunca poden entender das nosas palabras —e incluso das miñas, sendo tan dado a falar como son— é a materia de paro, de emprego. Vou falar de paro, de emprego. Vou tratar de acomodarme ao meu desenvolvemento, porque si que eu estaba aquí —e moitos de vostedes tamén— cando hai catro anos falabamos de entre 80.000 e 100.000 novos empregos. E o que se dicía neste Parlamento —algunhas persoas xa non están moi cualificadas—, o que se dicía daquela, habería que oílo. E isto ten o seu correlato, obviamente, que é o tamaño do paro.

Que estamos nun contexto de desaceleración respecto da etapa precedente ninguén desde este Goberno o vai poñer en dúbida. ¡Nunca máis enganarnos!, como sucedía no ano 2008 e en parte do 2009. Non o facemos así. Supoñer, como lles digo, 9.000 postos de traballo máis para o ano que vén creo que nestes momentos é unha estimación prudente, pero sempre positiva. Porque o que nos está dicindo é que chegaremos ata un 10 % no último trimestre do ano que vén e quizás quedemos por debaixo. Iso é moi importante, o 10 % por debaixo en paro significa o 90 % de taxa de ocupación.

Podemos utilizar varios tipos de fontes pero vou quedar con unha que creo que, no nivel comparativo español e europeo, debe ser habitual; non a única, pero habitual. E non é outra cousa que os principais datos. Non me vou deter en todos —é imposible dado o tamaño e o formato desta comparecencia de orzamentos—, pero hai un dato que se repite machaconamente, que, sendo verdade en parte, non o é na magnitude na que se está a confrontar nestes momentos. E sempre falamos do mesmo. E vaia por diante que das miñas palabras non poden deducir, de ningún modo, que me sinta contento, que nos sintamos contentos coa situación completa que vou describir, pero ten profundos matices de carácter positivo. E voume fixar simplemente en catro datos da EPA para poñer en relación mensaxes catastrofistas que dunha maneira interesada cadaquén de vostedes traslada sobre esta cuestión.

Este Goberno, ata onde eu sei contar, entrou na Xunta de Galicia en abril, practicamente a mediados de abril, do ano 2009. Mediados de abril do ano 2009 coincide moi ben cos datos intermedios que nos traslada a segunda EPA —sigamos coa EPA—. Creo que é un bo argumento, ¿non? A EPA, coas súas eivas, está moi ben en termos comparativos, e son determinados consensos estatísticos que eu creo que hai que mellorar, nunca obviar nin diferenciar. Se así o fago, resulta que os activos eran 1.319.600 —redondeando—; os ocupados, 1.152.900, o que me dá unha taxa de ocupación —por iso se fan as porcentaxes— de 87,4 % e unha



taxa de actividade —que é como hai que medir as cousas, xa que estamos falando de persoas que queren traballar, e menos mal que estamos nun Estado civilizado—, de 16 a 64 anos. E a taxa de ocupación era o 72,05 %. Por certo, a taxa de ocupación caera nos trimestres anteriores previos —xa que a temos no 87,4 %— en 2,5 puntos. Xa se estaba albiscando. ¿Verdade que estabamos en crise?

Ano 2019, EPA do terceiro trimestre: 1.249.200, con 1.105.007 ocupados. Efectivamente, menor que 1,152. De ningún modo os cincuenta e tantos que din, pero incluso comprando ese tipo de argumentos. Volvo recapitular. Taxa de ocupación: 88,5 %. Ata onde eu sei, maior que 87,4 %. Taxa de paro: daquela era do 12,6 % e agora témola no 11,5 %. E aínda incluso temos que pedir perdón. E resulta que temos a taxa de actividade —14-64 na EPA do terceiro trimestre— no 74,1 %. No 74,1 % esta comunidade autónoma non tivo nunca a taxa de actividade de 16 a 64. (*Aplausos.*) E temos que seguir pedindo permiso. Vostedes saben coma min que nunca podemos sacar peito suficientemente porque hai moito que mellorar, porque ao final estamos falando de persoas que queren traballar e non teñen, pero outra cousa é poder contextualizar todo no seu valor.

Outro tema que se dá é o da precariedade, o da precariedade laboral. Sendo todo mellorable —nunca serei eu quen diga o contrario—, ter 3 de cada 4 asalariados como indefinidos xa matiza un pouco as cousas; e ter practicamente 9 de cada 10 ocupados con xornada completa xa matiza aínda máis as cousas.

Pero vaíamos a outra gran cousa á que quería ir, á outra mensaxe catastrofista, na miña opinión, que moitas veces introducen vostedes. Con matices, de novo, xa que estamos a falar de medias, ¡pero vaia medidas! Resulta que normalmente a xente traballamos porque hai un salario que nolo devolve, hai un salario que nolo devolve. Resulta que no ano 2009 —datos do Instituto Nacional de Estatística— a relación entre Galicia e o total nacional —a media anual, non sei se a media de vostedes ou a media de nós, pero, vamos, tomo ese dato, podo coller o de 2008— estaba no 88 %. O salario medio de Galicia —que a xente traballa porque quere ter un salario para facer a súa vida como lle pete— estaba no 88 %. Resulta que no ano 2017 —e avázzolles que no ano 2018, que coñecemos, e do que sabemos do 2019 van polo mesmo tiro— Galicia estaba no 91,4 %. De novo, ¿temos que pedir a alguén desculpas por mellorar? Resulta que, dende que hai crise, dende que empezamos a saír da crise, estabamos no 88,4 % —cifra moi similar á primeira que dabamos— e agora estamos aquí no 89,3 %, 91 %, 91,4 % e subindo. ¿Pero non miran que o salario medio que se está trasladando, habendo, seguro, moitas dificultades en determinados colectivos, o que representa como media de sociedade que vai polo bo camiño? ¿É tan difícil dicilo? ¿E non comprobamos entre todos que isto tamén nos está dicindo por onde van ir os tiros na converxencia da que antes lles falaba, en renda per cápita?

¡Que dicir, unha vez máis, de tantos datos que utilizamos cando falamos de pobreza e exclusión! É moi malo falar de pobreza e exclusión. Con que houbera unha persoa, ou dúas ou tres, verdadeiramente estaríamos mal. ¿Por que non miramos o vaso polo termo comparativo? ¿Por que non miramos que, cando a taxa de risco de pobreza económica é do 18,8 %, resulta que a media nacional a temos no 21,5 %? E, aínda así, hai que dar explicacións, explicacións, explicacións... ¡Claro que temos que facelo mellor!, pero contextualicemos as cousas.



Se falamos de pobreza económica severa, que a temos no 4,8 %, descendeu 2,3 puntos respecto da que había hai un ano —datos do 2017—. Resulta que na actualidade hai 60.000 persoas menos nesta situación que as que había no 2017. Pero ¿alguén pode quedar contento de que só haxa 60.000 menos? Non, pero hai 60.000 menos. E é un punto por debaixo da media nacional. Ben, pois haberá que seguir.

Resulta que, se temos a taxa AROPE, de risco de pobreza, no 23 %, tres puntos inferior á media nacional, tamén temos que seguir pedindo desculpas. E resulta que é 1,5 puntos menor que a que o Goberno bipartito, en bonanza económica, tiña no 2009, cando deixou o Goberno. E resulta que temos que seguir pedindo desculpas. Pido desculpas por cada unha das persoas que están, pero non polo exemplo que poidan dar vostedes en aplicación das súas políticas e polos resultados aos que levaron. (*Aplausos.*)

Pido desculpas porque, segundo o Instituto Galego de Estatística, resulta que temos unha poboación en risco de pobreza e exclusión social —moi alto para min— de 543.000 persoas, efectivamente. Pero son 80.000 menos das que tiñamos cando empezamos co plan estratéxico, e co cal estamos no 83 % do obxectivo que nos marcabamos daquela, e que nunca concluirá como obxectivo ata que, como lles digo, verdadeiramente estas cantidades sexan marxinais. Polo tanto, sendo a formulación estratéxica correcta, indo ben encamiñada, non nos debemos, de ningún modo, congratular.

O mesmo pasa cun mantra que sempre repiten. Este si que é un mantra, ata certo punto un mantra perigoso tamén, señor Leiceaga. Porque, se se supón que na emigración quen saen son os mellor preparados, no senso contrario quere dicir que os máis parvos quedan aquí. (*Murmurios.*) (*Risos.*) Non lles chame parvos aos demais, jeh! (*Murmurios.*) É algo preocupante ese tipo de razoamentos. ¿Non será máis fácil pensar que hai moitas persoas que saen e non querían saír e que hai persoas que entran e ao mellor non querían vir? Pero de todo isto o que se deduce é que o movemento migratorio resulta que é positivo polo global e positivo polos mozos.

Resulta que na etapa Feijóo entra máis xente que a que sae, e os mozos entran máis que os que saen. Por certo, de novo, unha vez máis, podemos ir aos datos oficiais. Resulta que o ano no que máis mozos emigraron foi no ano 2007. Prométole, honradamente, que no 2007 nós non estabamos no Goberno, prométole honradamente. (*Aplausos.*) E prométole honradamente que daquela había bonanza económica, ¡de verdade! Cando se analiza con esta cuestión multifactorial o que estamos a dicir, o máis importante é que na era Feijóo —tantas veces dita, e agora voume referir a algunha outra cousa máis— resulta que emigraron 297.971 persoas e viñeron 337.583. Como persoas, todas me merecen a mesma consideración, pero isto dá un saldo positivo de 40.236. Claro que me doe todo aquilo que se foi e, querendo estar, non está aquí con nós. Pero comprenderán vostedes que, cando se analizan os datos na súa magnitude, esa mensaxe que están tratando de lanzar á sociedade é totalmente incorrecta, por non dicir outras cousas.

Outro dos mantras que teño que escoitar —co que ás veces, co meu carácter, si que case como asañas— é o de cando dan leccións no tema da débeda. No tema da débeda é que é algo verdadeiramente increíble cando hai referencias aquí. O que é innegable é que esta Co-



munidade Autónoma, dende o ano 2008, tivo a mellor evolución da débeda. O que é innegable é que as restricións sobre o ingreso público que sufrimos as comunidades autónomas foi de tal magnitude, ata o ano 2014 inclusive, que fixo que o recurso á débeda pasara a ser un recurso xa non necesario senón obrigatorio para poder manter todos os servizos que normalmente as comunidades autónomas prestamos. Pero aínda así resulta que a nosa propensión — polo que significa para o futuro — foi menor que en calquera outra comunidade autónoma. Isto significa, si, que temos 4.000 millóns de euros menos no tamaño da nosa débeda. Isto significa que os nosos cidadáns teñen moito menos que pagar que a inmensa maioría de cidadáns en España.

Outras veces téñenme escoitado nesta Cámara — e non podo coincidir coas mensaxes que están trasladando — que nestes momentos a débeda de Galicia en termos netos está mesetada. Créanme que neste ano 2019 — se nos deixaran en paz e chegara o que ten que chegar, que é de todas as galegas e de todos os galegos —, sería a primeira vez que en termos absolutos non ía medrar a nosa débeda, neste ano. Agora referireime a algunhas cuestións dun pouco de trileirismo, que temos moito sobre este tema — uns e outros —.

Temos a débeda mesetada, no seu tamaño, cun tipo medio de xuro que está no 1,3 %. E se me traen aquí o tesouro de España, con ser tan intelixentes, cun tipo de xuro medio menor que o noso, por favor, díganmo, porque aínda non o atopei. ¡Digo eu!, porque, se están poñendo aquí de exemplo a gran xestión que fan determinados popes a nivel madrileño... Non se equivoquen cos niveis madrileños.

Volvo repetir unha vez máis nesta Cámara que a nosa entrada foi no momento oportuno en facilidade financeira. Era unha cuestión que ten que ver coa estrutura de débeda, cuns mercados bloqueados pero cunha cuestión política. Nun momento no que se empezaba a discutir do sistema de financiamento autonómico, era o momento preciso para entrar e facernos cun tamaño de débeda que, ante determinadas quitas ou solucións semellantes, puideramos ter. Dunha maneira ordenada, o que fixemos foi colocar aproximadamente o 60 % da nosa débeda nesa situación, que ten que ver máis coa política que coa economía, tamén llelo adianto.

Por iso, xa desde este ano 2019, e en anos sucesivos, hai unha saída ordenada ao mercado que nos está trasladando dúas cuestións. En primeiro lugar — tamaño mesetado e a dez anos —, tipos de interese maioritariamente — inmensamente maioritarios — fixos, o que nos dará unha próxima década nos entornos de cento trinta ou cento trinta e algo millóns de euros en xuros, que é o que nos está custando a nosa débeda. Polo tanto, totalmente mesetada.

E vaiamos a unha cuestión puramente metodolóxica. Moitas veces tense escoitado nesta Cámara dicir que durante o goberno de Feijóo se multiplicou por tres a débeda, que se multiplicou tanto. Con humildade dígolles que non podemos facer trampas ao solitario, e explícome. Agora tamén falarei, se me deixan un momento — se non, un pouco máis tarde —, das referencias que se fan sempre aos anos 2008-2009.

Cando este goberno chegou aquí — abril do ano 2009 — había un orzamento que estimaba un recurso á débeda de 600 millóns de euros — redondeando —. Ante calquera comparación co momento actual — que se compara aquí tamén —, cando este recurso está en sesenta e



poucos millóns —o que facemos para o ano que vén—, comprenderán vostedes que non se pode capar e asubiar pola mesma cousa. Hai que ter unha orientación un pouquiño máis clara do que se está a dicir.

Resulta, ademais, que este goberno tan manirroto, tan recortador, do presidente Feijóo —dos que estamos, polo menos, desde aquela con el— é un goberno tan recortador cun desplome brutal do que foi o ingreso no ano 2009 en todas as magnitudes, non só nas que teñen que ver co sistema de financiamento. Resulta que, de case 600 millóns de euros de débeda, ao final medrou a débeda en algo máis de 900 millóns de euros. Xa non me vou referir a iso. O que está claro é que, se ti, cando chegas a executar un orzamento, e o resultado de 2009 non pode ser achacado a este goberno, senón ao goberno anterior, o único que se estaba era executando un orzamento que xa contemplaba 600 millóns de euros —redondeando— en débeda. Se así o facemos —e tampouco lle vou endilgar ao Bipartito a entrada cando o fai no ano 2005, é o valor de referencia—, se así o facemos, resulta que hai 1.477,2 millóns de euros achacados ao Bipartito —catro anos, catro anos— máis 2.200 millóns de euros que nos deixaron a deber, e que nós si, por lealdade institucional, seguimos asumindo porque isto non se colle a beneficio de inventario.

Resulta que temos que dar desculpas outra vez porque durante catro anos se financiaron con débeda 3.677 millóns de euros, a unha razón de case 920 millóns de euros por ano en catro anos. Resulta que este goberno, tan manirroto, subiu 6.483 menos 1.158 —que é o que ao día de hoxe levamos somatizado deses 2.200—, e resulta que nos dan 530 millóns de euros ao ano de media en dez anos. Pido desculpas tamén polos 530 fronte a 920. Unha vez máis, ¡como se pode andar xogando cos números desta maneira tan clara!

E o máis importante —xa que daquela temos todos— é que resulta que si, que si, que si, que estabamos aquí en Galicia de terceira máis endebedada por arriba e agora estamos aquí de quinta menos endebedada por debaixo. Pido desculpas tamén de novo. (*Aplausos.*)

«Rebaixas de impostos para ricos». Menos mal, menos mal... Creo que non hai tantos ricos en Galicia, ¡home! Pero se lles chamamos ricos en Galicia aos 350.000 galegos que se beneficiaron, por exemplo, das rebaixas que naquel momento, no ano 2016, introducimos no imposto de sucesións..., ¿non? Ou 400.000 euros, ¡anatema!... Creo que é moito chamarlles ricos, creo que é moito chamarlles ricos. ¡Oxalá tiveramos tantos ricos en Galicia! A min non me escapa ningún que teña rico. O que non quero ter é pobres, é distinto enfoque. (*Aplausos.*)

Resulta que aquí se dixo, incluso no día de hoxe, o do famoso millón exento. Resulta que a día de hoxe —ata onde eu sei— a actual responsable —do Partido Socialista, Andalucía—, a actual responsable de facenda en funcións —ao mellor é compañeira dentro de pouco dalgunhas persoas—, tamén o sobe ao millón. Pero, ¿en que quedamos? ¿É malo só cando o fai o Partido Popular? (*Murmurios.*) ¿E bo cando o fan determinadas...? Ese tipo de cuestións non se poden ter. ¿Non será mellor analizar e ter en conta que hai distintos modelos...? Por certo, o modelo máis xeneralizado é unha evolución do que nós nos demos no ano 2016. Non hai que confundir que o beneficio fiscal poida ser o 99,9 % do que é sobre o conxunto de cada un dos declarantes co que pode ser que toda a débeda, un 99,9 %, quede beneficiada. Non é



o mesmo, non me fagan explicar aquí esta cuestión, porque a diferenza pode ser, créanme, de miles de millóns de euros chegado o momento. ¡Miles, miles....!

Impostos cero no rural e con carácter xeral. ¿Alguén nesta Cámara pode dicir que é malo que lles baixemos os impostos para vivenda aos mozos, ás familias numerosas ou ás persoas con discapacidade? Entón, ¿que están a dicir? E resulta que non pagan nada estes tres colectivos cando son das ZPP e do rural. Eu creo que esa é unha medida moi importante.

E seguimos.

Resulta que agora o que imos facer para o ano que vén... ¿En que cabeza cabe que, dado o nivel actual, onde a compra de segunda man nas ZPP, salvo...? Benvidos ao club, benvidos ao club, porque pouco e pouco permitiuse..., para estudar e para saber que en Sanxenxo non había ningunha ZPP, que foron as primeiras palabras..., benvidos ao club. Iso significa que xa sabemos o que son as ZPP. É bo que tamén haxa ZPP de ámbito costeiro, pero seguen sendo ZPP se aplicamos a metodoloxía pola que se definen as ZPP. Non teñan ningún medo. E imos ao que significan tamén este tipo de políticas. ¿Alguén ten nesta Cámara algo en contra de que haxa que loitar contra o abandono de vivendas con carácter xeral, incluso na costa? Non creo. ¿Alguén cre que favorecer a rehabilitación máis alá dos contornos urbanos ten algo que sexa malo? ¿Alguén cre que son malas, para dinamizar o medio rural, as persoas que teñen unha segunda residencia e acoden con frecuencia, revitalizan a vida económica, e a vida social tamén —ou axudan—, ao mesmo tempo que se dan conta de que os que vivimos no rural tamén existimos, tamén temos un certo nivel de intelixencia e certa querenza polo que significa o medio rural? Dáme a impresión de que non é malo.

Como tampouco é mala —e sempre se trata de trasladar— a cuestión dos ricos. E ata onde eu sei, a cuestión fundamental de todos os impostos que pagamos está en dous sitios: IRPF e IVE. Por certo, no IVE non temos ningún tipo de competencia dunha maneira directa; e no IRPF, si. E cando miro isto do IRPF, resulta que a Comunidade Autónoma, para o ano que vén, propón unha nova dedución verde. Xa sei que non lles gusta falar, xa sei que nestes momentos non existe comunidade autónoma que a teña nesa magnitude. Creo que tamén vai ser unha liña de modernidade e de futuro.

E resulta que, cando falamos do IRPF, tamén, de novo... Claro, é que hai noticias que despois *nos amargan la existencia*. Pero tamén algunha boa temos. Resulta que o tipo medio efectivo que temos en Galicia —na nosa competencia, na nosa parte da tarifa— é o terceiro máis baixo de España. Resulta que é o terceiro máis baixo de España e que beneficia dunha maneira clarísima o 70 % que temos en Galicia das nosas retribucións. E, oxalá, espero que sexan máis, non ese 70 % senón que cada vez sexan máis as persoas que cobren máis en termos efectivos.

E para o 80 % —o 89 %— resulta que tamén seguimos a estar, en termos medios, nos tres ou catro primeiros postos de España. ¿Pero de quen estamos a falar? Se temos en conta que hai algo máis de 1.400.000 declarantes de IRPF, resulta que estamos a falar, nun caso ou noutro, pois, imaxinemos, do 70 %. ¿De que estamos falando?, ¿de máis de novecentas e pico mil persoas que ano a ano teñen o tipo efectivo medio de IRPF máis



baixo de España? Por certo, quen o ten máis baixo ca nós son dúas comunidades autónomas: Madrid e Canarias. Madrid é o exemplo totalmente distinto, porque a opción, en termos efectivos, é que historicamente na comunidade de Madrid vai vía IRPF; e na nosa, maioritariamente, vai por subvencións directas, como está sucedendo no caso do transporte escolar, comedores escolares, etcétera, etcétera. Se así o consideráramos, miraríamos que tipo de vantaxes estamos a dar uns e outros. E no caso de Canarias, a súa situación e o réxime fiscal especial permiten unha chea de actuacións que en nada se poden comparar co que son os temas absolutos.

Exemplos de beneficios fiscais que aquí se critican. ¿Alguén pode dicir que as axudas á natalidade e á familia numerosa deben ser minoradas ou eliminadas? Claro que si ¿Cal é a forma máis fácil de minorar, por exemplo, o tema de coidados de fillos? O que estamos facendo, o que xa empezamos dunha maneira acelerada para o ano que vén. Os segundos fillos en Galicia non pagarán gardería. Obviamente, se non pagan gardería, a desgravación cae no IRPF, non será tal. Pero antes de dar esa dedución, xa terás algo xeneralizado. ¿Non sería moito máis fácil que, en vez de andar xogando *al gato y al ratón*, con promesas do Goberno central, do Goberno autonómico, do Goberno local, nos puxeramos todos un pouquiño de acordo —e nós os primeiros, vaia por adiante— en magnitude relativa para asumir e xeneralizar nun horizonte temporal, máis curto ca longo, todo este tipo de cuestións coas que imos encher a boca e despois non somos quen de concretar?

E hai outra cuestión que xa nesta primeira etapa...

Non sei se levo demasiado tempo. ¿Canto levo? ¿Perdón?

O señor PRESIDENTE: Non sei. Uns corenta minutos.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Porque hai outro clásico que ten que ver co ano 2008 e o ano 2009. Vamos a outro clásico. Despois aplicámoslle os deflatores que queiran, tanto IPC como o que queiran.

Resulta que o gasto non financeiro era de 10.538 millóns de euros, efectivamente, e este ano aínda temos 10.149. ¡Moi ben, moi ben, moi ben! ¿Verdade que é maior unha ca outra? ¡Claro! Resulta que xa o comentei. Daquela o recurso á débeda era de 600 millóns e agora é de sesenta e algo. Se así o facemos —antes de aplicar ningún deflator—, xa empezan as cantidades a asemellarse un pouco máis, as cantidades. ¡Moi ben! ¡Vale, vale! Deamos un paso máis alá. Porque o que non se pode dicir nesta Cámara é que a débeda é mala, que o incremento da etapa Feijóo multiplica por tres a débeda, e, ao senso contrario, estarme comparando o orzamento de 2009 co de 2020.

Supoño que, despois do dito —ata 1.900.000 veces—, o orzamento ten un gasto pero tamén ten un ingreso. Normalmente debería ser a tónica normal e desexable, equilibrada. ¿Alguén nesta Cámara é capaz de dicir, despois de dez anos, que os ingresos do ano 2009 non estaban pintados, só polo sistema de financiamento, só polo sistema de financiamento, en 1.600 millóns de euros, como tamén o foran outros 600 no ano 2008? ¿Como se pode comparar unha cuestión con outra?



Vaiamos máis alá. E isto que vou dicir sábeno todos e cada un dos empregados públicos que en Galicia temos, que estaban. Pero os que non estaban tamén se acordan porque o sofren día a día. ¿Cal é o único recorte que en materia de persoal sobrevive nesta comunidade autónoma, en calquera outra, na Administración do Estado e nas administracións locais? O recorte do Goberno Zapatero, famoso estes días polas declaracións tamén de última hora. Resulta que temos que nesta incidencia non lle hai que preguntar demasiado á xente da sanidade —tanto que falamos aquí da sanidade— o que supón ano a ano a partir do ano 2010. Iso si, se é a época de Feijóo, ¿o culpable é Feijóo? Non, supoño que será culpable quen o fai. Son 67 millóns de euros, e seguimos comparando este tipo de cifras.

Resulta que en educación, onde foi porcentualmente máis sensible, foi de 109 millóns de euros. E seguimos comparando as cifras como nos dá a gana. Como tamén en materia de eficiencia farmacéutica, algo do que non queren falar os pretendidos grupos da oposición, da eficiencia. Pero ¿non nos damos conta de que a eficiencia é unha das grandes cuestións que temos que aplicar sempre, con moita intensidade, para garantir a equidade e a igualdade? Iso é o máis importante. Daquela resulta que, en receitas por primaria, farmacia extrahospitalaria, tiñamos un crédito de 883 millóns de euros —por certo, o gasto foi de practicamente mil— e nestes momentos temos 740 para o ano que vén —por certo que é unha cantidade que se aproxima moi ben ao que vai chegar ao [...] (*Inintelixible.*)—. E resulta que temos que pedir desculpas por ser capaces de minorar, sobre crédito, en case 150 millóns de euros.

Outras veces —e xa o miraremos tamén pola tarde— resulta que nos están falando da eficiencia en persoal eventual. ¡Pero como alguén pode dicir nesta Cámara que, tendo a día de hoxe un 22 % ou un 23 % menos en gasto en persoal eventual, debemos de pedir desculpas! ¡Como alguén aínda non é capaz de saber que nestes momentos levamos case 5 millóns de euros menos en alugueres e todo iso se tal...! ¿Que IPC lle imos aplicar a iso, ou que deflador? Estamos totalmente torticerando as cifras, porque volvo repetir que do equilibrio que había no orzamento de 2009 a realidade dixo que non era tal, e estaban os ingresos pintados. Non podo comparar situacións totalmente distintas, porque foron as que nos fixeron afrontar durante tantísimo tempo, ata chegar a 2015, a recuperación que se produce na comunidade autónoma.

En resumidas contas, como aquí tanto se fala de sanidade, vou dar soamente unhas pinceladas. En sanidade resulta que, coa corrección que lles acabo de dicir, só da farmacia de primaria —o «zapatarezo», non nos impliquen a nós— o gasto per cápita estaba en 1.292. E agora témolo en 1.527, un 18 % máis. Aplíquenlle o IPC que queiran a esa cantidade, ¡eh! Resulta que nesta lexislatura, que é a que nos trae aquí no día de hoxe, medramos un 17 %. Non me permitan que pida desculpas por iso.

En educación, cunha altísima compoñente no que é o capítulo I —o que desvirtúa calquera situación—, resulta que o que nos din as cifras comparables é que na lexislatura medramos un 14,8 %. Resulta que, ata onde eu sei, educación ten dous factores: as profesoras e profesores que dan clase e as nenas e nenos que pretendidamente hai que educar. Resulta que tiñamos 4.189 euros no ano 2009, e nestes momentos témolo en 5.003, un 19,4 % máis. Non me fagan pedir desculpas tamén por isto.



¿Quere isto dicir que en educación non temos que mellorar un montón máis, e incluso ver, efectivamente, toda propensión que pode haber en determinados lugares de horas efectivas e tal? Claro que si, dunha maneira ordenada pero non dunha maneira pagana, todo contra a Xunta e que outros vaian de campións mundiais.

En acción e promoción social —do que sempre se fala, e xa non falemos das escolas infantís que hai, de todo o recurso que hai ou dos 60.000 atendidos que en Galicia temos— resulta que tiñamos un orzamento de 570 millóns de euros. E agora témolo de 821, cun incremento nesta lexislatura do 27,8 %. Pero ¿non ven que son cantidades enormes que non se poden...? É imposible chegar a determinadas conclusións.

En I+D+i, de 142 millóns de euros que había no ano 2009 agora estamos en 183, e no que vai de lexislatura subimos un 46,6 %. Claro que todo se pode mellorar, pero o que é increíble é que, ao final, todo máis todo ten que dar 100. É imposible calquera termo da comparación, estamos nas antípodas do que no seu momento había. Polo tanto —e despois seguirei falando, se lles parece ben—, creo que hai determinadas mensaxes coas que non por moito dicilas queda un contento.

Hai un tema do que si me gustaría falar —e xa remato, son os cinco últimos minutos que vou empregar desta vez, e despois falarei da débeda dos 700 millóns, que para min é o que me trae aquí a día de hoxe—. Pero hai un tema recorrente tamén, moi propio: o de que unha cousa é predicar e outra cousa, de verdade, é cando temos que executar.

De execución orzamentaria é difícil falar nun certo nivel de detalle desde esta tribuna. Pero vaíamos a datos concretos. Resulta que a Xunta de Galicia presenta no ano pasado unha execución do seu orzamento consolidado do 96 % sobre os créditos iniciais e do 93,6 % sobre os créditos vixentes. Non son malos datos en termos comparados, e a iso me vou referir.

Resulta que, cando analizamos o gasto corrente —que verdadeiramente é a esencia de calquera comunidade autónoma, porque somos grandes prestadores de servizos—, a relación sobre o crédito inicial é do 100,9 %, e do 96,8 % no total do gasto corrente sobre o crédito definitivo. Nos subfondos propios aínda as porcentaxes son moito máis altas. E ¿por que digo isto no fondo propio? Porque, se algo ten o fondo que non é propio —díganse os fondos que proveñen do Estado ou os fondos europeos— é que maioritariamente son incorporables ao ano seguinte. E por iso a secuenciación lóxica hai que facela doutro xeito, e por iso no vale soamente cando consideramos os OK, senón a fase D. Porque *sensu contrario* un D o que nos está dicindo é un límite de gasto, normalmente en convocatorias de subvencións de capítulo IV, de capítulo VII —plurianuais moitas veces—, é onde hai que xustificar as cousas para que verdadeiramente se poidan librar. ¿Non ven que esas mensaxes catastrofistas que foron lanzando aquí sobre determinadas cuestións que teñen que ver sobre a innovación e o emprego non se sosteñen? Porque, empezando polas de emprego, tendo en conta o que son as convocatorias plurianuais, o que é un D como límite incluso do quefacer público, gardando as espaldas porque hai que argumentar moi ben para que chegue ao OK, ¿non nos damos conta de que tamén hai conferencias sectoriais e que, cando se reparten os fondos que pode haber, a esta comunidade autónoma lle veñen máis fondos relativamente porque se executa máis —en relación con calquera outra—? Non é que nós sexamos máis listos e os demais máis parvos, senón que ¿onde temos que mirar dado este tipo de complexidades?



E o mesmo pasa no tema de I+D+i, que determinados marcos europeos tardan unhas dúas anualidades aproximadamente en tirar para adiante.

Pero ao que si que non estou disposto é a asumir leccións de boa xestión; porque, claro, aquí puros de palabra, moitos; de realidades xa un pouco menos. Porque, igual que eu dei os datos da Comunidade Autónoma de Galicia do ano 2018, xa para ir rematando esta primeira intervención vou dar os datos tamén dalgunha deputación onde goberna o PSOE, tamén onde goberna o BNG e algúns outros partidos que tamén están por aquí —aínda que agora xa en dúas bandas—, nalgunha cidade. Vaíamos alá.

Resulta que o noso resultado é malo, e a Deputación da Coruña tivo unha execución do cen por cento sobre o inicial en gasto non financeiro do vixente, pero que é do 39,19 % do vixente. Non pretenderán que poida ter eu unha lección de alguén que lles fale... E no seu gasto de capital, do 18,44 %. ¡Hombre! (*Murmurios.*) Xa empeza algún a comprender determinada cuestión. A iso tamén me referirei.

Na Deputación de Lugo resulta que o resultado é un 53,55 % sobre o vixente. Eu estaba dando un noventa e moitos por cento. ¡Xa hai que ter forza de vontade! E o gasto de capital, un 35,10 %

Na magnífica Deputación de Pontevedra, o resultado é o 46,34 %; e o 28,45 % nos gastos de capital. ¡Como pode vir aquí alguén a falar de que se no Plan Move andamos dun lado para outro, e tal, e tal, e tal, e nas súas respectivas competencias resulta que estamos falando aquí do 28,46 %, do 35,10 %, do 18,44 %! Por certo, tamén digo que, na Deputación de Ourense, o 47,10 % no seu gasto non financeiro. ¡Tamén o digo! ¿Cando se poden comparar estas cuestións?

Vaíamos aos grandes concellos tamén, a Santiago, a A Coruña, a Ferrol... Bueno, a Ferrol xa non me vou referir porque o pobre tiña o orzamento prorrogado, o mesmo que Ourense. Non lles vou pedir explicacións por aproximarse a un 0 Kelvin.

Pero resulta que o gran Concello de Santiago —cambiou de mans, iso si, estamos a falar do 2018— ten unha execución do 70,65 % sobre o inicial. E aquí non me digan, porque tamén os concellos son sobre todo grandes prestadores de servizos. E resulta que o gasto de capital é do 28,59 %. A Coruña —tamén cambiou de cor política— ten un 79,97 % sobre o vixente e un 42,56 % no seu gasto de capital non financeiro. O Concello de Vigo, paradigma para moitas cousas —lucos nunhas e menos lucos noutras—, resulta que ten un 82,85 % sobre o vixente no gasto non financeiro e o 59,67 % en gastos de capital. ¿E teño que pedir perdón por estar no noventa e algo? Aquí hai algo que non cadra, hai algo que non cadra. Vaíamos ao gran logro de Pontevedra, porque aquí todos fan así... (*Risos.*) (*Murmurios.*) Imos ver o que din os datos. Os datos o que din é que o Concello de Pontevedra, sobre o vixente, ten un 69,72 %; e o seu gasto de capital, un 39,26 %. ¿Como podo comparar? Porque aquí, xa lles digo, inocentes non hai. (*Risos.*) E uns e outros son datos obxectivos, a liquidación do ano 2018. (*Aplausos.*) Non hai nada máis que mirar.

E para ir rematando, e por iso dei estes datos de execución, volvo repetir: débennos 700 millóns de euros. Só chegaron 60, faltan 640 a día de hoxe: 200 do IVE —e xa sei que a algúns



non lles gusta falar, xa sei que a algúns non lles gusta falar—; 170 millóns de euros polo desempeño fiscal, señor Fernández Leiceaga, que si que compensarían en parte, contra o noso, contra o noso, a pretendida mellora que tiveron as comunidades incumpridoras, ata límites insospeitados, con eses mecanismos cos que esta Comunidade Autónoma, nin antes co goberno do PP nin agora con goberno do PSOE, non estivo de acordo. Polo tanto, sempre hai que ser coherentes. E non hai que mirar para outro lado e absterse en determinadas cuestións.

Agora ben, das famosas corporacións locais, bueno, xa pasaron as eleccións e agora algo poderemos falar. Algo poderemos falar das deputacións, algo poderemos falar dos grandes concellos, que é onde se concentra a perda que a día de hoxe tamén teñen. E fago unha proposta: ¿por que nobremente non facemos todos o que temos que facer? Por certo, encantárame que o Bloque, alí onde ten responsabilidades —a estas alturas xa me está tardando—, tivera xa posto ese recurso famoso. ¿Por que non se pon alí onde gobernan ou cogobernan? Porque hai moitos millóns de euros que faltan aquí; en concreto, nas corporacións locais, nas nosas estimacións, aproxímanse —á parte do que a Administración central do Estado acaba de poñer— a case 40 millóns de euros. Hai tamén unha segunda proposta que facerlles: en vez de regalarllos ao Goberno central, a Xunta de Galicia ofrécese voluntariamente a que, se veñen, poder utilízalos en competencias compartidas. De verdade que llelo digo sen ningún tipo de chascarrillo. Pero é que, cando miramos, resulta que hai concellos, como o de Vigo, no que son practicamente 2 millóns de euros; son case outros 2 no Concello da Coruña; son setecentos e algo mil no Concello de Santiago. E sigo, ¿non? Por suposto, no Concello de Pontevedra tamén, para que non saia de rositas, son algo máis de 500.000 euros.

¿Por que, igual que nós facemos os nosos números, non os fai cadaquén, asume o que ten e non deixa eses recursos, que ao final son de todos os seus cidadáns, son os nosos recursos, de todos os cidadáns? Despois ábrenos moito a boca ao pedir pretendidamente que a Xunta poña isto, que a Xunta tal e tal, que a Xunta territorialice os seus gastos de capital como queremos. ¡Menudas equivocacións! Volvo repetir que non estamos dispostos a seguir por esa vía. E o que si debemos é estar entre todos dispostos a un pouquiño máis de normalidade, poñendo cifras e sabendo que ninguén tan a razón. Pero, como sociedade, nestes dez últimos anos, cada vez máis e mellor. E, porque o fixemos, así o merecemos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda do grupo parlamentario non emendante.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Eu quero empezar por felicitar o conselleiro e o seu equipo por traer uns orzamentos á Cámara en tempo pese ás dificultades, pese aos 700 millóns de euros que faltan das débedas que ten a Administración central do Estado no ano 2019, sen ter coñecemento das entregas



á conta, con dezaseis meses sen que fose convocado o Consello de Política Fiscal e Financeira —que é o órgano que debe coordinar estas cuestións— e, ao mesmo tempo, por presentar unhas contas, para o contexto macroeconómico, que a propia Airef cualifica como prudentes, realistas e axeitadas non só ás previsións medias da propia Airef senón ás dos organismos independentes, cunha metodoloxía axeitada.

Efectivamente, hai dificultades. Aquí díxose que todas as comunidades estaban a presentar os orzamentos, e díxose que só algunha do PP non os presentara. Eu quero recordar que fomos dos primeiros, somos dos poucos que cumprimos o prazo. Pero hai varias que seguen sen presentalos e non o anunciaron. Por exemplo, Asturias; por exemplo, Extremadura —que están gobernadas polo Partido Socialista—; pero tamén Cataluña, que está gobernada polos nacionalistas. Cataluña anda noutras cuestións, certamente non anda en algo tan importante pero á vez tan normal e natural como aprobar uns orzamentos. E o curioso é que se esquecen de Cataluña, de Asturias e de Extremadura. Facendo unha cita interesante de Valeri Legásov, un dos científicos que denunciou o desastre de Chernóbil, que nas mesmas declaracións sobre a verdade —eu comparto o que dixo a señora Pontón— engade que el reconece que lle mentiu ao mundo por orde, seguindo instrucións, da KGB e mais do Comité Central do Partido Comunista. Eu lamento ter que recordarlle isto a alguén que forma parte do comité central da UPG. (*Aplausos.*) Pero o certo é que a verdade saíu á luz precisamente polo bo desempeño da prensa da sociedade libre e democrática de occidente.

Certamente tamén hai que reconecer que, cando as comunidades autónomas se lanzan a presentar os orzamentos, pois é unha mostra de certa valentía. O propio presidente da Deputación da Coruña dixo aquí nesta Cámara, cando compareceu na comisión, que tiña o problema de non coñecer os orzamentos do Estado para traernos os seus orzamentos. Ben, pois efectivamente o Goberno afronta as súas responsabilidades, e hai quen non as asume. Eu quero salientar que é a primeira vez en moitos, moitos, anos que o líder da oposición non debate sobre orzamentos nesta Cámara en tal ocasión coma hoxe. Fixérono o señor Beiras, o señor Touriño, o señor Feijóo, o señor Vázquez e o señor Villares. Curiosamente, hoxe o señor Caballero non o fixo. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Eu persoalmente non o lamento, porque é certo que, cando o rigor sae pola porta, normalmente entra o populismo pola ventá. Pero o que si quero —porque posiblemente sexa a última vez que coincidamos na tribuna do Parlamento durante algúns anos, ou probablemente nunca— é aproveitar para desexarlle sorte ao señor Leiceaga nas súas próximas obrigas. (*Aplausos.*)

En resumo, os orzamentos son continuístas, e continúan, como desde o ano 2014, crecendo no seu total. Chegamos a 10.140 millóns de euros de gasto non financeiro. Continúan cun crecemento do gasto compatible cunha política fiscal que introduce rebaixas fiscais aos cidadáns, que, á súa vez, isto ten un efecto expansivo na economía. Continúan garantindo e reforzando gasto social e tamén o investimento. E continúan na senda de redución do déficit e, polo tanto, tamén da débeda polo crecemento do PIB. Todo isto a nós parécenos positivo, e abonda para que rexeitemos as emendas á totalidade da oposición. Pero quixera, ademais, rebater algúns dos argumentos que levan á oposición a votar a favor das emendas á totalidade destes orzamentos.

Primeiro, señor Lago —permítame—, eu creo que vostede, cando toma de referencia o ano 2009, lle fai un fraco favor ao país, porque é o ano da burbulla. ¿Vostede cre que ao país se



lle pode poñer como ano de referencia óptimo no que é o gasto público o ano que estoupou a maior crise que tivo nunca a sociedade galega, a maior crise? Desde a Guerra Civil, practicamente, España non tivo unha crise coma esa, unha crise que, entre outras cousas —lea vostede o que dixo Solbes nas súas memorias—, tivo moito que ver con que non viron vir a crise os gobernos de esquerdas de entón, e aceleraron un tren que querían frear pero que non puideron frear e que estoupou xerando todo o que xa sabemos que xerou esta crise. ¿Vostede cre que ese é un ano de referencia?

Pero é que vostede, ademais —como xa lle dixo o conselleiro—, non ten en conta que os 10.538 millóns de euros do ano 2009 teñen enriba 1.600 millóns de liquidacións negativas e ademais 600 millóns, practicamente, de débeda, cousa que non ocorre nestes orzamentos. A vostede gústalle deflatar, e a min gustaríame deflatar tamén, e se en vez de 1.600 millóns de euros os pintamos como liquidacións negativas deflatadas hoxe, serían 1.800 millóns de euros; e os 600 millóns de euros pois subirían practicamente a 750 de débeda. Iso quere dicir que, se deflatamos as cantidades que vostedes deixaron a deber como débeda oficial, mais os 1.600 das entregas á conta que recibiron, estaríamos pintando 2.550 millóns de euros deflatados; é dicir, teríamos un orzamento de 12.700 millóns de euros pero deixando de pufo 2.550 millóns de euros. ¿Vostede cre que é posible hoxe aprobar un orzamento de 12.700 millóns de euros se incluímos o que vostedes deixaron deflatado? Iso é unha quimera. É tan quimera que vostedes, que inflan as entregas á conta nas súas emendas —as entregas á conta para o ano 2020 que nos vai facer o Estado—, só pintan 500 millóns. Non son capaces nin sequera de chegar a pintar os 2.550 millóns de euros que vostedes nos deixaron pintados nos orzamentos do ano 2009.

Unha quimera é unha idea que un se forma de algo, ou unha cousa que un imaxina como posible pero que non ten relación coa realidade. E vostede, cando fala do 2009, do que está falando é dun orzamento que non existiu, é unha quimera. E quero recordar que na mitoloxía grega clásica unha quimera é un ser que en parte está composto de león, en parte de cabra e en parte de serpe. Curiosamente a quimera xa era un tripartito. (*Risos.*) (*Aplausos.*)

E, postos a deflatar, ¿por que non seguimos deflatando algunhas cifras? Nós adoitamos dicir que en persoal eventual aforramos 2 millóns de euros; en realidade serían 3. En alta dirección, en vez de 7 millóns de euros, se os deflatamos estamos aforrando 12 millóns de euros. E en concertos sanitarios, se mantivésemos a cifra do ano 2009, incrementariamos o gasto no 2020 en 40 millóns de euros —debidamente deflatada a cantidade que dedicaban vostedes a concertos no ano 2009—.

Non só comparar é unha quimera, non só é estar comparando cunha quimera, senón que polo menos recoñeceron, á diferenza do que ocorreu no 2016, que non estamos cuns orzamentos electoralistas. Sen embargo, o que si é electoralista son as emendas de crecemento do gasto dos orzamentos. Fíxense vostedes, o Bloque pídenos que incrementemos o gasto en 367 millóns, e no ano 2018 pediánnos 135. Parece que é un pouco electoralista, é multiplicar case por 3 a emenda de crecemento do gasto. O Grupo Común da Esquerda o ano pasado, 400; e este ano, 560. O PSdeG, en cambio, practicamente nos deixa a emenda do ano pasado, 226 millóns de euros. Porque, efectivamente, o PSdeG, desde que gobernan en Madrid os socialistas, xa non quere incrementar as entregas á conta do sistema. Iso si que é electoralista.



Realmente o orzamento está crecendo 300 millóns de euros, e iso ten que ver coa marcha da economía pese a que agora se estea ralentizando —en boa medida pola inacción do Goberno central, e debido á súa incapacidade de aprobar orzamentos e normas relacionadas coa industria galega—. Pero tamén ten que ver coa xestión por parte do Goberno da Xunta. É unha xestión que leva a que Galicia sexa a comunidade autónoma na que máis creceu o PIB per cápita nos últimos dez anos. Canto máis se diga que isto ten unha explicación que non é simplemente que creceu o PIB per cápita, pois máis evidencia queda de que é un gran éxito da sociedade galega. Levamos seis anos encadeados de crecemento. Na Airef dise que no último trimestre Galicia creceu o 2,1 %, fronte a España co 2 %. Nos últimos catro anos a media de crecemento é do 2,7 %; e o de España, do 2,5 %. O paro reduciuse, desde o ano 2009, no 21,7 %; en España, o 17 %. Desde o 2013 xa incorporamos practicamente cen mil afiliados á Seguridade Social. No ámbito social, as cifras de fogares con moita dificultade para chegar á fin de mes están no rango máis baixo de toda a serie, e os niveis de desigualdade están moito mellor en Galicia non só xa que en España senón que na media europea. E todo isto ten que ver cunha boa xestión, cunha comunidade que pechou o ano pasado con superávit como consecuencia dunha boa execución dos ingresos; cunha comunidade que paga aos provedores en catorce días, cando a media está en trinta e seis; e cunha comunidade que foi a que menos incrementou a débeda nos últimos dez anos. E, polo tanto, é unha comunidade que cumpriu e foi constante no cumprimento das normas de sustentabilidade e de estabilidade orzamentaria.

E, chegados a este punto, a min gustárame dicir que isto da sustentabilidade orzamentaria hoxe foi criticado, e tamén o é nas emendas. O Grupo Común da Esquerda di que estes non son os orzamentos que necesita Galicia, como non o eran as políticas de recortes draconianos de gasto público impulsadas polos ideólogos do neoliberalismo en Europa e seguidas aquí de xeito totalmente acrítico polo Goberno de Feijóo. O Bloque di algo semellante, «unha década perdida ao servizo do dogma neoliberal». E a min gustárame preguntarlles, señor Lago e señora Pontón: ¿vostedes leron o pacto de goberno entre o Partido Socialista e Podemos? Porque no punto 10 di que van manter o equilibrio orzamentario «*con arreglo a los acuerdos de responsabilidad fiscal de España con Europa*». ¿Vostedes saben quen vai ser a vicepresidenta económica? Unha das ideólogas do que vostedes chaman «neoliberalismo austericida». E eu, certamente, pois non sei se vostedes están onde estaban ou critican por criticar porque as emendas as presentaron antes do gran abrazo. Pero o certo é que unha das cuestións que o Goberno actual vai dicir é xusto o que vostedes nos critican a nós, que é manter os compromisos de estabilidade orzamentaria con Europa. (*Aplausos.*)

Ben, en relación cos ingresos, a Xunta prosegue a súa liña de rebaixas fiscais selectivas para incentivar actividades e favorecer a quen máis o precisa. Hai unha rebaixa no imposto de transmisións patrimoniais, e o imposto de sucesións esténdese para todas as transmisións, practicamente, entre pais e fillos. Facilitase a sucesión empresarial, e ademais introdúcese unha dedución verde para as vivendas que melloren a súa eficiencia ecolóxica.

E aquí atácanse as reformas fiscais que fixemos precisamente porque din que son pouco progresivas. Eu creo que sempre se esquecen do tributo máis progresivo que hai no noso sistema, que é o imposto sobre a renda das persoas físicas. Cando nós chegamos, as tarifas eran as que deixara o Partido Socialista no ano 2010 a raíz da reforma do sistema de finan-



ciamento autonómico. Daquela, os que menos gañaban en Galicia, o 54 % dos contribuíntes, que están no tramo que chega a 12.450 euros, pagaban o 12 %. Despois da rebaixa fiscal que fixemos no IRPF, pagan —na tarifa autonómica— o 9,5 %, unha rebaixa de 2,5 puntos. Se vostede segue por toda a tarifa, verá que todas as tarifas son menores —pero cada vez é menor a diferenza— que a tarifa que deixaron os socialistas, ata chegar aos 53.000 euros de ganancia anual, que practicamente tributan igual. E a partir de aí, en cambio, o que sucede é o contrario: os que máis gañan, por exemplo, 100.000 euros, hoxe pagan o 18,8 %, e cando vostedes nos deixaron, o IRPF era do 18,4 %; os que gañan máis de 150.000 pagan hoxe o 19,7 %, cando entón pagaban o 19,2 %; e os que gañan máis de 200.000 pagan o 20,4 %, cando entón pagaban o 19,8 %. É dicir, en resumo, baixamos o imposto máis progresivo ás rendas menores —máis incluso que o que dixo o conselleiro do 70 %—; e, en cambio, subímoslle ao 1 % que máis recursos obtén pola renda. Isto, señores, é progresivo. Esta é a reforma que fixemos nós.

Se a iso lle xuntamos que o imposto do patrimonio —que subimos durante a crise, cun pacto co Partido Socialista, pola caída drástica do conxunto dos ingresos— o deixamos xusto onde o deixou o Partido Socialista cando o recuperou despois de telo eliminado —e onde están comunidades autónomas que goberna a esquerda, como pode ser Aragón—, pois certamente dicir que non estamos facendo reformas que incrementen a progresividade do sistema pois chama a atención poderosamente. Mañá falaremos máis de patrimonio e sucesións, xa que o Grupo Mixto presentou un proxecto de lei ao respecto.

Pero, por se fora pouco, quero recordar que, na suba da recadación prevista nestes orzamentos, o 7,6 % son impostos directos, máis progresivos —os impostos directos soben un 7,6 %—; un 5,4 % soben os indirectos; e un 5,6 %, as taxas. Esta suba de impostos pola recadación dos directos, evidentemente, non están dando proba dunha regresividade no noso sistema senón de todo o contrario.

Sobre os gastos —deflatados—, no ano 2009 en sanidade gastabamos por habitante 1.318 euros, hoxe, deflatados, son 1.497 euros. En educación menor, en idade escolar, e universitaria, pasamos de 4.153 euros a 4.717 euros deflatados —reais son 5.000—. En política social, que se gastaban no ano 2009 514 millóns e agora son 821, subiu per cápita un 30 % o gasto social. Esas son as prioridades, que se acompañan cun investimento —agora direi onde se centra, non certamente en estradas— que ten que ver co aforro bruto —é dicir, a diferenza entre os ingresos correntes e os gastos correntes—, que este ano ascende a 968 millóns de euros, que financia o 55 % do investimento, de 1.700 millóns de euros —capítulo VI e capítulo VII—. De tal maneira que Galicia é a primeira comunidade autónoma en gasto por habitante en investimento —608 euros fronte a 344 de media—, e que crece fundamentalmente desde o ano 2009 en I+D+i, que creceu un 28 %, pasando de 142 a 182 millóns de euros; e en sociedade do coñecemento, que creceu moito máis, o 152 %, ao pasar de 32 a 82 millóns de euros.

E todo isto sen débeda. Porque aquí a débeda está, como se dixo, mesetada. Decrece en relación co PIB —que é como se mide a débeda—. Despois fai así, amagos, pero todos sabemos que a débeda se mide en relación co PIB, e está caendo. Por certo, xa que van formar parte co Partido Socialista, supoño que lle aconsellarán que faga o que di Europa, que é que deixe de crecer a débeda española tamén.



Pero resulta que eramos a cuarta máis endebedada e agora somos a quinta menos endebedada. E criticánnos porque estamos moi endebedados, conselleiro. Eu recordo cando o líder de Alternativa Galega de Esquerda —logo Grupo de En Marea e actualmente Grupo Común da Esquerda— nos chamaba literalmente «analfabetos financeiros» porque non aceptabamos as súas emendas de endebedarnos máis, ¡analfabetos financeiros! Mil millóns de euros debería Galicia se aceptáramos as emendas que nos presentaban entón. E agora resulta que nos critican porque temos excesiva débeda. En fin, ¡que lle imos facer!

Sobre a débeda, en todo caso, eu quero dicir tamén que o Partido Socialista —que criticaba a repartición de déficit ata o ano 2018— sempre dicía que nós tiñamos que endebedarnos máis e o Estado menos. No ano 2018 deixou de dicir que estaba mal feita a repartición de déficit entre comunidades autónomas e o Estado. Pero o que nunca esperamos é que no ano 2019 o que sucedera fora que non só non nos deixen endebedarnos, senón que nos quiten os 200 millóns de euros do IVE para reducir o déficit do Estado e nos obriguen a endebedarnos por cifra equivalente para mellorar as contas da Administración central. Isto é algo inaudito e certamente, conselleiro, seguiremos demandando. E apoiamos que faga todo o necesario, incluso ir aos tribunais, para recibir eses 200 millóns de euros. *(Aplausos.)*

Se facemos un balance desde o ano 2009, é certo que levamos unha década na que a oposición agoira que as políticas orzamentarias da Xunta van afundir o país. Dicían que non ía medrar, que íamos ter unha crise aínda peor. É certo que a situación aínda está suxeita a moitos riscos, é certo que temos por diante moitos retos —o da igualdade económica, tamén o da muller e, por suposto, o demográfico e o da sociedade dixital—. Pero pese ás dificultades, que derivan moitas delas da parálise na Administración central, o certo é que en Galicia contamos cuns orzamentos que continúan medrando...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor PUY FRAGA: ...xerando oportunidades de emprego, garantindo os servizos públicos e minimizando o endebedamento.

Queda moito por facer, e sempre quedará. Os orzamentos posiblemente sexan mellorables, porque son unha obra humana, o que non son estes orzamentos é unha quimera. Unha quimera, xa saben, fai referencia aos soños irrealizables ou aos pouco probables pero amedrentadores seres que hibridan á súa vez leóns, cabras e serpes.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Réplica dos grupos emendantes. Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Boa tarde de novo.

Porfía o señor conselleiro, na súa réplica, en comezar con que a néboa en Pedrafita era unha alegoría de que Galicia mantén o seu rumbo. Nós afirmamos que a néboa en Monte



Pío é unha alegoría dun goberno que mantén o seu rumbo e que non reacciona fronte a unhas realidades fronte ás que é necesario reaccionar. Polo tanto, se manteñen o seu rumbo fronte á anomalía laboral e fronte á precariedade na que vive unha parte importante da nosa poboación, ¡alá vostedes! Se permanecen co seu rumbo fixo ante a emigración da xente nova da última década, ¡alá vostedes! Se permanecen firmes co seu rumbo ante o privilexio para os máis ricos nas rebaixas impositivas, ¡alá vostedes! Se permanecen co rumbo fixo ante as desigualdades, ¡alá vostedes! Se permanecen co rumbo fixo ante a traxedia industrial das electrointensivas, do naval, da transformación agroalimentaria, ¡alá vostedes! Se permanecen con rumbo fixo fronte á traxedia demográfica e fronte ao espolio territorial, ¡alá vostedes! Estes non son os orzamentos que precisa a meirande parte da poboación do noso país.

Dixo vostede —vou intentar escolmar algunhas cousas das que dixo entre a primeira e a segunda intervención— que hai un goberno que executa o que di. E despois puxo aí exemplos doutras administracións, pero intentando evadir a súa propia responsabilidade sobre a súa falta de execución orzamentaria. E di, ademais, que, como executan tanto, pois, claro, todo iso é diñeiro que poñen no mercado. A senso contrario haberá que dicir que todo aquilo que non executan é algo que deixa de ser diñeiro no mercado, pero, sobre todo, diñeiro para aqueles programas específicos para os que vai destinado. E, desde logo, non entendemos que poida presumir diso cando quedaron 240 millóns de euros sen executar en I+D; e que faga iso cando os cartos para políticas de emprego foron 945 millóns de euros nunhas partidas nas que, ademais —concretamente nesta, non en todas—, non se poden deixar para o ano seguinte. Sabe vostede que algunhas desas non se poden pasar para o ano seguinte, e que, aínda no suposto de que se puideran pasar para o ano seguinte, no que estaríamos é en que cada ano teríamos menos porque estaríamos arrastrando do anterior, co cal o orzamento novo apenas... Non é soamente emprego, é vivenda tamén, é vivenda, sen que estean resoltos os problemas de acceso á vivenda sobre todo da xente moza, da xente que se quere emancipar do domicilio dos seus pais. É tamén medio ambiente.

Pero preocupounos, sobre todo, a materia de desenvolvemento empresarial. Non fixo ningunha alusión a iso na réplica. Pídlle que o faga no peche. ¿Que propostas específicas ten a Xunta de Galicia no ano 2020 para facer fronte á situación que está vivindo Ferrolterra co peche da central das Pontes, por exemplo? ¿Merecía esa situación deixar sen executar no ano pasado 71 millóns de euros? ¿É que non vían vir o que estaba pasando? Os problemas que, por exemplo, ten o sector da construción naval civil na ría de Vigo ¿merecían deixar sen executar estas cantidades? ¿É que non había problemas? ¿Non había en que gastar os cartos? A nós parécenos que é un absoluto despropósito.

En infraestruturas e en mobilidade hai un descenso do 70 % practicamente durante toda a súa etapa de goberno, do actual goberno de Núñez Feijóo. Nós pensamos que a infraestrutura e a mobilidade non é nin só nin xa case principalmente o tema das estradas. É a mobilidade do futuro, é o transporte público, e o transporte público non contaminante. ¿Está todo feito nesa materia? ¿Están conectadas as áreas urbanas e as áreas metropolitanas de forma eficiente e sostible para poder falar de que non é necesario executar, concretamente no último ano, 67 millóns de euros? Pois nós faciamos propostas para as áreas metropolitanas, para as áreas urbanas, en materia de mobilidade eléctrica de carácter colectivo. ¿Por que non se



pode explorar iso e se teñen que deixar sen executar estas partidas? Nós pensamos que isto é un absoluto despropósito.

Di vostede que recuperaron o que perderon en tempo de crise en relación coa Unión Europea. Pois os datos desménteno a vostede, e a situación de diverxencia, o treito, a fenda que nos separa da Unión Europea, é xigantesca en funcións de gasto público que teñen que ver co funcionamento dos servizos fundamentais para a vida da xente, como sanidade e como educación. A media da Unión Europea está no 7 % dos orzamentos, mentres que aquí é o 4,5 %; en educación é do 6 %, e aquí é do 3,5 %. ¿De que está presumindo? A nós parécenos que non hai razón para presumir disto.

Isto tradúcese, ademais, en relación con esas mesmas funcións de gasto público, en 4.500 millóns de euros. Claro, é que a nós parécenos que esa non é unha situación nin para estar contentos nin para nada, ¡nin para nada!. Sobre todo cando se está nun escenario no que faltan recursos para acadar estas medias europeas e están vostedes regalando os cartos por vía impositiva a quen non os necesita, por agasallo fiscal nas vías impositivas. A nós isto parécenos inapropiado. Parécenos inapropiado, pensamos que isto non se debe facer así, pensamos que eses recursos fan falta, que esas funcións de gasto é necesario empregalas e dotalas mellor e que é necesario, polo tanto, que non se lle rebaxen os impostos á xente que máis ten de patrimonio, igual que no das sucesións. Nós diverxemos completamente deste sistema, non nos escondemos.

En fraude fiscal —¡home!, tamén cos recursos dispoñibles— a media da Unión Europea é o 18 %; aquí o 22 % de economía somerxida. Son catro puntos, catro puntos aquí, que son miles de millóns de euros. ¿Por que non se poñen máis recursos? Nós fixemos propostas nalgunhas das emendas ás partidas para mellorar a loita contra a fraude fiscal, contra a economía somerxida. Ben, esperabamos do Goberno algo de receptividade porque redundaba no propio beneficio do Goberno. Era obter máis recursos sen subir os impostos. Entón era algo que podían asumir perfectamente.

En relación coa baixada de impostos para os máis ricos, apartado para o que vostede —con todo o que se estendeu vostede, que non tiña reloxo— empregou bastante pouco tempo, pasando, polo tanto, de puntillas, saben que é un tema que é complicado de explicar socialmente. A baixada do imposto de patrimonio é moi difícil de explicar, moi difícil de explicar, porque a meirande parte da xente non está afectada por iso máis que nun sentido, e é que deixan de recibir, vía Xunta de Galicia, unhas cantidades en investimentos que podían estar recibindo se esta xente pagase o que tiña que pagar. Entón diga, no caso do imposto de patrimonio, quen foron os afectados por esa baixada. Suba aquí e dígao. ¿Que xente normal recibiu esa dedución impositiva no caso do imposto do patrimonio? E no caso do imposto de sucesións, igual. ¿Que clase de xente é a que agora mesmo queda exenta e que antes estaba pagando? Díganos cal. A xente normal, no sentido da media económica, de ningunha maneira; as clases medias, de ningunha maneira. Non son as clases medias as que son beneficiadas por esta situación, non son clases medias. Son clases altas e moi altas as que agora quedan exentas e estaban tributando.

Nos impostos no rural seguen omitindo aquí tamén unha realidade. Se con isto se van poder comprar esas vivendas de veraneo, a nós parécenos moi ben que a xente que poida compre



unha segunda vivenda, e unha terceira. Pero que non sexa á base de descontos que sirvan para que nós teñamos menos recursos para facer políticas sociais. Non temos nada en contra de que se faga, pero que non se faga cos cartos dos demais. E iso é o que está pasando agora e iso é o que vai pasar.

E si, mire, fixemos a lista e actualizamos a lista das parroquias pouco poboadas. ¿Sabe o que pasou? Que naquel momento, cando vostede fixo ese anuncio, nós ao cuarto de hora xa tiñamos que estar facendo unha escolma da súa intervención, e os recursos da oposición ás veces non son tan inmediatos como os que ten o Goberno.

Mire, fala vostede e tamén o representante do Partido Popular da deslealdade do Goberno do Estado, de que aínda non pagou a totalidade dos 700 millóns de euros. Pois, mire, tiveron a oportunidade a semana pasada de posicionarse aquí dunha forma diferente para reclamar esas cantidades, que era cunha reforma estrutural, reformando a Lei do Goberno. Puidérono facer e, desa maneira, teríamos unha ancoraxe normativa moito máis fiable para, entre outras cousas, tamén poder realizar despois demandas xudiciais para poder tutelar xurisdiccionalmente esa situación. Ben, non fixemos esa reforma porque vostedes votaron en contra, porque dixeron que xa estaba solucionado. E agora resulta que, unha semana máis tarde, se dan conta de que non está solucionado. O que pasa é que vostedes non querían amañalo porque lles interesa máis estar á gresca co partido que estea no Goberno do Estado se non é o seu, se non é o seu. Porque, cando é o seu, o que fan é ter a boca calada, que é o que se lles dá ben.

E dáselles ben en temas como algún dos que vostede denunciou; por exemplo, o da situación do sector enerxético. ¿Que fixeron vostedes cando estaban gobernando mentres Mariano Rajoy era presidente do Goberno, nesta mesma lexislatura? ¿Encabezou vostede algunha delegación, ou algún outro membro da Xunta de Galicia, para reunirse con aquel goberno para buscar unha nova regulación do sector eléctrico? Non. ¿Que fixeron aquí, nesta Cámara? Votar en contra das propostas de En Marea, que fixemos cando gobernaba o Partido Popular e cando gobernaba o Partido Socialista no Estado, para unha nova regulación do sector eléctrico que sacase do *pool* diario, por exemplo, a hidráulica e a nuclear, e que, desta maneira e con outras medidas, se abaratasen os prezos, non soamente para as empresas electrointensivas, senón tamén para as facturas abusivas que chegan cada mes a todos os fogares de Galicia. ¿Que fixeron? ¡Nada!

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: Vou rematando.

Por certo, con este tema pregúntolle de novo: ¿que destina a Xunta de investimentos para o ano que vén para a reconversión en Ferrolterra, para evitar esa grande fábrica de parados que vai ser esa reconversión industrial forzosa?

Son moitas as cousas e pouco o tempo, porque nós si que o temos taxado.

Dixo na primeira intervención que estaban a cumprir cos acordos de retribución ao funcionariado. Pois, se iso é certo e queren cumprir de todo porque xa pasou a crise e por iso lles



baixan o imposto de patrimonio aos ricos, derroguen a Lei 1/2012, de medidas temporais en determinadas materias de emprego público da Comunidade Autónoma.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: Medidas temporais. ¿Cal é o tempo? Se o tempo pasou para os ricos, e ese é o argumento para baixarlles o imposto de patrimonio, ¿por que non o baixan para o resto do funcionariado? Igual que nas melloras aos traballadores públicos. A primeira mellora é acabar coa interinidad, coa temporalidade no emprego público, e, polo tanto, que as loitas que hoxe en día teñen diversos colectivos profesionais, particularmente do ámbito da sanidade, sexan recoñecidas por parte da Xunta nos orzamentos do 2020, algo que non vai pasar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Permítame o señor Puy, con toda cordialidade, pois sabe que lle teño moito respecto, entre outras cousas, porque foi o meu profesor de Economía Política. Eu estou moi orgullosa da miña militancia no nacionalismo, entre outras cousas, porque se algo nos ten definido é loitar sempre pola democracia e polas liberdades; a orixe do nacionalismo está, precisamente, na loita antifranquista. (*Aplausos.*) Outros, ao mellor, compartiron esa militancia e son herdeiros dese franquismo.

E non sei se foi moi afortunada a súa referencia aos tripartitos. Dígoo, máis que nada, vendo con quen vai de ganchete e con quen fai gobernos o Partido Popular alí onde o necesita. (*Aplausos.*), ¿Que é o que lle dá alas á extrema dereita, señor conselleiro? Que estean branqueando esa extrema dereita que é antigaleguista, que é anti Galiza, que quere ilegalizar este Parlamento, que quere ilegalizar unha forza democrática como o BNG, que está en contra da lingua galega. Vostedes pactan con esa forza e din que son outros os que lles dan alas. (*Aplausos.*) Pero ¡se é o Partido Popular quen está branqueando a extrema dereita! Señores e señoras, ¡non se poñan de perfil!

E tamén... (*Murmurios.*) Ben, xa sei que é hora de comer, pero non me coman a min, que só estou expresándome con liberdade. Déixenme falar, por favor.

Tamén estaría ben que o Partido Popular se aclarara. Hoxe xa o conselleiro nos aclarou que non vén aquí falar dos orzamentos, senón dos 700 millóns de euros que nos debe o Estado. Sempre tiveron o apoio do BNG para reclamar eses 700 millóns de euros. O que non tivemos nós foi o apoio do Partido Popular de Galicia para reclamalo por todas as vías. (*Aplausos.*) Ese é o apoio que falta.

Vostede di que están dispostos a estudalo. O conselleiro di que non se pode facer, que a culpa é do Bloque porque non o fixo nos concellos, cando non teñen absolutamente nada que ver



as cantidades que lles deben aos concellos coa cantidade que lle debe á Xunta de Galiza. Desde logo, vostedes sempre desresponsabilizándose. Á hora da verdade, cando votamos neste Parlamento o que fixeron foi votar non a reclamar pola vía xudicial os cartos que lle corresponden a Galiza. ¡Aí está o retrato do Partido Popular! Non sei se é un aturdimento momentáneo polos resultados electorais ou se realmente é que viven na contradición permanente. Dáme máis que é esta segunda cuestión.

Dixo no inicio da súa intervención o señor Martínez que el era da costa e que na costa teñen un dito que é: «para pescar hai que ciscar». Eu non o coñecía, son do interior. Nós temos outro dito, que é: «para recoller hai que sementar». (*Aplausos.*) O grave é que durante estes dez anos a Xunta de Galiza non sementou emprego, igualdade e benestar, senón que sementou xustamente o todo o contrario.

A súa intervención retrata moi ben como enfocan vostedes calquera debate. Teñen unha máxima, a primeira é facer de oposición da oposición. De oposición do Bipartito. Logo critican que comparemos os datos cos do ano 2009, pero é que levan vostedes nove anos, repetidamente, facendo de oposición do Bipartito, e ultimamente tamén de oposición dos concellos. Todo iso fixo vostede na súa intervención. Fixo máis de oposición que de defender os orzamentos, e, sobre todo, de explicarlles aos galegos e ás galegas como estes orzamentos van solucionar os problemas que temos.

E volveu a outro *modus operandi* que explica moito do que pasa neste país. A Xunta nunca mira para quen está mellor, a Xunta sempre mirando para quen está peor. Hai un sitio que ten un dato peor, hai un lugar onde as cousas van máis mal, entón, a Xunta de Galiza xa está satisfeita. En vez de estar mirando para os mellores, vostedes están mirando sempre para os peores, e así lle vai a Galiza señor Feijóo — perdón, señor Martínez—.

Pero tamén asistimos a un retrato do fracaso da Xunta e da súa incapacidade para dar solucións. Nós falamos aquí de problemas concretos que ten a xente deste país. Primeiro, problemas de emprego, porque temos moitos empregos en risco por unha crise industrial; houbo cero propostas, cero palabras, por parte do conselleiro. É a mellor definición do que fai este Goberno: buscar a quen botarlle a culpa, pero non buscar solucións aos problemas que ten Galiza.

Acabou a súa intervención dicíndonos: Galiza, cada día máis e mellor. E eu preguntolle: máis e mellor ¿en que? ¿na demografía? ¿Na demografía estamos máis e mellor cando Galiza está perdendo poboación — por certo, mentres sobe no Estado—, cando temos menos mocidade, cando temos unha taxa bruta de natalidade que durante este período baixou un 24,7 %, ou cando a cifra de nacementos descendeu un 26,57 %?

Vostede cre que Galiza é mellor. ¿Galiza, máis e mellor emprego? Non, non, é que temos aínda menos emprego que antes da crise de 2009. Vaia aos datos de ocupación, porque, efectivamente, hoxe hai unha menor ocupación que cando vostedes chegaron á Xunta de Galiza. ¿Hai un mellor emprego, señor conselleiro? ¡Pero se o que está pasando é que cada vez hai unha precariedade maior! Precariedade no sector privado e precariedade no sector público, que foi o que fixeron vostedes durante todos estes anos, precarizar o sector público. E temos



aí as consecuencias, por exemplo, na sanidade, onde moitísimos médicos e médicas, enfermeiros e enfermeiras marcharon polas condicións de precariedade que vostedes lles estaban impondo. As consecuencias están aí, que temos unha sanidade precarizada.

¿Pode vostede dicirlles aos galegos e ás galegas, de verdade, que en Galicia hai máis e mellor vivenda? ¿Que teñen un mellor acceso á vivenda? ¿De verdade pode dicirillo a un mozo ou a unha moza que ven imposible poder emanciparse? Xa non é comprar un piso, é que os alugueiros se están poñendo polas nubes, sobre todo nas cidades, e vostedes non fan absolutamente nada.

E, dende logo, tampouco pode vir e dicirnos que temos unha máis e mellor educación cando vemos todos os recortes que se produciron, sobre todo para aquelas persoas que máis o necesitaban, alumnos e alumnas que necesitaban persoal de apoio e que vostedes o estiveron reducindo durante todos eses meses, ou pechando escolas no rural. Isto foi o que fixo o seu goberno durante todo este tempo.

Si que é certo que hai máis e mellores rebaixas fiscais para os ricos. Esa é a política que fan vostedes, agasallos fiscais para os ricos, e mentres, non lles din aos galegos e ás galegas cantos recursos van detraer para mellorar a educación, para mellorar a sanidade, para mellorar a dependencia, para crear emprego, para sanear as nosas rías. Hai moitos problemas que requirirían máis recursos dos que ten a Xunta.

¡E dinos tan pancho que xa lle gustaría ter os recursos de Euskadi! (*Aplausos.*) ¡Pois defenda un concerto económico para que en Galiza poidamos ter, realmente, máis recursos, a totalidade dos recursos que ten este país!

Veñen aquí —teño que dicírllelo— repetindo os erros que critican. É certo —¡só faltaría!— que a situación non é a dos peores anos da crise. Todos e todas o sabemos porque o están alertando organismos internacionais, economistas, calquera que saiba algo de economía ou que teña interese por ler economía; con toda a crítica que podemos facer de cal é o gran valor dos economistas, porque tamén creo que teñen fallado moito ao longo destes anos.

En todo caso, eu non sei se ao Goberno galego non lle preocupan os últimos datos que coñecemos sobre como evolucionan a riqueza e a pobreza en Galiza. Demos algúns datos aquí —creo— toda a oposición e no dixeron absolutamente nada. Vemos, por exemplo, os últimos datos que publicou o Instituto Galego de Estatística en relación con como chegan as familias a final de mes, e o que nos está dicindo é que no último trimestre hai un incremento de dez puntos das persoas que din que chegan con dificultades a fin de mes, e isto é un indicador de problemas sociais que están empezando a detectarse.

Se sumamos os fogares que chegan con dificultades e con moitas dificultades, vemos que son un 42,37 % do total e que se incrementaron un 8 % en tres meses. Pero a vostedes isto non lles preocupa porque o relato da Arcadia feliz é moito máis funcional que atender á realidade e que atender aos problemas.

Falounos de converxencia. Claro, aquí primeiro habería que falar de que unha parte da converxencia de Galiza se produce pola ampliación da Unión Europea, pois ao introducirse os



países do leste baixou moito a renda per cápita. Pero se analizamos o que pasou durante estes anos da crise, o que nos di o último indicador é que a renda per cápita está en niveis de 2004, que nos fixeron retroceder quince anos durante estes anos de crise. E unha parte moi importante desa converxencia, que se mide en PIB por persoa, ten máis que ver coa crise demográfica que con que aquí esteamos para dicir que neste país non hai problemas.

Volve facer negación da emigración, como se iso non fora unha cuestión importante para Galiza. E eu pregúntolle tamén, se non hai un problema de emigración, ¿por que a Xunta puxo en marcha o plan Retorna?

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Deberíanolo explicar. E, sobre todo, explicar se lle parece que unha poboación tan envellecida como a galega non é un grave problema, e que esteamos nunha regresión demográfica; e se non é un grave problema que durante os últimos dez anos tiveran que marchar case trescentas mil persoas, a metade menores de trinta e cinco anos. Se esas persoas non marcharan, hoxe Galiza non perdería poboación, estaríamos sumando. Este é o retrato de como para vostedes isto é unha cuestión de estatísticas, cifras de suma e resta, e de que non queren analizar cal é a realidade do país.

Nós seguimos crendo que estes orzamentos son unha oportunidade perdida. Non van traer solucións aos graves problemas que ten o país, e moito tememos xa non que non vaian aprobar as emendas de devolución, senón que non van aceptar ningunha das propostas que nós traemos a este pleno, que se debaterán pola tarde, para solucionar a crise industrial, para ter máis cartos para innovación, para mellorar a sanidade, en definitiva, para mellorar a calidade de vida da xente. Porque claro, teñen maioría para aprobalos, pero iso non significa que Galiza vaia na boa dirección.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Grupo Común da Esquerda, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Serei breve, que non son horas.

Este debate produciume tres sensacións: unha alegría, un desconcerto, e unha enorme preocupación. A alegría é ver o que lle molesta ao Partido Popular que exista un acordo de Goberno progresista no Estado español. Ver como lle escoce ao PP (*Aplausos.*) que teñamos ese acordo prodúceme enorme alegría. Non está o señor Tellado, pero este é o momento que eu estaba esperando para poderlle dicir: señor Tellado, *Si, Pudimos, (Murmurios.)* Nese sentido empezo a ter ata, non sei, certa pena de ver o Partido Popular, especialmente o Partido Popular de Galicia, desesperado intentando romper ese acordo; desesperado pedíndolle ao poder económico que inflúa sobre o Partido Socialista para que non haxa un acordo. Ver ao Partido Popular de Galicia, ver a Feijóo, querendo facer Goberno con Pedro Sánchez, dende logo, é unha sensación que produce certa alegría.



A segunda ten que ver co desconcerto. É unha especie de síndrome de Estocolmo o que ten o Partido Popular, o Goberno, cando vén a esta Cámara, porque é lóxico que nun debate existan posicións diferentes e que cada un elixa as variables que máis lle conveñen na defensa das súas posicións. O problema é cando non se recoñece a realidade, cando se entra dentro desa síndrome de crer as propias mentiras e os propios argumentos falsos que un dá. Porque cando un non coñece a realidade, non a pode transformar.

Nese sentido, eu neste debate saio con desconcerto. Parece que eu teño unha obsesión estraña con deflatar as cantidades; eu creo que vou ser chamado o deputado deflator. A ver, non se pode facer un debate serio se non se quita o efecto dos prezos cando se comparan cantidades. Non é un capricho meu, non é unha obsesión, non é unha tolería, é que, se non se comparan cantidades homoxéneas, non é posible facer a comparación.

Desconcertado, cando se confunden os conceptos, porque eu dixen que o orzamento di que a aportación do sector exterior vai ser negativa. Non o digo eu, dío o orzamento. Aquí se dixo que as exportacións crecían. Pero ¿que ten que ver unha cousa coa outra? O sector exterior non son as exportacións, é o saldo entre as exportacións e as importacións. E o sector exterior ten comportamento negativo no ano 2019 e está previsto pola Consellería de Facenda que teña comportamento negativo no ano 2020. Cando non se entenden ou non se utilizan correctamente os conceptos, é difícil logo saber de que estamos falando. É difícil saber do que estamos falando.

Vou facer una súplica nesta cámara ao Partido Popular. Cambien de escritor de argumentarios cando falen de emprego. É a quinta vez que veñen a esta cámara e presumen de que tres de cada catro persoas con contrato téñeno indefinido. ¿Danse conta do que están dicindo? Están dicindo que un de cada catro, o 25 % da poboación asalariada galega é precaria, e esa é a taxa máis alta de toda a Unión Europea. Por favor, non volvan presumir de que o 25 % dos asalariados deste país teñen un contrato temporal, ¡non o fagan!

Señor conselleiro, eu non quería referirme a vostede porque creo que é un asunto de goberno. Efectivamente, vostede o dixo, cando se compara o segundo trimestre do ano 2009 co segundo trimestre do ano 2019, faltan 54.000 empregos. Deixe que explique iso. Vostedes van deixar o goberno con menos ocupados dos que había cando chegaron. Agora hai 54.000 menos. Se é certo que aumentan en 9.000, faltarán 45.000. Fíxese vostede o balance que van facer: dez anos gobernando un país, e déixano con menos emprego do que había cando chegaron.

Voulles dar outro concepto para o seu escritor de argumentarios laborais. Unha cousa é a temporalidade e outra cousa é a precariedade. En Galicia, o 27 % —non o 25 %— das persoas teñen un contrato temporal, 27 %, pero hai un 15 % que traballa a tempo parcial non desexado, parcialidade, que tamén é precariedade. Ademais, están os fixos discontinuos e, ademais, están os que traballan en prácticas. Cando un colle e fai a suma, e cando un entra na afiliación á Seguridade Social e ve o réxime xeral —voulles dar o dato—, só o 47 % das persoas afiliadas ao réxime xeral da Seguridade Social, onde está os asalariados, ¡só o 47%! , ten un contrato indefinido a tempo completo, os demais, o 53 %, máis de un de cada dous, temporal, fixo discontinuo, tempo parcial non desexado, contrato de prácticas, sen contrato



etcétera. Iso explica que no noso país —e a calquera goberno lle debería dar vergonza— existan 450.000 persoas asalariadas que ingresen menos de 9.000 euros ao ano.

O tema do ano da comparación. O ano 2009 é o ano no que vostedes empezaron a gobernar, por iso utilizamos esa referencia, e iso fai que sexan 1.958 millóns de euros menos no orzamento. Pero se collemos o ano 2008, son 1.500 millóns de euros e, se collemos o ano 2007, son 1.200 millóns de euros. O que explica a evolución das cifras do ano 2009 non é un problema de mala estimación do Goberno central nese momento, senón a gran recesión mundial, que levou a que Alemaña, por exemplo, tivera unha caída de PIB do 4,3 %.

Agora vou dicir a enorme preocupación que saco de aquí, deste debate, e é a política fiscal do Goberno, da que presume o Partido Popular nesta Cámara. O conselleiro chegou a dicir que, coa súa medida sobre o imposto de sucesións e doazóns, practicamente desaparece o imposto. E eu quero denunciar que iso é exactamente o que está buscando o Partido Popular. Fíxoo en Madrid, é a estratexia conxunta do Partido Popular no conxunto do Estado. E vou dicir a miña extraordinaria preocupación: estanse colocando nas posicións fiscais da extrema dereita, posicións fiscais reaccionarias, posicións fiscais que queren reducir os impostos nas figuras que precisamente gravan a riqueza e os patrimonios para situarse ao lado dos socios que poden pactar con vostedes esa fiscalidade. Iso prodúcese unha enorme preocupación.

E remato coa última idea, que é por que nós defendemos que se pode facer un orzamento expansivo e que existe marxe na estimación dos ingresos. Traio aquí a cifra. Conselleiro, vostede non ten a responsabilidade porque era o Goberno central, pero a estimación dos ingresos que fixo o Goberno central en todos estes anos falla máis que unha escopeta de feira. No ano 2015, o erro foi de 428 millóns de euros; no ano 2016, 355; no ano 2017, 140; no ano 2018, 428 millóns de euros. Este ano a responsabilidade de definir a estimación dos ingresos, como non hai límite estatal, tena vostede; vostede o dixo, fixeron aquí a estimación dos ingresos. A media de todos estes anos, a media dos catro anos, é de 338 millóns de euros. E nós dicimos que eses erros non se deben a que sexan malos profesionais, que sexan erros non forzados, que non necesitan unha maior capacidade previsor. Eses erros teñen unha función, que é recortar o orzamento, facer o orzamento cunha menor previsión de ingresos.

Nós dicimos que o ano 2020 —como vostede dixo— é un ano de enorme incerteza; o ano 2020 é un ano no que existen riscos claros de desaceleración, necesitamos un orzamento expansivo. É posible facer unha estimación rigorosa dos ingresos que permita aplicar esa política, e nós animámolo a facelo.

Remato. Este país necesita un orzamento diferente, unha política orzamentaria diferente, unha política fiscal diferente, e como vostedes se negan a facelo, a este país non lle vai quedar máis remedio que elixir a outro goberno. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Dez minutos exactos. Dez minutos exactos. Ía ser breve.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.



Aquí vense todo o mundo arriba. Eu sei o que é iso. (Risos.) Hai un subidón ao chegar aí abaixo. Si, si, non, claro, xa sei.

O señor FERNÁNDEZ LECEICEGA: Bo día de novo.

Grazas, señor Pedro Puy, polas súas palabras. Estou seguro de que imos coincidir no futuro algunha vez, nalgún sitio, ou sexa, que non pasa nada. Xa coincidiremos. Hai moitas posibilidades que se poden cruzar.

Para utilizar ben os dez minutos. Eu quedo cunha versión da intervención do conselleiro que tivo os seus momentos cómicos tamén. É dicir, todo o que pasa entre o ano 2009 e 2014 é responsabilidade: A, do señor Zapatero; B, do señor Touriño, que son os anos de caída de todo. O que pasa a partir do ano 2014 é todo responsabilidade do señor Feijóo. Ese é o resumo da súa intervención. Claro, iso é facerse trampa. Iso é facerse trampa ao solitario. Pois hai algo disto.

Eu creo que —dicíao antes— nin hai luces en todas partes, nin sequera en Vigo, nin hai sombras en todas partes. Hai luces e sombras na realidade española, hai luces e sombras na realidade galega, e do que se trata é de recoñecelas e, efectivamente, cada un desde unha perspectiva diferente, intentar buscarlle solucións. Cando temos tanta luz sobre a realidade galega e tanta sombra sobre o resto, aplánase todo e, ao final, non somos capaces de ver nada.

Eu plantexei como un asunto central a captación de investimento, de investimentos externos, que o aforro xerado en Galicia quede aquí e non se exporte. A pregunta sería: ¿vostede considera que captamos en Galicia o nivel de investimentos que nos corresponde pola nosa poboación, pola nosa dimensión económica etcétera?

Discutimos da ocupación, non vou seguir insistindo niso. A min paréceme que a referencia debe ser o que está pasando en España, e imos por debaixo en ocupación feminina e en ocupación masculina, collamos o que collamos, 2009, 2014, dá igual. ¿Vostede considera que nos estamos comportando en creación de emprego ao nivel que necesita a economía de Galicia, que necesita a sociedade de Galicia? Porque esa é a clave.

Discutimos a cuestión da renda por habitante. É bastante claro, avanzamos dous puntos e pico, case tres puntos, nos últimos dez anos. Fenomenal, ¿quen vai estar en contra diso? Nós estamos a favor e queremos seguir facéndoo no futuro. Pero eu o que digo é que todo ese avance é porque en termos demográficos crecemos menos que en España, e resulta que vostede, e nós, dicimos que hai crecer economicamente pero hai que combater a regresión demográfica. Combater a regresión demográfica significa ter unha poboación que crece máis. Se iso sucede, non imos ter converxencia no futuro a non ser que modifiquemos outras cousas. ¿Que temos que modificar? Xustamente ser capaces de investir máis. Ser capaces de xerar máis, que se expanda máis a economía, un pouquiño máis da media española. Non podemos aspirar a ir moito máis alá, pero un pouquiño máis si, para ir progresivamente recortando a diferenza e facendo que sexamos capaces, ao mesmo tempo, de converxer en renda por habitante e converxer tamén en termos de ocupación e de emprego. Isto é do que se trata. Isto é do que se trata.



¡Claro que os salarios soben! Porque se converxemos na renda por habitante e axustamos en emprego, iso quere dicir que se comporta ben a produtividade do traballo, e iso, ao final, acaba trasladándose de forma máis ou menos inmediata aos salarios. Iso está ben, iso é positivo, si, pero o outro non. Entón, temos luces e temos sombras.

Política industrial. Eu creo que vostede non debería estar contento do seu orzamento porque non é congruente co discurso que fan. Se hai, como hai, nalgúns sectores un problema serio que hai que afrontar desde o conxunto das administracións, a min gustaríame ver como isto impactou no orzamento da Xunta para este ano. ¿Que cambios houbo do ano pasado a este que permitan dicir que no orzamento da Xunta se recollen medidas eficaces para atemperar, para combater, para compensar, para axudar a pegar o cambio necesario, por exemplo, na comarca do Eume-Ortegal en relación coa formación do sector metal-mecánico, que afecta a todo o sector naval de Vigo, que é unha das claves do asunto. Falta persoal ben formado, tamén en Ferrol, pois fagamos un esforzo nesa dirección, un plan de transición industrial que teña en conta os cambios que se están producindo en Galicia. ¿Onde está iso no orzamento? Pois iso sería importante que nolo explicase.

E algo parecido no I+D+i. Eu xa digo, non se trata só dun problema de volume. Se o que están facendo estes anos é que presupostan cen e, ao chegar ao mes de novembro, como ven que non o van executar, fan una minoración de crédito máis ou menos dun 20 % e, ao final, acaban presentando unhas contas de execución sobre o presuposto vixente mellores, pero resulta que non se gastan esas cantidades. Iso está pasando ano tras ano e é un problema, un problema de execución moi claro. E fronte a iso din: bueno, pois agora presupostamos máis. A min non me preocupa que presuposten máis, preocúpame que o executen. E para iso son necesarios cambios organizativos importantes.

Eu digo, miremos o que funciona. ¿Que funciona, por exemplo, no País Vasco? O Ikerbasque. ¿En Cataluña? O ICREA. ¿Sabe cal foi a aportación da Generalitat ao ICREA o ano pasado, o último ano do que hai referencia? Foron 12 millóns de euros, 12 millóns de euros. ¿Non ten a Xunta de Galicia 12 millóns de euros para isto? Iso é basicamente o que significa a rebaixa do imposto de patrimonio para este ano 2020. Con eses 12 millóns poderíamos poñer en marcha un instituto de investigación como o ICREA en Galicia. Pois non está mal, ese é o custo que ten o imposto de patrimonio. E aí vou á cuestión fiscal.

Eu xa sei que na cuestión da fiscalidade hai moitos modelos posibles e moitos equilibrios, dependerá das circunstancias, da moda. O discurso dominante é que tipos marxinais moi elevados dificultan o crecemento porque dificultan o aforro e esas cousas. Sabe vostede coma min que o período de crecemento máis longo que houbo en occidente foi desde o final da II Guerra Mundial ata a primeira crise do petróleo. E sabe tamén que, nese caso, os tipos marxinais do IRPF chegaron a estar en Estados Unidos no 70 %. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, o 70 % nese período. Non proponho, nin moito menos, chegar ata aí. Non, non, non se trata de chegar ata aí, trátase de dicir, bueno, sexamos un pouco sensatos. Imos ao fundamental.

No imposto de patrimonio, baixada de tipos. Afecta a sete mil persoas en Galicia. Claro, vostede di, os necesitados de políticas sociais son 530.000, o imposto de patrimonio, 7.000.



Np000 imposto de sucesións e doazóns, polas contas, podemos dicir que esa subida de 400. a 1.000.000 afecta ao 1 % das liquidacións. ¡Ao 1 % ¿eh?! É do que estamos falando, esa é a poboación obxectivo á que queremos beneficiar. E eu digo, para esa poboación, estupendo, ¡estupendo! ¿A quen non lle gusta que lle baixen os impostos? A min tamén. Eu estaría de acordo con impostos cero se mantemos o nivel de servizos públicos que temos. Pero iso en Alaska, que teñen a explotación de hidrocarburos e iso permite que non teñan impostos sobre a renda. Aquí, desgraciadamente, non o temos, por tanto, hai que facer un certo equilibrio entre o nivel impositivo e o nivel de servizos públicos que queremos ter.

Entón, pregunto eu, ¿cal é o obxectivo desas medidas fiscais? O crecemento. Estes anos, Galicia non conseguiu un crecemento maior que a media española con esa política fiscal. Se non é o crecemento, ¿é a equidade? ¿Fano por cuestións de equidade? Habería que facelo mirar na academia, porque, xustamente, na academia o que están dicindo é que actuar sobre patrimonio, co imposto de patrimonio, é o que permite a medio e longo prazo restablecer algunha equidade suplementaria sobre a que xera o mercado, e entón, se non é unha cousa nin outra, ¿cal é? Iso é o que nos tiña que explicar. Non me veña dicir que Andalucía non sei que.

Por exemplo, sabe vostede perfectamente que no IRPF Galicia ten dos tipos marxinais máis baixos a partir de 60.000 euros. Poñámonos de acordo, subamos un pouquiño aí, creemos algún tramo adicional como fixeron moitas outras comunidades autónomas, pode ser unha medida, e manteñamos os demais tipos, pero actuemos sobre este, señor conselleiro. Sería unha forma de actuar —creo— máis responsable, que favorecería a equidade, e eu estou seguro de que non ía afectar para nada ao crecemento.

Non teño moito máis tempo, unicamente indicarlle, para rematar, que quedei un pouco molesto pola comparación que fixo coas deputacións, incluída a de Ourense. Non porque para nada hai que deixar de criticar o que fan outras administracións, incluso os concellos, senón porque comparar a Xunta de Galicia con todo o que é, coas deputacións provinciais, eu creo que desmerece este autogoberno. Entre outras razóns, vostede sabe ben que esta é unha administración moi centrada nos servizos públicos, que contrata persoal, en cambio, as deputacións son outra cousa moi distinta, teñen un perfil de gasto moi diferente, por tanto, é unha comparación que non é merecida.

En relación con Vigo, parece que... Non, non, que vostede citou a Vigo. Si, si, eu téño anotado aquí. Vostede citou a Vigo e falou das luces e non sei que. É dicir, claro, o problema de Vigo é que a Xunta quere competir coas luces de Vigo cun Belén, pois iso é bastante indicativo do que vai pasar. (Risos.)

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Peche do debate, conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas de novo, señor presidente.



Corenta anos, corenta anos que nos coñecemos, señor Lago. Corenta anos que nos coñecemos fixo hai uns días, señor Fernández Leiceaga. De verdade lle desexo que na súa nova responsabilidade vaia mellor que todos, en representación do seu partido pero, sobre todo, pola Comunidade Autónoma de Galicia. Vaia por adiantado que este xa é o pleno das despedidas, pois tamén que todo aquilo que se fala sexamos capaces de propoñer. Non se equivoque, non se equivoque, señor Fernández Leiceaga, que unhas cousas son as luces e outras os beléns. Pero non se equivoque, o que naceu no Belén —como dicía o chiste—, ao final terminou na basílica de San Pedro. ¡Teña moito coidado! (*Murmurios.*) (*Risos.*) (*Aplausos.*) Teña moito coidado, é unha cuestión de tamaño.

Señor Villares, no tema da fraude fiscal non podo estar máis de acordo con vostede. Nós sempre fixemos a loita contra a fraude fiscal. Son moitos os anos que facemos incluso programas especiais para a loita contra a fraude fiscal. Pero non nos equivoquemos, a fraude fiscal, dadas as competencias fiscais que ten a Comunidade Autónoma de Galicia, que nunca debemos desmerecer... —eu si que non me fixo na cuestión de tamaño, como se fixo aquí referencia, senón que toda fraude hai que combatela—. Pero non se equivoque, cando vostede formula a fraude fiscal, está falando de competencias sobre o IRPF, non as temos nós. Está falando de competencias sobre o IVE, non as temos nós. Está falando sobre o resto de impostos especiais, non as temos nós. Está falando sobre o imposto de sociedades...

O señor PRESIDENTE: Hai que subir os micrófonos, non se lle escoita ben. Non se lle escoita ben, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): ...non a temos nós. Polo tanto, cadaquén na súa xusta magnitude.

Referireime tamén un momentíño ao tema dos funcionarios, que si que me deixou preocupado, e tamén a referencia que fixo a voceira do BNG da precariedade no sector público.

Unha cuestión puramente metodolóxica, señor Lago. Dúas, para ser máis exactos. Preocúpame moi moito cando ten en conta a situación esta de desaceleración na que estamos, pero estamos en crecemento, ogallá un pouquiño máis, que todo se trasladaría a emprego, que é o que verdadeiramente nos importa como sociedade —creo eu—, non só, pero o máis importante.

Cando estimamos para o ano que vén —co que coñecemos a día de hoxe— que a achega da demanda interna se situará nun 2 % e que, efectivamente, a demanda externa restará unha décima, comprenderá vostede que tal. Pero hai que analizar un pouquiño máis a descomposición. Cando falamos das importacións, que medran máis que as exportacións, son as dúas combinantes as que dan o resultado, ¿que vai medrar nas importacións? Bens intermedios. ¿Que adiantan os bens intermedios? Esta é unha clase dos primeiros días de macro, ¡eh! ¿Que avanzan os bens intermedios? Son decisións empresariais importantes que van ter un destino final de bens intermedios que non se producen en Galicia.

Entón, non toda importación é mala de seu, non é tal, se adiantan —como parece ser— decisións empresariais importantes. A proba está en que neste ano 2019 se comporta moi ben a formación bruta de capital, pero soamente dúas, a formación bruta de capital de orixe pu-



ramente civil mais a da Xunta de Galicia. Se esperamos pola do Goberno central, ou polas dos gobernos locais, que estiveron a outra cousa, non funciona así. Polo tanto, poñamos tal.

Outra cuestión na que non debemos xogar cos números. Cando nós falamos de orzamento expansivo e din que queda unha décima por debaixo da estimación, ¡non! Tamén lle dixen, tanto en comisión como aquí, como noutros temas, que a capacidade real de gasto da Xunta de Galicia é de case o 3,5 %, ¿é maior ou non é maior que o incremento nominal do 3,1 %? Volvo repetir, existen créditos —e varias veces se referiron aquí— que teñen que ver coas infraestruturas, que o ano pasado estaban para pagar no [...] desde hai moito tempo, e a día de hoxe están plenamente activados como consecuencia de que esta comunidade autónoma entrou, por primeira vez en dezaseis anos, en superávit.

Dito isto, hai outros temas onde non me podo quedar quieto. Hai un tema que como sociedade temos, que é o tema da demografía. Hai outro tema que por desgraza é moi actual, que é toda a crise industrial. En ambos os dous está a postura do Goberno e a postura da oposición. Resulta que a demografía é unha cuestión única e exclusiva da Xunta. Non, ¿por que non o miramos en teses de comunidade autónoma, que todos temos algo que facer? ¿Por que tanto sacar peito e, cando vai mal a demografía, resulta que é culpa da Xunta de Galicia, e cando vai ben, tal... ¿Eu por que digo isto? Este tema, como outros, ten que ver, por exemplo, coas sete grandes cidades, segunda vez que me refiro. Resulta que para o demais somos uns campións do mundo mundial, e cando é do tema demográfico, ningunha cidade galega —quedemos con iso— está medrando demograficamente. Entón, algo está pasando.

¿Por que non xuntamos as competencias, sobre todo, en primeiro lugar, un paso adiante a comunidade autónoma? E si o está facendo dende hai dez anos. Daquela, falar de demografía era case anatema neste Parlamento. As deputacións, os grandes concellos. ¿Por que? Porque como comunidade autónoma é onde temos o grave problema. Algo pasa tamén con todo o tema da crise industrial. ¿Como se pode vir a este Parlamento a dicir que as competencias da Comunidade Autónoma...? Xa debían, en primeiro lugar, darse conta do que está pasando, tanto en Ferrolterra como nas Pontes como en Vigo... Si, conta nos damos, o que pasa é que aquí hai competencia estatal, competencia autonómica, competencia, no seu caso, local e temos que activarnos entre todos, pero o primeiro que ten que descubrir as súas cartas, porque é a primeira derivada, é o Goberno central, os demais estamos enganando as persoas. Nós seguiremos sendo os primeiros en afrontar cadaquén o que ten que afrontar chegado o momento, non se escapan. Reindustrialización, polo tanto.

Hai que ter en conta, ás veces, determinadas mensaxes que lanzamos, o que ten que ver, por exemplo, con toda a cuestión fiscal, e iso facemos o *tejemanaje* de comparalo coas políticas sociais. Permítanme que lles diga *tejemanaje* porque este Goberno é capaz de baixar os impostos para a inmensa maioría, non para os ricos, para a inmensa maioría dos cidadáns, e ao mesmo tempo, como así vimos facendo dende hai dez anos, singularmente nos últimos cinco, en política social. Por exemplo, o que facemos este ano. ¿Cal é a consellería que, en termos relativos, en segundo lugar máis medra? Política Social, un 5,2 %. Miren como si que é capaz de facerse, dunha maneira equilibrada, o que son a política fiscal e a política social, dunha maneira máis directa, polo tema das axudas.



Hai outra cuestión da que non se falou pero que si me gustaría deixar moi clara, ¡moi clara!, que é cando co localismo extremo que temos nestes momentos en Galicia —vou ser un pouco máis educado e chamarlle só impericia— hai un ataque perfectamente coordinado das sete grandes, onde este orzamento parece ser que non cobre as expectativas de alguén. Si, si, si, empeza por un lado, segue por outro, ninguén ten nada. Isto era como na crise dos anos setenta —os que temos unha certa idade...— na que sempre había un factor externo, entón debería estar na lúa o factor que provocaba toda crise.

Aquí tamén, porque cando sumas, en ningún lado están os investimentos da Xunta. Digo impericia e quedo en impericia, non vou máis alá, porque cando analizo a suma dos capítulos VI ou VII... ¡as falsidades que hai que oír! Porque claro, territorializar por cidades o que son os investimentos das consellerías do Medio Rural e do Mar, que supoñen 360 millóns de euros, ou 127, ¡hai que ter unha dor!, ¡hai que ter unha dor! Se así o facemos, resulta que, dos 1.691 en crédito, en capacidade real de gasto máis, señor Lago, 1.203.

Resulta que tamén hai outra cousa na que, de novo, eu non sei se é impericia ou se nos dedicamos a enganar a xente, porque todo vale, todo vale chegado o momento, que é o capítulo VII. O capítulo VII de educación, por exemplo, que vostedes coñecen coma nós, que vai, sobre todo, ás universidades. As universidades, ata onde sei eu, teñen sete campus e están onde están, non poden estar por todo o territorio, non poden estar... ¿Por que xogamos coas cifras? Na parte máis concorrencial, en todo o sistema de axudas que son o capítulo VII, ¿por que imos nós pre-determinar o resultado que nace dunha concorrència? ¿Non será mellor facer ben as convocatorias, que haxa concorrència, e despois virán os investimentos? ¿Onde están as cuestións e as ocorrencias? Sobre todo, tan importante —como ben coñecen—, no ámbito civil de innovación que aquí se mencionou. ¿Por que non deixamos que a cousa flúa con normalidade?

E outra son as achegas —iso xa é unha pericia moi técnica—, o tema do que é consolidación das entidades que consolidan e non, porque aínda hai entidades que non entran dentro do perímetro de consolidación, dígase, por exemplo, o que é Augas de Galicia ou [...].

Outra das falsidades é o emprego público. Resulta que se dixo aquí que son menos, ¡mentira! Calquera parámetro referencial que hai da Comunidade Autónoma en termos de efectivo, respecto do ano 2009, dinos que estamos en positivo, singularmente no tema da sanidade. Digan o que digan, esa é a verdade.

Cando este orzamento medra un 3,6 % e garantía retributiva hai un 2 % máis un 0,2 % adicional, quere dicir dúas cousas: que estamos asumindo os acordos, moi importantes, aos que chegamos dentro do acordo de concertación social con UXT e con Comisións, e, por outra parte, porque se están incrementando as prazas, os efectivos que prestan os seus servizos. (*Aplausos.*) ¿Por que no poñemos en positivo esas cuestións?

E cando se fala de recortes, permítanme que lles diga outro mantra que está superado a día de hoxe, que é o tema dos recortes. Os axustes xerais en materia de emprego público, os que dependían desta Comunidade, están todos cancelados. Hai un que non, Goberno Zapatero, famoso este último día, 5 % para todos os empregados públicos de por vida, en termos medios. ¿Fáisenos a nós responsables disto? ¿Fáisenos a nós responsables de atoparnos —pola



bipartita, neste caso, do BNG— cun consorcio de servizos sociais onde cada persoa, por traballar, cobraba un 32 % menos que o seu homólogo no nivel laboral da Xunta, e este Goberno xa vai polo cuarto ano de quinto, onde ese diferencial estatal? (*Aplausos.*) Prediquemos cos exemplos. Non é xusto o que se está dicindo.

Como tampouco é xusto cando se critica de precariedade e resulta que esta comunidade autónoma, se non é a primeira, é a segunda que menos precariedade ten. Porque todos coñecemos o que pasou coas taxas de reposición, onde para nós é tan importante cumprir para ter ese 108 % que nos permita acabar con isto; onde neste momento comprometéramos 15.000 prazas ofertadas neste 2019 para solucionar boa parte do problema —non todo— e deixalo en taxas de precariedade do 6 %, e resulta que temos 15.188 convocadas nestes momentos en curso e, aínda así, temos que escoitar o que temos que escoitar. Son 5.650 aproximadamente da función pública xeral, 5.050 en educación e catro mil catrocentas e algo xa convocadas no Sergas. E resulta que no Sergas despois falamos de 5.000 prazas. ¡Home!, se temos 4.400 convocadas, comprenderán vostedes que a taxa de interinidade se reducirá bastante; como debe ser, e así debemos de ir todos por ese camiño. (*Aplausos.*)

Pero, o máis importante —xa lles digo, agradezo moito moito..., e desculpen se ás veces tamén me paso no meu...—.... Decía a señora Pontón que falei pouco dos orzamentos. É que ás veces un está tan atento a outras cousas —pola miña parte, non quero dicir pola de vostedes— que me equivoco en moitas. Pero permítanme que lles diga dúas soas: non hai nada mellor que planificar, incluso para equivocarse, se nos damos conta, e endereitar o rumbo. Levamos dous plans estratéxicos. A nós o que nos interesa é o novo plan estratéxico, non para non equivocarnos, senón para saber por onde van as directrices fundamentais do que como sociedade merecemos para a próxima década, empezando pola referencia —non só polo que significa, que tamén—, no sector servizos, do Xacobeo XXI. Pero hai unha Galicia moza que xa empeza dunha maneira moi clara nestes momentos coa mellora da empregabilidade: por exemplo, co programa dual de emprego; por exemplo, coa Tarxeta Xente Nova; por exemplo, cos reforzos no ensino; por exemplo, en materia de lecer e conciliación. Todo isto —xa vai agora— avanza o que vai ser en anos futuros a Galicia familiar. Resulta que somos das poucas comunidades —por non dicir a única, que eu coñeza— nas que, tendo xa un bo nivel de partida, que non óptimo, no que son as escolas infantís, imos ter o segundo fillo gratis, a partir do ano que vén (*Murmurios.*) —¡manda narices o que hai que oír!—, de toda España. A Tarxeta Benvida resulta que a temos (*Murmurios.*), que é do mellor e que non a ten ningunha outra comunidade. E a mellor atención aos nosos maiores, cuns orzamentos que medran ata os 362 millóns de euros. Por favor, teñamos as cousas un pouco máis tranquilas. (*Aplausos.*)

En innovación... (*Murmurios.*) Eu xa sei que non lles gustan as iniciativas tan importantes que temos en Galicia, como poden ser o polo aeroespacial de Galicia —a min si—, a Estratexia dixital de Galicia para o 2030 —a min si—, a domótica no fogar —a min si— ou a transformación dixital —a min si—. E así para moitas máis cousas, como debe de ser tamén. (*Aplausos.*)

E xa remato —que vai sendo hora; supoño que todos teremos un pouco de fame, eu tamén— con algo: 700 millóns de euros que se lle deben a esta comunidade autónoma. Só temos nes-



tes momentos 60, faltan 640, (*Murmurios.*) non o imos esquecer. Caben todo tipo de medidas, pero hai unha moi clara. E, señora Pontón, non é un problema de tamaño, como outras cousas, senón da cualidade. É o mesmo que deban 40 millóns de euros ás corporacións locais que 640 porque, en esencia, nunca nos debemos de esquecer que non son nosos, que son dos nosos cidadáns para prestarlles máis e mellores servizos, nunha sociedade que cada vez presenta maior progreso, pero, como calquera actuación humana, todo é perceptible. Pola nosa parte non será. Ese crecemento sae e queremos prolongalo coa axuda de todos, de verdade llelo digo; sigamos por ese camiño, que creo —e honradamente lles digo— que imos bastante ben.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. (*Aplausos.*)

Votación das emendas do grupo I

Votación das emendas á totalidade que postulan a devolución global dos orzamentos ou a devolución dos orzamentos de seccións e axentes xestores de gastos

O señor PRESIDENTE: Rematado este debate, procedemos á votación, neste caso, das emendas do grupo I. Votamos conxuntamente as emendas á totalidade do grupo I formuladas polos grupos parlamentarios, tanto as que postulan a devolución global dos orzamentos como a devolución de calquera sección ou centro xestor de gastos.

¿Podemos votar todas xuntas? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Todas xuntas. Entón, votamos as emendas de todos os grupos nunha única votación.

Votamos.

Votación conxunta de todas as emendas á totalidade do grupo I, que postulan a devolución global dos orzamentos ou a devolución dos orzamentos de seccións e axentes xestores de gastos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas á totalidade do grupo I.

O señor PRESIDENTE: Reanudarase o pleno ás dezaseis quince.

Hai que mellorar o índice de masa corporal todos. (*Risos.*)

Ás dezaseis quince.

Suspéndese a sesión ás tres e vinte e un minutos da tarde e retómase ás catro e dezanove minutos.



Debate e votación das emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou que transfiren créditos entre seccións

O señor PRESIDENTE: Reiniciamos a sesión co debate e votación das emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou que transfiren créditos entre seccións. Neste caso son as emendas do grupo II.

Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Mixto, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda e do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Comezamos coas do Grupo Parlamentario Mixto.

Ten a palabra o señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Boa tarde.

Boa tarde, señor conselleiro.

Boa tarde a todos os deputados e deputadas.

O venres pasado, contra vento e marea —e nunca mellor dito—, En Marea organizou un acto na Coruña para falar de orzamentos, e todo o mundo dicía: Pero ti estás pirado, organizar un acto sobre orzamentos... Iso non lle interesa a ninguén. Bueno, ao final, si que lle interesou; interesoulles a pais de nenos con síndrome de déficit de atención, con outro tipo de necesidades especiais, á xente da educación, da sanidade, á xente tamén de movementos contra os problemas da inseguridade viaria, etc. Despois de falar a fondo —porque, claro, moitas veces parece que os orzamentos son só para entendidos—, alí a xente tiña claro que os orzamentos definen, negro sobre branco, cal é a política, a ideoloxía que hai detrás. Ao final, a conclusión, despois de tentar que toda esa maraña, que todas esas árbores deixen ver o bosque, é que todo o mundo dicía: ¿pero como é posible que o Partido Popular nun ano electoral presente estes orzamentos? ¿Que se pode facer? Pois a única cousa que se pode facer é cambiar o Goberno, e estes van ser os orzamentos que aínda máis van propiciar un cambio de goberno en Galicia.

Como dicía esta mañá o noso voceiro de En Marea, a néboa de Monte Pío impide ao presidente da Xunta ver a situación real en que se atopa Galicia. Verdadeiramente, parece que está illado da realidade social e económica que o rodea. Ao mellor, se o venres estivera alí o conselleiro ou o presidente falando coa xente de a pé, daríase conta de que os contos —como tamén se comentou esta mañá— a xente cada vez os cre menos, e que isto non é unha Arcadia feliz onde parece que sobran os cartos e por iso as contas anuncian novas rebaixas de impostos para que os ricos sexan aínda máis ricos, coma se puidésemos renunciar aos ingresos dos máis acaudalados, coma se xa houberse pleno emprego entre a mocidade, igualdade entre mulleres e homes, neutralidade ambiental da nosa economía, normalidade cultural, total cohesión social; en definitiva, coma se non houberse problemas que atender e puidésemos permitirnos facerlles agasallos fiscais aos ricos.



A verdade é que as néboas, estas néboas que inundan este orzamento, non deixan ver a Galicia real, a Galicia das 612.085 persoas en risco de pobreza ou exclusión, os 34.700 fogares sen ingresos, as 670.000 galegas e galegos que obteñen ingresos por debaixo dos 9.000 euros brutos, as case 700.000 persoas que chegan a un máximo de 750 euros brutos ao mes en 14 pagas, os algo máis de 1,2 millóns de persoas que conforman o universo da precariedade; unha situación que, no mellor dos casos, os sitúa no mileurismo e, no peor, por debaixo do limiar da pobreza ou exclusión social. Unha ditadura de precariedade social que as néboas de Monte Pío non deixan ver, como tampouco a crise industrial, a desigualdade estrutural entre mulleres e homes, a decrepitude do rural, a falta de expectativas de futuro, os índices de contaminación, a suba das temperaturas ou a degradación do hábitat natural.

Como xa dixó o noso voceiro, estamos ante unha emerxencia tanto industrial, ambiental, social e feminista. Non me vou estender nesta liña, porque non teño tempo; só teño 15 minutos para falar de todo o orzamento con detalle, con todo detalle posible, da Xunta de Galicia; por iso non me vou estender neste tema, que xa foi abondo tratado.

Ante estas emerxencias, a Xunta non só non fixo nada, senón que é responsable, a través das súas políticas, a través dunha xestión económica que eu penso que é autodestrutiva, que leva claramente a este goberno á súa desaparición e fomenta e afonda nestas emerxencias, fillas todas elas da peculiar práctica política e económica que adquiriu o neoliberalismo en Galicia. E así, a xestión económica esquiladora do territorio e que desatende os intereses da cidadanía practicada por este goberno ten como consecuencia final a implosión demográfica, que é, ao final, a maior consecuencia de todo o que estamos a falar.

Pero hai alternativa, hai unha Galicia feminista, ecoloxista e xusta que pide paso. Hai unha alternativa, e o ano que vén verémola na súa xusta medida.

Por iso, o Grupo Parlamentario de En Marea fai unha emenda á totalidade que afecta a contía tanto dos ingresos como dos gastos e as transferencias entre créditos das diferentes seccións e consellerías.

Primeiro pensamos que hai que incrementar o gasto, e iso non ten que levar a máis débeda, ten que saír dunha fiscalidade xusta e dunha mellor organización dos ingresos da Xunta de Galicia. Nós consideramos que hai toda unha serie de medidas que podían incrementar os ingresos en 226 millóns de euros, cumprindo todas as leis, tanto a de disciplina orzamentaria como a Lei orgánica de estabilidade orzamentaria, se a Xunta de Galicia así o quixera. É unha proposta articulada a través de cinco eixos: o incremento dos recursos procedentes do Estado, do Fondo de Compensación Interterritorial, que o describimos na emenda e consideramos que podería chegar a un importe de en torno aos 10 millóns de euros; unha serie de reformas fiscais baseadas, por unha banda, en derogar moitas das rebaixas fiscais realizadas pola Xunta de Galicia —concretamente, xa se falou no imposto de patrimonio e sucesións— e, por outra, na implantación de novas figuras tributarias e no incremento do gravame de figuras xa existentes. Porque Galicia, efectivamente, é na actualidade unha das comunidades autónomas cun dos sistemas fiscais menos progresivos, é unha das menos progresivas de todo o Estado. Efectivamente, báixanse impostos, pero a quen non necesita que se lle baixen. O outro día xa llo comentaba en comisión, vai vos—



tede meter nun conflito a xente que ten máis cartos en Galicia. En vez de comprar un BMW X5 van ter que plantexarse comprar un BMW X6, cos regalos que lles están a facer, que, de verdade, non os necesitan.

Todas estas baixadas de impostos sempre benefician os mesmos. Durante estes últimos anos estivemos asistindo ás continuas rebaixas fiscais que afectan as rendas máis elevadas, cuxos resultados se reducen a unha caída dos ingresos da Xunta, sen acadar, ademais, ningún dos obxectivos polos cales se anuncian as ditas rebaixas. Porque as rebaixas aos ricos non se transfiren coma unha choiva fina ao resto da poboación, como un mantra neoliberal, que a realidade é que despois non chega a iso, senón a unha acumulación de riqueza, como se ve en todos os indicativos.

As medidas fiscais concretas que propoñemos son: un incremento dos tipos impositivos nos tramos superiores a 150.000 euros —a pesar de que o señor Casado e o dimitido presidente de Ciudadanos, en rendas superiores a 150.000 euros, os consideraban clase media, ¡xalá fora a clase media así!—; o mantemento do imposto de patrimonio, derrogando as modificacións implantadas nos orzamentos anteriores e neste do que estamos a falar hoxe; a derogación da nova redución proposta no imposto de sucesións e doazóns; o imposto sobre depósitos nas entidades de crédito; o incremento do tipo de gravame de impostos sobre o dano medioambiental causado por determinados usos, como, por exemplo, o da auga encorada, para polo menos que esas empresas eléctricas, con eses miles de millóns de beneficios caídos do ceo, con centrais totalmente amortizadas, repartiran un pouco deses beneficios para o interese social; unha modificación do canon eólico co obxectivo de tributar con base na potencia. Non pode ser que manteñamos un canon eólico baseado en pagar por cada apoio. Os muíños eólicos instalados cando se determinou este canon tiñan en torno a 250 ou 500 quilovatios, e agora son de 3 megavatios, 12 veces máis. Non pode ser que paguen o mesmo. E, por riba, se son tres ou menos muíños, non pagan nada, cando con tres ou menos muíños teñen a mesma potencia instalada que ao mellor un parque de 40 ou 50 coa potencia que había cando se determinou este imposto. Un imposto tamén autonómico sobre as grandes superficies comerciais, que están a deteriorar todo o tecido comercial en Galicia. A implantación dun imposto autonómico sobre bebidas azucradas, que xa se sabe que é constitucional. Tamén a implantación dun imposto autonómico sobre os pisos baleiros ou turísticos para os grandes propietarios, que están a cambiar a dinámica do sector turístico sen deixar nada para a cidadanía, con todos os problemas que supón.

Todas esas medidas, como vén explicado na nosa emenda, suporían uns ingresos de 126 millóns de euros.

Tamén plantexamos unha revisión pormenorizada de todos os beneficios fiscais: 2.827 millóns de euros desde o 2014 ata agora. Efectivamente, como dixo o conselleiro, hai moitos que son moi xustos, pero hai outros que non son tan xustos, habería que revisalos a fondo. Consideramos, sobre todo no caso do de sucesións e doazóns, que acumulan uns beneficios fiscais de máis de 700 millóns de euros, que poderían ser revisados, e consideramos —e xa digo que somos prudentes— que poderían aportar uns 35 millóns de euros máis á capacidade de investimento e gasto da Xunta de Galicia.



Na loita contra a fraude, pensamos que se podería facer algo máis, e tamén somos prudentes. Se se conseguira o obxectivo só de chegar á media de volume de economía somerxida que hai no resto do Estado poderíamos acadar en torno a 15 millóns de euros.

E, finalmente, reducir o endebedamento. Non ten que ser a este nivel nestes momentos. O conselleiro plantexa rebaixar o endebedamento neto nun 27 %, e nós plantexamos que se pode ir un pouco máis lento. Non pasa nada, agora os custos de endebedamento son moito máis baixos, poderíamos baixar en torno ao 10 % ou o 11 %, e iso suporía ter dispoñibilidade doutros 40 millóns de euros máis. En total, como xa dixen, 226 millóns de euros.

Ademais, na emenda plantexamos toda unha serie de cambios de aplicación de partidas e reducións, incluso supresión dalgunhas, porque non se executan nunca, aparecen nos orzamentos unha e outra vez e nunca se executan. Xa se falou moito esta mañá dos índices de execución nalgunhas consellerías que son verdadeiramente terribles. Trasladamos destas partidas un total de máis de 263 millóns de euros. En total, 489 millóns de euros, que nos parece unha cifra moi razoable; realmente podería dicirse que é moi pouco ambiciosa, o 5 % do orzamento, pero, daría para moitas cousas.

Nós, ¿como repartimos estes 489 millóns? Repartímolos entre 236 propostas concretas. Claro, despois tampouco vai dar tempo, nin a min me vai dar tempo a falar delas, nin ao conselleiro a respostar, pero estaría ben que a Xunta de Galicia dedicara un tempo a dicir por que non se pode gastar nestas cousas. Agrupámolas en 24 grandes grupos: un plan de choque contra a violencia machista, dotado con 35 millóns de euros, onde propoñemos moitas medidas, en concreto 11, para desenvolver, para aportar orzamento aos concellos para poder loitar contra a violencia machista; a posibilidade da independencia económica das mulleres vítimas desta lacra e moitas outras cousas; incrementos das políticas de igualdade en máis de 5 millóns de euros; un plan de emerxencia para o emprego e de eliminación da precariedade, con máis de 45 millóns de euros; un programa de emprego para persoas maiores; un programa especial de emprego feminino e de equiparación salarial; un plan de emerxencia de emprego para a xente moza, moito máis dotado do que actualmente o ten a Xunta de Galicia; un plan de loita contra a precariedade tamén moito máis dotado —iso si, se despois se executara, que xa esta mañá se falou do que pasa coas políticas de emprego—; un plan de mellora e garantía da sanidade pública universal —para o que poderíamos dotar, destes case 500 millóns, 81 millóns—; un plan de saúde bucodental; de saúde mental; de mellora da atención primaria. E sobre todo, se temos eses cartos, ¿por que non mercamos —a Xunta de Galicia, o poder público de Galicia— o hospital de Povisa?

Ademais hai outras 15 medidas máis que están na listaxe e que poden coñecer no documento: un plan de loita contra a pobreza e a exclusión social, dotado con 114 millóns de euros; máis recursos públicos para residencias e centros de día; un plan de transición cara a unha verdadeira renda social galega; o despregamento da rede galega de atención temperá; un real inicio de exención do ensino de 0 a 3 anos, e non para os que teñen máis dun fillo —que son poucos—, senón para os que teñen o primeiro fillo; unha loita máis intensiva contra a pobreza enerxética, que asolaga máis de 600.000 persoas en Galicia; un plan de impulso para a mellora e recuperación do ensino público, dotado con máis de 30 millóns de euros. No novo modelo produtivo conseguimos xuntar en torno a 38 millóns de euros para 27 medidas, entre elas, 12 destinadas direc-



tamente a paliar os efectos da transición enerxética nas comarcas das Pontes e Meirama. Moito falan vostedes de solucionarlle a vida aos traballadores, á xente que vai ser afectada pola transición enerxética nas Pontes e Meirama, e non hai nin unha medida concreta nos orzamentos. Aí é onde está verdadeiramente a realidade da política. Tamén un Plan de recuperación do medio rural e de loita contra os incendios e a recuperación poboacional, de máis de 46 millóns de euros; un Plan de defensa e protección medioambiental e un novo modelo de xestión de residuos dotado con 8 millóns; un Plan galego de garantía do dereito de adquisición e de acceso á vivenda digna...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CASAL VIDAL: ...— remato xa —, dotado con máis de 13 millóns; melloras á mobilidade e infraestruturas, dotadas con 17 millóns de euros; impulso ao comercio de proximidade —que é o futuro do comercio— e unha economía baixa en carbono, con máis de 5 millóns.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CASAL VIDAL: Mellorar os gastos de I+D+i en máis de 10 millóns e reconducilos á economía real de Galicia. O conselleiro falaba do polo aeroespacial...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CASAL VIDAL: A min gustaríame estar un día alí na porta de Rozas e ver canta xente de verdade entra a traballar.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Casal.

Ten vostede despois outro turno.

O señor CASAL VIDAL: Bueno, temos outras 14 medidas máis...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Veña! Moitas grazas. *(Murmurios.)* Silencio.

O señor CASAL VIDAL: Non, poderíamos ir xuntos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Moitas grazas!

O señor CASAL VIDAL: ...á comisión, estar alí na porta..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Moitas grazas!

O señor CASAL VIDAL: ...e a ver canta xente de verdade entra...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Xa rematou o turno!

O señor CASAL VIDAL: ...deses miles de postos de traballo... *(O señor Casal Vidal pronuncia palabras que non se perciben.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Casal.

Ten vostede despois outro turno. *(O señor Casal Vidal pronuncia palabras que non se perciben.)*

Moitas grazas. *(O señor Casal Vidal pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Señor Casal, ten vostede despois outro turno. *(O señor Casal Vidal pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Veña, ¡moitas grazas!

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Presas Bergantiños. *(Murmurios.)*

Silencio.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde a todas e a todos.

Señor Martínez, emendamos estes orzamentos, que son os cuartos da lexislatura e os décimos desta década do Goberno do señor Núñez Feijóo, porque é obvio que tiveron xa un resultado evidente e que nós non compartimos. Déixannos vostedes no saldo desta década unha Galiza máis desigual no social e cuns sectores produtivos directamente en extinción, señor Martínez. Converteron vostedes o noso país, en lugar de nun país de oportunidades, nun país de oportunidades perdidas, e hoxe temos menos capacidade de resistencia diante dunha crise económica que xa ten uns indicadores que nin vostede mesmo é capaz de cuestionar nesta Cámara. Hoxe temos menos xente vivindo, máis pobre e con menos oportunidades de traballo. E por moito celofán que lles poñan a estes orzamentos esa é a realidade.

Neste contexto, desde o BNG entendemos que só cabe un cambio de rumbo. Neste cambio de rumbo —tamén queremos mencionalo brevemente— insistimos en que serían necesarias outras dúas cuestións ás que non renunciamos, por se nalgún momento lles entrou dúbida polo que dicían esta mañá. Primeiro, non renunciamos a seguir cuestionando ese sistema de financiamento absolutamente caduco e obsoleto que é parte da responsabilidade de que esteamos nestas circunstancias. E, en segundo lugar, tampouco renunciamos a seguir cuestionando —e créame, señor Martínez, que o imos facer, estea quen estea no Goberno de Madrid— ese marco de imposición do déficit que o que fai é amordazar as comunidades como Galiza en canto o Estado decide a que dedica os seus recursos. Insistimos, vulnerar a nosa soberanía económica é vulnerar a nosa soberanía política; e, polo tanto, eses impedimentos de fondo están aí, seguímolos cuestionando. Pero, aínda así, aínda con este marco, cabería facer outra planificación económica, señor Martínez, e outras propostas para a ruta no que atinxe ao programa de gastos. Porque hai un problema de marco político, está aí, pero hai tamén un problema coas decisións políticas que levan vostedes adoptando dez anos; dez anos ao servizo dese centralismo, desa axenda neoliberal que nos coloca á cola das estatísticas.

Por iso presentamos esta emenda á totalidade, porque un ano máis temos que dicir que estes orzamentos non recuperan nin as condicións nin os dereitos que tiñamos os galegos e ga-



legas antes da súa chegada ao Goberno, non serven tampouco para recuperar uns servizos públicos que están nunha situación crítica e non dedican tampouco os esforzos ás prioridades políticas que nós entendemos que deberían estar sinaladas ás portas de 2020.

Ademais, parten vostedes —e teño que insistir nesta cuestión— dunha diagnose errada, e volveu dar mostras hoxe pola mañá. Señor Martínez, tal e como lle advertiamos en comisión, parece que vostedes fan un relatorio de todas esas ameazas —como o *brexit*, como a guerra comercial, como a propia ralentización da economía— pero por un misterio máxico da humanidade parece que este país non vai estar afectado simplemente porque están vostedes no Goberno. Perdoe que llo diga, señor Martínez, pero son vostedes uns homeópatas da planificación económica, porque non se sostén ese país multicolor que vostede nos pinta, (*Aplausos.*) e iso é unha irresponsabilidade.

Limítanse vostedes a seguir facendo o que levan facendo unha década porque rectificar a estas alturas suporía asumir que estaban vostedes equivocados. Pero iso ten graves consecuencias sobre o noso país. Nós entendemos que non queiran ver o seu fracaso pero, desde logo, está aí fóra, nesa Galiza real que precisa un cambio de rumbo. E iso, precisamente, é o que intentamos reflectir nesta proposta alternativa, tanto nos ingresos como nas prioridades de gasto.

En canto á política de ingresos, señor Martínez, introducimos un ano máis numerosos cambios, primeiro, porque é necesario ter máis recursos económicos, porque iso de que con menos se pode facer máis quedou demostrado nesta década que non é posible. E, segundo, porque é unha necesidade imperiosa modificar ese marco fiscal absolutamente regresivo e continuísta que nos presentan desde o Partido Popular chegando a límites obscenos; como esa cuestión do imposto do patrimonio, do millón de euros, do que xa debatemos tanto en comisión como hoxe pola mañá. Está cada vez máis claro que vostedes son as antípodas directamente da progresividade, da redistribución e da xustiza social. Por iso presentamos un modelo alternativo. Un ano máis insistimos en cambiar o IRPF e o imposto do patrimonio para introducir unha progresividade que sexa real. Apostamos tamén pola supresión desas modificacións regresivas respecto do imposto de sucesións e mantemos a proposta de cinco novos impostos, porque é necesario orientar o modelo económico e os hábitos de consumo cara a esa Galiza que queremos construír e influír así tamén no desenvolvemento da nosa economía. Isto permitiríanos ademais acaparar máis de 100 millóns de euros extra para todas as nosas necesidades, que son moitas e crecentes.

Por exemplo, introducimos un ano máis un imposto ás grandes superficies comerciais. Esta é unha proposta que non é nova por parte do Bloque Nacionalista Galego pero que nos permite ver como todas as desculpas que nos foron poñendo sobre a mesa esta última década non se sostían. Dicían que era ilegal, que era antieuropeo, etc. Pois xa o Tribunal de Xustiza da Unión Europea certificou que era legal e que era posible, e mesmo temos exemplos dentro do Estado español —Asturias, por exemplo—, como o Corte Inglés, que vén de perder hai escasamente un mes unha demanda, e o Tribunal Supremo ratifica que, efectivamente, teñen que pagar eses impostos. Polo tanto, é legal, é posible e é necesario, como tantas outras cousas das que vostedes non caen da burra.

Tamén insistimos un ano máis nun imposto ás bebidas azucradas, ás bebidas cun exceso de azucre. Esta é unha recomendación da propia Organización Mundial da Saúde debido ao gran



problema que supón en canto á saúde pública e tamén en canto ao impacto que ten na propia sanidade. Hai pouco a propia OCDE tamén publicaba o mes pasado un informe no que estimaba o custo da obesidade na economía estatal, situándoo no 2,9 % do produto interior bruto. Un xornal de edición galega, *La Voz de Galicia*, facía a estimación de canto podía supoñer iso, e comparábo con que era catro veces máis o que custan as pensións deste país; co cal, podemos facernos unha idea do impacto que isto ten tanto en perda de recursos como en recursos que custa á sanidade pública.

Nós pensamos, en definitiva, que a política fiscal ten que ser un instrumento para intervir nos problemas da sociedade e por iso tamén atendemos a un dos máis graves que está tendo a sociedade galega neste momento, que é toda a cuestión habitacional. Acceder a unha vivenda hoxe en día, mesmo a un alugueiro, é practicamente unha odisea; iso é así pola escalada de prezos, pola escaseza tamén dos salarios e tamén porque fai falta intervención pública, primeiro, na especulación, e, segundo, tamén para promover que exista un parque público adecuado, porque ademais estamos vendo como hai sitios que teñen problemas moi específicos. Este Parlamento está situado na cidade de Santiago de Compostela, onde vemos como, precisamente pola presión turística, todos os anos estamos a ver estudantes que non atopan onde vivir.

Polo tanto, nós —en resumo— introducimos un imposto sobre vivendas baleiras para que se graven aquelas desocupadas que levan máis de dous anos sen ocupar sen algunha xustificación e así, polo tanto, poder ampliar o parque de vivenda. Isto, sumado a medidas complementarias no estado de gasto, como o Plan de mobilización de vivenda baleira para alugueiro social, porque é hora de que sexa a Administración galega quen lidere a intervención no mercado inmobiliario deste país e non os fondos voitre e os fondos estranxeiros. E todo este modelo alternativo no ámbito fiscal completámolo tamén con outro tipo de impostos que nos parecen necesarios. En síntese, trátase dunha política fiscal que non afectaría as maiorías sociais no seu aforro, que apostaría por un novo modelo no económico, no social, no ambiental e tamén no fiscal e que sumaría máis de 200 millóns extra para uns orzamentos totais —na nosa emenda mobilizamos 1.200 millóns de euros— que permitirían facer un cambio de rumbo moi necesario tamén nas prioridades de gasto.

En suma, señor Martínez, nós, na nosa prioridade de gasto, o que fixemos foi ver que hai fóra deste Parlamento, que hai fóra de San Caetano, e ver cales son as necesidades que demanda neste momento a sociedade galega. Por iso centramos as nosas propostas en tres grandes ámbitos: dunha banda, en responder ás exixencias da sociedade galega actual; doutra banda, en dar resposta tamén á exixencia desa crise industrial e dos sectores produtivos que estamos a vivir; e, por último, en recuperar os servizos públicos danados por esta década negra de Núñez Feijóo.

Dicía que, en primeiro lugar, buscamos responder ás demandas que está a ter a sociedade galega actual, porque nós entendemos que os orzamentos non se poden facer como un copia-pega repetitivo desde a Consellería de Facenda ano a ano e sen mirar arredor. A día de hoxe o certo é que, lendo as necesidades que vostedes sinalan, poderían ser de calquera outra época histórica estes orzamentos, e iso non ten ningún tipo de sentido, señor Martínez. Por exemplo, non responden ás necesidades que o feminismo galego expresou nas rúas.



¿Poden estes orzamentos ser os mesmos que se non houbera mobilizacións masivas no ano 2018 e no ano 2019, exixindo máis recursos e máis compromiso? Nós entendemos que non. Desde logo, nesta semana que entra, veremos moitos lazos morados, pero o que non traen estes orzamentos que vostede nos presentou son recursos suficientes. Por iso nós insistimos unha vez máis en dar traslado na nosa emenda a ese lema que berramos nas rúas de «menos lamento e máis orzamento». (*Aplausos.*) E volvemos insistir en que máis de 1 euro por cada 100 vaia destinado a un pacto galego contra a violencia machista.

Tampouco se entende que estes orzamentos ignoren absolutamente o problema que hai neste país coa fenda salarial. As mulleres galegas cobramos case 5.500 euros ao ano menos que os homes. Parece que este asunto non vai coa Xunta de Galiza, xa que só lle dedican unha esmola do orzamento, menos de 1 millón de euros; e nós, desde logo, o que facemos é multiplicar ese esforzo por catro, cunha estratexia galega para a eliminación da fenda salarial. Porque precisamos ambición para mellorar as nosas condicións de vida e precisamos tamén responder a outras necesidades que a sociedade evidenciou como, por exemplo, todo o referido á materia ambiental.

Eu teño que dicir que non deixa de ser un avance evolutivo e cognitivo por parte do Partido Popular que agora xa non neguen que existe o cambio climático. Pero, en todo caso, a nada que analicemos estes orzamentos —por moitas estratexias e *powerpoints* de capitalismo verde que nos presente aquí cando vén comparecer a conselleira de Medio Ambiente—, o certo é que non ofrecen nada novo. E nós entendemos que iso é moi grave porque a día de hoxe realmente a gran fábrica do cambio climático neste país é a Xunta de Galiza con esa política fracasada de Sogama e da incineración, é a Xunta de Galiza con esa política de eu-calíptización dos nosos montes e das nosas terras agrarias.

Polo tanto, nós non deixamos de insistir, vostedes sempre van con atraso e poñen parches unha vez o ditamina a normativa europea. Pero nós propoñemos que sitúen Galiza á vangarda e que asuman deixar de vetar aquelas estratexias que xa funcionaron e que xa demostramos, por exemplo, co modelo Pontevedra que eran axeitadas. Por iso propoñemos unha estratexia galega de xestión dos residuos urbanos que fomente a compostaxe domiciliar e comunitaria.

E isto está ligado a outro gran ámbito no que centramos numerosas propostas, que é o que atinxe a esa crise industrial que hai neste país e que vostedes non poden desatender. Hoxe por fin, polo menos no debate de pola mañá, conseguíuse que vostede dixera «crise industrial» nesta tribuna; pero o certo é que nos orzamentos non hai nada para que se atenda, e hai que atender as urxencias e hai que atender a un cambio de modelo. As urxencias, porque é inentendible que estes orzamentos non teñan unha partida específica para a industria electointensiva, para atender as comarcas afectadas polos cambios da transición enerxética, nós volvemos propoñelo. E ollo ao que lle digo, volvemos propoñelo porque o ano pasado isto era tamén un problema e vostedes tapaban os ollos. Tamén propoñemos plans de reactivación económica para as comarcas que están en crise por situacións de deslocalización, porque mentres pecha Poligal, mentres pecha Isowat, mentres se deslocalizan empresas, mentres o norte da eurorrexión de Portugal aumenta o seu peso, o emprego industrial, nós destruímolos; por iso hai que incluír nestes orzamentos da Xunta de Galiza propostas específicas.



Tamén para a súa fracasada estratexia do naval propoñemos unha estratexia específica. Pero insistía en que é necesario atender non só as urxencias, senón apostar por un cambio estrutural do modelo produtivo. E por iso propoñemos unha vez máis nesta Cámara facer un pacto galego pola ciencia. Paren de deixarnos á cola da innovación. Os horizontes europeos, as recomendacións, apostan por situar nun 3 % do produto interior bruto o investimento e nós propoñemos que se inicie cun plan de 35 millóns, para ir aumentando progresivamente.

Tamén propoñemos un programa para a consolidación da carreira investigadora galega, porque a vostede lle gusta moito vir aquí dicirnos que temos un país innovador, unha Galiza moza, etc., pero logo, ¿que nos din os seus orzamentos? Pois, por exemplo, os da Consellería de Educación seguen unha vez máis desviando fondos que deberían ir para a consolidación da carreira investigadora galega. ¿Para que? Para facer outro edificio na Cidade da Cultura. (Aplausos.) Nós precisamos menos cemento e máis innovación, apostar tamén por sectores estratéxicos, por exemplo, por participar de forma pública no sector enerxético. Entendemos que este mes, que todos os galegos e galegas imos pagar máis polo noso recibo da luz, vostedes deberían caer da burra, asumir que a súa estratexia neste sector foi un erro e apostar por un cambio de rumbo.

Respecto da necesidade dunha banca pública galega, insistimos, señor Martínez, en que se a vostedes non lles escandaliza dicirnos que van facer un concurso público para que lles paguemos os caixeiros ás entidades bancarias, pois poderá coller un pouco dese orzamento e deseñar unha banca pública galega que reconstituía o sistema financeiro galego.

E, por último, quería facer unha mención no tempo que me queda sobre que esta proposta que facemos dá resposta á crise dos servizos públicos, que despois desenvolverei con máis tempo na réplica. Non se pode dar este debate en outubro ou novembro de 2019, señor Martínez, sen falar da situación...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...de Vigo, desa anomalía na área sanitaria de Vigo, e sen poñer enriba da mesa propostas que pon o BNG, como o rescate do Álvaro Cunqueiro...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e a compra pública de Povisa.

En resumo —continuaremos na seguinte quenda—, son propostas que poñen o albo, señor Martínez, nas necesidades da Galiza de hoxe, nas necesidades da Galiza real...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e non nese mundo de Yupi que nos pintaron vostedes esta mañá.

Grazas. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Polo Grupo Común da Esquerda ten a palabra a señora Torregrosa Sañudo.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Moitas grazas, presidente.

Boas tardes, señoras e señores deputados.

Debatemos aquí hoxe, desesperanzadas, os últimos orzamentos desta lexislatura, xa que, por moito que as cifras non lles dean a razón, non hai a máis remota vontade por parte do Goberno de facer unha valoración crítica dos seus resultados, e repiten as mesmas receitas caducas, sen indicios de ter solucións para afrontar as estratexias precisas para abordar a desaceleración económica que está por chegar.

As súas políticas de recortes á maioría social en beneficio dunha minoría xa privilexiada fixeron que a repartición da riqueza no noso país, lonxe de equilibrarse durante este período de recuperación, aínda abriña máis a brecha social. Ese crecemento que a vostedes lles fai encherse de orgullo catro anos —como din— de fase expansiva da economía, non repercutiu nin no benestar das familias, nin en eliminar a precariedade laboral, nin en acadar unhas pensións dignas, nin en proporcionar vivenda a prezo moderado, nin transportes públicos, nin unha sanidade ou educación públicas de calidade. Moi ao contrario, a suma de todos eses recortes no social levou a que os máis novos teñan que marchar, deixando unha Galicia minguada en poboación e crecida en pobreza. A súa receita é simple: desmontar os servizos públicos recortando os orzamentos, e, cando xa se demostra que non funcionan, vendelos por nada a empresas privadas que, curiosamente, non só si están interesadas en adquirilos, senón que lles sacan beneficio, ademais e aínda por riba, de acordar a recompra se o beneficio non é o suficiente, pero cun prezo moito maior.

A partir desas premisas, maquillan o relato, negando a realidade, descualificando as alternativas, as cifras e as valoracións obxectivas. Pero o que temos que ver é que no seu goberno, durante dez anos, se perderon 54.000 empregos en Galicia, 22.400 no sector industrial, e houbo 900 millóns de euros en recortes ás políticas sociais: 300 menos en educación, 218 en sanidade, 209 en políticas de emprego e 162 en políticas de vivenda. Vivenda e emprego, os dous temas que máis preocupan hoxe ás galegas e aos galegos, sufriron recortes, do 66,8 % en vivenda e do 43,2 % en emprego, cun grao de execución pésimo: neste último, dun 42 %, só de 133 millóns sen gastar. E temos un 17 % menos para a dinamización do medio rural, un 45 % menos para as políticas de pesca, un 17 % menos para as políticas industriais, un 33 % menos para o desenvolvemento empresarial e un 60 % menos para o apoio ao comercio.

Temos a metade dos recursos para políticas culturais e un terzo para o fomento da lingua galega, en termos reais, respecto do 2009, e o 18 % menos en promoción do turismo, incluso aínda que a súa aposta polo Xacobeo sexa a única esperanza que lles queda para manter o crecemento económico, e sempre repetindo ata a saciedade ese discurso, ese mantra, de que Galicia vai ben. Aínda que pretendan acalar as queixas das traballadoras e os traballadores da sanidade, da educación, da industria e do emprego precario co Xacobeo e con Santiago, a realidade estáselles vindo encima e non teñen solucións.



Pero cara a fóra hai que seguir escoitando as súas propias autofelicitacións; a culpa sempre é dos outros. A súa receita, señor conselleiro, carece dos ingredientes precisos para que sexa dixerible; non é dixerible para a maioría das galegas e dos galegos, a quen vostedes insisten en dicir que defenden mentres que as medidas políticas están a demostrar o contrario. Non nos enganen, o crecemento do PIB per cápita é debido a que as malas políticas de emprego fan preciso deixar este país para poder vivir.

O orzamento que vostedes presentan hoxe ten case 2.000 millóns menos que o de 2009 en termos reais, e unha débeda pública triplicada. ¡Vaia rédito nos deixan! Nós pensamos que é posible construír un modelo orzamentario e político diferente, cuns orzamentos que, de verdade, se executen e que todas e todos consideremos que son necesarios para as prioridades que ten este país. Seguro que vostede mesmo coincide con isto, conselleiro, tal e como dixo no seu discurso.

Non teñen que comezar a explicar que, como escusa, a desaceleración que vai vir vai xustificar de novo todas as súas políticas de recortes, sempre aos mesmos. O que o noso grupo propón é o preciso para soportar a desaceleración que vén sen que caia enriba da maioría popular, que vostedes non van facer outra cousa que xustificar de novo.

Propoñemos, pois, no punto 1, modificar as medidas fiscais para aumentar os recursos, e no 2, repartilos beneficiando a cidadanía, non o gran capital soamente. Para iso imos facer unha proposta de ingresos fundamentada en tres eixos: primeiro, no incremento dos recursos procedentes do Estado. Por unha banda, o incremento do sistema financeiro autonómico, o SFA, fundamentada na realidade da liquidación positiva respecto das achegas á conta, 338 millóns de euros no último período. O bo comportamento no que vai do presente exercicio en tributos como o IVE —un dos impostos máis relevantes en termos cuantitativos— está a crecer no noso país un 8,2 % fronte á media do Estado, que está nun 2,2 %.

Tamén este goberno opta por infravalorar a liquidación definitiva do mesmo, do sistema de financiamento autonómico do 2018, que queda en 28 millóns de euros aínda por recibir.

Propoñemos, entón, unha estimación rigorosa destes ingresos para utilízalos con propiedade nas partidas orzamentarias.

Tamén propoñemos a revisión e modificación do Fondo de Compensación Interterritorial (FCI), desvinculándoo do investimento novo da Administración xeral do Estado e ligándoo ao gasto non financeiro consolidado da Administración xeral do Estado, o que podería situarse nun beneficio de 410 millóns de euros.

Tamén así, no punto segundo, propoñemos a revisión do sistema fiscal autonómico, xa que contamos cun dos sistemas fiscais menos progresivos de todo o Estado, que vostedes coas súas políticas orzamentarias pretenden consolidar. Xa falamos aquí do aumento e da exención do imposto de sucesións e doazóns ata un millón de euros e da ampliación do grao de parentesco ao 99 % no imposto de patrimonio; ambas as cousas hai que revisalas e modificarlas. Desta forma non se van beneficiar, señor Martínez, a maioría dos galegos e galegas, como vostede di, está claro que non.



Estes beneficios fiscais conxuntamente sumarían 541 millóns, que supoñen unha renuncia voluntaria pola súa parte que vai adicada directamente a prexudicar a maioría da xente que depende do gasto social.

Como punto terceiro consideramos que sería importante o reforzo da inspección e da loita contra a fraude fiscal. Segundo o Sindicato de Técnicos do Ministerio de Facenda, a economía somerxida nas provincias de Ourense e Lugo xira en torno a un 30 %. Non poden quedar alleos, é preciso un plan de inspección contra a fraude fiscal, que aportaría, calculamos, 10 millóns de euros máis. En total, acadaríamos 560 millóns de euros máis para a xustiza social. E tamén unha reformulación de prioridades no gasto público, suprimindo certas seccións do orzamento, por un importe global de 332.188.098 euros. O resultado sería que con todas estas cantidades poderíamos dispoñer, para o que estamos a chamar o investimento social, da suma total de case 900 millóns de euros.

Entre as medidas que destacamos poríamos en marcha un plan integral de loita contra a pobreza e pola inclusión social plena; unha gran partida orzamentaria de carácter social para beneficiar a maior parte da cidadanía nos sectores máis febles e que sufriron e seguen a sufrir os efectos da mal xestionada crise; a transición a unha renda social galega; a garantía do dereito á vivenda e da loita contra a infravivenda; as novas residencias e centros de día nas grandes cidades; o incremento dos cadros de persoal dos centros públicos da Consellería, mellorando as ratios de atención e apoio ás necesidades aos concellos en materia social para atender as persoas sen fogar; tamén a atención temperá; o cumprimento real da Lei de eliminación de barreiras arquitectónicas nos edificios públicos; a universalización do ensino público de 0 a 3 anos; o reforzo dos equipos de valoración e de discapacidade; o incremento do Programa de axuda no fogar; unha estratexia galega tamén contra o desemprego, a precariedade e o edadismo no mercado laboral, porque dende o comezo do seu goberno o emprego caeu en Galicia en 54.000 persoas nestes dez últimos anos. As políticas de emprego, que medran un 4,6 % respecto do orzamento de 2019 —xa eran insuficientes no 2019 e perden peso no conxunto do seu orzamento—, sufriron un recorte de máis de 146 millóns en termos nominais con respecto ao exercicio 2009. As políticas de emprego son as que máis sufriron os recortes impulsados polos gobernos do señor Feijóo nos peores momentos da crise, nin máis nin menos que 209 millóns en termos reais, un 43,2 %. Recortaron as políticas de emprego case á metade do que había antes da crise e, do que orzan, apenas executaron o 70 %.

Segundo os datos provisionais da liquidación do exercicio 2018, nese exercicio a súa consellería, a Consellería de Economía, deixou sen gastar máis de 55 millóns de euros en políticas de emprego.

Entón, engadimos un plan de mellora e garantía da sanidade pública universal. En materia sanitaria, marcamos como obxectivo prioritario a mellora da atención primaria, así como a mellora das instalacións sanitarias galegas cun plan que contempla a mellora dos centros existentes e a creación de decenas de novos centros de atención primaria alí onde se precisen; a reposición de cadros de persoal; un plan de choque de listas de agarda; a saúde bucodental; melloras nas partidas adicadas ás adicións, xa que estamos nun momento de preocupación máxima polo incremento da ludopatía; un plan galego de saúde mental; a pre-



vención da drogodependencia, do VIH e a creación e a adecuación de centros hospitalarios cos concellos e a Fegamp. Tamén, así mesmo, un plan de garantía do ensino público universal, cun obxectivo claro, que é garantir o acceso ao ensino público de calidade, e para iso propoñemos un plan para transformar o ensino concertado nun plan plurianual en ensino integramente público.

Entendemos tamén prioritario incrementar os recursos para adecuar a situación dos centros no ensino público, así como incrementar os recursos para garantir o ensino en igualdade. Ademais, defendemos —e así o trasladamos nestas emendas— a necesidade de sacar a Relixión das escolas públicas —e recordamos que o ensino de Relixión ten un custo de preto de vinte millóns de euros—, a ampliación de prazas docentes para consolidar as plantillas e o aumento da oferta de centros, en especial de infantil e de primaria.

E xa paso a resumir, porque non me queda tempo: engadimos un plan de choque contra a violencia machista, un plan galego de garantía e dereito constitucional de acceso á vivenda digna, un plan contra a pobreza enerxética, un plan de reactivación industrial, o fortalecemento das políticas de investigación, desenvolvemento e innovación, un plan para a transición ecolóxica e un plan de defensa do medio ambiente e do novo modelo de xestión de residuos.

Así mesmo, engadimos: un plan de recuperación do medio rural, de loita contra incendios e de recuperación da poboación rural; un plan de rescate do sector mariñeiro e marisqueiro; melloras nas políticas de mobilidade, de infraestruturas e de transporte público; un plan de fomento e de acceso universal á cultura; o fortalecemento da normalización lingüística, e máis recursos para a cooperación. A aplicación destas estratexias permitiría aumentar en cincocentos sesenta millóns de euros os ingresos, co obxectivo de aplicar unha política económica que impulse un crecemento baseado na economía produtiva, que traslade á cidadanía unha maior riqueza e un maior benestar, combatendo a desigualdade, a precariedade, a pobreza e a exclusión.

Remato cunha frase de Piketty: «A progresividade fiscal dos impostos está directamente relacionada coa aparición do gasto social e co estado do benestar. Aquelas propostas que promulgan a desaparición de impostos e/ou a redución da progresividade apuntan tamén a súa desaparición».

Ogallá que sexa o último orzamento dun goberno da dereita en Galicia para que a onda de cambio no Estado tamén chegue ao noso país e no 2020 haxa un goberno de esquerdas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Torregrosa.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Hoxe teño dobre xornada: de mañá e de tarde. Non pasa nada. (*Murmurios.*) (*Risos.*)



Pola mañá explicamos por que defendemos a devolución dos orzamentos e criticamos o modelo que, ao noso entender, é un modelo que non responde ás necesidades que ten o noso país nestes momentos. Pero agora, nesta sesión de tarde —espero que non sexa sesión infantil—, trátase de explicar que outra política orzamentaria é posible; que é posible corrixir as carencias e rectificar as prioridades equivocadas da Xunta de Galicia. É dicir, é posible promover máis o emprego, promover máis a igualdade e a modernización económica, reforzar os servizos públicos, favorecer a transición para unha economía sostible, atendendo a emerxencia climática, e, por suposto, actuar con máis decisión en materia de violencia de xénero ou en favor da recuperación da memoria histórica.

As nosas cifras son modestas: nós plantexámonos unha rectificación de catrocentos vinte e sete millóns de euros. Basicamente, un pouco menos da metade serían ingresos e o que falta, unha política de cambiar algunhas das prioridades de gastos. Non son cifras espectaculares, aínda que depende como se mire. Non é moito se o comparamos co conxunto do orzamento —estamos falando dunha variación dun 4,15 %—. Pero se o comparamos coa marxe orzamentaria, que manexa e explica nos seus documentos a Consellería e está algo por riba dos trescentos millóns de euros, estamos vendo que en realidade isto significa máis que duplicar as cantidades á disposición do decisor para atender outras prioridades de gasto. Non está mal.

En todo caso, nós intentamos facer unha proposta realista; unha proposta que cumpra a normativa de estabilidade orzamentaria, que teña unha orixe dos fondos coñecida, que non salte a lexislación que está vixente nestes momentos en España e que, en fin, xere fondos de maneira posible e sostible no tempo.

O primeiro que rectificamos é a liquidación do ano 2018 porque, entre que foi presentado o orzamento nesta cámara e hoxe, coñecemos unha estimación da liquidación do ano 2020, feita pública polo Consello de Ministros e que supera en vinte e oito millóns de euros —vinte e oito e pico— as cantidades que están consignadas no orzamento. Parece sensato poder introduci-lo para aplicar máis fielmente aquilo que a Administración central traslada para Galicia.

E ademais, coincidindo no espírito, e en moita da forma tamén, con outros partidos que están presentes na Cámara, impulsamos unha política de ingresos que non sexa conformista e que sexa máis progresista que a que aparece recollida no orzamento da Xunta de Galicia. Reforzamos, por exemplo, os ingresos por IRPF. Non é unha cantidade excesiva, pero cremos que a partir dos 47.600 euros en declaración individual é posible subir minimamente os tipos marxinais, sen que disto derive unha perda en termos de eficacia. Xerariamos máis recursos e gañaríamos algo en equidade pero sen perder en eficacia.

No imposto de sucesións o que plantexamos é manter a situación previa a estes orzamentos; é dicir, manter o mínimo exento en 400.000 euros por herdeiro mais a vivenda habitual. A Xunta, como é ben coñecido, propón neste documento subir a un millón de euros mais a vivenda habitual mais o negocio familiar. Sen dúbida, señor conselleiro, con esta proposta que vostede fai, hai que felicitalo pola súa contribución á igualdade social, á equidade e á conformación dunha sociedade máis xusta. Gustaríame que, se vai intervir, nos explicase con claridade a orientación destas medidas.



Canto ao imposto de patrimonio, plantexamos dous cambios básicos: o primeiro, unha diminución do mínimo exento ata os 400.000 euros, e o segundo, o mantemento dos tipos previos á entrada en vigor da reforma do ano pasado, que implicou unha rebaixa do 20 % para os contribuíntes sometidos a este imposto, que son aquelas sete mil setecentas persoas — máis ou menos — que teñen un maior patrimonio na nosa comunidade. Este é o público obxectivo deste imposto. E ademais xa o calculamos o ano pasado; esa rebaixa significaba unha redución media de mil seiscentos euros. Eu creo que son cantidades ás que ben poden facer fronte, sen demasiada dificultade, este tipo de contribuíntes.

Creo, ademais, que non existía demanda social para este cambio. Seguro que en determinados círculos isto foi moi ben acollido. Como dicía antes, que lle baixen a un os impostos cando, ademais, non o pide, desde logo, é un motivo de satisfacción. Pero non creo que, do punto de vista do ben común, do punto de vista dos intereses xerais, esta sexa a mellor das medidas. O efecto redistribuidor do imposto de patrimonio a medio e longo prazo é notable. A concentración da riqueza é maior que a concentración da renda. Sen dúbida, merece a pena seguir as pautas que nós indicamos nestes orzamentos.

En terceiro lugar, xeramos ingresos a través do reforzamento da fiscalidade verde e dunha acción fiscal máis decidida. Nós queremos un imposto modesto sobre as grandes superficies comerciais. E queremos tamén que se reflectan os custos medioambientais de determinadas actividades que non están gravadas e que noutras comunidades autónomas si o están con impostos —por tanto, sabemos que son viables—, de maneira que se xere un dobre dividendo: un dividendo fiscal pero tamén un dividendo medioambiental, na medida en que estes deberían motivar un cambio no comportamento das firmas —porque neste caso trátase de empresas, que van ser as que soporten este imposto—. E queremos igualmente unha modernización cunha elevación á alza non moi notable do actual gravame polos aproveitamentos da auga encorada, que desde a súa promulgación vai perdendo peso no conxunto.

Creemos tamén que é posible mellorar a xestión recadatoria lixeiramente —hai unha marxe, sen dúbida—, co reforzamento da loita contra a fraude fiscal, así como presupostar mellor os ingresos dalgúns entidades ou algúns impostos da consellería que, en función da recadación de anos anteriores e da recadación ata o 30 de setembro, cremos que poden ter pequenos axustes. Isto daríanos arredor de douscentos vinte e sete millóns de euros en total de novos recursos, que poríamos á disposición dunha política con prioridades diferentes. Pero, ao mesmo tempo, reducimos gasto nunha cantidade inferior a esta pero tamén importante, a través da minoración dos gastos improdutivos. Nós cremos que, efectivamente, hai que recoñecer que a Xunta de Galicia fixo un esforzo nestes anos, como case todas as administracións, pois pasamos a unha fase onde se recortaban os ingresos públicos por efecto da crise. E isto forzou un axuste en moitas partidas.

Pero cremos que existen aínda folguras e marxes que se poden utilizar. Por exemplo, nos gastos en «Persoal de gabinete». Xa sei que me van dicir que no ano 2009 isto estaba máis alto, etc. Si, pero pasaron dez anos e cremos que aínda seguen existindo folguras aquí. Fíxense que nalgúns consellerías se gasta máis en persoal de gabinete que en persoal directivo das consellerías. Nese sentido, cremos que sería importante aprobar unha norma que regulase —digamos— a cantidade de persoas que poden formar parte dos gabinetes e os



seus salarios. E se aplicásemos esta norma poderíamos introducir un aforro. Non se trata de eliminalos por completo —non estamos falando disto—, pero si de axustar algo este gasto.

Creemos tamén que hai un gasto en publicidade e propaganda demasiado elevado que moitas veces está recollido baixo a rúbrica de «Investimentos inmateriais», que son en moitos casos unha porcentaxe moi alta do capítulo VI, de Investimentos reais, nalgunhas partidas. Non é tampouco que queiramos eliminar todos os gastos de publicidade e propaganda; xa sei que hai campañas sanitarias que se deben facer, campañas relacionadas co consumo, moitas campañas nalgunhas consellerías. Pero se van vostedes ao detalle do documento orzamentario verán como nalgúns casos son volumes, sen dúbida, excesivos, que teñen algo de perigo neste ano electoral.

¿E para que? Queremos rectificar as prioridades con medidas:

Primeiro, de impulso ao crecemento. A crise industrial e laboral que ten Galicia, que é indubidable, debería levar a incorporar novos programas que atendan esta situación. Pero, sen embargo, a canción —esta mañá falabamos doutra canción— é *La vida sigue igual*; non hai ningún cambio no orzamento da Consellería de Industria. E nós cremos que debe haber un plan para a transición enerxética xusta, que debe haber actuacións en materia de industrias electointensivas, que debe haber un plan específico para as comarcas afectadas polas centrais de carbón, e, por tanto, que hai que introducir isto no orzamento. Está ben reclamar ao Goberno central e a outras administracións que poñan algo da súa parte, e está mellor aínda se, ademais, no orzamento recollemos medidas e recursos para poder facelas.

Creemos que se pode intensificar a política industrial en materia de dinamización do solo empresarial, en materia de captación de investimentos, ou cun plan para o desenvolvemento empresarial no medio rural ou a formación de persoal, nomeadamente nos sectores metal-mecánicos, onde cremos que fai máis falla.

En I+D+i, o mesmo. Un esforzo un pouco maior; non só en termos de recursos, senón tamén en termos organizativos, como explicaba esta mañá.

¿No emprego? Pódense facer máis cousas; fundamentalmente, executar mellor os fondos que hai. Se estes se executasen, poderíanse reforzar con algunhas prioridades que para nós non están, desde logo, ben recollidas. Na estratexia de loita contra o desemprego, hai que facer un esforzo en relación con dous ámbitos: a xente máis nova, que ten máis dificultades para inserirse no mercado laboral, e os parados de longa duración. Creemos que isto debe recollerse mellor neste documento orzamentario.

E un plan de retorno, que algo hai no orzamento. Pero non é compatible —como vostede dicía antes— establecer un plan de retorno e ao mesmo tempo negar a realidade dunha emigración selectiva. Esta mañá dicíame o conselleiro: vostede di que os que quedan aquí son máis tontos. Non, o que digo é que os que quedan aquí normalmente teñen un nivel de formación inferior, teñen ao mellor menos recursos en termos familiares, menos capital relacional e, por tanto, deben ser axudados cando quedan desempregados e non poden entrar no mercado laboral. Pero tamén hai que intentar captar aqueles que marchan. E isto, que forma parte das súas políticas, non está tratado da mellor maneira no orzamento.



Unha boa parte dos recursos adicionais están dirixidos a reforzar os servizos públicos: educación, sanidade e universidade entre eles, de forma selectiva. En educación e en sanidade, hai que facer un esforzo en dous lados: en materia de persoal e en materia de infraestruturas. En materia de persoal, no caso da sanidade, para intentar atender aquelas necesidades que nos indica o documento estratéxico que acaba de dar a coñecer a Consellería, feito por un grupo de expertos. Esta mañá lía algunhas rúbricas das conclusións dese documento e, sen dúbida, para poder atendelas, é preciso facer un esforzo adicional en materia de persoal. Reducir a precariedade tamén significa gastar un pouco máis —non moito máis, pero gastar un pouco máis— e, sobre todo, cambiar o réxime de contratos.

É importante atender déficits que existen en materia de saúde mental, en materia de logopedistas, en materia de fisioterapia, en materias deste tipo. Froito do axuste que sen dúbida tivo que facer a Consellería nestes anos, a súa dotación en Galicia deixa moito que desexar.

En educación, de novo, trátase de aumentar recursos dirixidos a mellorar o acceso a determinados ámbitos —por exemplo, os cursos de mestrado—, pero tamén a favorecer a entrada por abaixo no sistema. O gasto en educación de 0 a 3 anos é o que ten o retorno social máis elevado. Vostedes plantexan facelo a partir do segundo fillo; nós plantexamos facelo a partir do primeiro fillo, pero cun criterio de renda. Para o primeiro, o segundo e seguintes, pero cun criterio de renda. Sen dúbida, hai persoas que teñen un nivel de renda alto —máis de corenta e sete mil e pico euros, máis de sesenta mil euros— e non necesitan axuda aínda que teñan tres ou catro fillos, poden permitirse que vaian a unha gardería ou a unha escola infantil; outras, en cambio, cun único fillo, teñen dificultades para que vaia. O que planteamos é introducir tamén o criterio de renda.

Nas universidades, propoñemos un programa para facer as matrículas completamente grauítas —as primeiras matrículas— e, sobre todo, negociar coa universidade un cambio no sistema de matrícula, de maneira que se promova tamén a eficiencia. Porque hai graos onde son necesarios demasiados anos de media para rematar a carreira, e isto non é bo. Cremos que hai que facer un esforzo nesta dirección.

Creemos tamén que os esforzos en materia de vivenda, de infraestruturas ou de política social ou ambiental deben ter a súa acollida no documento orzamentario. Intentarei explicalos na miña segunda intervención.

Señor conselleiro, é posible outra política orzamentaria e outro plan de acción, máis social, máis centrado no emprego, con máis contido ambiental, que impulse unha política económica máis favorable ao crecemento inclusivo.

Isto é o que nós propoñemos. É posible, e espero que, se non é este ano, o ano próximo poñamos poñelo en práctica.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.



Ten a palabra o conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, boas tardes.

Tras o debate desta mañá, no que puidemos debater e confrontar os modelos de política económica de cada grupo parlamentario, pasamos agora a analizar as emendas transversais. Xa lles avanzo que é moi complicado poder estar de acordo cos posicionamentos dos grupos da oposición porque, como tratarei de explicar, teñen a súa orixe en premisas que non poden ser aceptadas por este Goberno. Levamos xa catro orzamentos nesta lexislatura e as súas formulacións seguen a ser tamén —igual que do que se nos tilda a nós mesmos— moi semellantes ás de anos anteriores.

Obviamente, o modelo económico do Goberno é diferente ao dos grupos da oposición e son lóxicas as discrepancias. Non entendan, por favor, nas miñas palabras falta de vontade do Goberno para atender con interese as súas formulacións —as de todos os grupos parlamentarios—, porque as analizamos, e con bastante detalle. Pero creo que teñen dous problemas xerais: na práctica, moitas delas non é posible executalas, e, noutros moitos casos, incluílas suporía ter que renunciar a medidas que consideramos moi necesarias nestes orzamentos.

Pero, sobre todo, onde máis discrepamos é na maneira en que os grupos da oposición queren contar con máis ingresos. Un ano máis, os grupos da oposición queren subir os impostos aos galegos e tamén insisten, nalgúns casos, en que se consideren partidas que non temos garantía de recibir, para dispoñer de máis ingresos. A responsabilidade deste Goberno galego e o noso modelo levan a que, por unha parte, non queiramos incluír ingresos de dubidoso cumprimento e, por outra, a que non queiramos subir os impostos, e menos na etapa da desaceleración na que nos atopamos, para non caer en erros dun pasado relativamente recente. Neste caso, e con rotundidade, dígolles que o modelo do Goberno galego é antitético ao seu. Fronte á suba de impostos proposta pola oposición, o noso é baixar impostos sempre que se poida e, en todo caso, evitar subilos. Fronte á intención de pintar ingresos por parte da oposición, o noso modelo é de rigor e de prudencia, para incluír só ingresos que teñamos a certeza de recibir.

Antes de referirme máis en concreto ás formulacións de cada grupo parlamentario, tamén reitero que, aínda que non en tantos casos como en anos precedentes, segue habendo emendas que teñen o carácter de irrealizables. Estoume a referir a aquelas que piden detraer recursos finalistas do Estado ou fondos europeos, pois estes —como ben coñecemos todos— deben empregarse de maneira obrigatoria nunha actuación concreta, polo que non se poden destinar ás que formulan vostedes. E tamén, como non podería ser doutra forma, hai exemplos de suxestións razoables, pero que non podemos incluír se supoñen renunciar a outras partidas prioritarias para a nosa acción de Goberno. Vaíamos máis polo miúdo.

Ao voceiro do grupo mixto: á súa proposta de aumentar impostos en case douscentos millóns de euros aos galegos —en concreto, douscentos dezaseis— e inflar o Fondo de Compensación Interterritorial en 10 millóns de euros, pois ¿que quere que lle diga? Ademais de pro-



poñer incrementar o endebedamento en 40 millóns de euros. ¡Sorprendente! —como xa lles dixen pola mañá—. Critican o endebedamento pola mañá e quéroño incrementar pola tarde. A nosa resposta é obvia: non estamos de acordo nin en aumentar os impostos nin en incluír recursos que non temos a certeza de recibir.

O Fondo de Compensación Interterritorial está regulado por lei, se queremos modificar os recursos que asigna, hai que facelo no Parlamento do Estado; non podemos decidir aquí o que podemos incluír. Pero xa lle avanzo que se hai un novo goberno no Estado que logra, por fin, aprobar uns novos orzamentos e estes inclúen máis ingresos no FCI, non teña ningunha dúbida que se incluírán. Pero, a día de hoxe, iso non é posible. E, por suposto, tampouco queremos incrementar o endebedamento.

En canto aos impostos.

Queren incrementar o IRPF para os tramos superiores a 150.000 euros, pero non explican como, e non sabemos como pretenden recadar eses supostos seis millóns de euros.

Queren revisar o imposto de patrimonio para subilo en 9 millóns de euros. A nosa intención —xa explicitéi— é seguir mantendo este tributo na tarifa actual do Estado; exactamente a mesma que aplicou o Goberno bipartito entre 2005 e 2009.

Tamén queren derogar a nova redución proposta no imposto de sucesións, para recadar 10 millóns de euros. Ao respecto, cabe dicirlle que creo que a redución ata 400.000 euros por herdeiro entre familiares directos, en vigor dende 2016, —xa o comentei— está sendo moi ben acollida, e agora a elevamos ata o millón de euros para seguir na senda que xa iniciamos daquela, que non é outra que a de manter íntegro o patrimonio familiar e a capacidade económica da familia. Insisto en que a rebaixa desde 2016 beneficiou 355.000 galegos, dos cales 108.000 acordaron un pacto sucesorio.

En canto á proposta de suba do imposto sobre depósitos das entidades de crédito por 2 millóns de euros, suporía incrementar a estimación nun 10 %. Pero, sen sinalar con base en que facemos este incremento do 10 % neste tipo de impostos sobre depósitos. Evidentemente, non é posible subir os tipos porque, aínda que a súa recadación está cedida, tal e como solicitara este Goberno, este tributo segue a ser un tributo estatal sobre o que non temos competencias, e as nosas estimacións, particularmente, creo que están ben fundamentadas.

Igualmente, soben 50 millóns de euros no imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos de auga encorada. Pero ¿saben vostedes canto habería que aumentar o tipo de gravame? Un catrocentos por cento para chegar a esta cantidade. Ademais, non teñen en conta a natureza deste gravame, que é un imposto ambiental de carácter extrafiscal dirixido á corrección e á compensación do impacto ambiental e que, por tanto, non se pode modificar por motivos exclusivamente recadatorios. A mesma explicación vale para a emenda do Grupo Común da Esquerda, que, cunha suba do tipo próxima ao douscentos cincuenta por cento, pretende recadar 30 millóns de euros máis.



En canto á suba de 20 millóns de euros no canon eólico para tributar con base na potencia, supón case duplicar a cantidade recadada actualmente, e non indican cales son as modificacións concretas que propoñen. O modelo do Goberno galego é primar un menor número de rexeneradores e apostar pola repotenciación dos parques, de xeito que haxa menos, para un menor impacto ambiental, pero cunha maior potencia.

Ademais, queren crear un imposto autonómico sobre as grandes superficies comerciais para recadar 12 millóns de euros. Nin din como calculan a cifra, nin sobre todo que modelo pretenden para saber se, como aquí tamén foi comentado por algún outro grupo a outros grupos, o Tribunal Supremo podería indicar, en función dese modelo que se pretende, se estamos ante unha axuda ou non do Estado. Neste punto, obviamente, estoume a referir tamén ao resto dos grupos da oposición, pois propoñen un mesmo imposto todos e cada un de vostedes, pero cunha recadación moi dispar: 4 millóns de euros, o Grupo Común da Esquerda; 6, o Grupo do PSdG; e 61,8, o BNG. Só coinciden nun aspecto: ningún dos catro grupos propón ese modelo concreto que eu lles dicía. E, vendo as cifras recadoras previstas tan dispaes, semella que os modelos deben ser bastante diferentes.

Tamén queren implantar un imposto autonómico sobre bebidas azucradas para recadar 15 millóns de euros —estoume a referir ás emendas do Grupo Mixto neste momento; volve- mos—, pero, de novo, sen ningún modelo concreto de tributación. Aquí tamén me dirixo ao Grupo Común da Esquerda, que formula este mesmo tributo para recadar 500.000 euros, e ao BNG, que o fai para recadar 15 millóns de euros. Tampouco nesta ocasión ningún destes grupos propón un modelo concreto.

E seguimos con outra proposta doutro novo imposto. Neste caso para os pisos baleiros ou turísticos ou para os grandes propietarios. Prevén recadar 2 millóns de euros, outra vez sen explicar como. Ao respecto, direille que a Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas de Galicia regula o canon de inmobles declarados en estado de abandono, que gravará aqueles bens inmobles que sexan declarados en estado de abandono polo Instituto Galego da Vivenda e Solo. Este canon comezará a aplicarse o vindeiro primeiro de xaneiro de 2020, e o primeiro ingreso producirase no ano 2021. A xestión realizárase mediante recibo e os ingresos destinaranse a actuacións de rehabilitación na área na que se localicen os inmobles declarados en estado de abandono.

Por outra banda, se o que están propoñendo é un imposto sobre os ingresos procedentes dos alugueiros turísticos, lémbrolle que ditos ingresos constitúen rendementos gravados polo IRPF ou polo imposto de sociedades, polo que a Comunidade Autónoma non pode establecer un imposto propio. Neste caso, o Bloque Nacionalista Galego tamén propón este imposto, pero cunha estimación de recadación case dezaoto veces maior. Tampouco sinalan como, pero está claro que serían modelos moi dispaes pola clara diferenza na recadación: por unha banda, 2 millóns de euros do Grupo Mixto; pola outra, 35,2 millóns por parte do BNG. Sorprendente.

Sobre a revisión de beneficios fiscais que formula, cun impacto de 35 millóns de euros, non detallan nada. Imaxino que será porque o único que quere é pintar ingresos sen atreverse a dicir: quero retirar deducións á natalidade, ás familias numerosas, ao acollemento, ao coi-



dado de fillos menores, ao alugamento e compra de vivenda para mozos, familias numerosas e persoas con discapacidade, ou á dedución para empresas de nova creación, que exixen un determinado nivel de emprego. Coido que son exemplos máis que suficientes.

E, finalmente, pensa incrementar en 15 millóns de euros un plan de inspección e loita contra a fraude fiscal. Pois ben, estamos de acordo —como dixen hoxe á mañá— na estratexia, ví-mola impulsando dende o ano 2009, con especial reforzo trala creación da Atriga. Así, xa no ano 2018, a Atriga logrou aflorar 178,3 millóns de euros de débeda non declarada grazas ás actuacións de control fiscal, o que supón un aumento do 24 % sobre o 2017. Pero non se equivoque, en fraude fiscal as maiores actuacións non dependen da Axencia Tributaria de Galicia.

En canto a onde detraen recursos, algo habitual en todos os grupos parlamentarios é reducir o gasto en persoal eventual, ano tras ano pídeno. É sorprendente, porque din o contrario do que fixeron, e moi especialmente refírome ao Partido Socialista e ao BNG.

Para que teñan un dato, aínda que o vindeiro ano, 2020, será notablemente inferior ao que gastaban vostedes no Goberno bipartito, o gasto en persoal eventual de gabinete é un 22,7 % inferior en termos nominais ao do último ano do Goberno bipartito; é dicir, estamos a aforrar aproximadamente 2 millóns de euros ao ano, cun engadido que tamén me teñen oído outras veces. Neste Goberno non existe ninguén que estea traballando dende o primeiro día e que cobre menos de 1.000 euros, como si sucedía na etapa do Goberno bipartito. Xa lle teño dito noutra ocasión que neste tema tanto o PSdeG como o BNG deberían non intentar facer demagogia, non son cribles.

Tamén é recorrente que pidan rebaixar gastos en partidas ás que destinamos de media moito menos da metade que o anterior Goberno. De novo, lémbrolles os datos actualizados. En gasto en material de oficina baixamos máis dun 53 % respecto do 2009; en gasto en atencións protocolarias diminuímos un 52 %; en gasto en reunións, conferencias, cursos, diminúen máis da metade; en gasto en publicidade e propaganda reduciuse máis dun 60 %.

En canto ás minoracións que formula, xa sei que existen emendas que xa non podemos atender, aínda que poidan ser algunhas interesantes porque retiran cartos para financialas de partidas condicionadas por transferencias finalistas.

Logo hai un paquete de onde retiran as transferencias das entidades, pero non adaptan o orzamento destas. Refírome, por exemplo, a Amtega, Axencia de Infraestruturas, a Galicia Calidade, ou á Cidade da Cultura, entre outros.

Evidentemente, son catro grupos e non podo ir ao caso concreto, pero tan só lles direi algunhas outras emendas que retiran recursos para actuacións básicas. Estou a pensar, por exemplo, a de seguridade no traballo e vixilancia da saúde.

Finalmente, nas partidas que aumentan gasto hai unha imposibilidade xeral de podelas ter en conta, xa que mentres indican que os plans que propoñen ascenden a 489 millóns de euros, despois a suma de todos estes plans eleva a cantidade ata os 537. Un desfasamento, nunha simple suma, de 48 millóns de euros; por tanto, non podemos tomalas en consideración.



Á voceira do BNG, igual que ao Grupo Mixto, dígolle que non queremos subirles os impostos aos galegos en algo máis de 225 millóns de euros. En primeiro lugar, rexeitamos que os galegos paguen 47 millóns máis polo imposto de sucesións. Remítome ao dito ao Grupo Mixto. Rexeitamos incrementar 22 millóns de euros ao IRPF con novos tramos de renda superiores aos 120.000 euros. O noso modelo é un sistema tributario máis equitativo, cunha rebaixa ás rendas medias e baixas, como tratamos de argumentar hoxe pola mañá.

Permítame determe na suba do imposto de patrimonio en 39,1 millóns de euros. Resulta que o BNG, cando gobernaba, aplicaba, entre 2005 e 2009, a actual tarifa, e agora quere subila nada máis e nada menos que en 40 millóns de euros. Iso si, sen explicar o mínimo exento que queren establecer e a tarifa.

En canto ao imposto sobre a prestación de servizos de comunicacións electrónicas, co que pretenden recadar 5,1 millóns, tan só lembrarlle que Cataluña o estableceu no 2014 e foi declarado inconstitucional polo Tribunal Constitucional no 2017.

Sobre os impostos de grandes superficies, sobre vivendas baleiras e sobre bebidas con exceso de azucre, remítome ao dito para o Grupo Mixto.

En canto ás minoracións, algunhas emendas, igual que pasaba co Grupo Mixto, non se poden aceptar porque diminúen ou eliminan partidas financiadas con fondos europeos e fondos finalistas do Estado, e non poden destinarse á alternativa que propoñen. Por citar un exemplo, o BNG non quere que se auditen os fondos europeos, dígoos porque retiran a partida que ademais ten cofinanciamento europeo. Tamén queren eliminar a metade da transferencia prevista para concellos na recollida selectiva de residuos, igualmente cuns recursos cofinanciados.

Das reducións que formulan sobre o persoal de gabinete ou gastos inmateriais non vou insistir, cada un retrátase cando ten ocasión. Pero hai outras minoracións verdadeiramente sorprendentes. Queren eliminar programas de incentivos para a contratación de mozos e maiores de 45 anos e parados de longa duración por 11,2 millóns de euros. E piden eliminar 4,6 millóns de euros dos autónomos. ¡Curiosa maneira de favorecer estes colectivos prioritarios!

Tamén retiran 2 millóns de euros da rede de apoio ás persoas no rural; e tampouco parece que aposten moito polo sector forestal porque queren eliminar na práctica a Axencia forestal.

Podería seguir poñendo exemplos. Mesmo hai partidas nas que incluso minoran máis ca o crédito que temos asignado para o 2020, quero pensar que por erro. Atopamos tamén varias partidas que incluso se eliminan máis dunha vez.

E nos maiores gastos que formulan, na gran maioría dos casos aumentan recursos e actuacións que xa están garantidas nos orzamentos. Estoume a referir a emendas como as de reforzar a atención primaria, garantir a prevención bucodental, a produción e distribución do sector audiovisual ou a normalización lingüística na infancia ou na adolescencia. Creo que son todas cuestións atendidas nestas contas entregadas na Cámara, pero, como todo nesta vida, seguro que se lle preguntamos a cada conselleiro ou a cada conselleira a propensión ao gasto sería moitísimo máis alta. Por todas estas razóns, non podemos incorporar as súas emendas.



Grupo Común da Esquerda. Tamén estamos en contra —como xa lle dicía— de subirlles aos galegos os impostos en 150 millóns de euros, señora Torregrosa, e incluír outros 410 sen base legal ningunha.

Comecemos polas subas de impostos. Piden 49,5 millóns máis do imposto de sucesións e doazóns e pretenden recadar anulando a rebaixa co Goberno galego e revisando os beneficios fiscais. Non podo concordar, obviamente, e coido que xa está suficientemente contestado cando trataba de contestarlles ao Grupo Mixto e ao BNG.

O mesmo podo dicirlle da suba do imposto de patrimonio, que no seu caso chegaría a aumentar a carga tributaria en 52 millóns de euros. E sobre aumentar o tipo de gravame do imposto sobre dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos de auga encorada, así como crear outros de grandes superficies, creo que contestei anteriormente.

Outras das súas propostas é revisar os beneficios fiscais nos impostos de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para que os galegos paguemos 2 millóns de euros máis. Non parece tampouco razoable, porque neste caso estamos a falar de deducións que benefician a mozos, familias numerosas e persoas con discapacidade. Así como deducións por adquirir vivendas en zonas pouco poboadas.

Finalmente, tamén propoñen mellorar o Plan de inspección contra a loita e a fraude fiscal, eses 10 millóns de euros dos que falaba. Insisto, non só estamos de acordo, creo que os datos que temos na Axencia Tributaria, na competencia que é propia da Comunidade Autónoma, así o están corroborando, outra cousa é o concepto de economía somerxada e o que é responsabilidade doutras administracións.

Vexamos agora a súa proposta de aumentar a previsión de ingresos do Estado en 410 millóns de euros. Caen no erro doutros anos porque —insisto— non ten base legal ningunha. Polo tanto, a miña explicación ten que ser a mesma que en anos anteriores. O importe dos anticipos a conta determínanos a Administración central, que comunica as contías correspondentes a cada concepto, aínda que neste caso, como incumpriu isto o Goberno central en funcións, tiveron que ser os técnicos da Consellería de Facenda os que fagan unha estimación sobre o caso, coma sempre.

Fomos rigorosos e prudentes, ao contrario que vostedes, que queren inflar as entregas a conta do sistema de financiamento e do FCI en nada máis e nada menos que 410 millóns de euros. Igual que lle dixen ao Grupo Mixto, no se preocupen, que se hai un novo Goberno do Estado e logra, por fin, aprobar uns orzamentos e estes inclúen máis ingresos do FCI, non teñan ningunha dúbida de que se incluírán, pero a día de hoxe iso non é posible.

No caso das entregas a conta, quero aclararlle como funciona. O importe desta transferencia recolle o 98 % das entregas calculadas para cada cesta de impostos e do fondo de suficiencia, tal e como establece a Lei 22/2009, polo que, de orzamentar o cen por cento, estaríamos inflando artificialmente os ingresos a recibir no exercicio, neste caso, un 2 %, e estaríamos inflándooos en máis de 150 millóns de euros. Por tanto, se engadimos os fondos non suxeitos a entregas a conta co 2 % que se retén, xa superarían a media dos 338 millóns de euros de liquidacións á que aluden na súa emenda.



Con esta explicación, coido que queda claro que a súa proposta ten de todo menos, precisamente, rigorosidade. Deberían ler, por favor, con calma a norma que regula o sistema de financiamento, que, esteamos de acordo ou non, é a base legal coa que contamos.

En canto ás minoracións, repiten incongruencias de anos pasados como a do feito de propoñer minoracións a entidades que xa comentei antes, como Amtega, a Axencia de Infraestruturas ou Augas, e logo non axustan os orzamentos destes. Outras minoracións non se poden levar á práctica porque son fondos finalistas, tamén o comentei. Chegan mesmo a propoñer retirar unha partida dun millón de euros do fondo retributivo de concertos escolares. ¿Quere isto dicir que están a favor de que non se financien as retribucións dos profesores destes centros?

En relación co aumento dos gastos, non coinciden as cifras que achegan, pois propoñen aumentos en distintos plans que suman 892,1 millóns, pero o importe asignado a cada plan —que non en todos os caos coincide co sinalado no texto— resulta que dá 920,1 millóns de euros, un desfase de 28 millóns de euros, se ben é certo que é menor que ao que me refería anteriormente do Grupo Mixto, pero bueno.

Para rematar, existe un conxunto de movementos que non se poderían facer, nalgúns casos, porque repiten cousas doutros anos cambiando os importes, pero non axustando a estrutura orgánica que temos vixente neste 2019 para 2020. Como poden comprender, non é posible aceptar estes cambios.

Ao voceiro do Partido Socialista. Rexeitamos de novo ter que subirlles os impostos nuns 180 millóns de euros, tal e como propoñen, a todos os galegos. Iso, desgraciadamente, xa llo deixaremos ao PSOE e acompañantes no nivel estatal.

Non queremos que os galegos paguen 20,4 millóns máis polo IRPF. Propoñen un aumento da escala autonómica para bases superiores a 47.600 euros, sen fixar a mesma. Ao respecto —insisto—, o noso modelo tributario é coñecido e socialmente aceptado: rebaixar os impostos ás rendas medias e baixas. Tampouco queremos que os galegos paguen 28,1 millóns de euros máis polo imposto de patrimonio. Neste caso, humildemente tamén lles digo que resulta aínda máis incoherente. Xa llo dixen ao BNG, temos a mesma tributación que o Goberno bipartito entre 2005 e 2009. E no caso dos socialistas é aínda máis sorprendente, porque hai que recordar que foi un goberno socialista —o do señor Zapatero— o que suprimiu temporalmente este imposto.

Tamén resulta sorprendente que, igual que o ano pasado, desde o Partido Socialista pidan incrementar a nosa previsión de ingresos en 65 millóns máis pola recadación do imposto de sucesións e 21 máis polo de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Reitero o que dicía tamén hai doce meses. Baséanse vostedes para facer este cálculo en dereitos recoñecidos netos, o que resta rigor á estimación que realizan porque nesa cantidade están incluídos tamén os importes procedentes de anos anteriores, ben porque a Administración tributaria concedemos un aprazamento ou un fraccionamento do ingreso, ben porque ese ingreso se atopa suspendido ou está en período voluntario de pago, que, tal e como establece a normativa autonómica, se anulan ao final do exercicio. Por tanto, non son previsións de aumentos de ingresos consistentes.



Tampouco queremos que os galegos paguen 24,5 millóns máis por impostos medioambientais. Ademais, con todo respecto, calcan as propostas do ano pasado; non me pidan, por tanto, que eu sexa orixinal na miña resposta.

En canto ao imposto sobre instalacións que incidan no medio ambiente, como as de telefonía, telemática e as liñas de transporte da enerxía eléctrica, seguimos descoñecendo como as calculan. O importe imputado a esta medida, de 18 millóns de euros, é o mesmo que o do ano pasado. Digo isto porque neste imposto —que xa teñen algunhas autonomías— a cota oscila entre 175 e 1.200 euros por quilómetro de liña de alta tensión. Con estes tipos, a recadación oscilaría entre 1 e 2,2 millóns de euros, polo que non parece moi aconsellable crear un imposto para recadar esta contía.

En canto ao imposto sobre emisións de gases nocivos á atmosfera para recadar 6,5 millóns de euros —a mesma contía, de novo, que o ano pasado— igualmente descoñecemos como se calcula e non sabemos cales son os gases nocivos que se pretenden gravar. Actualmente, en Galicia existe un imposto propio que grava as substancias contaminantes á atmosfera dende o ano 1996, o imposto sobre contaminación atmosférica, que grava os compostos oxixenados de nitróxeno e de xofre.

Pola súa banda, sobre o aumento do tipo de gravame do imposto de dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada, para recadar 6,5 millóns de euros, tamén creo que xa está contestado cando me refería ás emendas doutros grupos, e o mesmo para outras cuestións.

Sobre as minoracións que formula, loxicamente, non podemos eliminar máis da metade da partida consignada para a construción de vivendas. E deben considerar que non é unha boa práctica mobilizar terras improdutivas, posto que reducen ao mínimo a partida prevista para isto. Tampouco estamos de acordo en retirar financiamento para actuacións hidráulicas prioritarias que, ademais, teñen o cofinanciamento europeo. E, por suposto, non queremos renunciar aos recursos previstos para a conservación de estradas. E despois tiven que oír, e todos oímos hoxe á mañá o que oímos, en materia infraestrutural. Falar e escribir algo distinto.

Por non falar das diminucións que formulan no persoal de gabinete, que xa dicía antes, ¿e por que non lle facemos esta proposta tamén á formulación actual e á que poida vir do gabinete do señor Pedro Sánchez, con ese incremento desaforado en gastos de persoal eventual? (*Murmurios.*) É que somos uns verdadeiros... —¡vamos!— fenómenos. (*Murmurios.*) E se temos en conta os incrementos que propoñen, a maioría creo que están atendidos polo orzamento presentado.

Só quixera —perdón— determe nunha partida moi concreta, ¡piden aumentar os recursos para o mantemento de centros de saúde dos concellos! ¡Eu non sei! No artigo 57 deste proxecto de lei xa se establece que o fondo adicional ao fondo de cooperación local terá entre os seus destinos 2,3 millóns de euros para os concellos de menos de 50.000 habitantes que teñen que asumir gastos de funcionamento ao cen por cento, e, sen embargo, aínda queremos... (*Risos.*) ¡non hai coherencia!



E despois hai algunha outra emenda que chama poderosamente a atención porque piden 1,5 millóns de euros para a conversión da AP-9 como viario urbano en Vigo, cando é unha estrada de titularidade estatal! (*Murmurios.*) Eu xa comprendo que todo o que sexa a Xunta... (*Murmurios.*) Por non falar de que se atreven a pedir unha partida para o transporte público ao aeroporto de Peinador. Realizan esta proposta cando o Concello de Vigo rexeitou asinar o acordo para adherirse ao transporte metropolitano, (*Aplausos.*) necesario para chegar a calquera acordo relacionado co sistema tarifario e de subvencións, como tamén coñecen. Creo que son exemplos máis que suficientes para xustificar que non podemos apoiar as súas propostas.

Vou rematando. Coas explicacións que acabo de sinalar, unidas a algún dos exemplos que puxen —non digo a todos—, coido que queda claro que non podemos aceptar as emendas dos grupos da oposición. Reitero. En materia de ingresos non queremos apoiar un modelo que se caracteriza por buscar máis capacidade de gasto con ingresos que non se poden incluír nos orzamentos e por conseguir máis ingresos aumentando impostos xa en vigor ou creando outros novos.

En canto á minoración de gastos, os grupos da oposición reducen partidas fundamentais e prioritarias para a acción do Goberno galego e detraen fondos de partidas finalistas que non se poden destinar a outro cometido. Ademais, chegan a propoñer cuestións que non son de competencia autonómica. Por todo isto, considero que o máis coherente e tamén máis acertado é manter o noso modelo de crecemento san, con máis e mellores servizos públicos, co maior investimento posible do conxunto de comunidades autónomas e novas rebaixas impositivas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Grupo non emendante. Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Hai un ano, neste mesmo debate eu fixen unha broma ao inicio da miña intervención e pedínlle ao presidente do Parlamento que abrise unha pequena claraboia... (*Murmurios.*) (*Prodúcese unha incidencia co micrófono.*)

Grazas, presidente.

Hai un ano, neste mesmo debate eu fixen unha broma no inicio da miña intervención instando o presidente do Parlamento a abrir unha claraboia no tellado porque había un paracaidista esperando para entrar no Parlamento e desprazar o señor Leiceaga da portavocía do Grupo Socialista. O paracaidista caeu, debeu de mancarse porque hoxe non quixo falar, je iso que estamos no debate máis importante do ano nunha Cámara parlamentaria como esta! Ou iso, ou é que o paracaidista non é o suficientemente valente e nin sequera ten un proxecto político para defender nesta Cámara un proxecto alternativo. (*Aplausos.*)



Nós, señor Leiceaga, imos botalo en falta —dígollo con sinceridade—, porque, dende logo, o que queda claro é que no Partido Socialista do señor Caballero non hai oco para aqueles que demostran valía, para aqueles que demostran talento, para aqueles que saben verdadeiramente de economía, para aqueles que teñen capacidade de dialogar con outros grupos políticos distintos do seu; para todos eses non hai oco no Partido Socialista do señor Caballero; (*Murmurios.*) un señor Caballero que permanece ausente porque o paracaidista debeu mancarse. (*Murmurios.*)

Non quixera eu facerme pasar por aprendiz de bruxo, pero algunha das predicións que fixemos nesta Cámara naquel debate hoxe están cumpridas. Naquel debate falamos do relevo do señor Leiceaga, tamén falamos —señor Sánchez— da ruptura das Mareas de Podemos, (*Murmurios.*) e tanto unha cousa como a outra pasaron. Polo tanto, con esa bagaxe, permí-tame que faga unha terceira predición —eu estou seguro, a verdade é que é bastante pouco arriscada, moi predicible—. Mire, o Goberno de Pedro Sánchez e Pablo Iglesias —ou de Pedro Iglesias, como dicían xa a semana pasada— vai ser nefasto para España, pero estou convencido de que vai ser aínda peor para Galicia. É un goberno que nace apadriñado polo señor Rodríguez Zapatero, preludio do que sempre fai a esquerda neste país, especialmente nesta maridaxe difícil de entender: máis paro, máis impostos e máis débeda. Iso é o que vai acontecer en España e esas son, precisamente, as propostas que vostedes traen a este debate de orzamentos: máis paro, máis impostos e máis débeda.

Dende o Grupo Parlamentario Popular, dende o Grupo Parlamentario maioritario desta Cámara, hoxe reivindicamos a normalidade excepcional que supón que o Goberno veña presentar e aprobar os seus orzamentos e que o faga en tempo e forma. Que completan unha década de rigor, de capacidade de xestión e de estabilidade política en Galicia; unha década de crecemento económico e de creación de emprego.

Dito isto, veremos que din todos estes grupos que se mofaron desta reivindicación cando o Goberno que todos vostedes van defender non sexa quen de facelo a partir do vindeiro mes. Porque o que vostedes din que é normal, que é o mínimo que debe facer un goberno, é o que non deu feito o señor Pedro Sánchez durante o último ano e medio. E cremos que dificilmente vai poder facelo de aquí en adiante da man de grupos como as Mareas de Podemos, como o PNV, Bildu, Esquerra Republicana de Cataluña e toda a tropa na que vai ter que apoiarse o señor Pedro Sánchez.

Hai cousas que non cambian, ano tras ano, neste debate, (*Aplausos.*) e unha das máis significativas é que a oposición trae un auténtico sablazo fiscal para o conxunto dos galegos; ou ben propoñen a suba de impostos ou ben a creación de novos. En total, a factura da suba masiva de impostos que propoñen ascende a 704 millóns de euros: 232 millóns de euros que o BNG quere sacar dos petos dos galegos, 171 millóns de euros que o PSdG-PSOE quere sacar do peto dos galegos, 140 millóns de euros que Esquerra en Común quere sacar dos petos dos galegos e 161 millóns de euros que quere sacar do peto dos galegos o Grupo Mixto. Esa é a súa alternativa, ese é o seu modelo.

Por certo, falando de subidas masivas de impostos, estaría ben que se puxeran vostedes de acordo —dicíao o conselleiro na súa intervención—, porque nin sequera están de acordo



entre vostedes mesmos. Por IRPF o BNG quere recadar 22 millóns de euros; Esquerda en Común, 20; e o Grupo Mixto, 6. Por patrimonio, o BNG, 39; o PSOE, 28; Esquerda en Común, 52; e o Grupo Mixto, 9. Por imposto de auga encorada o PSOE pretende recadar 6,5 millóns, pero o grupo Mixto 50. Por imposto de grandes superficies o BNG pretende recadar 61 e Esquerda en Común, 4. Oia, ¡hai unha coherencia, nas súas propostas, impresionante!

Outra das cuestións que non cambia ano tras ano é que vostedes pretenden que a Xunta de Galicia funcione sen luz, sen auga, sen teléfono, sen ordenadores, sen material de oficina. E iso é o que pasaría se nós hoxe apoiásemos de forma irresponsable as súas emendas. Pero ¿que ocorre? A realidade é que, cando vostedes gobernan, non fan o mesmo. Están preocupados vostedes polo persoal de gabinete e están preocupados polos gastos de publicidade e propaganda. Explicábao o conselleiro. Os gastos de persoal de gabinete reducímolos, dende que gobernaban vostedes a agora, un 22 %; os de publicidade e propaganda reducímolos un 60 %.

Pero teño a sensación de que vostedes practican aquilo de: «fai o que eu digo, non o que eu fago». Porque non é pensar o que vai facer o próximo Goberno, non, non, é pensar o que xa fixo o Goberno de Pedro Sánchez cando chegou no verán pasado á Moncloa: «Sánchez dispara o custo salarial dos seus ministros un 30 %», «Sánchez dispara o persoal asesor un 25 %». Esa é a realidade: «*Pedro Sánchez coloca a sus afines en la gestión de empresas públicas*». «*Sánchez monta en un mes el mayor aparato de altos cargos de la historia de la Moncloa*». Ese é o seu modelo, vostedes veñen aquí propoñer unha cousa e facer a contraria. (Aplausos.)

Outro exercicio moi interesante é o de ver como a esquerda aplica os seus propios recortes con respecto ao que propuñan o ano pasado. Comparemos o que propón a oposición este ano e o que propuña o ano pasado. Partido Socialista, reduce en 41 millóns de euros as súas partidas para emprego con respecto ao orzamento alternativo do ano pasado; concretamente, reducen 2,5 millóns de euros para emprego feminino e reducen 12 millóns de euros para emprego xuvenil. Reducen un 40 % o seu orzamento para atención temperá, eliminan unha partida de millón e medio de euros de innovación para pequeno comercio e unha partida de 4 millóns para pensións non contributivas.

O Grupo Común da Esquerda —señora Torregrosa, supoño que por iso está vostede tan desesperanzada— reduce un 25 % a partida para emprego feminino, de 20 millóns a 15 millóns —esa é a súa proposta—; reduce un 50 % a partida para atención a persoas sen fogar, de 10 millóns a 5 millóns; reduce de 15 a 10 millóns a partida para incorporación de mozos ao rural; e reducen de 18 a 10 millóns a partida para xestión de residuos na comarca da Limia.

O BNG vese que cada vez cre menos na banca pública galega. O ano pasado pedían 12 millóns de euros para a banca pública galega e este ano 2; ou non fai falta, ou xa non cren nela. Menos en innovación. O ano pasado pedían 22 millóns de euros para I+D+i e este ano piden só 12. Partidas que desaparecen respecto do ano pasado: 2 millóns de euros do Plan contra a sinistralidade laboral, 4 millóns de euros de Plan de emprego xuvenil.

Miren, nós estamos satisfeitos de ter e de aprobar os orzamentos máis sociais da historia de Galicia. Hoxe dedícanse a orzamentos sociais, a políticas sociais, 7.400 millóns de euros para



o próximo ano; cando gobernaban vostedes, 6.740 millóns de euros. Esa é a realidade..., (O señor Casal Vidal pronuncia palabras que non se perciben.) señor Casal.

Mire, señor Lago, cando gobernaban vostedes, a familia e a infancia —vostede, ademais, participaba daquel goberno— 106 millóns de euros no ano 2009 —¡deflate vostede o que lle dea a gana!—, este ano 160 millóns de euros. (Aplausos.) Inclusión: cando gobernaban vostedes, 87 millóns de euros; no ano 2020, 120 millóns de euros. En discapacidade: vostedes, 50 millóns de euros; nós, o próximo ano, 115 millóns de euros. En dependencia: nós, 454 millóns de euros; vostedes, 266 millóns de euros. Pode deflatar o que lle dea a gana, a realidade é que os números non lle dan a razón. (Aplausos.)

Miren, levamos escoitando unha cantilena permanente cada vez que vostedes soben a esta tribuna. A sanidade galega está fatal, fatal, totalmente na miseria. Faltan profesionais a milleiros, infraestruturas a ducias, faltan moitísimos recursos. E agora que vostedes teñen ocasión de facer un orzamento alternativo, supoñemos que quererán resolver este problema dunha sanidade que está fatal a través das emendas.

¿Sabe canto lle soben vostedes o orzamento á sanidade nestes orzamentos alternativos que propoñen? O Grupo Común da Esquerda, cun 2,5 % de incremento están satisfeitos. O BNG, incrementando os fondos da sanidade nun 1,5 % están satisfeitos. O Grupo Mixto, con incrementar os orzamentos da sanidade o 1,4 % está satisfeito. E o Grupo Socialista —o señor Torrado non volve falar deste asunto—, 1,1 % de incremento. ¿Pero non estaba tan mal a sanidade pública galega? (Murmurios.) ¡Como propoñen no seu orzamento unhas subidas tan mínimas! Eu creo que, en realidade, con estas emendas vostedes se emendan a vostedes mesmos.

O mesmo acontece coa educación, esa educación desmantelada, esa educación destrozada, privatizada, esa educación feita un desastre. Agora que teñen ocasión de facer uns orzamentos alternativos, ¡home, poñamos recursos! ¿Canto lle soben á educación vostedes? O Grupo Socialista, un 2,7 %. Pero ¿non estaba tan mal? O BNG incrementa o orzamento na educación un 0,5 %. Pero ¿non estaba tan mal a educación? (Murmurios.) ¿Non estaba tan mal? ¡Haberá que subirlle máis! O Grupo Común da Esquerda, señora Chao, incrementa o gasto da educación...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...un 0,1 %. (Murmurios.) Pero ¿non estaba tan mal? Pero ¿non estaba tan desmantelada, tan destrozada, tan privatizada? ¿Non estaba tan mal?

Eu creo que o serio e o responsable é recoñecer que temos uns orzamentos que garanten a estabilidade política e a estabilidade económica de Galicia, que medran un 3 %, que medran con menos impostos, con máis gasto social, con máis investimentos, con melloras para os empregados públicos, con menos débeda, con mellores servizos públicos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: O que medra tamén é a demagogia dunha oposición que non ten proxecto, que non ten ideas, que está esgotada e que mira o reloxo do final da lexislatura.



O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Nós imos seguir traballando...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...para Galicia e para os galegos dende o rigor, dende a seriedade, e sabendo que os orzamentos son un instrumento fundamental para deseñar...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...a Galicia do futuro.

Lamento que o señor Caballero...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...hoxe teña outras prioridades e non quixera participar...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado, grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...no debate máis importante do ano.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, grupos emendantes.

Grupo Mixto, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, a verdade é que eu sempre me fío máis dos seus datos que dos meus, porque, ¡claro!, vostede ten unha recua de asesores e eu teño só o meu *ipad* para asesorarme. (*Murmurios.*)(*Risos.*) Eu só teño o meu *ipad*, pero o meu *ipad* di (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) que o total de partidas orzamentarias que plantexamos incrementar é de 489 millóns de euros e que o total de ingresos que plantexamos incrementar é exactamente de 489 millóns de euros. Xa me dá a impresión de que o seu *ipad* ou algún dos seus asesores sumou mal. Revíseo.

Podemos meter a pata en moitas cousas, pero habitualmente as excel non meten a pata, aínda que —xa digo— pode colarse sempre unha cela por aí. Pero acabo de sumar agora á man e dá exactamente a mesma cantidade; ou sexa que 48 millóns máis de gasto que de ingreso eu non os atopo por ningún lado.



Efectivamente, di o señor Tellado que moita demagogia porque nos gastos totais se incrementan pouco as partidas. Claro, é que non hai maneira, non hai de onde sacar. Pero unha cousa é o incremento absoluto e outra cousa é como se reparte o custo. Se vostede está de acordo con que só incrementemos en sanidade —non recordo a cantidade que dicía— arredor do 2 %, pois xa está, ¡merquemos o hospital de Povisa, que as nosas contas cadran con iso! (*Murmurios.*) ¡Claro!, gasten onde hai que gastar, ¡gasten onde hai que gastar! Entón, se realmente están de acordo con todo, vamos repasar partida por partida, a ver se se pode facer todo o que nós facemos.

Por outra parte, a verdade é que quedei encantado de ver o bo humor con que o Grupo Popular recibiu a miña anterior intervención. Parece que xa teñen asumido con deportividade que este é o seu último orzamento como goberno e tómano con deportividade. A verdade é que iso é de agradecer.

Polo tanto, eu plantexo a toda a oposición que o que podemos facer é aproveitar o tempo e comezar a articular unha alternativa que de verdade poña en marcha un plan de desenvolvemento socioeconómico nacional de Galicia que vaia moito máis alá dunha axenda galega. Iso podería valer para o Partido Rexionalista de Cantabria ou para Teruel Existe, ou incluso para o Partido Popular de Galicia, que tamén ten unha axenda galega. Pensamos que como realidade nacional temos que ir moito máis alá, que temos moitas máis potencialidades, e iso implica que temos que ser moito máis ambiciosos no orzamento da Xunta de Galicia e tamén nas xustas reclamacións ao Estado. Por iso plantexamos un plan —como xa digo— de desenvolvemento económico nacional de Galicia que verdadeiramente atenda á realidade do país real, non do país de tecnicolor que nos están a vender aquí día tras día.

Por exemplo, o señor Tellado en Ferrolterra, As Pontes e tal, a ver que lles vai dicir aos señores das Pontes cando lles explique que non hai nin unha soa partida específica para solucionar o problema da transición enerxética nas Pontes. Nese orzamento de En Marea que se incrementa tan pouco hai 12 medidas moi concretas, ¡concretísimas!

Despois, no desenvolvemento da mobilidade das áreas metropolitanas, ao mellor a soberanía implica decidir que é mellor, construír 10 quilómetros de AVE ou facer un tren a Ferrol que tarde trinta minutos. Ao mellor tamén ao señor Tellado lle gustaría poder decidir isto. Dez quilómetros de AVE custan o mesmo que arranxar o tren Coruña-Ferrol para que tarde trinta minutos, pasando por Pontedeume, Miño, Betanzos, Culleredo, o Burgo e a Universidade de Coruña. É dicir, isto é soberanía nas decisións. Isto é soberanía nos orzamentos.

Tamén unha Galicia coas redes dixitais á altura do que a nova economía precisa, por iso o plantexamos nas nosas emendas. E que Retegal sexa a que asuma o desenvolvemento das redes de alta velocidade, sobre todo nos núcleos rurais. Porque as subvencións masivas que lle entregan vostedes a Telefónica e a R o que fan é investilo onde lles interesa a eles máis polo seu negocio e non tanto polo interese público.

Non vou ter tempo, pero na mesma liña poderíamos falar do naval. Deberían vostedes querer influír nas decisións de Navantia, dino permanentemente, pero, en cambio, non queren estar no seu consello de administración. Por unha parte, queren influír, por outra parte, non que-



ren ser partícipes das decisións. Ou plantexar unha base de reparacións navais en Vigo, que tamén o presentamos nas nosas emendas.

Ou desenvolver verdadeiramente unha industria cultural cara ao mundo que, ademais, asegurara os dereitos lingüísticos. Miren cara a outras nacións con fortes culturas como os países celtas ou os nórdicos, tamén con ámbitos culturais limitados, pero que, grazas a unha decisión de país, conseguiron novas formas de chegar a públicos de todo o mundo desenvolvendo unhas potentísimas industrias culturais.

Por exemplo, máis investigación pesqueira cara aos problemas que vai traer o *brexit*... E moi-tísimas máis cousas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASAL VIDAL: Sobre o que comentaba o conselleiro de que non xustificamos, ¡evidentemente!, isto é unha proposta numérica de subidas e baixadas, non entramos a desenvolver as leis que as soportarían. Pero estaríamos encantados —se vostedes o aceptan, que nunca o aceptan— de debater neste Parlamento como sustentar eses incrementos fiscais. Asegúrolle que poderíamos dar soporte a todas esas cantidades que plantexamos neles. Deixen que o debatamos, porque cada vez que traemos unha lei como, por exemplo, a do imposto sobre bebidas azucradas, vostedes impediron que se debatera. Pois deixen que debatamos todas estas propostas, ¡xa verá como as podemos xustificar!

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Hoxe non puido vir o señor conselleiro de Economía, Emprego e Industria a este debate, pero xa está o señor Tellado para falarnos de rigor. Eu xa case o estaba botando de menos, señor Tellado. Pero para rigor o seu, para rigor o seu, que para desmontar as alternativas que presentaba a oposición tivo que acumular todas as propostas fiscais, ¡acumulalas! Non son acumulables, señor Tellado, son alternativas. Pero, en todo caso, vostede... (*O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.*) Non se preocupe, non se preocupe, cando teñamos que acurtalas, habemos acurtalas, ¡por iso non teña ansia!, pero creo que non están vostedes para falar de rigor.

En todo caso, véxoo preocupado porque destinamos poucos cartos desde o BNG á banca pública galega. Non se preocupe, se quere, chegamos a unha transacción. En todo caso, nunha liña política alternativa, porque xa sabemos o que pasa con regalar cartos públicos á banca cando están vostedes, ¡xa sabemos o que pasa! (*Aplausos.*) Claro, loxicamente, 2 millóns ao lado de 65.000 millóns de euros parécelles pouco. Parécelles tan pouco que agora queren regalarlle cartos á banca tamén para que lles paguemos nós os caixeiros desas entidades bancarias que pecharon despedindo xente por todo o territorio. En fin.



Señor conselleiro, basicamente vostede veunos repetir o mantra de todos os debates: de que non sabemos, que non o entendamos como falta de vontade... ¡Home, señor Martínez!, no que vai de lexislatura, ¿cantas emendas da oposición aceptaron? ¿Cantas? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu, se mal non lembro, se non estaba ausente nalgún momento, cero, ¡cero! Cero á totalidade, que ten o seu sentido, pero cero tamén en emendas parciais. Mire, en toda a lexislatura... —xa que o señor Tellado tamén falou de goteiras— aceptaron unha emenda parcial do seu propio grupo para poñer arranxos a un cole de Burela no que chovía dentro e que agora volve chover dentro. Ou sexa que, ¡imaxine vostede que esperanza temos en que poidan aceptar algunha emenda se as facemos ben!

E xa lle teño dito algunha vez que algún ano imos probar a poñer unha emenda dun boli Bic. Ou, se non, xa que o señor Santalices nos agasallou cunhas botellas ecolóxicas para encher a auga, eu estou segura de que se facemos unha emenda para propoñer que lle compren unhas cantas botellas de auga reciclables aos funcionarios da Consellería de Facenda, ¡nin así! Buscarían algunha desculpa porque, ao final, é un debate político, non se trata da técnica orzamentaria. O problema non son os gastos que retraemos, o problema non son os programas que adxudicamos, o problema é que, efectivamente, hai un modelo político alternativo, señor Martínez. Polo tanto, non nos veña aquí con retórica de por que non nos aceptan as emendas, porque non é que nós non fagamos o noso traballo ben, señor Martínez, é que hai diferenzas importantes.

O mesmo no sistema fiscal. ¡Home!, eu fágolle unha proposta tamén. Se a vostede o que lle preocupa é que concretamos pouco como desenvolveríamos eses impostos, ¡que nos dean cincuenta e un minutos a cada un como a vostede! Cinco impostos que creamos desde o BNG, a dez minutos cada un, pois igual llo explicamos un pouco mellor, pero, desde logo, esa non é a desculpa.

En todo caso, tamén chama a atención que veñan coas mesmas desculpas de sempre, pódono repetir unha e outra vez pero non por iso vai ser certo. Como a cuestión do persoal eventual de gabinete. Gastabamos moitísimo, gastabamos moitísimo, vostedes aforraron moitísimo... Isto é como o conto de que viñan ao Goberno da Xunta de Galiza acabar cos chiringuitos. Tanto o repetiron, tanto o repetiron dez anos, que lle deron tempo ao Consello de Contas de facer un informe e dicir que iso non só foi ridículo, 17 millóns de euros aforrados —gastaron máis agora na reforma de San Caetano—, senón que non foi significativo e que mesmo introduciron irregularidades na remuneración dese persoal. Ese era o adelgazamento falso de chiringuitos que viñan vostedes a facer. Por certo, o señor Feijóo dicía que ían aforrar 90 millóns e, ao final, non eran nin 17. En fin.

Eu quería aproveitar esta última quenda para poñer de relevo algunha cuestión que na miña primeira intervención non me deu tempo de desenvolver demasiado.

Nós tamén facemos propostas alternativas no ámbito cultural. Efectivamente, señor Martínez, eu non sei como un responsable dun goberno responsable de que a última estatística do Instituto Galego de Estatística nos diga que case un de cada catro rapaces galegos de entre 5 e 14 anos apenas sabe falar galego nos veña presumir aquí duns orzamentos que teñen un recorte acumulado de máis do 60 % en materia de normalización lingüística. ¿Pero non se dá conta



vostede de que fixeron real ese principio do dereito á ignorancia da lingua galega que defenderon coas organizacións galegóforas a partir de 2008 unicamente por interese electoralista? (Aplausos.) Ese é o seu resultado, e chama a atención que veña aquí presumir diso.

En todo caso, insistimos en que na nosa emenda alternativa temos propostas para salvar os servizos públicos dos recortes que vostedes aplicaron. E non é certo que sexa suficiente co que están facendo. E para exemplo, o plan de reforzo que propoñemos de atención primaria, señor Martínez. Saben vostedes que non hai unha semana, unha soa semana, na que nos centros de atención primaria de todo o país non haxa protestas, na que na atención hospitalaria non pase o mesmo, e iso é así por algo. E os médicos e médicas, as enfermeiras, os enfermeiros...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...non se evaporan, se foxen é da súa política laboral, e iso ten responsabilidades, e nas nosas emendas ten alternativas. Como hai emendas tamén para blindar o ensino público, hai emendas tamén para atender o servizo da dependencia desde as entidades públicas galegas e non afondando nesa liña de privatización que tamén condenaba neste último informe o Consello de Contas, advertindo de que máis do 65 % das prazas deste país son privadas.

Ese, desde logo, non é o noso modelo. Vostedes poden adubialo de técnica orzamentaria, pero a cuestión é unha alternativa política de defensa dos servizos públicos, dos sectores produtivos e deste país, ou unha alternativa que só obedece ao neoliberalismo e ao centralismo. Desde logo, nós témolo claro e seguiremos defendendo esta alternativa.

Nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Común da Esquerda, señora Torregrosa.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Moitas grazas.

Señor conselleiro, señor Tellado, estamos a insistir en que o seu modelo é erróneo. Por moito que insistan en dicir que o fan ben, a situación pensamos que está no límite.

Non era cuestión de facer comparación das valoracións económicas ás diferentes emendas, o que está claro é que todos os grupos temos unha visión clara, despois, a valoración económica pode variar, pero o que non varía, claramente, é que vostedes están dunha banda e nós estamos doutra respecto dos dereitos sociais, dos dereitos da xente e sobre quen é unha prioridade.

Vostede di que non quere engadir impostos. Vale, pero tamén se nega a recadar impostos. É dicir, ¿son un colectivo prioritario as herdanzas dun millón de euros? Nós cremos que non, parécenos que non, que están actuando en favor dunha minoría que xa é unha minoría sobreprivilexiada. Creemos que unha persoa que pode herdar por dúas bandas 2 millóns de euros



non precisa axudas nun momento no que temos recortes reais en materia, por exemplo, de políticas de vivenda dun 66,8 %, ¿non?; uns fondos voitre que son xa a maior inmobiliaria galega, con 2.500 activos; 300.000 vivendas baleiras; 14.000 persoas nunha lista de espera agardando por unha vivenda pública; temos máis desafiuzamentos por impago de alugueiros que por hipotecas. Este para nós si que é un colectivo prioritario, entón, cremos que o que hai é unha profunda diverxencia de prioridades políticas entre a cidadanía e os privilexiados.

Cremos tamén que vostedes deberían defender, neste caso do que falamos, a vivenda. Parécenos que é un dereito constitucional o acceso a unha vivenda digna e que a Xunta de Galicia, e vostedes como últimos responsables, así deberían consideralo e así deberían defendelo. E como iso, toda a serie de medidas que, casualmente, creo que os grupos da esquerda estamos a defender. Porque o que defendemos non é tan estraño, é un plan contra a pobreza enerxética, cando estamos a pagar este ano, no noso país, a tarifa enerxética máis alta do Estado. E, claro, tampouco temos que preocuparnos, só nos parece unha prioridade.

Un plan de reactivación industrial que pensamos que non só é bo para os traballadores e as traballadoras, que tamén, senón para todo o conxunto da cidadanía, para os impostos, para o que vai repercutir no crecemento de Galicia.

Nos seus dez anos de goberno destruíronse 22.500 empregos. Das políticas, por exemplo, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, as partidas que se reducen respecto do ano 2019, en termos nominais, son as políticas industriais e as políticas de desenvolvemento empresarial, para iso non teñen problemas en recortar.

Os recursos que se destinan ao turismo son maiores que os que dedican vostedes a todas as políticas industriais: 73,8 millóns, fronte a 58,6 millóns; 15 millóns máis para o turismo que para toda a industria, un 25 % máis.

¿Que outras medidas nos parece que son prioritarias, máis, moito máis, que este tipo de recortes nos impostos para os ricos? Pois, por exemplo, un plan para a transición ecolóxica. Vivimos unha situación de emerxencia climática, e ata hai ben pouco vostedes negaban que houbo un cambio climático; agora xa non o negan, pero hai inacción absoluta pola súa parte.

En Galicia xa sabemos que quen contamina non paga, tampouco nos interesa recadar por alí. Quen contamina fai negocio en Galicia. As eléctricas contaminantes, que están cheas de exdirixentes do PP, evidentemente, fan que iso xa teña unha tendencia política determinada. Como da crise e da transición ecolóxica, falamos de vivenda e falamos de recuperación do medio rural, que tampouco lles importa; dos problemas estruturais que lastran o seu desenvolvemento, a ordenación do territorio, a potenciación dun sistema público de coñecemento e a creación de instrumentos que equilibren a cadea comercial, evitando os abusos contra o sector primario, que é básico no noso país; potenciar a horticoltura e a fruticultura, cultivos de alto valor engadido, tampouco é un sector prioritario. Quero dicir que non é unha cuestión que estean a criticar verdadeiramente, porque non teñen outra cousa que facer, se dicimos 5 ou 25 en cada partida. O que teñen que valorar é que están absolutamente pechados ao diálogo, están pechados a aceptar iniciativas que non sexan as de vostedes. Como xa se dixo aquí, non aceptan nada pero tampouco teñen solucións propias. Entón, verdadeiramente, o camiño que nos



queda con vostedes ao mando é moi triste, e insisto, señor Tellado, estou moi desalentada, moi desalentada por esta crise que se vén enriba mentres vostedes estean aquí.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Torregrosa.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Boa tarde de novo.

Para ser o debate máis importante do ano, non vexo eu o señor presidente da Xunta, e debería estar aí. (*Aplausos.*) Nin vexo o conselleiro de Economía, que tampouco vexo que estivese moi atento ao debate. E é certo... Non sei se hai un... Ao final non fixo vostede... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Tiña medo que fose exectable o sillón e que, igual que un baixa, outro sube, non sei. (*Risos.*) Pode pasar calquera cousa. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señor Tellado, de verdade, eu no lle pido que deflata, para iso temos o deflador de garda, non é necesario. En todo caso, nós propoñemos incrementos en materia de sanidade de 110 millóns, e sobre aproximadamente 4.000 de sanidade, o incremento supera o dous e medio por cento. Dígo para ter iso claro, supera o dous e medio por cento. Igual que en educación. A vostede pareceralle que é pouco, pero, sen dúbida, sería un cambio significativo sobre o que están propoñendo vostedes no orzamento, un cambio moi significativo: duplicar, aproximadamente, as cantidades que están á disposición dos novos xestores para poder facer cousas. Home, se iso lle parece pouco, a verdade é que tiña que ter suspendido a Xunta de Galicia todos estes anos, e vostede viña aquí defender os seus orzamentos. Entón, cada un coas súas responsabilidades.

É certo que tivo vostede moita previsión sobre o que ía pasar nas filas da esquerda, pero o que non preveu foron os batacazos electorais seguidos que tivo o seu partido durante todo o ano 2019. (*Aplausos.*) Iso foi o único que non foi capaz de prever. E, desde logo, o novo Goberno en España pode ter dificultades, pero un goberno Casado con Abascal, que é o único goberno alternativo, fíxese, significaría que hai que revisar o sistema autonómico, cargarse o sistema autonómico; que hai que revisar as políticas de igualdade e violencia de xénero, e así sucesivamente. (*Murmurios.*) Si, si... Si, si, si. En fin, o galego estaría perseguido e algúns partidos desta Cámara terían que... non sei se terían oportunidade de defender as súas ideas. Iso é o que están propoñendo os seus socios, os seus socios reais, hoxe, nalgunhas comunidades autónomas. (*Murmurios.*) Por iso que ás veces é mellor ter un pouco máis de modestia.

Señor conselleiro, é entenecedor ver como vostede defende a súa rebaixa impositiva —creo que collín ben— para as rendas medias e baixas. O que nós lle estamos propoñendo é subir o IRPF a partir de 47.600 euros; nin o salario medio, nin a renda media, nin a renda mediana, están bastante lonxe disto. E vostedes o que propoñen este ano é subir a dedución do imposto de sucesións e doazóns de 400.000 a 1.000.000 de euros, e está falando de rendas medias e baixas. Non, non, non se equivoque. Vostedes o que están é subindo as exencións fiscais ao



1 % da poboación, e nós o que estamos propoñendo é que haxa unha maior contribución por parte dun sector da sociedade que ten máis recursos económicos e máis riqueza para poder contribuír ao sostemento do Estado do benestar. Esa é a diferenza, señor conselleiro, ¡non se equivoque con iso!

Mire, nós podemos ser un tanto incoherentes, pero se vostede fai a conta global do que retiramos e do que subimos, verá perfectamente como hai un incremento moi substancial dos gastos en infraestrutura e verá perfectamente como hai un incremento moi substancial das partidas para a construción de vivenda pública. E claro, se os orzamentos cambian un ano en relación con outro, tamén é normal que as emendas se modifiquen, entre outras cousas, porque hai novidades. A principal contribuíron vostedes a popularizala, e con razón. Hai un problema industrial: hai problemas en Barreras, hai problemas en Isowat, hai problemas en moitos lugares de Galicia, hai problemas na comarca das Pontes. O raro é que, despois dese discurso, vexamos o documento orzamentario e digamos ¿onde están eses cambios trasladados á acción política da Xunta de Galicia con apoio orzamentario? Pois nas nosas emendas si están.

Se lle molestan un par de rúbricas das que nós propoñemos, estamos dispostos a retirar esas rúbricas se apoian o resto do que está recollido na nosa emenda transversal, e incluso hai unha máis, pero non se trata diso. Como ben se dicía antes, hai un problema de filosofía política e vostedes non están a favor de reforzar o autogoberno e de atender as necesidades dos cidadáns, con máis decisión nos servizos básicos, na crise industrial, no emprego e na igualdade.

Por certo, tamén metemos —e vostede non se referiu— partidas para reforzar o compromiso en relación coa violencia de xénero e co cumprimento da Lei de memoria histórica, pois iso tamén forma parte das nosas propostas políticas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Peche do debate, conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas de novo, señor presidente, antes de rematar.

Sobre estas últimas cuestións. Non é posible que estando aquí nun debate tan intenso e tan complexo como o que temos, nun día como o de hoxe, onde hai que intervir tantas veces, se poida falar de todo, obviamente, sempre hai temas que quedan. Por favor, non deduzan das miñas palabras ou dos meus silencios unha situación de mérito ou demérito, senón dunha estrutura máis ou menos argumentada dos temas. Obviamente, señora Presas, se sumara todos os meus silencios, nin os cincuenta e tantos minutos que gastei nalgunha das miñas intervencións me chegarían. Curiosamente, se sumamos todos os grupos da oposición, son bastantes máis ca este que lles fala, ¿non?

Pero vaiamos por partes. Señor Casal, o outro día, o venres, entre outras cousas, tamén tiveron que asistir ao peche dunhas xornadas. O lema era: «Tecnoloxía e talento». Xa me van coñe-



cendo, e sen pasarme tampouco de listo, eu creo que a orde é á inversa: talento e tecnoloxía. Dígolle isto porque as Excel nunca se equivocan, equivócase quen as manexa. Eu tamén recoñezo que incluso os meus técnicos —como dicía, esa cohorte inmensa de persoal que teño no gabinete— seguro que tamén se poden equivocar. Nós cremos honradamente, e podemos contratalo, quen ten o erro na suma. A suma, por certo, é unha operación relativamente básica, pero tamén pode haber erros duns e doutros. O que non estou disposto a asumir é o criterio que sempre dixó vostede, porque seguro que aceptamos case o cen por cento do que acaba de dicir.

O AVE a Ferrol. O AVE a Ferrol, como problema de mobilidade... Non, non... a opción por outros medios de transporte... Estou seguro de que este que lles fala como representante do Goberno coincide ao cen por cento. O que non podo asumir é que nos tome por parvos, porque esa é unha competencia estatal. E como se falou aquí ao longo da mañá, hai unha primeira derivada en cantidade de temas, como é o tema industrial, que dita derivada é estatal. ¿Por que non nos poñemos de acordo nun esquema de normalidade —que todos somos maiores—, e como poñía vostede o exemplo do AVE ou o exemplo doutro tipo de ferrocarril de proximidade, facémolo tamén para o tema industrial ou para calquera outro tema?

E, por suposto, señora Presas, é a segunda vez que se referiu aos caixeiros como regalo para as entidades financeiras. É non entender de que vai isto. É da facilitación aos cidadáns para que, do que é seu, poidan dispoñer con normalidade. (*Murmurios.*) É algo que vostedes coñecen moi pouco, que é un sistema de concorrencia. Que participen, e despois sacará quen mellor o ten. É algo increíble, verdadeiramente, o que hai que oír. E, por suposto, estaremos moi atentos, de verdade —se somos tan finos—, e cando poña emendas sobre a auga para os funcionarios de Facenda, espero que teña en conta que non hai só funcionarios, que hai empregados públicos, e non só en Facenda. De verdade que estaremos moi atentos a esa e si que a imos aceptar, non se preocupe nin o máis mínimo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Os centros de primaria. Todo o tema de primaria, esas cinco mil prazas que faltaban e todo o demais, é increíble. Todo é mellorable, verdadeiramente, pero ¿alguén na cámara é capaz de dicir algo que se aproxime en toda España, desde unha óptica autonómica, ao que se acaba de aprobar e ao que se acaba de ampliar coa opinión dos expertos? Non existe un exemplo a nivel nacional. Iso quere dicir cal é a predisposición deste Goberno a afrontar; e, despois, en función das dispoñibilidades que teñamos, ir completando. Pero non existe ningún exemplo a nivel nacional que se poida semellar ao esforzo que está facendo o Servizo Galego de Saúde *motu proprio* e tamén acompañado pola opinión dos expertos.

Señor Leiceaga, tamén como despedida. Xa llo dixen hoxe pola mañá, podo coincidir con vostede no tema das infraestruturas, sempre se pode facer máis. O que me chama poderosamente a atención é que se lle reclame á Xunta máis en infraestruturas e despois menos mal que houbo un orzamento non nato a nivel estatal, onde se lle baixaba a esta comunidade autónoma o 40 % dos gastos de capital. É algo increíble, ¡increíble! (*Aplausos.*) Verdadeiramente non o podo crer. Non o podo crer e me sublevo incluso intelectualmente, porque sabe que lle teño moito cariño dende hai tamén corenta anos, señor Lago. A vostede tamén. (*Risos.*)



Finalizamos este debate de totalidade intenso, intenso, intenso. É imposible cubrir todo ao longo, como é propio dun trámite como o actual —benvido, señor Caballero—, o máis importante do ano en materia económica (*Murmurios.*) e tamén social.

De novo, igual que os voceiros da mañá, quero expresar o meu agradecemento de verdade polas intervencións dos diferentes voceiros na quenda da tarde. Cadaquén de nós, dende a nosa óptica, defendemos o modelo, a veces antitético, e son lóxicos os diferentes puntos de vista. Tamén estou seguro de que uns e outros aprendemos das exposicións e suxestións que cadaquén facemos. Nós intentámolo, de verdade. As opinións quedan claras.

Ogallá os recursos sempre fosen máis para poder incluír algunhas emendas, pero nesta vida todos temos que priorizar, e tras escoitar a todos os voceiros, sigo pensando con humildade que temos na Cámara o mellor orzamento posible para o momento actual.

O noso modelo como Goberno galego, que tratei de expoñer tanto pola mañá como agora pola tarde, é consolidar ese crecemento san que se está manifestando na nosa comunidade autónoma. Un modelo que nos ten permitido ter a mellor evolución en control do déficit e débeda pública, ata o punto de levar xa un par de anos en consolidación fiscal técnica. Un modelo que busca reforzar cada ano o gasto social. En 2020, con máis recursos ca nunca na historia de Galicia e cun incremento importante de efectivos para ter cada vez uns servizos públicos de maior calidade.

Un modelo que favorece o maior investimento posible cada exercicio. Os datos comparativos corroboran que Galicia leva anos á cabeza do esforzo investidor. Un modelo que permite seguir baixando cada ano os impostos aos galegos, en contraposición coa oposición, toda ela diferente pero con algo en común: a intención de subirlles centos de millóns de euros cada ano aos galegos.

Un modelo que blinda a nosa autonomía financeira e, consecuentemente, o autogoberno, que nos permite liderar o pago áxil aos nosos provedores. Un modelo que pensa no ano 2020 pero que tamén planifica xa, pero desde xa, a vindeira década. ¿Para que? Para que sexa a mellor da nosa historia.

Insisto, as discrepancias sobre o modelo de política xeral orzamentaria son lóxicas, pero agardo que todos sexamos capaces de poder traballar en acordar posibles melloras para o texto final dos orzamentos, para entre todos contar xa, dende o primeiro de xaneiro de 2020, cos mellores orzamentos para todos os galegos e galegas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

Votación das emendas do grupo II

Votación das emendas que modifican a contía global dos orzamentos e das que transfiren créditos entre seccións

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.



Procedemos seguidamente a votar. Pechen as portas, por favor. En concreto, votamos as emendas debatidas do grupo II. Ímolo facer de xeito acumulado por grupo parlamentario, tanto as que modifican a contía global dos orzamentos como as que transfiren créditos entre seccións.

Votamos.

Votación acumulada de todas as emendas do grupo II, que modifican a contía global dos orzamentos e que transfiren créditos entre seccións.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Rexeitadas as emendas á totalidade e fixada a contía global dos estados de gastos e ingresos, darase conta do acordado neste proxecto de lei á Comisión 3ª, de Economía, Facenda e Orzamentos, para proseguir a súa tramitación de conformidade co disposto no artigo 114.4 do Regulamento da Cámara.

Remata aquí o debate de totalidade do Proxecto de lei de orzamentos da Comunidade Autónoma galega para 2020 pero non remata o pleno, porque, desgraciadamente —bueno, desgraciadamente non—, temos que continuar e imos pasados corenta e dous minutos sobre o horario previsto. Entón, na medida en que poidan adaptarse un pouco ao horario, sería conveniente que o fixesen.

Abran as portas, por favor.

Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

O señor PRESIDENTE: Continuamos co punto segundo.

Presentáronse emendas á totalidade do Grupo Parlamentario Mixto, Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda e Grupo Socialista.

Para a presentación do proxecto de lei, ten a palabra o conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Moitas grazas de novo, presidente.

Boas tardes.

Por sexta vez, señorías, interveño no pleno para presentar o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para 2020, unha norma que complementa o proxecto de lei de orzamentos para 2020 sobre o que acabamos de debater.

Os orzamentos requiren, para a súa completa aplicación, a adopción de diferentes medidas, unhas de carácter puramente executivo e outras de carácter normativo, que pola súa natu-



reza deben adoptar rango de lei e que, como precisou o Tribunal Constitucional, non deben integrarse nas leis anuais de orzamentos xerais, senón en leis específicas.

Desta forma, o debate doutrinal acerca da natureza das chamadas leis de acompañamento foi resolto polo Tribunal Constitucional, que as configura como leis ordinarias, cuxo contido está plenamente amparado pola liberdade de configuración normativa de que goza o lexislador, e que permiten unha mellor e máis eficaz execución do programa do Goberno nos distintos ámbitos a súa acción.

Desde esta perspectiva, o obxectivo é o habitual: acadar unha maior eficacia e eficiencia nun conxunto de medidas de diferentes áreas de actividade que, con vocación de permanencia no tempo, contribúen á consecución de determinados obxectivos de orientación plurianual, perseguidos pola Comunidade Autónoma a través da execución orzamentaria.

Entre as medidas que inclúen neste proxecto de lei, quixera salientar —e non a título puramente extensivo—: eliminar practicamente o imposto de sucesións; facilitar a sucesión en empresas familiares; promover a adquisición de vivendas [...] coa menor tributación de España; implantar unha dedución verde para favorecer a eficiencia enerxética nos fogares; crear 22 novas escalas de persoal funcionario para facer efectiva a funcionarización voluntaria do persoal laboral fixo; facilitar o coñecemento e control da actividade desenvolvida polas vivendas de uso turístico; ou blindar a limitación do número de autorizacións e instalacións de salóns de xogo, salas de bingo e tendas de apostas.

En canto á estrutura da lei, estamos falando de que se divide en dous títulos: o primeiro dedicado a medidas fiscais e o segundo ás de carácter administrativo.

O Título I, relativo a medidas fiscais, está dividido en dous capítulos. O Capítulo I introduce medidas en materia de tributos cedidos. No que atinxe ao IRPF, recóllense varias modificacións na dedución da cota interautonómica para acadar tres obxectivos: fomentar a eficiencia enerxética, favorecer os deportistas de alto nivel e facilitar a constitución de sociedades laborais e cooperativas.

Para iso, incluímos unha nova dedución verde, que bonifica ata o 15 % das melloras en vivendas, de ata 9.000 euros, para mellorar a eficiencia enerxética, como pode ser un cambio de caldeira ou de fiestras. Desta forma, bonificamos as melloras que permiten ascender de categoría enerxética, é dicir, unha letra na etiqueta distintiva. En total, os cidadáns galegos recibirán ata 1.350 euros, máis outros 150 para cubrir os custos de emisión do certificado de eficiencia.

Unha dedución tamén para as bolsas de deportistas de alto nivel percibidas na comunidade autónoma, para que non as vexan minoradas pola súa tributación no IRPF.

E unha terceira, para suprimir o límite máximo de participación nunha sociedade nos supostos de sociedades laborais e cooperativas compostas unicamente por dúas persoas sociais.

No que atinxe ao imposto de sucesións e doazóns, incrementamos a redución de 400.000 a 1 millón de euros por herdeiro, excluída a vivenda habitual, para os familiares directos. O



obxectivo é continuar a axenda que iniciamos en 2016 de lograr manter íntegro o patrimonio familiar e a capacidade económica das familias. Desta forma, seguimos avanzando na práctica supresión deste imposto para as persoas que reciben unha herdanza dun familiar directo, un eido no que fomos pioneiros e posteriormente se sumaron outras comunidades autónomas. Por tanto, a partir do 1 de xaneiro de 2020, o 99,9 % dos galegos non pagarán imposto de sucesións entre familiares directos.

Ademais, modifícanse as reducións para adquirir bens e dereitos afectos a unha actividade económica e de participación en entidades para favorecer as empresas familiares que permanecen dentro do ámbito familiar xeración tras xeración, reforzando o desenvolvemento do tecido empresarial de orixe familiar.

Polo que se refire ao imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o obxectivo é seguir favorecendo a adquisición de vivendas e promover o asentamento en zonas pouco poboadas. Para 2020 reforzamos e complementamos esta baixada de impostos para as ZPP, que son o 94 % do territorio, por dúas vías.

Rebaixando outros dous puntos o imposto de transmisións patrimoniais, do 7 % ao 5 %, con límite de renda e patrimonio, para mercar habituais en ZPP. Con esta rebaixa, comprar unha vivenda no rural galego terá a menor tributación de España.

E rebaixando tamén catro puntos o imposto de transmisións patrimoniais, do 10 % ao 6 %, para o resto de compra de vivendas en ZPP. Ademais de manter a eliminación de impostos para menores de 36 anos, familias numerosas e persoas con discapacidade.

Pola súa banda, o capítulo II, relativo ao tributos propios, está integrado por tres preceptos.

O primeiro, sobre taxas. Prevese, por unha banda, actualizar os tipos das taxas de contía fixa e, por outra, introducir diversas modificacións na Lei de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tamén se optimiza a regulación do canon da auga e do coeficiente de vertedura para fixar un sistema tarifario que evite as disfuncións advertidas na práctica na modalidade de carga contaminante. Así, ao tipo de gravame xeral se sumará un especial en función desta carga contaminante. Ademais, prevese medidas para facilitar o cobramento dos importes do canon da auga e previsións sobre o emprego de medios electrónicos.

Por último, modificamos a regulación do imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada, para simplificar a xestión e que haxa unha correcta atribución da carga tributaria no produtor do dano ao medio.

O obxectivo é facer valer o principio de quen contamina, paga; cumprir así a finalidade extrafiscal e interiorizar o custo que o contribuínte externaliza á sociedade.

Señorías, ata aquí en relación coas medidas de carácter tributario.



En canto ao título II, de medidas administrativas en materia de emprego público, introdúcese modificacións na Lei de emprego público para crear varias escalas e especialidades dos corpos e agrupacións profesionais do persoal funcionario da Administración xeral, así como dos corpos da Administración especial.

En total, prevemos a creación de 22 escalas de persoal funcionario, e este proceso de creación de novas escalas vén producido polo proceso de funcionarización que pactamos cos sindicatos no eido do Acordo de concertación social no emprego público. A día de hoxe, máis do 95 % do persoal laboral fixo xa solicitou a súa transformación en funcionario. Loxicamente, temos que actualizar estas escalas para poder acometer o final deste proceso.

En materia de medio ambiente e territorio modificamos a Lei de caza, para favorecer a práctica da caza sobre o xabril e incrementar a efectividade no control das súas poboacións. O obxectivo é permitir a caza desta especie con modalidades que comunmente se utilizan para caza menor e que contribúen a aumentar a efectividade do seu aproveitamento cinexético. Considérase que esta é unha medida necesaria e complementaria ao resto do Plan de acción de control do xabril, debido aos problemas que está a xerar neste momento esta especie; entre eles están os danos substanciais sobre os cultivos, os accidentes de tráfico, a irrupción en zonas antropizadas e o risco sanitario derivado da presenza da peste porcina africana en Europa.

Por outra banda, modificamos a Lei de protección da paisaxe, para ampliar o ámbito de actuación dos plans de acción da paisaxe.

En materia de medio rural, por unha banda, modificamos a Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais, para reforzar a cooperación entre administracións e potenciar as políticas activas de emprego, sobre todo as ligadas aos programas de formación e práctica profesional, así como establecer a nivel legal un sistema público de xestión da biomasa.

Ademais, modifícase a Lei de mobilidade de terras, para fomentar a mobilización de terras a través do programa Aldeas modelo, para procurar a recuperación da actividade económica e social deses núcleos, co obxectivo de permitir a súa recuperación demográfica e a mellora na calidade de vida da súa poboación, ao tempo que nos anticipamos aos lumes creando unha devasa natural fronte a eles. Estes proxectos de aldea modelo realizaranse en zonas de abandono e infrautilización, coa finalidade principal de fomentar a volta á produción de áreas de terra agroforestal con boa capacidade produtiva que acadaron co paso do tempo estados de abandono e infrautilización.

En materia de infraestruturas e mobilidade tamén se introduce a modificación nos eidos da regulación da taxa de normativa de estradas, e en canto á Lei de transporte público de persoas en vehículos de turismo, régúlanse os supostos nos que as tarifas dos servizos de taxi terán o carácter de máximas e para prever o réxime aplicable nestes casos, co fin de dotar de maior flexibilidade o exercicio da actividade, á vez que quedan garantidos os dereitos das persoas usuarias. Esta flexibilización de tarifas, acordada co sector, contribuirá a favorecer a mobilidade dos usuarios e acadar un maior equilibrio cos vehículos VTC.

Na Lei de estradas inclúense dúas modificacións: unha, relativa á simplificación de estudos, proxectos e obras; e outra, á introdución da declaración responsable para determinar as obras e introducir criterios de axilidade, simplicidade e eficiencia.



En materia de política social, co fin de impulsar a demografía e de favorecer a conciliación e o apoio das familias galegas, engádesse unha disposición á Lei de servizos sociais para implantar a gratuidade nas escolas infantís de 0 a 3 anos a partir do segundo fillo, con independencia da idade do primeiro. Esta bonificación do cen por cen aplicarase tamén no caso das prazas contratadas pola consellería competente en materia de servizos sociais en escolas infantís de titularidade privada. Neste caso, a Administración autonómica asumirá o pagamento das cantidades que se é o caso correspondan á unidade familiar.

En materia de economía, emprego e industria modifícase a Lei de cooperativas, para permitir que unha cooperativa de traballo asociado poida contratar persoas en risco de exclusión, favorecendo unha paulatina inserción sociolaboral destes colectivos.

Igualmente, na Lei de comercio interior ampliáanse os suxeitos que poden solicitar autorización comercial autonómica no caso de establecementos comerciais de carácter individual, facilitando así o acceso á actividade comercial.

Ademais, modifícase a Lei de fomento de investigación e de innovación, para fixar os contidos mínimos dos plans galegos en I+D+i.

En materia de cultura e turismo preténdense dous obxectivos. Por unha banda, unha mellor sinalización dos camiños de Santiago, en colaboración coas administracións locais; así, os actos relacionados coa sinalización, conservación e mantemento que promove a Administración autonómica estarán suxeitos a control municipal por medio de comunicación previa. Será necesaria en todos os casos a autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural, previo informe vinculante da entidade pública instrumental con competencias en materia de turismo. Por outra banda, introdúcense medidas para facilitar o coñecemento e control da actividade desenvolvida polas vivendas de uso turístico. E con este fin a Lei de turismo, para limitar a actividade das vivendas ilegais, deberá figurar o número de rexistro da Axencia de Turismo de Galicia en calquera publicidade ou promoción. Ademais, os propietarios ou comercializadores deberán proporcionar mensualmente á Axencia de Turismo os datos de ocupación.

En materia de sanidade modifícase a Lei de saúde, para introducir unha nova disposición reguladora dun sistema integrado de información e de investigación clínica que dea cobertura a todos os centros que compoñen o Sistema público de saúde e, así, aproveitar ao máximo as sinerxías da investigación clínica e atraer terapias innovadoras en fases temperás de desenvolvemento.

En materia de educación recóllese unha previsión dirixida a garantir a continuidade da prestación do servizo de transporte escolar. Tomamos esta decisión ante a eventualidade de que, ao vencemento dos existentes, non se tivera formalizado o novo contrato que garanta a continuidade da prestación.

Igualmente prevemos unha modificación da Lei do Sistema universitario, para recoller a prórroga do Plan de financiamento ata a aprobación e comezo dos efectos do novo plan, co fin de garantir o normal funcionamento das universidades.



Nunha disposición adicional blíndase a limitación no número de autorizacións de instalacións de salóns de xogo, salas de bingo e tendas de apostas, debido á preocupación social que xera este sector e ao aumento de casos de ludopatía. Deste xeito, con esta disposición prorrogáanse as restricións para abrir novos salóns de xogo, á espera da nova Lei de xogo que se está a elaborar, tratando de buscar o máximo consenso.

Señorías, remato xa reiterando as principais medidas incluídas neste proxecto de lei, que pretenden eliminar practicamente o imposto de sucesións, facilitar a sucesión de empresas familiares, promover a adquisición de vivendas nas zonas poucos poboadas (coa menor tributación de España), implantar unha dedución verde para favorecer a eficiencia enerxética dos fogares, habilitar vinte e dúas novas escalas de persoal funcionario para executar a funcionarización, facilitar o coñecemento e control de actividades das vivendas de uso turístico ou blindar o número de autorizacións de instalacións de salóns de xogo, salas de bingo e tendas de apostas.

Moitas grazas por esta sexta vez que me escoitan falar neste parlamento. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Na rolda da defensa das emendas á totalidade e de posicionamento respecto do proxecto de lei, ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Mixto, a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Pois benvido por sexta vez a esta tribuna.

Imos intentar non esgotar o tempo, que xa é tarde, pero realmente temos que explicar a nosa emenda de totalidade a esta Lei de medidas fiscais e administrativas, e o primeiro que cómpre dicir é que a Xunta e o Partido Popular, sistematicamente —e vostede fíxoo hoxe de novo— xustifica a modificación de múltiples leis sen seguir o trámite ordinario de debate parlamentario para proxectos legais, alegando que, efectivamente, o Tribunal Constitucional avalou este tipo de leis de acompañamento, cun voto particular en contra, como mecanismo para favorecer a execución do plan do Goberno plasmado nos orzamentos, pero, non obstante, este tipo de leis, da que é unha mostra que vimos debater neste pleno, soe ter un contido normativo, como vostede mesmo dixo, con vocación de permanencia que excede o exercicio orzamentario; polo tanto, utilízanse —e a Xunta é un exemplo disto— para abusar de modificacións no ordenamento xurídico que nada, nada teñen que ver cos orzamentos; así é que non só complementa, como vostede dixo, a Lei de orzamentos, senón que exceden o establecido para este tipo de leis.

Así, esta é a formula pola que sistematicamente optan os gobernos do PP da Xunta. Temos aquí un desbordamento normativo, un trámite acelerado, inabarcable, para debater as numerosas leis que sen relación coa de orzamentos se debaten hoxe aquí, que é precisamente cando se debate simultaneamente tamén esa Lei de orzamentos.

Nós consideramos que é un exercicio de falta de vontade de diálogo e de debate coa pluralidade do poder lexislativo, e non só, porque co abuso deste procedemento tamén lles subtraen aos mecanismos de alto asesoramento, ás institucións de alto asesoramento da Comunidade Autónoma, o seu deber de pronunciamento.



Este ano, se non contei mal, propónse a modificación de vinte e sete leis, tres delas nada menos que aprobadas neste ano 2019, ademais de decretos e outra normativa, a maioría — como digo — sen relación ningunha coa norma orzamentaria, e isto contrasta coa falta de avance normativo en leis que a propia Xunta se comprometeu a impulsar, unha delas é a Lei do xogo; precisamente por iso se prorrogan determinadas medidas, porque aínda non se impulsa a Lei do xogo.

Indo ás medidas fiscais, con algunhas das modificacións tributarias —levámolo dicindo todo o día de hoxe— deste 2020 a Xunta consolida a súa aposta pola desigualdade fiscal: recortes por abaixo e beneficios para arriba, e, como xa lle dixemos —e non vou repetir o argumento—, habendo necesidades sociais, educativas e sanitarias non cubertas, non entendemos, non compartimos e rexeitamos absolutamente os agasallos fiscais a quen máis ten.

Non me vou deter a facer esa radiografía social que xa foi exposta esta mañá perfectamente polo noso grupo, pero con este panorama o Goberno da Xunta declina das súas obrigas, reducindo —porque isto é unha constante nos últimos anos— o peso do sector público no conxunto da economía e con estas vantaxes fiscais a quen máis ten.

Vostede fixaba o obxectivo: eliminar na práctica o imposto de sucesións; iso é o que sucede con esa dedución ata as herdanzas de 1.000.000 de euros. Pero ímolo poñer en contexto. Dende 2014, no relativo a este imposto de sucesións, xa hai acumulados beneficios fiscais de 717 millóns de euros, o que podemos poñer en contraste co orzamento que se adica este ano á Consellería de Política Social, que é practicamente o mesmo, e son os fondos que se utilizan para todo o sistema da Risga, que é totalmente insuficiente, para as residencias de maiores, para as escolas infantís. É dicir, hai necesidades non cubertas, hai unha ratio de residencias de maiores inferior á media do Estado, inferior ao recomendado pola OMS, pero persístese nestes beneficios fiscais. Poderíanse con eses 717 millóns de euros acumulados dende o 2014 impulsar realmente unha rede de escolas infantís de 0 a 3 anos e non poñer estes parches natalistas aos que logo me referirei.

Hai que revisar, polo tanto, ao noso ver, a política de beneficios fiscais, especialmente sobre aqueles impostos que afectan a quen máis ten. Revisar tamén os agasallos en sucesións e patrimonio que se fixeron nestes anos e que nestes últimos orzamentos supoñen 20 millóns de euros. Pero, claro, estamos a falar, evidentemente, de modelos distintos.

Nós apostamos tamén por revisar o incremento procedente dos tributos propios da Xunta, en base ao principio de xustiza fiscal, comezando por recuperar os tipos impositivos do imposto do patrimonio do ano 2018, que fora reducido nun 20 %, que reduciu a recadación nun 11 %, e reverter as modificacións realizadas no imposto de sucesións, porque, se non chegaba con aquel agasallo concedido aos patrimonios máis elevados no 2018, temos un novo agasallo fiscal, deixando exentas de tributación, como xa foi dito, aquelas fortunas de ata 1.000.000 de euros por descendente, teimando en facer pasar esta aposta por xusta, equiparando as herdanzas de 1.000.000 de euros a outras moi inferiores.

E ¿cal é o argumento para aplicar este tipo de políticas? Esa baixada de impostos relaciónase co incentivo ao investimento, para que as nosas empresas non marchen, principalmente a



Portugal. Pero ¿que sucede? Que a política fiscal da Xunta, con estas rebaixas, non conseguiu ningún dos seus obxectivos. Os investimentos son practicamente nulos, o investimento exterior practicamente inexistente e as empresas que veñen novas prefiren Portugal, igual que as empresas galegas que se expanden.

Isto tamén ten que ver con algo máis fondo, que é que a economía non se trata só de política fiscal, evidentemente. O mesmo que as rebaixas fiscais no rural, non chegan para dinamizar a economía rural. Por suposto, cómpren políticas estratéxicas de reequilibrio territorial, servizos públicos, fomento dos sectores produtivos. A economía é algo máis que política fiscal. Pero, evidentemente, temos unha política fiscal distinta e unha concepción económica diferente.

Indo ás medidas administrativas, xa dixeran: modifícanse unha trintena de leis. E con esa modificación da Lei do emprego público, nalgunhas modificacións, na creación desas escalas, reitérase na non especialización para a prevención e coidado dos nosos recursos naturais e loita contra os incendios. Non se especifican titulacións en determinadas cuestións fundamentais para a prevención e coidado dos nosos recursos naturais.

Logo, tamén a Xunta persiste en non recoñecer a especialidade de educación social; teno amosado tamén na convocatoria de oferta pública de emprego, convocando esas prazas para educadores onde se poden presentar distintos perfís, cando as funcións definidas son as de educación social, unha profesión que xa está recoñecida. E persístese igualmente na non definición da titulación de Traballo Social. En ambos os casos son profesións relacionadas cos servizos sociais e incídese na inseguridade xurídica e non se favorece a profesionalización no noso sistema público de servizos sociais.

Modifícase a Lei do Consello de Contas, a Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a Lei de protección da paisaxe, que se modifica tamén para reducir as obrigas da Xunta de establecer plans de acción da paisaxe en áreas protexidas e deixa como potestativa a elaboración destes plans de acción noutras zonas.

Lei de caza. Vostedes persisten en insistir en que a solución á problemática do xabaril é a caza e non aplican, como xa foi aquí debatido, medidas estruturais que vaian máis alá dunha caza que, ademais, é un sistema que puxeron en marcha e que pode poñer en perigo a poboación.

Lei do solo de Galicia. Entre outras cousas —vostede non o citou—, permite que os promotores poidan entregar diñeiro en lugar de solo como concesión por poder construír, cando o establece a lei. É unha política á medida das grandes construtoras.

Lei de rehabilitación e rexeneración e renovación urbanas de Galicia. Non sei se non estaba atenta, pero non citou apenas esta modificación, e o caso é que se modifica unha lei aprobada este mesmo ano para corrixir aspectos lesivos da mesma e modifícase preventivamente para evitar unha impugnación polo Tribunal Constitucional. Cabe lembrar aquí que esta lei se aprobou sen pedir informe ao Consello da Cultura Galega. O Consello da Cultura Galega elaborou un informe por si mesmo, por petición do Comité Español do Icomos, e advirte como esta norma pon en cuestión a protección patrimonial. E, de feito, un dos artigos que se suprime nesta Lei de acompañamento —entre aspas— é o feito de que os plans especiais de



renovación urbana puideran excluír en conxuntos históricos protexidos o criterio de mantemento da trama urbana das aliñacións e das rasantes. Era un dos aspectos máis lesivos dunha lei sobre a que, por suposto, seguiremos mantendo que desprotexe os cascos históricos das cidades galegas.

E modifícase a Lei do patrimonio natural e da biodiversidade, unha lei aprobada tamén este mesmo ano. E tamén reduce as obrigas de reparación dos danos ambientais, sempre a beneficio das grandes empresas.

Modifícase, efectivamente, a Lei de prevención e defensa contra os incendios, pero estamos, dous anos despois da grave vaga de lumes de outono, aínda normativizando algunhas medidas en relación coa xestión de biomasa e prevención de incendios cun trámite exprés, pero, ademais, medidas que en moitos casos xa tiñan que estar implementadas antes desa vaga de lumes, simplemente con cumprir as leis vixentes.

E a Lei de mobilidade de terras, que se modifica para regular as aldeas modelo, para regular tamén esas faixas secundarias de protección de biomasa. Na redacción non se atenden especificamente os criterios de sostibilidade ambiental. Poden ser perfectamente creadas estas aldeas modelo para intereses de grandes empresas. Non establecen —digamos— unha regulación que favoreza a preservación do medio ambiente. Iso non aparece citado especificamente.

Modificación da Lei de transporte público, da Lei de estradas —eu contei trece modificacións nesa lei, vostede dixo dúas, e é certo que son artigos algúns semellantes que se refiren ao mesmo—, portos de Galiza.

Servizos sociais. Modifícase o réxime sancionador, que é certo que é un apartado que quedou pouco concreto na lei e que é un dos eidos que precisa unha revisión, pero entendemos que non é a vía propoñer unha modificación de calado a través deste tipo de leis.

E ensino 0-3. Aproveítase para engadir a modificación que permita a gratuidade nas escolas infantís para a segunda filla ou seguintes, que —como dixen— é unha medida natalista, socialmente inxusta, non ten en conta a renda. É desigual porque as familias cunha crianza con rendas baixas non van gozar dunha gratuidade á que si poderán acceder familias con máis renda que teñan dúas ou máis crianzas. Nós entendemos que o que cómpre é avanzar na universalización do servizo de atención en escola infantil de 0 a 3 anos, pero non por razóns de impulso demográfico, non, non por esas razóns, senón por razóns de conciliación, de equidade social —a través do acceso a unha educación melloran os rendementos escolares cunha educación temperá—, e sabendo que esta medida non resolve o grave déficit de medidas de conciliación necesarias nese primeiro ano de vida dos fillos e das fillas. Hai que elevar os permisos de maternidade con urxencia —son absolutamente insuficientes— e hai que equiparar progresivamente os de paternidade. En fin, hai que facer unha racionalización dos horarios laborais. Pero, dende logo, este tipo de medidas natalistas non teñen demostrado en ningún Estado a súa eficacia. E, dende logo, nós o que propoñemos son medidas socialmente xustas, non medidas natalistas.

E seguimos con modificacións nos decretos en relación coa dependencia, que o que fan é recoñecer o incumprimento dos prazos da Lei de autonomía persoal. Recoñece a propia Xunta



que non é quen de atender os prazos establecidos para a concesión dun servizo para valoración e logo cando se pode acceder a un servizo. E coa modificación do artigo 25 do decreto dáse agora prioridade á asignación de praza en centros a persoas aínda mozas con diversidade funcional maiores de 21 anos, que o que está amosando é unha falta de recursos específicos de atención. Estase seguindo apostando pola integración de persoas con diversidade funcional en centros de maiores, abondando nesa mestura de perfís nas residencias, e o que cómpre é crear prazas específicas, como, por exemplo, nos centros de atención á diversidade funcional —ese CAP de Ourense co que levamos toda a lexislatura e que aínda non son quen de dicir se vai ser de xestión pública—, ou, por exemplo, apostar polo modelo de asistente persoal.

Modifícase tamén o decreto que regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais. E unha das medidas é tamén propoñer a atención de centro de día por causa de situación familiar a quen non teña acceso a unha residencia. O que se está recoñecendo é que para persoas que teñan asignado ese recurso como prioritario de residencia non hai prazas suficientes de atención en residencias públicas en todo o territorio.

Modifícase a Lei de inclusión social, para facer máis restritivos os criterios da Risga. Xa era unha prestación que os colectivos sociais afectados, as persoas en exclusión, consideraban moi burocrática. Pois agora inclúese unha modificación que supón maiores trabas de acceso á prestación, porque obriga a subscribir con carácter previo á resolución da axuda o convenio de inclusión sociolaboral.

E modifícanse outra serie de leis —xa as vou saltar porque non teño tempo—, pero en canto á modificación da Lei do Sistema universitario de Galicia semella que están dando por sentado que renuncian a acordar un novo Plan de financiamento do Sistema universitario galego, xa que o actual remata o ano vindeiro e é preciso negociar un novo. Pero están dando por feito a súa incapacidade de diálogo coas universidades públicas e o desinterese, como se amosa nestes orzamentos, de aumentar os fondos. Dende logo, agardamos que quen negocie este novo plan sexa un novo goberno.

E xa rematou o tempo. Seguirei na seguinte intervención. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Vázquez Verao.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todas e a todos.

Eu creo que sobra dicilo, pero, non, en realidade non. Eu creo que a Cámara e o Goberno, todas as forzas políticas, coñecen e saben cal é a opinión do Bloque Nacionalista Galego a respecto do uso, e sobre todo do abuso, que o Partido Popular fai ano a ano das leis de acompañamento. Dicímolos cada ano en cada debate orzamentario, repetímolos todos os anos e repetirímolos tantas veces sexa necesario. Desde o noso grupo opoñémonos firmemente á



instrumentalización deste procedemento para introducir reformas legais que nada teñen a ver cos orzamentos, ¡nada!, e despois iremos debullando polo miúdo algunhas delas.

E rexeitámolo porque supón un procedemento exprés, acelerado —como se dicía—, que furta o necesario debate político e social, que elude informes que serían necesarios de seguir un proceso de reforma ordinario e mesmo xera moita inseguridade xurídica —os que se gaban da estabilidade—, porque non se sabe nin sequera o tempo que estas modificacións estarán en vigor. Despois veremos que se introducen reformas en leis que foron modificadas pola porta de atrás usando innumerables veces este subterfuxio das leis de acompañamento e que mesmo foron modificadas máis veces —verémolo despois— que anos levan xa en vigor; os do rigor e a estabilidade, e con vocación de permanencia no tempo —que dicía o conselleiro—.

Pero —tamén hai que dicilo—, non por ser predicibles, o Partido Popular deixa de sorprendernos cada ano; e este ano superáronse, se cabe, a si mesmas e modifican tres das cinco leis que aprobaron no que vai de 2019: (*Aplausos.*) a Lei de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas, sete meses en vigor; a Lei de administración dixital, tres meses; e a Lei de patrimonio natural e da biodiversidade de Galiza, de agosto deste ano, é dicir, nin dous meses en vigor. Mudanzas que, ademais, na exposición de motivos teñen a ben explicarnos e que xustifican como puntuais —din— para corrixir erros —din— pero que son, en realidade, o exemplo palmario da improvisación máis absoluta do Goberno do Partido Popular á fronte da Xunta de Galiza.

Preocúpanos, a respecto destas tres leis que aprobaron neste ano 2019 e que xa antes de rematar o ano van sufrir a súa primeira modificación, especialmente aquela que introducen na Lei de patrimonio natural porque —insisto en que entrou en vigor en agosto deste ano, é dicir, hai dous meses— agora acordoulles que tiñan que introducir a prescrición na obriga de reparación do dano causado para que esta prescriba aos quince anos, cando antes non prescribía —terán que explicarnos por que; dous meses despois pois, non sei, entrou o nordés pola porta de San Caetano e alguén decidiu que o mellor era introducir esta prescrición aos quince anos—, facendo ademais extensible —e isto é curioso— as obrigas de reparación dos danos pendentes de execución até o momento, é dicir, con carácter retroactivo.

Pero, ademais, a cousa non queda aí, non. Nesta ocasión modifican un total de trinta leis dun plumazo, que se suman ás corenta e seis reformas levadas a cabo a través da Lei de acompañamento desde 2017; é dicir, setenta e seis leis reformadas por esta vía no que levamos de lexislatura. Reformas que —como poderán comprobar— teñen moitísimo a ver coa execución orzamentaria e moitísimo a ver co orzamento da Xunta de Galiza para o ano 2020, por exemplo, a Lei de caza.

A Lei de caza ten moitísimo a ver cos orzamentos e a execución orzamentaria da Xunta de Galiza, que modifican para autorizar a caza en man e ao salto —vostede mesmo o explicaba, señor conselleiro— no caso única e exclusivamente do xabaril. Xa temos advertido desde o BNG nesta Cámara dos riscos que isto implica e da política absolutamente errática do Partido Popular na Xunta de Galiza para enfrontar o problema do xabaril e os prexuízos que esta especie causa especialmente no sector agrogandeiro. As grandes ideas que ten o Partido Popular para enfrontar a problemática coa especie do xabaril son liberalizar a caza calquera día do



ano, calquera día da semana, en trinta e tres concellos, e agora permitir que determinadas formas de caza ou modalidades de caza, única e exclusivamente vinculadas coa caza menor, sexan extensibles ao xabaril. Pero cando o Bloque Nacionalista Galego trae a esta Cámara e propón aos grupos parlamentarios crear unha comisión de estudo con persoas expertas para afrontar de maneira decidida e exercendo as competencias que este país ten en materia agrogandeira e forestal din que non. Todo o que se nos ocorre é facer esta modificación.

Modifican tamén a Lei de protección da paisaxe —tamén o citaba vostede, e olvidóuselle dicir que é unha lei do ano 2007—, e modifícanla no referido aos plans de acción, que levan vosdes unha década sen cumprir; plans que, ao igual que as directrices da paisaxe, hai dez anos que deberían estar aprobadas. Non cumpren desde hai dez anos unha lei pero agora propoñennos unha modificación do seu articulado, non sabemos tampouco moi ben para que.

Propoñen tamén a reforma da Lei de fomento da investigación e da innovación de Galiza, do ano 2013. ¡É a terceira vez que fan unha modificación desta lei pola vía das leis de acompañamento! Fixérono no ano 2015, volveron facelo no ano 2017 e agora volven outra vez, para modificar os contidos mínimos que debe incluír o Plan galego de investigación. ¿E para que a reforman? Pois para quitarlle cousas. Sobraba, por exemplo, o período temporal de vixencia, que estaba fixado en cinco anos e agora desaparece; suprimen parte dos contidos mínimos que debe incluír o plan, entre eles a relación de programas que o compoñen, os medios necesarios, a formación das persoas que están integradas nos grupos de investigación, entre outras moitas cousas.

Para o BNG —e levámolo dicindo ao longo de toda esta sesión plenaria— un eixo estratéxico para o desenvolvemento económico, social e cultural do noso país como é a investigación e a innovación non pode regularse a impulsos, sen diálogo, sen participación, e moito menos a través de leis de acompañamento.

Modifican —tamén se dicía— a Lei do Sistema universitario galego, para prorrogar o Plan de financiamento. E isto é unha cuestión que desde o BNG xa lle trasladamos á propia conselleira na Comisión 3ª con motivo da súa comparecencia; nós non sabemos moi ben se esta é a súa maneira de dicir, por unha banda, que non van sentar a negociar coas universidades, como de maneira reiterada, reiterada nos últimos anos, levan reclamando os tres reitores das universidades públicas deste país, ou tamén temos a sospeita de que é a maneira que ten o Partido Popular e o Goberno da Xunta de Galiza para dicir que igual pensan dar por rematada a lexislatura antes de tempo; ¿quen sabe, non?

Pero despois a Lei de acompañamento inclúe os clásicos, os clásicos, o *top ten* das leis reformadas pola porta de atrás.

Lei do solo, quinta reforma, leva máis reformas que anos leva en vigor —os do rigor e a estabilidade—, cinco reformas. Agora propoñen entre outras cuestións dúas que nos preocupan ao BNG nesta Lei de acompañamento. Permitir que os promotores de solo urbano non consolidado poidan entregar aos concellos en metálico o 10 % do seu valor en lugar de solo; podería ser unha volta atrás se se xeneraliza este tipo non de conversión a través do seu valor en metálico no 10 %, sobre todo naquelas grandes urbanizacións, polo risco de que estes



fondos poidan rematar noutro lugar diferente á dotación de patrimonio público de solo. E, en segundo lugar, permitir os cambios de uso en construcións que están fóra de ordenación. E desde o noso punto de vista isto é moi cuestionable pola súa laxitude. Mesmo en solo rústico poden manter usos prohibidos; é dicir, no canto de continuar sometendo edificios contrarios á normativa urbanística a un réxime severo de limitacións no uso pode dárselles —por dicilo dalgunha maneira— unha segunda vida, favorecendo usos diferentes.

E despois está a Lei de mobilidade de terras, outro clásico nas leis de acompañamento do Partido Popular, cinco reformas, catro delas con leis de acompañamento, e desta volta pretenden incorporar esa idea das aldeas modelo, a proposta estrela do Partido Popular para resucitar o Banco de Terras, que deixaron morrer e que tantas veces criticaron. *(Aplausos.)*

Agora fixeron vostedes perder a este país dez anos. Pola súa irresponsabilidade e sectarismo político este país e o medio rural galego perderon dez anos. *(Aplausos.)* E agora abrazan o que antes criticaron. Benvidos ao bolxevismo, de verdade, benvidos ao bolxevismo. *(Aplausos.)*

E a máis grande, a máis grande, a Ana Kiro —se mo permiten— de todas as leis reformadas pola porta de atrás. Eu creo —quizais é un pouco defecto persoal ou profesional— que hai cousas que é mellor velas e que vale máis unha imaxe que mil palabras. A Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais, do ano 2007. ¿Sabem cantas veces a reformaron? *(A señora Rodil Fernández mostra un documento.) (Aplausos.)* A esta o único que lle queda da versión orixinal, xa que falamos de música, é o título, é o título o único que lle queda. E o que sabemos é que Medio Rural —non sabemos se iso é unha decisión de todo o Goberno—, o conselleiro, o que anda dicindo por aí é que vai impulsar unha nova. Catro folios de reformas desde que entraron vostedes pola porta de San Caetano no ano 2009. E agora propoñen reformar dous artigos este ano. *(Murmurios.)* Un é o artigo 12, é a terceira vez que o modifican. Traen unha modificación do artigo 12, a terceira vez que modifican este artigo. E a cuarta que mudan o artigo 21. As leis son reformables, por suposto, *(Murmurios.)* pero para iso, cando non lle queda a unha lei nada, o que di —non sei— o parlamentarismo e os sistemas democráticos é que deberían traerse propostas de reforma ou leis distintas. *(Aplausos.)* E iso díxolle até o CES, que, se querían cambiar a lei, que propuxesen un proxecto de reforma. ¿E para que cambian por cuarta vez o artigo 12 e por cuarta vez o artigo 21? Pois para legalizar o convenio asinado entre a Xunta e a Fegamp no mes de abril relativo ao sistema público de xestión de biomasa e para que os traballos de limpeza das franxas de protección poidan facerse a través de obradoiros de emprego, algo que pode ser positivo. Nós desde o BNG non dicimos que non, pero sempre que non se xeneralice, porque suporía precarizar con moitas condicións de traballo. Estamos falando de persoas en formación regrada, en formación ocupacional ou en formación dual, que en ningún caso poden substituír nin Seaga nin calquera empresa de servizos forestais, que deben contar con persoal máis experimentado.

Reforman tamén a Lei de servizos sociais, a de deporte, a de turismo, a de patrimonio cultural, a de portos, a de augas, a de cooperativas, a de saúde, a de comercio interior, a de transporte, a de estradas e a de inclusión social, incluíndo tamén a moratoria nas licenzas de apertura das casas de apostas, que vostedes acordaron nun acordo do Consello da Xunta e para a que daban nove meses en vigor. Porque prometeron unha nova lei pola que levamos esperando un ano e nove meses, un ano e nove meses. E vostedes mesmos tiveron que introducir esta prórroga



nesa moratoria na Lei de acompañamento porque están dicindo dalgunha maneira que cando culminaría esa moratoria acordada no Consello da Xunta, que sería en febreiro de 2020, vostedes aínda non van traer a esta cámara ese anteproxecto da nova Lei de xogo.

En total, modifican vostedes con esta Lei de acompañamento trinta leis e unha presada de decretos. ¿É legal? É, pero nin ético nin estético e moito menos democrático. *(Aplausos.)* Desde o BNG nin concordamos nin apoiamos esta forma de legislar, especialmente en reformas de calado que teñen a ver con ámbitos e sectores estratéxicos para este país como é a ordenación territorial, como é o sector agrogandeiro, como pode ser a política de innovación e de investigación, que debe ser o motor deste país. Insisto: porque furta o debate social, o debate parlamentario e supón un mecanismo excepcional que o Partido Popular decidiu converter en norma.

Sobre as medidas fiscais non teño moito tempo. Falouse xa ao longo de toda a mañá. Nós non compartimos o que entendemos que é unha política fiscal regresiva, que carga a tributación nas rendas do traballo e nos impostos indirectos. Non é que actualicen as taxas, é que soben todas as taxas de contía fixa. E, sobre todo, o que non compartimos desde ningún punto de vista é esa ampliación da exención do imposto de sucesións para herdanzas de 1.000.000 de euros ata o segundo grao de parentesco. Decía vostede: garantir as rendas familiares. Non hai traballador, non hai traballador que gañe esta cantidade só coas rendas do seu traballo, non hai traballador que o gañe.

Insisto: nós non imos apoiar esta lei, nin polo fondo nin, sobre todo, pola forma.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Común da Esquerda, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Como diría o conselleiro, despois deste debate tan intenso a min estáseme esgotando a vocación de permanencia aquí.

Ben, señor conselleiro, falaba vostede, mirando a oposición, falando de concorrência, que a nós non nos gustaba moito a concorrência, tirando de tópico. Deben ser vostedes, que lle dan todos os contratos a Naturgy en Sogama, os que son os fans da libre concorrência, ¿verdade? Son vostedes os que fixan un sector eléctrico moi competitivo, moi liberalizado, para que manden tres. Señor conselleiro, cando vostede apela á coherencia, creo que debe de mirarse algo máis a vostede e ao seu partido.

En canto á política fiscal, despois de tanto que se falou hoxe sobre política fiscal, eu xa non podo engadir nada mellor do que se dixo, só que podo ler o acordo de Vox e do PP en Andalucía. Tres puntitos dese acordo: 1. *Impulsar una reforma fiscal que contemple la bonificación al 99 % del impuesto de sucesiones y donaciones.* 2. *Bajada del tramo autonómico del impuesto sobre el patrimonio.* 3. *Revertir la subida del impuesto sobre las transmisiones.* Vox-Partido Popular.



Cando dicía o señor Tellado con que tropa pactaría Pedro Sánchez, eu non sei con que tropa pacta Pedro Sánchez; vostedes, coa tropa lexionaria de Vox, e é moito peor. (*Aplausos.*) Pero é o de sempre, é o de sempre, non hai que entrar en detalles, o que sempre fixeron vostedes e o que sempre fan vostedes: baixarlles os impostos aos ricos, incrementar as desigualdades, recortar servizos públicos. Debe de ser a política patriótica española: os touros e baixar impostos aos ricos, criminalizar a inmigración e evadir impostos ou bicar a bandeira e abrir unha conta en Suíza. Esa é a política patriótica española do Partido Popular con Vox.

Por certo, en canto á política fiscal, señor conselleiro, ¿que efecto tiveron sobre a fixación de poboación no rural as bonificacións fiscais e as exencións fiscais? ¿Sábeno? Porque vostedes xustifican esas exencións para buscar a fixación de poboación. ¿Teñen medido o efecto?

Porque digo eu que, a pesar de que se rebaixe moito a compra de impostos nas vivendas, se non hai emprego, se non hai servizos públicos, se non hai escola, se non hai médicos cerca, se non hai centros de día, a xente segue abandonando o rural, como o seguiron abandonando con vostedes no goberno.

Claro, é que as casas no rural son moito máis baratas que no urbano, xa vén de hai tempo, moito máis baratas en moitos sitios. E, en cambio, non se compran as vivendas no rural, cómpranse no urbano. Por algo será. Eu creo que hai que cambiar outras cousas máis profundas e con outras políticas que non estas exencións fiscais. Creo que hai que reverter as políticas de recorte do público, as súas políticas de desordenación do territorio etc., etc., para traballar en serio por fixar poboación no rural.

E, seguindo a tradición no Partido Popular, tráenos, como cada seis meses, unha modificación da Lei do solo, unha Lei do solo que nos ía traer estabilidade e seguridade xurídica. A única seguridade que nos trouxo é que é seguro que cada seis meses imos ter unha modificación lexislativa. E, unha vez máis, o cambio non é para mellor. O rumbo do urbanismo do Goberno de Feijóo márcanos que fan negocio coa especulación, e aí séntense moi cómodos. Recuperan a práctica da monetarización nas actuacións en solo urbanizable e urbano non consolidado. Quere dicir: nas actuacións neste tipo de solos, en vez de ceder o solo para o patrimonio público do solo, vaise permitir que ese 10 % de aproveitamento tipo se pague en diñeiro, en metálico. Co cal é unha aposta en contra do enriquecemento do patrimonio público do solo, tan necesario e tan importante para moitas cousas, pero fundamental e imprescindible para as políticas de vivenda públicas. Vostedes xa sei que non queren facer política pública de vivenda, queren que o mercado se ocupe de todo, e o mercado ocúpase incluso de que haxa moita xente que vaia á rúa, porque non ten para pagar unha vivenda, e o drama continúa e vostedes fan todo o contrario que habería que facer para acabar con ese drama. Mentres hai catorce mil demandantes de vivenda de protección, a maioría deles —máis de dez mil— en alugueiro, vostedes paralizaron a construción de vivenda de protección, paralizárona radicalmente. E con esta medida camiñan máis nese sentido, permitir aos concellos que obteñan ingresos en metálico en vez de adquirir solo, tan necesario para a construción e promoción de vivenda.

Curiosamente —e pregunto, non sei se terei resposta—, manteñen a obriga de cesión en terreos sen substitución por metálico nas actuacións integrais en núcleo rural. Deixan a



monetarización para urbanizable e urbano non consolidado, pero déixano en núcleo rural. ¿Sería un esquecemento, señor Fernández Prado, sería un novo esquecemento? ¿Teremos unha modificación dentro de seis meses outra vez da lei? É dicir, con esta medida o Partido Popular regresa ao pasado, renuncia á intervención do mercado de solo e da vivenda, degradando o seu instrumento básico, o patrimonio municipal do solo.

E, ademais, dado que a monetarización do dito aproveitamento debe de ir acompañada da valoración económica —xa coñecemos o que pasou no pasado: a venda a prezos de ganga de tales aproveitamentos aos promotores—, esta monetarización aínda é máis grave en Galicia cando vostedes nada máis chegar modificaron a Lei de vivenda para exceptuar que os concellos teñan que reservar o 35 % de reserva para vivenda protexida nas actuacións de transformación urbanística.

Con todo este tipo de medidas os promotores están moi agradecidos, pero a xente, e a xente máis humilde, non o está.

E despois tamén as modificacións da Lei do solo, que non son menores e non son para acompañar os orzamentos, profundan máis na desprotección e na desorde do solo rústico. Atentos: calquera edificación en solo rústico anterior a maio de 1975 será vivenda tradicional, independentemente das características, da tipoloxía. Na interpretación integrada actual da Lei do solo de Galicia vixente, a edificación tradicional debería responder á tipoloxía tradicional, como é normal. Por esa vía, podían rehabilitarse, reformarse, construírse, mesmo ampliarse as vivendas tradicionais, pero con esta modificación poderán reconstruírse, reformarse, rehabilitarse galpóns, naves industriais, chabolos e todo tipo de edificacións, incluídas esas das que chaman do feísmo, para transformar as edificacións residenciais, que nin sequera terán que estar vinculadas ás explotacións agrarias, porque se quita ese requisito.

As edificacións levantadas en solo rústico con licenza municipal, calquera que sexa o uso para que se conceda a autorización, tamén poderán ser transformadas en vivenda, por exemplo naves industriais, de produción gandeira, etc. E incluso as edificacións construídas ilegalmente en solo rústico respecto das que teñan transcorridos os prazos para exercer a acción de reposición da legalidade urbanística —seis anos— e que quedan sometidas ao réxime de edificacións incompatibles co ordenamento urbanístico tamén poderán ser transformadas en uso residencial. É dicir, vostedes volven á Lei do solo de 1956, á lei franquista, permitindo calquera tipo de actuación en solo rústico, practicamente.

Ben, a Lei de rehabilitación, rexeneración e renovación. Na Lei 1/2019, aprobada en abril deste ano e xa modificada —pero isto tampouco o dixo o conselleiro, incluso na exposición de motivos trátasenos de colar *por lo bajini* moi discretamente—, elimínase un dos artigos desa lei da que se nos dicía que era perfecta, que non desprotexía o patrimonio. Señor conselleiro, xa sei que vostede aquí pouco tivo que dicir, que non lle deixaron dicir moito na elaboración da Lei de rehabilitación e rexeneración. Ben, pois elimínase o artigo 15.5.a). Na exposición de motivos, iso si, dísenos: aproveitamos para modificar a Lei de rehabilitación, para modificar erros ou omisións, erros ou omisións. É dicir, o artigo 15.5.a), que é un dos artigos que impugnou e denunciou o Goberno do Estado por inconstitucional e polo que se creou a comisión bilateral para discutir a constitucionalidade dese artigo, un dos máis da-



niños, como denunciámos nós, pois vostedes retíranos e tratan nin sequera de facer autocrítica, por dicir que vostedes estaban agredindo o noso patrimonio.

Este artigo 15.5 do que falaba era da posibilidade de excluír o mantemento da trama urbana, das aliñacións e das rasantes existentes nos conxuntos históricos. E nós denunciámos que incluso este precepto e outros máis eran inconstitucionais, por atentar contra a conservación do patrimonio, e vostedes, disimulando, retíranos. O malo, señor conselleiro, é que non aproveitaran para eliminar outros puntos que, impugnados polo Estado, tamén son nocivos para o noso patrimonio arquitectónico. E leo textualmente o acordo de constitución da comisión bilateral Xunta-Estado: «*Como continuación del acuerdo firmado el día 12 de julio de 2019 para iniciar negociaciones con la finalidad de resolver las discrepancias mantenidas en relación con los artículos 26.3, 27.a), 36.4, da Lei 1/2019, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana de Galicia, amplíase o obxecto do mesmo aos artigos 13.4, 15.5, 44.1 e 2 da Lei 1/2019*». Nada máis e nada menos estes artigos falan, por unha parte, de excepcións ao cumprimento da normativa de protección do patrimonio cando se trate de obras de accesibilidade e eficiencia enerxética, emendadas —creo eu e creo que non me engano— por todos os grupos da oposición no trámite da lei, ou o trámite da licenza directa dos concellos sen ter que ter autorización de Patrimonio para facer esas actuacións, e o Estado determina que teñen indicios de inconstitucionalidade; e vanas ter que retirar e vanas ter que modificar.

Por iso nós recomendamos que, se esta lei prospera, o proxecto de lei prospera —que supoño que si—, aproben as nosas emendas parciais, e así mellorarán a lei e farano todo dunha vez e non teremos que estar unha e outra vez modificando a lexislación.

Por outra banda, a modificación da Lei de caza é a mostra dun goberno que, despois de dez anos de política de exclusión do rural, xa non é capaz de controlar a situación no máis básico. O do xabaril é un problema derivado dese abandono, da desorde territorial, do avance da forestación do eucalipto, da perda de terra agraria e da ausencia, durante ese tempo, de políticas que permitan dispoñer de información fiable, de elementos de control eficaces e testados. E ante a avalancha de denuncias de gandeiros e de veciños do rural, de militantes do Partido Popular, dun problema gravísimo que vostedes non saben controlar, improvisan dun día para outro unha medida que pon de acordo os gandeiros e os ecoloxistas, que non vai servir para atallar o problema e que vai ser un problema de seguridade no monte, e ademais sen ningún tipo de argumento detrás desa proposta que garanta nin sequera que se controle a poboación de xabaril. Non hai ningún estudo que sustente esta medida, é a medida do nerviosismo, de non saber que facer xa e de non ter feitos os deberes. Agora modifícase, vaise poder utilizar o monte todos os días que se soliciten, con grupos de dúas persoas, cando antes tiñan que ir grupos de nove persoas, con moitas máis medidas de seguridade, unha munición que é moi perigosa, etc., etc.; e —xa digo— pon de acordo ecoloxistas e cazadores. Será un problema de seguridade e non resolverá nada. E chámannelle a lexislatura do rural. Pretenden tapar toda esa desfeita —xa digo— coa exención na compra de vivendas.

Modifícase tamén —e case é récord; non é récord porque a Lei do solo se modificou unha semana despois de ser aprobada, pero case é récord, creo que está no posto número 2— a Lei de patrimonio natural de Galicia, que, segundo o señor Trenor, era unha marabilla e que había que aprobar antes do 2 de agosto, si ou si, porque era moi urxente; non deu ningunha



razón para a urxencia, pero xa vimos que a urxencia non era urxencia, era precipitación, e faise introducindo confusión na súa redacción.

O artigo 136.3 da lei vixente, aprobada o 2 de agosto deste ano —aínda a temos recente na memoria—, di: a obriga de reparar o dano causado, prevista no artigo 126, non prescribe; e este si non foi emendando por ningún grupo da oposición, estabamos de acordo.

Os danos ambientais causados non deben de prescribir, non deben de prescribir; en cambio, vostedes, agora, introducen un artigo que di: a obriga de reparar o dano causado regulado nesta lei prescribirá no prazo de quince anos, contados dende que a Administración ditou o acto que acorde a súa imposición, independentemente da data do inicio do cómputo da prescripción da sanción, consonte estableza o número 2 deste artigo, sen prexuízo da aplicación da Lei 26/2007, de responsabilidade ambiental, para a reparación dos danos..., tal...

É dicir, a modificación deste artigo, cando menos, empeora a redacción da lei vixente, induce a confusión intencionadamente. Porque a Lei 26/2007, de responsabilidade ambiental, dispón: esta lei non será de aplicación aos danos medioambientais se transcorreron máis de trinta anos dende que tivo lugar a emisión, o suceso ou incidente que os causou.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Daquela, queremos saber se estes quince anos que vostedes propoñen é para a instrución, para a reposición dos feitos anteriormente ao dano producido ou se é a prescripción da obriga de sancionar o dano producido, ou sexa, para exixir a reparación do dano. E nós cremos que debe de quedar claro, cando se faga a lei definitiva, que hai unha diferenza entre a prescripción do dano e a prescripción do proceso administrativo iniciado pola Administración.

O señor PRESIDENTE: Grazas, moitas grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Xa vou rematando.

O señor PRESIDENTE: Non, remate. Mire o reloxo, estamos moi mal de tempo.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Si, calculei mal.

O señor PRESIDENTE: Todos calculamos mal.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Esta lei é o reflexo dun goberno colapsado no medio rural, que non ten alternativas para a política industrial, liderado polos *lobbys* mineiros, promotores eléctricos e fiscalmente inxusto, regresivo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...e case, case, case, case, antiinstitucional. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.



Grupo Parlamentario Socialista, señora Porrit.

A señora PORRIT LUEIRO: Grazas, presidente.

Señorías, boas tardes a todas e todos.

Hoxe debatemos neste pleno o Proxecto de lei de medidas fiscais, un proxecto de lei que non imos apoiar, que, aínda que non podemos falar de fraude fiscal —como di a miña camiseta—, loitar contra ela debería ser un dos obxectivos de todo goberno, tamén do Goberno galego —e así o vimos reclamando—, sempre dentro das nosas competencias, señor conselleiro.

Como a fraude se define como un engano, como unha acción contraria á verdade, á rectitude por lei, que prexudica a persoa contra a quen se comete, hoxe vou falar doutros tipos de fraude. Comezarei falando pola fraude parlamentaria.

A Lei de acompañamento dos orzamentos anuais é un mecanismo que permite ao Goberno galego modificar outras leis cando supostamente teñen relación con cuestións tributarias ou financeiras ligadas ás contas públicas de cada ano. Porén, os gobernos do PP de Manuel Fraga e de Núñez Feijóo —como xa comentaron as voceiras e o voceiro que me precederon e mesmo xustificou o conselleiro— veñen utilizando este mecanismo para emendar todo tipo de leis previas, aínda que non teñan relación con cuestións tributarias, empregando para iso un procedemento que é legal pero que supón unha fraude parlamentaria, xa que limita o debate nesta cámara.

Esta estratexia lexislativa do Partido Popular de modificar todo tipo de normas previas a través das leis de acompañamento contrasta coa súa incapacidade lexislativa. No que vai desta X lexislatura, a pesar da súa maioría absoluta, só foi quen de aprobar quince leis —dezaoito se temos en conta as leis de acompañamento—: seis no ano 2017 —deixaron sen aprobar a metade das anunciadas, once—; en 2018 o Parlamento de Galicia foi o menos produtivo de todas as comunidades autónomas; e no que vai deste ano 2019, cinco leis, tres delas prometidas no ano 2017; se ben, no mesmo período, no que vai desta lexislatura, a través destas leis de acompañamento, a Xunta modificou ata cincuenta e nove leis previas —e digo ata, porque moitas veces é complicado saber a lei que modifica—. Destas cincuenta e nove, vinte e sete das leis modificadas fórono en máis dunha ocasión nestes catro últimos anos. E, delas, cinco, como xa comentaron as persoas que me precederon, corrixíronse todos os anos: as leis do solo, de servizos sociais, de comercio interior, de emprego público e a Lei de taxas, que sería a única que tería encaixe no obxectivo tributario desta lei.

Destas cincuenta e nove, máis da metade, trinta e tres, foron impulsadas polo propio Goberno de Feijóo dende o ano 2009. E tamén —como xa se comentou— neste ano se modifican trinta leis previas de todo tipo de ámbito, tres delas aprobadas neste ano 2019.

O resumo lexislativo desta X lexislatura sería de quince novas leis aprobadas e cincuenta e nove modificadas. Pouco lexislar e moito modificar. Unha tramitación acelerada de leis preexistentes que vai en contra do principio de transparencia e de seguridade xurídica. En definitiva, unha tramitación que supón unha fraude parlamentaria, xa que, grazas á súa maioría absoluta, des-



praza o labor da oposición, limitando o debate parlamentario. Pode ser que esta forma de actuar teña que ver co discurso dos seus socios de goberno nalgúns comunidades e concellos, deses gobernos Casado–Abascal, con ese discurso de Vox de suprimir o Estado das autonomías.

E xa, para ir avanzando no contido da lei, se como nova deputada incorporada a estes debates parlamentarios hai poucos meses me sorprende esa fraude parlamentaria da que falei, como funcionaria pública desde o ano 1996 —como servidora pública, como sempre me definín— non poden asumir a fraude social, a fraude ás e aos galegos que supoñen as medidas fiscais recollidas neste proxecto de lei, que teñen moito que ver cos recortes de servizos públicos que vén padecendo a cidadanía.

Os orzamentos da Xunta de Galicia veñen reiteradamente recollendo rebaixas fiscais á riqueza, favorecendo que aumenten as desigualdades. E novamente, nesta lei de acompañamento, se inclúen novas rebaixas para a cidadanía con máis patrimonio. O conselleiro dixo que este modelo de rebaixa de impostos é un modelo que funciona e que ten unha gran aceptación social, un modelo que repercute positivamente no peto das galegas e dos galegos. Pero o certo é que o fai só no peto dos que o teñen cheo, e cada vez máis, no peto deses ricos que cada vez pagan menos impostos e que ven como a súa riqueza se multiplica por un 500 %, mentres que o número de traballadores pobres que viven en precario aumenta, e mentres temos un millón de persoas que non chegan á fin de mes.

O Goberno cuantifica os beneficios fiscais para este ano en 448 millóns de euros. E di que o 95 % dos mesmos son de carácter social. Presentan medidas sociais de impacto, pero na súa maioría non van ter un efecto importante. Son medidas electoralistas que tratan de ocultar as verdadeiras rebaixas fiscais para os contribuíntes con maior capacidade económica.

Dixo o conselleiro esta mañá —e repetiuno hai un momento— que nós apostamos por un modelo con máis impostos. E iso non é certo, señor conselleiro. Nós apostamos por cobrar máis impostos a quen ten máis capacidade económica, nós apostamos por cumprir o que di o artigo 31 da Constitución.

E xa pasando aos impostos —hoxe falamos pouco deles—, o outro día xa dixen na miña intervención no pleno que todo beneficio fiscal é un instrumento de política social que ten un obxectivo definido. E, conselleiro, vostede queixábase de que non faláramos da dedución verde. Eu vou falar dela.

Di a Xunta de Galicia que o obxectivo desta dedución é a mellora enerxética dos edificios do parque edificatorio de Galicia, que dará lugar a un importante aforro no consumo anual de enerxía de calefacción e aire acondicionado. E isto dino ante a realidade de que moitas familias galegas teñen problemas para chegar á fin de mes, a realidade de que moitas familias viven no umbral da pobreza, a realidade de que poñer a calefacción é un luxo que moitas familias non pode consentir. O custo recadatorio desta medida é de 2,5 millóns. E non estou de acordo coa mesma por varias razóns.

En primeiro lugar, a posibilidade de poder aplicala a todas as vivendas favorece a aqueles contribuíntes cun patrimonio inmobiliario, e isto —repito— faise ante unha situación real



na que o acceso á vivenda en réxime de propiedade ou alugueiro é un gran problema para un amplo sector da sociedade. ¿Cantos galegos e cantas galegas poden destinar ata 10.000 euros neste momento?

Fálase, en segundo lugar, de dedución por suxeito pasivo, cando debería ser por declaración individual ou conxunta. E o investimento, os 10.000 euros — 9.000 para o apartado A, e base de 1.000 para o apartado B—, supera os 9.040 euros da dedución por vivenda habitual, dedución suprimida polo ministro Montoro.

Non enganen os cidadáns, señor conselleiro. Esta medida diríxese a un sector moi claro da nosa sociedade. E se falamos xa de que o inmovible estea alugado, pode dar lugar a unha dobre tributación.

E antes de pasar á seguinte figura impositiva, unha última cuestión. Todas as deducións que se practican no IRPF teñen unha limitación: as cantidades empregadas deben ser obtidas no exercicio. Desta maneira négase a posibilidade de recorrer ao aforro, ao patrimonio do contribuínte. A Xunta de Galicia, nesta e noutras deducións, non pon ningunha limitación. Non é que non se tribute polo patrimonio, é que, ademais, se permite recorrer a el para beneficiarse no IRPF.

Se pasamos á rebaixa do imposto sobre sucesións, a elevación do mínimo de 400.000 a 1.000.000 de euros, é inxusta e vergoñenta. E, desde logo, non responde á realidade do país.

O conselleiro esta mañá falou tamén de que a oposición chama «ricas» a esas 350.000 persoas que se beneficiaron das rebaixas postas en marcha en 2016. Non minta, señor conselleiro, non estamos dicindo iso. Como vostede tamén falou de que esas medidas benefician os pactos sucesorios en vivo, voulles contar unha historia.

Temos un matrimonio casado en réxime de gananciais que no 2000 compraron un terreo no centro de Ourense por un valor de 200.000 euros. No ano 2020, unha inmobiliaria ofrécelles por el 2.000.000 de euros. O matrimonio consulta o seu asesor fiscal, o señor Martínez, para que os informe acerca de cal sería a cantidade que terían que pagar na súa declaración da renda. Nunha ganancia patrimonial de 900.000 euros, a cota que ten que pagar cada un —considerando soamente esta operación— é de 101.790 euros de cota estatal e 101.790 euros da cota autonómica. Son 203.580 euros o que pagaría cada un; 407.160 euros en total. Pero o asesor, o señor Martínez, ofrécelle unha nova posibilidade: facerlle ao seu fillo Alberto un pacto de mellora. Desta maneira, o matrimonio non paga nada no IRPF pola exención do artigo 33.3 extensible aos pactos de mellora e aportación —como xa dixo o conselleiro esta mañá—. E o seu fillo Alberto tampouco paga nada no imposto de patrimonio, xa que herda un millón de euros de cada un dos seus proxenitores. Posteriormente, o fillo transmite a vivenda por eses dous millóns. Os impostos que se pagan como resultado desta operación son cero euros. Os impostos que pagarían pola primeira, 407.160 euros.

Indo ao obxectivo da súa medida, ¿mantense íntegro o patrimonio familiar, señor conselleiro? Non. O obxectivo da operación é vender a finca, e vender a finca pagando os menores impostos posibles —cero impostos neste caso—. ¿Mantense íntegra a capacidade económica



da familia? Non, incrementábase considerablemente e sen pagar nin un só euro. Polo tanto, esta rebaixa fiscal dará lugar a operacións inmobiliarias que poden ser legais pero que supoñen unha fraude social, un engano económico, coa intención de conseguir un beneficio e co cal alguén sae prexudicado; neste caso, as galegas e os galegos.

E xa indo ás rebaixas no imposto de transmisións, neste caso o obxectivo da redución do imposto é a compra de vivenda, tanto primeiras como segundas residencias, nas preto de 3.500 parroquias que a Xunta considera zonas pouco poboadas ou zonas de áreas rurais. Segundo o Goberno galego, o obxectivo é recuperar poboación e dinamizar as zonas menos habitadas. Porén, nesta listaxe hai parroquias de concellos claramente turísticos, como San Vicente do Grove, ou que forman parte das áreas metropolitanas de Vigo ou da Coruña —Baredo, en Baiona; ou Dexo, en Oleiros— nas que, desde logo, non existen grandes problemas de despoboamento, senón máis ben unha elevada presión urbanística de segundas residencias. O custo recadatorio é de 9.304.200 euros. Se o que se pretende é poboar e dinamizar o rural, será necesario residir de maneira permanente e continuada no rural. É dicir, que a dita vivenda debe ser a vivenda habitual. E algo máis que vivendas teremos que ofrecer, xa que o rural vén sufrindo recortes de servizos, peches de escolas, menos médicos, ou nin sequera hai caixeiro automático e tampouco conexión a Internet.

Polo tanto, máis que de dinamización, temos que falar novamente de especulación inmobiliaria, de explotación do rural, e de premiar os que teñen máis capacidade económica, xa que, con esta medida, aqueles cidadáns que dispoñan de medios económicos son os que poderán beneficiarse destas novas rebaixas.

Respecto do tipo impositivo, chámame tamén a atención que a segunda residencia pase do 10 % ao 6 %, unha rebaixa de catro puntos, mentres que a vivenda habitual baixe do 7 % ao 5 %, soamente dous puntos.

E xa falando de taxas, mentres a Xunta de Galicia aposta por reducir —practicamente eliminar— esa imposición directa daqueles impostos que gravan a riqueza —o imposto de patrimonio e o imposto de sucesións, que permiten aplicar a progresividade que recolle a Constitución española e que debe presidir o noso sistema impositivo—, inclúe á vez unha suba de taxas de contía fixa e tamén de taxas para diversos tipos de actividades —pesqueiras, mineiras ou de transporte, entre outras—, tributos que non son progresivos e que paga toda a cidadanía por igual. O efecto recadatorio destas trinta modificacións é de 649.787 euros, un 6,96 % do impacto das rebaixas no imposto de transmisións patrimoniais e un 11,72 % do impacto das rebaixas no imposto de sucesións e doazóns.

E xa remato, presidente.

É unha forma de despistar para —repito— ocultar as escandalosas rebaixas fiscais. A pesar dos obxectivos cos que a Xunta presenta estas rebaixa fiscais, nós temos claro cales son os mesmos, cales son os que quere acadar a Xunta de Galicia con estes beneficios fiscais: favorecer os que máis teñen...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



A señora PORRIT LUEIRO: ...a custa de recortes nos servizos públicos —remato, señor presidente—. E renuncia a exercer unha política fiscal progresiva na que as rendas máis altas contribúan na procura dunha mellor e máis significativa e xusta redistribución.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

A señora PORRIT LUEIRO: E na segunda intervención falarei das medidas administrativas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Porrit.

Para a rolda a favor ou en contra das emendas, ou de portavoces, do grupo non emendante, ten a palabra, en nome do Grupo Parlamentario Popular, a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señora Porrit, a camiseta está moi ben, pero puido vostede aproveitar aquí o seu turno tamén para pedir a dimisión da señora ex-ministra socialista, Elena Espinosa, que ten unha empresa para evitar o pago dos impostos. (*Aplausos.*) Pero, claro, como está protexida por Abel Caballero e Gonzalo Caballero, pois diso non falamos; ou dos ministros do señor Pedro Sánchez, señor Pedro Duque e señora Celaá, que tamén teñen empresas que tamén podería poñer vos- tede aí na camiseta, e algún nome máis. Xa non dimitiron porque xa ían unha recua deles. Despois de Maxim Huerta e a ministra de Educación, pois, claro, xa non dimitiron. Pero igual no segundo turno pode falar deles, que seguro que lle quedan moito mellor na camiseta.

Eu acabo de escoitar aquí, señorías, moitas críticas á Lei de medidas e ningún recoñecemento. É certo —xa o dixen noutras ocasións que debatemos sobre este asunto— que para nós non é o mellor instrumento de técnica lexislativa. Pero tamén teño que dicir que, grazas á Lei de medidas, se resolven cuestións que están xerando dificultades na aplicación dalgunha lei, na tramitación dalgunhas cuestións. E a cidadanía o que demanda son solucións. Os políticos estamos aquí para resolver os problemas da xente, non para xerar problemas, e moito menos para xerar desconfianza nun texto lexislativo que nada oculta e nada raro lexisla, non. De feito vostedes aquí faláron de todas esas cuestións, e nós, no Grupo Parlamentario Popular, temos recibido colectivos que se ven afectados por esta lei. Supoño que vostedes tamén os recibirían e supoño que seguro que tamén fan algunha emenda nesa mesma liña.

Por empezar a falar, a emenda do Partido Socialista está trufada de erros, por non falar de fraude. Xa que falou de fraude, podemos dicir que é unha «emenda fraude», unha emenda fraude con demagogia e con medias verdades, señorías.

Cando di que esta lei non respecta o espírito da Sentenza do Tribunal Constitucional 76/1992, non é certo, non é certo. Porque vostedes saben que esa sentenza se refire á Lei de orza- mentos e non á Lei de medidas. Vostedes din que a Lei de medidas ten que estar referida a cuestións que se refiren aos orzamentos. Non, saben perfectamente que é unha lei ordinaria. E sábeno porque, ademais, alí onde gobernan utilízana todos os anos tamén. Isto é un clásico.



A Comunidade Valenciana, gobernada polo señor Ximo Puig, que é do Partido Socialista, non se rasga as vestiduras coa Lei de medidas, pois este ano si que se superou. Señora Olalla Rodil, ¿vostede fai un seguimento de Valencia? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Xa, pero é que é interesante saber o que se legisla noutras comunidades. E, mire, ¿sabe o que fixeron en Valencia? Pois en Valencia dixeron: «*El Consell aprobará la Ley de acompañamiento por vía ordinaria aunque se prorroguen los presupuestos*» ¡Sen orzamentos, señora Rodil, sen orzamentos! Anunciaron a Lei de acompañamento aos orzamentos sen orzamentos. Un mes despois decidiron aprobar os orzamentos e agora están neste trámite. Pero cando as puxeron en marcha e cando presentaron a Lei de medidas e de acompañamento aos orzamentos non tiñan pensado aprobar os orzamentos.

Entón, señorías, ¿que pasa?, ¿din vostedes unha cousa onde gobernan, ou fan unha cousa onde gobernan, e din a contraria onde están na oposición? A vostedes aquí parécelles unha fraude, é opaca, non respecta a seguridade xurídica, etc. Ben, eu non vou darlles credibilidade a ningunha das críticas de ningún membro da oposición mentres vostedes non nos digan o mesmo dos seus gobernos, dos seus partidos alí onde están gobernando —como Valencia, Aragón e outras comunidades autónomas—, que fan exactamente o mesmo, que utilizan o mesmo instrumento de técnica lexislativa. Mentres non digan o mesmo dos seus gobernos non imos aceptar que digan iso deste Goberno, señorías, (*Aplausos.*) porque esa é a verdadeira realidade da súa credibilidade e da súa incoherencia.

Señora Porritt, «outra fraude», vostede di na súa emenda que este proxecto de lei non foi sometido ao preceptivo proceso de exposición pública. Sabe vostede que a consulta pública previa non resulta preceptiva cando se regulan aspectos parciais dunha materia. E este é o caso. Tampouco é preciso o informe do CES, xa que non estamos ante unha norma de regulación completa dunha materia socioeconómica directamente vinculada ao desenvolvemento económico e social de Galicia.

Non hai reformas ás agachadas. Todas as reformas que se fan a través da Lei de medidas foron explicadas á cidadanía; mesmo algunhas con tanta antelación como no debate do estado da Autonomía, cando o presidente da Xunta anunciou que se ía á gratuidade das escolas infantís de 0 a 3 anos para o segundo fillo.

E, aproveitando este exemplo, vou poñer en evidencia a incoherencia da oposición, que pode dicir nun folio o mesmo e o contrario dándolle a volta, na mesma emenda. Por exemplo, o Grupo Mixto, se lles interesa que computen os niveis de renda e se queren criticar unha medida, piden que se universalice o servizo —así é en relación coa gratuidade do segundo fillo nas escolas infantís—. ¡Ah!, pero dous parágrafos máis adiante, damos a volta ao folio, e sobre a dedución a deportistas de alto nivel din que é unha medida regresiva, e, por tanto, din que hai que apostar por que sexa para todas as persoas deportistas cunha revisión das rendas do cómputo global.

Aínda todos recordamos cando o Goberno do Partido Popular eliminou a universalidade para o préstamo dos libros escolares. ¿Acórdanse? ¿Lembran cando vostedes dicían que non, que esa era unha medida que tiña que ser universal, que non podía ser por niveis de renda? Cando lles convén criticar, critican que se faga por niveis de renda; e, cando lles convén criticar,



piden a universalización do servizo. Póñanse de acordo consigo mesmos, que sería moi importante para ser coherentes. *(Aplausos.)*

Pero é que a coherencia é un ben escaso na esquerda. Poden dicir unha cousa e a contraria xa non dun día para outro. É que poden dicir unha cousa cando almorzan, a contraria cando comen, e unha diferente ás dúas anteriores cando cean. Ese é o modelo de Pedro Sánchez, que pode dicir unha cousa como candidato, a contraria como presidente e a contraria ás dúas anteriores como presidente en funcións. Nós pensabamos que iso era un dogma de fe, o da santísima trindade —un ser e tres persoas—. Pois agora temos o ser único, que é Pedro Sánchez, un ser trino, que pode dicir o que lle dea a gana, con diferentes posicionamentos en diferentes momentos do día, *(Aplausos.)* ¡do día! Xa non de días diferentes senón no mesmo día. *(Murmurios.)*

Ben, dicía o señor Sánchez que había tres puntinhos —Sánchez «el bueno»—. Pois, mire, imos falar. *(Murmurios.)* Se vostede é Sánchez «el bueno», ¡como será o outro Sánchez, señor Sánchez! *(Aplausos.)* Mire, o outro Sánchez —o non tan bo, non sei se malo ou menos malo, ou non sei como dicilo—, que pactou con vostedes, están pactando, abrázanse e pactan... *(Murmurios.)* ¡Bueno, si, eu non sei... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ah!, ¿vostede non é deses? Bueno, non sei... *(Risos.)* Aí, pola mañá, o señor Lago xa se recoñeceu que era dos de «Pudimos». Veu supercontento á tribuna para dicirlle ao señor Tellado «si, pudimos». Así que eu alégrome moito, señor Lago, de que este abrazo una tanto a todo ese grupo que estaba tan desmembrado, no que estaban tan enfadados, e que agora os vexa tan contentos.

Pois ben, tres puntinhos xa non dun acordo, señor Sánchez, tres puntinhos da realidade, só tres de exemplo para Galicia. Vostedes están pactando con quen pecha Endesa, con quen pecha Alcoa, con quen está poñendo en risco a venda e o sector da automoción co «dieselazo», e así podería seguir con moitísimas cousas máis. Ese é o seu modelo. Nós, evidentemente, temos outro.

Falaba antes da coherencia. Pois, miren, esa incoherencia política que vostedes teñen, que poden dicir unha cousa, a contraria ou outra dependendo de como veña o vento, ou dependendo de como crean que poden captar votos, o que fai é... *(Murmurios.)* Vostedes falan moito da emerxencia climática, da emerxencia feminista... Pois ¿saben que creo? Eu creo que neste momento estamos neste país nun momento de emerxencia política, estamos en emerxencia política. E ¿saben por que? *(Fortes murmurios.)* Non, non, estamos en emerxencia política, en alerta vermella, porque vostedes están utilizando a técnica de enfrontar a sociedade, os ricos e os pobres, os de arriba e os de abaixo... *(Fortes murmurios.)* Si, si, os bos e os malos. Nós quitamos impostos aos ricos, presionamos os traballadores e os obreiros, etc. Claro, é que agora xa non lles compran ese discurso dende que compraron o «casoplón» en Galapagar e temos unha persoa coidadora dos nenos 24 horas ao día, o que ningún dos de abaixo pode permitirse o luxo de pagar. Agora ese discurso dos de arriba e dos de abaixo, dos ricos e dos pobres, caeu e perdeu apoios electorais, perdeu apoios electorais. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Ben, non se alteren, non se alteren, que os vexo un pouco alterados. ¡Tranquilos, estou falando de realidades, estou falando de realidades! *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio, por favor!



A señora PRADO DEL RÍO: Critican —por exemplo, dende o BNG— que moitas das modificacións que se fan na Lei de medidas son cuestións puntuais sobre normas de recente aprobación, de hai escasos meses —dicíao a señora Rodil—. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio, señora Santos, silencio!

A señora PRADO DEL RÍO: É un pouco complicado, señor presidente. Grazas.

Ademais, no documento di así, que hai escasos meses que se modificaron estas. *(Murmurios.)* Di que denota a improvisación do Goberno galego. E no mesmo folio o BNG critica que a Lei de medidas supón unha tramitación exprés, tramitada con opacidade e que subtrai do debate político os cambios e modificacións que quere introducir. Se estamos, señora Rodil, ante modificacións puntuais de leis que foron aprobadas hai sete meses, que pasaron por este Parlamento, que tiveron todos os informes preceptivos, que tiveron todo o trámite parlamentario, que tiveron todo o debate político, ¿como pode dicir vostede agora que é por modificacións puntuais de moitas cuestións? E puxo vostede un exemplo e o señor Sánchez tamén puxo outro, que é o da Lei de rehabilitación e rexeneración e renovación urbana de Galicia. ¿Vostede sabe o que modifica? Modifica puntualmente a remisión a dous artigos, dous erros; e a outra, exactamente igual, a eliminación dun punto. Claro, isto para vostedes tiña que ter unha tramitación longa, sometida a debate político e demais. Pois eu creo que non, que non se subtrai ningún tipo de debate.

Porque, ademais, saben que cando se empezan a aplicar as normas xorden eivas na súa aplicación, claro que si, que xorden. ¡Home!, si, podíamos esperar aquí dous anos para resolverlle os problemas á xente. Non, para vostedes é mellor dicir que nós o facemos porque temos un subterfuxio de non sei que... Bueno, ese é o seu discurso da apocalipse, no que nós non queremos entrar.

Despois, en relación coa modificación da Lei do solo, resulta simpática, señora Vázquez Verao, a referencia que vostedes fan na súa emenda ao informe da Valedora do Pobo. Parece que xa se converteu no seu libro de cabeceira. Para crítica-la tanto e dicir que era «a valedora do PP», dicir agora que este é o respecto da Xunta ás institucións de autogoberno, como a Valedoría, cando non din o que o PP quere oír... Bueno, resulta que non era tan do PP. Eu alégrome, pero, bueno, gústame que a teñan como libro de referencia e de cabeceira.

Outro tema do que faláron todos vostedes aquí foi a monetarización da cesión do 10 % de aproveitamento do tipo de área de repartición. Parécelles mal, e como é unha modificación da Lei do solo, pois xa empezamos a inventar, empezamos a fantasear, empezamos a dicir cousas que non son. Punto primeiro, está moi claro na lei. Agora, se queren manipular o que di a lei, ¡alá vostedes! Eu vou explicar o que di a lei, non o que quero imaxinar nin o que vostedes queren imaxinar. A lei é moi clara, señor Sánchez, a lei o que di é que, para aqueles casos nos que non se poida facer aproveitamento do solo para vivenda protexida pública, entón monetarizarse... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Home!, ¡a ver!, léollo, porque parece que... «Deberá integrarse no patrimonio público do solo, agás cando poida cumprirse con solo destinado á vivenda sometida a algún réxime de protección pública, en virtude da reserva que poida resultar exixible».



Mire, vostede sabe que ese patrimonio público do solo está destinado única e exclusivamente á construción de vivenda protexida pública. ¿Non? Pois suba a esta tribuna, e, cando suba a esta tribuna, dígame a que se poden destinar os cartos do patrimonio do solo. Dígame, porque, se non é á vivenda pública, entón imos ter que —non sei— estudar a lexislación doutro xeito, ou buscar... Bueno, vostede váinolo resolver aquí. Eu o que digo é o que di a lei exactamente, que se debe destinar unicamente á compra de vivenda pública porque se integra no patrimonio público do solo. Entón, non digan vostedes que eses cartos non van destinados á vivenda pública, porque é falso, é mentira, están mentíndolle á xente, están manipulando o que di a lei. E iso non o imos consentir, (*Aplausos.*) non o imos consentir.

Agora ben, claro, pode suceder unha cousa. Quen decide é o concello, e eu non sei se ao mellor vostedes, alí onde gobernan, están pensando en destinar ilegalmente os cartos de patrimonio do solo a outra cousa que non sexa vivenda pública. (*Murmurios.*) Se é iso, dígame, porque dende logo que nós estamos redactando unha lei respectando ao cen por cento o destino deses cartos.

Porque, por exemplo, se estamos falando dunha nave industrial en solo terciario, dígame vostede, señor Sánchez, como se vai poñer ese 10 % de aproveitamento para vivenda pública nese solo terciario. ¿Vostede ten capacidade para facelo? ¿Teríaa? Non, ¿verdade? ¡Claro!

Pois entón, se non podemos destinar en solo terciario ese aproveitamento urbanístico para vivenda, facilitemos que os concellos, vía monetarización, poidan facelo noutra zona do concello, única e exclusivamente para vivenda protexida, (*Aplausos.*) única e exclusivamente para vivenda protexida. Dicir o contrario é mentir, é mentir. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: E así, absolutamente, todas as cuestións das que falaron.

E sobre a rehabilitación de vivendas anteriores ao ano 1975, señor Sánchez, rehabilitar o que xa existe para, efectivamente, evitar o feísmo e non construír cousas novas, ¡claro!, ¡é que é o que di!, facilitar o asentamento de poboación no rural sen ter que construír novas vivendas senón rehabilitando o que xa existe. (*Murmurios.*)

Eu entendo que a vostedes lles interese, como oposición, que as cousas foran doutro xeito, pero non é así, as cousas son como son e como se establecen na lexislación. E non retorzan as palabras porque as palabras están escritas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Pasamos á rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, ten a palabra a señora Vázquez Verao.



A señora VÁZQUEZ VERAO: Ben, xa sei que é insistir no argumento, pero, para non gustarlle ao Partido Popular este instrumento, cada vez modifican máis leis vía Lei de medidas fiscais e administrativas. Este ano chegan a case 30, unha trintena. Abusan do instrumento —iso é o que dicimos—, abusan excesivamente dese desborde normativo e exceden con moito o exercicio e o que se require para facer ese trámite orzamentario, igual que exceden esas modificacións puntuais que poidan ter algunha cabida.

Tamén nos agrada que asuman o discurso das emerxencias, señora Prado; da emerxencia, si, feminista, social, ecolóxica, e política tamén. Pero ¿sabe por que? Porque temos a medio cento de deputados de extrema dereita no Congreso dos Deputados, e temos un Partido Popular que, onde pode pactar con eles, pacta. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Esa é a verdadeira emerxencia política. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio, silencio! *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Silencio —antes de que nos arrepintamos—! ¡Silencio! ¡Señor Vega, silencio!

Desculpe, señora Verao. Perdoe un momento, que lle paro o tempo.

¡Señor Vega, silencio, silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Señor Lago, silencio! ¡Silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Señor Lago, por favor, silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Silencio! ¡Silencio!

Señor Vega, ¡silencio! *(Murmurios.)* ¡Silencio!

Silencio ou empezaremos a chamar á orde. Son as oito e pico, e sempre pasa o mesmo. Á última hora a xente ponse nerviosa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Silencio! ¡Xa llelo dixen tres veces! *(Murmurios.)* Entón, se queren...

Perdoe, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Si, a min tamén me pon nerviosa ese discurso que nos nega ás mulleres a condición de seres humanos. Mañá haberá ocasión, con todas estas iniciativas que hai sobre a igualdade, de desdicirse de toda esa extrema dereita que está no Congreso. Esa é a emerxencia política.

E, en canto aos beneficios fiscais que incorpora esta lei, é que vemos que, tanto algunhas modificacións legais como eses beneficios fiscais, inciden no mesmo, no beneficio a grandes patrimonios e a grandes empresas. E isto é evidente na Lei do patrimonio natural e nesa prescrición da obriga de reparación dos danos ambientais. Pero é que tamén no da Lei de rehabilitación viñeron aquí dicir que era simplemente modificar, pero é que o que amosa é



que están evitando preventivamente unha impugnación do Tribunal Constitucional dunha lei que é lesiva para o patrimonio. E non o di a oposición, dino tamén os informes que vos tedes non quixeron pedir do Consello da Cultura Galega.

Quedáronme antes por citar as modificacións que fan de sanidade. Sen entrar no fondo, nós dende logo apostamos por afondar na investigación pública, pola fin da precariedade dos e das investigadoras. Viñeron reunirse con nós os traballadores e traballadoras representantes dos mesmos, das fundacións biosanitarias, nas cales hai un 75 % de precariedade laboral. En fin, sen entrar nese fondo, a Xunta está amosando unha incapacidade de diálogo cos conflitos abertos na sanidade ao presentar un documento de atención primaria antes de que remataran os traballos das comisións do Comité Técnico de Atención Primaria; documento que, por outra parte, en moitos puntos subscribimos e que é unha emenda á totalidade á Xunta. Por iso non consideramos que unha lei de acompañamento sexa a vía para a modificación dunha lei como a de saúde.

Tamén en canto á universalización do ensino de 0 a 3 non penso que sexa comparable á cuestión do deporte de alto nivel. Pero nós insistimos en que a medida que propoñen é un parche que non funciona en ningún Estado, é un parche inxusto socialmente e é un parche natalista. Aquí do que se trata é de poñer servizos de conciliación, que van máis alá, si, da universalización do ensino de 0 a 3 anos, van moito máis alá, coa racionalización de horarios e permisos máis longos. Pero non poden pretender resolver o problema demográfico galego cunha medida deste calado, que equipara as familias que teñen unha renda máis elevada, que por ter 2 ou 3 fillos poden acceder a esta gratuidade, cunha familia con menos ingresos, que non poden por ter 1. É unha medida retrógrada tamén. Nós, dende logo, se querían aproveitar esta lei para avanzar na universalización do ensino, pensamos que hai recursos nos propios orzamentos para ir comezando esa universalización derivando fondos —que van a iniciativas privadas— para esa rede pública de escolas infantís.

En fin, nós imos votar en contra deste proxecto de lei. Consideramos que non é nin o instrumento nin as formas nin o fondo.

Polo tanto, nada máis que engadir. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vázquez Verao.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde —noite xa— de novo.

Non lle fago o seguimento a Valencia, señora Prado. Teño abondo con este país, teño abondo con facer o seguimento ao goberno que vostede sostén; e, por suposto, con facerlle seguimento á liga separatista e soviética de Euskadi e Cataluña, pero sobre todo a vostedes. E, fóra brincadeiras, nós, no BNG, temos por costume responder polo noso. E é curioso que vostede tivera que recorrer a Valencia ou a Aragón. Caeulle do discurso ultimamente Anda-



lucía. ¿Sabe por que ten que recorrer constantemente a eses lugares do Estado español? Porque conseguimos algo con vostede, señora Prado, e é que deixase de falar do Goberno bipartito. E ¿sabe por que deixou de falar do Goberno bipartito? Porque nunca, ¡nunca!, nos tres anos e medio de Goberno bipartito, se utilizou este subterfuxio para reformar pola porta de atrás máis de trinta leis dun plumazo. (*Aplausos.*)

E é que foi un argumento que vostede usou —que eu teña agora na memoria— no anterior debate correspondente aos orzamentos do ano 2019 e, polo tanto, á lei que acompañaba eses orzamentos do ano 2019. Non lles parece a vostedes o mellor trámite lexislativo. Pero, para non parecerlles o mellor trámite lexislativo, colléronlle un gusto que non o soltan. E ademais é que é onde son prolíficos e prolíficas, é onde máis capacidade lexislativa demostran, moitísima máis que a través do traslado a esta Cámara —que é a onde corresponde— de proxectos ou anteprojectos de lei, sexa a través do Goberno ou sexa a través, neste caso, do Grupo Parlamentario do Partido Popular. Lémbrollo outra vez: ¡refórmanse 30 leis!, ¡30 dun plumazo!, con tanto diálogo como trinta minutos por grupo, entre os quince minutos que temos agora, os cinco minutos que temos de réplica, e o que se derive do debate que se dea dentro da ponencia e da comisión. Trinta leis este ano, que se suman ás 46 que modificaron en anos anteriores a través deste proceso lexislativo, que é opaco, que furta o debate social. E a proba tivérona vostedes o ano pasado —¿xa non nos lembramos?, ¿tanto nos falla a memoria?—, que introducían aquela figura da pediatría de área e que tiveron que introducir unha reforma para suprimila do proxecto de lei de acompañamento pola vía da tramitación nesta Cámara porque se lles botou enriba todo o mundo, porque non falaban con ninguén. ¿É así como se legisla?

E ademais é que teñen vostedes mesmos nos seus proxectos de lei de acompañamento e nas propias leis de acompañamento, nesa modificación constante e permanente, unha e outra vez, das mesmas leis —a Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais, a de mobilidade de terras, a Lei do solo, a Lei de comercio interior, esas que modifican cada ano, ese *top ten* de leis modificadas—, o mellor exemplo de que esta non é a forma de legislar, que non dá seguridade xurídica —iso por suposto— pero que tamén os leva a ter que estar emendándose constantemente un ano tras outro —ou cada seis meses, como se dicía con anterioridade—. O único que demostra é que teñen que facer isto así constantemente —unha reforma puntual, unha corrección de erros, introducir algo que se lles perdeu polo camiño—, ¡en dous meses! En dous meses, se houbera verdadeiramente un diálogo social con todas as partes implicadas, non habería razón para modificar unha lei que —insisto— entrou en vigor no mes de agosto.

Nós non apoiamos este proceso lexislativo. Cando tivemos responsabilidade de goberno como BNG nunca o utilizamos, porque é unha porta traseira, porque é un mecanismo acelerado que furta o debate, sobre todo en termos sociais pero tamén políticos e parlamentarios. E non conten con nós para seguir tramitando o ordenamento xurídico deste país por esta vía.

E unha última cuestión. ¿Saben o que divide realmente a sociedade? A renda e a clase social, iso é o que divide as persoas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.



Polo Grupo Común da Esquerda ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boa tarde.

Eu creo que hai cousas coas que non convén frivolar, bromear, confundir. A emerxencia política que hai no Estado español é o fascismo, é o fascismo co que vostedes pactan, *(Murmurios.)* o fascismo de Vox co que vostedes pactan. Vostedes son unha anomalía na Europa occidental, onde hai dereitas democráticas antifascistas que lle poñen o cordón sanitario á extrema dereita. Vostedes son unha anomalía, unha dereita que pacta con Vox, que ten directamente un discurso que vai contra os dereitos humanos, ¡xenófobo! *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Eu non sei de que se ri, señor Fernández Prado, non sei do que se ri.

Miren, o día do debate, do debate das eleccións xerais, ese día pola mañá, a señora Monasterio foi acosar uns menores estranxeiros que están fóra do seu país sen pai e sen nai. Ao día seguinte... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* ¡Non teñen nin vergonza! *(Murmurios.)* ¡Non teñen vostedes nin vergonza! *(Murmurios.)* ¡Esa é a emerxencia política! Vostedes están pactando con xente que criminaliza os menores que están no estranxeiro sen pai e sen nai. E ao día seguinte houbo dúas agresións. Están xogando con lume. Vostedes pactan con quen reivindica o franquismo e nega a Lei de memoria histórica. Vostedes están pactando con quen nega a violencia machista. Esa é a verdade. E vostedes teñen que afrontar iso e teñen que tomar unha decisión aquí. ¿Van pactar coa extrema dereita? ¿Van defender eses valores, señores do Partido Popular? ¡Xa o están facendo! ¡Rectifiquen! Esa é a emerxencia política. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Mire, señor Rueda, vostedes están pactando coa extrema dereita. *(Protestas.)* O Partido Popular está pactando coa extrema dereita. *(Protestas.)* E vostedes teñen acordos... *(Protestas.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Protestas.)*

(O señor presidente, Calvo Pouso, e o señor Sánchez García manteñen un diálogo que non se percibe.) (Proseguen as protestas.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

¡Silencio, por favor! ¡Silencio!

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, pois ese é un asunto transcendente hoxe en día que deberían de tomalo máis en serio e non tan frivolamente. Aínda que parece que se lles ve bastante cómodos con estas ideas e pactando con xente que defende estas ideas. Debe de ser porque tamén é unha escisión do seu partido.

Señora Paula Prado, monetarización do solo, non sei por que vostedes xeneralizan a monetarización do solo, a posibilidade da monetarización do solo, e vostede vén aquí dicir que o patrimonio público do solo é... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Bueno, ¡a ver se podo falar!...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!



O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¡Coma se o patrimonio público do solo só se puidese destinar a vivenda!

Mire, no solo terciario... *(Murmurios.)* Pero, ¡por favor! *(Murmurios.)*

No solo terciario industrial, que vostede puxo como exemplo, claro que se pode ceder solo. E pódese ceder solo... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...para dar solo barato para iniciativas empresariais, para facer un *coworking*, para facer unha cooperativa, etc. O patrimonio público do solo serve para iso, como xa dixen antes. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Como que non, home!, ¡como que non! O patrimonio público do solo non ten como destino só a vivenda? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Moi ben! ¡o artigo! ¡Vale, ben! *(Risos.)* ¡Xa está!, ¡el artículo! *(Risos.)* Ben, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Claro, non lemos o artigo! ¡Xa está! ¡Moi ben!

E vostede tamén dixo: Non, é que isto utilizámolo para modificar cousas que se ve que funcionan mal, para pequenos erros, modificacións, omisións... ¡Non, non é certo! Vostede mente, non é certo. Os cambios da Lei de rehabilitación non son por erros e omisións, son porque o Goberno do Estado denunciou a inconstitucionalidade de varios preceptos, e este era un deles. Porque vostedes preferiron retiralo antes de que llelo retiraran. E é mellor que retiren os outros que o Goberno do Estado sinalou como inconstitucionais.

As modificacións da Lei do solo non son por erros ou omisións, son un cambio de 180 graos en determinadas políticas que se decidiron aquí despois de dous anos de comparencias na Comisión Especial de Estudo da Lei do Solo. Decidírase, entre outras cousas, retirar o que xa estaba vixente na lei anterior, que era a monetarización do solo, e agora vostedes recupéranas.

Non é un erro o que acontece coa Lei de patrimonio natural, non é un erro. E aclare dunha vez por todas ese prazo de quince anos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Aclare a que se aplica. ¿Será para exixir a reparación do dano ou será o prazo para executar a resolución administrativa? Agardemos iso, porque o que non queremos é que prescriban os danos producidos en Touro, Monte Neme, en louseiras sen restaurar ou en San Fins, que vostedes toleraron.

E, por último, vostedes propoñen a modificación da Lei de mobilidade de terras para falar de aldeas modelo. Eu non sei se para estas aldeas modelo que se están iniciando se están destinando recursos públicos, recursos humanos e económicos, para dinamizalas. Se se está facendo, moi ben. Pero entendo que se iso se chama «modelo» é porque debe de servir de exemplo para o futuro para estender por todo o rural. Entón, para estender por todo o rural ese modelo o que fai falta son recursos económicos e humanos...



O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...que vostedes están recortando durante estes anos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas, a señora Porritt.

A señora PORRITT LUEIRO: Grazas, presidente.

Señora Prado, alégrome de que lle guste a miña camiseta. Non ten nome, soamente fala da fraude fiscal. E penso que na loita contra a fraude fiscal coincidimos todos os grupos, tamén o do Goberno. Pero, xa que falamos de fraude e de moda, debo dicirlle que os meus bolsos págoos eu. (*Aplausos.*) (*Fortes murmurios.*)

E xa indo ás medidas administrativas, non vou facer unha exposición detallada das mesmas... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio! (*Fortes murmurios.*)

Acabo de chegar. Se o sei, volvo marchar. Imos ir con calma todos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Silencio! (*A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Señora Prado, silencio! Non está vostede no uso da palabra. (*Protestas.*) ¡Xa está! ¡Silencio!

¡Silencio! É o debate. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Está o tempo parado.

A señora PORRITT LUEIRO: Grazas, señor presidente.

Respecto das medidas administrativas non vou relatar —xa o fixeron as voceiras que me procederon— as trinta leis que se rectifican. Si vou falar do emprego público. No caso do emprego público, á incapacidade do Goberno galego para xestionar os concursos de traslados, as ofertas de emprego público e os procesos de funcionarización... (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora PORRITT LUEIRO: ...e de estabilización do persoal temporal, únese a permanencia da vixencia da Lei 1/2012, que unicamente se derroga en materia de prestacións por incapacidade temporal, en consonancia cos acordos estatais. Pero mantén a suspensión de preceptos do V Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia que están incidir nos problemas de conciliación, especialmente na saúde e seguridade laboral de moitas traballadoras —sobre todo dos centros de política social—, desoíndo a recomendación recollida



no informe do Valedor do Pobo. Esta Lei do emprego público foi unha das cinco leis que se corrixiron a través das leis de acompañamento todos os anos.

A Administración, unha vez máis, realiza parches. Porén, o que tería que facer, e así llo exixen as administracións sindicais..., *(Proseguen os murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora PORRITT LUEIRO: ...é poñer en marcha o deseño preceptuado xa hai doce anos. *(Murmurios.)*

A Xunta modifica as disposicións oitava e novena creando vinte e dúas novas escalas, especialidades, e asígnalles na maioría dos casos unha función que supón un caixón de xastre onde cabe todo, que é arbitraria e que pode derivar en funcións que, fóra de control regulado, as convertan en algo de total discrecionalidade da Administración, nesa ou en calquera outra de análogo contido que teña relación coas funcións anteriores.

Para rematar, quero facer mención ás medidas relativas ás escolas infantís. En relación coa gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0 a 3 anos a partir do segundo fillo, cremos que o número de fillos non pode ser o determinante da gratuidade. Apostamos pola gratuidade desde o primeiro fillo, pero sempre en función da capacidade económica das unidades familiares. As mulleres —como se dixo esta mañá— non queremos elixir entre ser nais e a nosa carreira profesional. Reclamamos o noso dereito a ser nais ou non selo, e tamén a decidir cantos fillos queremos ter; unha decisión, a do número de crianzas, que depende de moitas cuestións: da fenda salarial, da implantación de medidas de conciliación, garderías públicas, centros de día, residencias de maiores e de persoas con diversidade funcional, da asistencia á dependencia, etc. As mulleres, cando tomamos a decisión de ser nais, non queremos limitarnos a parir un neno ou unha nena, queremos compartir a súa vida, queremos poder criar os nosos fillos.

O Partido Popular declárase ecoloxista, defensor da igualdade feminista, pero pactan vostedes con Vox. ¿Que fará o Partido Popular de Vox? *(Murmurios.)* Xa coñecemos a súa hipocrisía. Escenifican un teatrillo naquelas comunidades autónomas nas que co-gobernan ou nas que se apoian nos seus votos, pero, tras esa interpretación de Óscar, abstéñense ou votan a favor das medidas do seu socio de viaxe, de Vox; medidas que tratan de recortar os dereitos das mulleres, os nosos dereitos, ou que se atreven a minimizar un dos maiores problemas que ten a nosa sociedade, a violencia machista, que vulnera os dereitos humanos e que neste ano —segundo as cifras oficiais— xa cobrou a vida de máis de cincuenta mulleres.

Exiximos que non vulneren os nosos dereitos, que se respecten as nosas decisións tamén no que respecta ao número de fillos que queremos ter.

Xa para rematar, rexeitamos absolutamente este proxecto de lei. Facémolo, en primeiro lugar, polo uso fraudulento que se fai deste mecanismo e facémolo, en segundo lugar, pola súa política fiscal regresiva, que non só supón unha fraude fiscal, unha fraude social, unha fraude ás galegas e aos galegos, senón que, ademais, incumpre os principios reitores do noso



sistema tributario recollidos no artigo 31 da Constitución: o principio de universalidade, o de igualdade, o de progresividade e tamén os principios que deben rexer a actuación de toda administración pública: eficacia, eficiencia, seguridade xurídica e legalidade.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PORRITT LUEIRO: Vostedes dino coa boca pequena —xa o comentei no pasado pleno—. A señora ex-ministra, Ana Pastor, falou de eliminar o imposto de patrimonio, de rebaixar o imposto de sucesións, pero o seu socio de goberno...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Porrirt, terminou o seu tempo. (*A señora Porrirt Lueiro pronuncia palabras que non se perciben.*) (Aplausos.)

Votación do texto lexislativo

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación. Pechen as portas, por favor.

A votación farémola de xeito conxunto con todas as emendas á totalidade dos distintos grupos.

Votamos.

Votación conxunta de todas as emendas á totalidade, de devolución, ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2020.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as emendas á totalidade ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2020.

O señor PRESIDENTE: Quedan rexeitadas as emendas presentadas e, polo tanto, este proxecto de lei continúa o seu trámite parlamentario.

O señor PRESIDENTE: Boa noite.

Suspéndese a sesión ata mañá ás dez da mañá.



Suspéndese a sesión ás oito e corenta e dous minutos do serán.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	38. Pierres López, María Luisa	(S)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	39. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	40. Porrit Lueiro, María Teresa	(S)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	41. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
5. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	42. Prado del Río, Paula	(P)
6. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	43. Prado Patiño, Jesús Miguel	(P)
7. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	44. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Burgo López, María de la Concepción	(S)	45. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Caballero Míguez, Gonzalo	(S)	46. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Cal Ogando, Marcos	(GCE)	47. Quintero Araújo, Paula	(GCE)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	48. Rey Varela, José Manuel	(P)
12. Casal Vidal, Francisco	(M)	49. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
13. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	50. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
14. Chao Pérez, Luca	(GCE)	51. Rodríguez Arias, Marta	(P)
15. Conde López, Francisco José	(P)	52. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
16. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(GCE)	53. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
17. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	54. Rodríguez Estévez, David	(M)
18. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	55. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
19. Fernández Macías, Jackeline Elisabeth	(P)	56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
20. Fernández Prado, Martín	(P)	57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
21. García Míguez, María Ángeles	(P)	58. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
22. Gómez Salgado, Carlos	(P)	59. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
23. González Vázquez, José	(P)	60. Salorio Portal, María Soraya	(P)
24. Jove González, Xan Xosé	(GCE)	61. Sánchez García, Antón	(GCE)
25. Lago Peñas, José Manuel	(GCE)	62. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. Mato Otero, Beatriz	(P)	63. Santos Queiruga, Carmen	(GCE)
27. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	64. Solla Fernández, Eva	(GCE)
28. Mouriño Villar, Antonio	(P)	65. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
29. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	66. Torrado Quintela, Julio	(S)
30. Novo Fariña, María Isabel	(P)	67. Torregrosa Sañudo	(GCE)
31. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	68. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	69. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	70. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Otero Rodríguez, Patricia	(S)	71. Vázquez Verao, Paula	(M)
35. Oubiña Solla, Rosa	(P)	72. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Pazos Couñago, José Alberto	(P)	73. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Pérez Seco, José Manuel	(S)	74. Vilar Chento, Óscar	(S)
		75. Villares Naveira, Luis	(M)





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

